



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 227
15 de decembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

■ 21048 (10/MFSG-000002)

Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria 2016 da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

[68186](#)

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a enfermidade de Newcastle (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329(COD)]

10/UECS-000111 (21310)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a enfermidade de Newcastle (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329(COD)]

[68598](#)

■ Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Consello relativo á creación do Fondo Monetario Europeo [COM (2017) 827 final] [2017/0333 (APP)]

10/UECS-000112 (21311)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Regulamento do Consello relativo á creación do Fondo Monetario Europeo [COM (2017) 827 final] [2017/0333 (APP)]

[68607](#)

■ Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/825 co fin de incrementar a dotación financeira do programa de apoio ás reformas estruturais e adaptar o seu obxectivo xeral [COM(2017) 825 final] [2017/0334 (COD)]

10/UECS-000113 (21315)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/825 co fin de in-

crementar a dotación financeira do programa de apoio ás reformas estruturais e adaptar o seu obxectivo xeral [COM(2017) 825 final] [2017/0334 (COD)] [68670](#)

■ Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección civil da Unión [COM(2017) 772 final][2017/0309(COD)]

10/UECS-000114 (21398)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección civil da Unión [COM(2017) 772 final][2017/0309(COD)] [68699](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.4. Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

1.5.1.4.1. Memoria da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de decembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite

- 21048 (10/MFSG-000002)

Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria 2016 da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Mesa acorda a admisión a trámite, o seu traslado á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios, e a súa publicación no BOPG e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a enfermidade de Newcastle (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329(COD)]

10/UECS-000111 (21310)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a enfermidade de Newcastle (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329(COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21310, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre a aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello que modifica a Directiva 92/66/CEE do Consello, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a enfermidade de Newcastle (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329(COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Consello relativo á creación do Fondo Monetario Europeo [COM (2017) 827 final] [2017/0333 (APP)]

10/UECS-000112 (21311)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Consello relativo á creación do Fondo Monetario Europeo [COM (2017) 827 final] [2017/0333 (APP)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21311, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Consello relativo á creación do Fondo Monetario Europeo [COM (2017) 827 final] [2017/0333 (APP)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/825 co fin de incrementar a dotación financeira do programa de apoio ás reformas estruturais e adaptar o seu obxectivo xeral [COM(2017) 825 final] [2017/0334 (COD)]

10/UECS-000113 (21315)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/825 co fin de incrementar a dotación financeira do programa de apoio ás reformas estruturais e adaptar o seu obxectivo xeral [COM(2017) 825 final] [2017/0334 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21315, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/825 co fin de incrementar a dotación financeira do programa de apoio ás reformas estruturais e adaptar o seu obxectivo xeral [COM(2017) 825 final] [2017/0334 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 12 de decembro de 2017, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección civil da Unión [COM(2017) 772 final][2017/0309(COD)]

10/UECS-000114 (21398)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección civil da Unión [COM(2017) 772 final][2017/0309(COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 21398, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección civil da Unión [COM(2017) 772 final][2017/0309(COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente




**Fiscalía
Superior**

**Comunidade
Autónoma
de Galicia**


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

01 DEC. 2017

Núm. 21048




**Memoria
2016**




ÍNDICE XERAL


PRESENTACIÓN	9
CAPÍTULO I. INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS.....	10
SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL).....	13
1.1. CADRO DE FISCAIS NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.....	13
1.2. PERSOAL DE SECRETARÍA. NOVA OFICINA FISCAL	14
SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓNS E REFORZOS	19
2.1. MODIFICACIÓNS NO CADRO DE FISCAIS DA FISCALÍA AUTONÓMICA.....	19
2.2. AMPLIACIÓN DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA	19
2.3. REFERENCIA PARTICULAR A NOMEAMENTOS DE NOVOS FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS EN ÁREAS ESPECIALIZADAS	19
2.4. NECESIDADES DERIVADAS DO NOVO ART. 324 DA LACRIM. REFORZOS E INFORMES REMITIDOS.....	20
SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA	22
3.1. ORGANIGRAMA DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA.....	22
3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA.....	23
3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA.....	24
3.4. XUNTAS DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....	29
3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	30
3.5.1. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA	30
3.5.1.1. INSTRUCIÓNS XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	31
3.5.1.2. XUNTAS CELEBRADAS CON FISCAIS XEFES PROVINCIAIS E DE ÁREA DE GALICIA	31
3.5.1.3. REUNIÓNS DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	32
3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS	33
3.5.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL	35



3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA.....	35
3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	36
3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS.....	40
3.5.2.3. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES	45
SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS	48
SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA	51
SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS	54
SECCIÓN 7. EXPOSICIÓX XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS	57
7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2016 EN GALICIA ..	57
7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO CADRO DE FISCAIS EN 2016	59
CAPÍTULO II. ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS.....	62
SECCIÓN 1. ÁREA PENAL.....	66
1.0. INTRODUCCIÓN: REFORMAS LEGAIS E CAMBIO DE TENDENCIA NA DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS E DOS DELITOS ASOCIADOS.....	66
1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS	71
1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS.....	71
1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	82
1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS.....	87
1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL.....	112
1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN.....	119
1.1.6. XUÍZOS.....	120
1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS	121
1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)	129
1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN	134
1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)	136
1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS).....	137
1.2.1.1. Resumo dos delitos.....	137



1.2.1.2. Exame dos delitos incoados (asociados a incoación procedemental).....	138
1.2.1.3. Exame dos delitos cualificados (asociados a cualificación fiscal)	144
1.2.1.4. Exame dos delitos sentenciados (asociados a sentenza).....	150
1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS	155
1.2.2.1. Delitos contra a vida (homicidios).....	156
1.2.2.2. Delitos contra a integridade física (lesións).....	162
1.2.2.3. Delitos contra a liberdade.....	165
1.2.2.4. Delitos de tortura e outros delitos contra a integridade moral.....	169
1.2.2.5. Delitos relativos á trata de seres humanos	173
1.2.2.6. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais	175
1.2.2.7. Delitos de violencia familiar (doméstica e de xénero).....	182
1.2.2.8. Delitos contra a intimidade.....	183
1.2.2.9. Delitos contra o honor	187
1.2.2.10. Delitos contra as relacións familiares	189
1.2.2.11. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica ...	193
1.2.2.12. Delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social	203
1.2.2.13. Delitos contra os dereitos dos traballadores	206
1.2.2.14. Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros....	209
1.2.2.15. Delitos relacionados co medio ambiente e o urbanismo.....	210
1.2.2.16. Delitos relativos ao tráfico de drogas.....	211
1.2.2.17. Delitos contra a seguridade viaria.....	214
1.2.2.18. Delitos relativos a falsidades	215
1.2.2.19. Delitos contra a Administración Pública.....	219
1.2.2.20. Delitos contra a Administración de Xustiza	223
1.2.2.21. Delitos contra a orde pública.....	229
1.2.2.22. Delitos de leis especiais	235
1.2.2.23. Delitos relacionados coa corrupción	236
1.2.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	237
1.2.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL E MEDIDAS CAUTELARES DE PRISIÓN PROVISIONAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS	239
SECCIÓN 2. ÁREA CIVIL.....	241
2.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	241
2.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CIVIL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA.....	249



SECCIÓN 3. ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.....	252
3.1. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	252
3.2. ACTIVIDADE DA ÁREA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	253
SECCIÓN 4. ÁREA SOCIAL	256
4.1. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NAS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA.....	256
4.2. ACTIVIDADE DA ÁREA SOCIAL OU LABORAL NA FISCALÍA DA CA DE GALICIA	257
SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS.....	260
5.1. ÁREA DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO	260
5.1.1. VIOLENCIA DOMÉSTICA	261
5.1.2. VIOLENCIA DE XÉNERO	264
5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL.....	281
5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	288
5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA.....	303
5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA	312
5.6. ÁREA DE MENORES.....	336
5.7. ÁREA DE DELINCUENCIA INFORMÁTICA.....	360
5.8. ÁREA DE PROTECCIÓN E TUTELA DAS VÍTIMAS NO PROCESO PENAL	372
5.9. ÁREA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA	374
SECCIÓN 6. OUTROS TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE.....	385
6.1. ÁREA DE CORRUPCIÓN.....	385
6.2. OCUPACIÓNS ILEGAIS DE INMOBLES	399
CAPÍTULO III. TEMAS ESPECÍFICOS DE OBRIGADO TRATAMENTO	400
SECCIÓN 1 (ÚNICA). O FISCAL INVESTIGADOR E AS DILIXENCIAS DE INVESTIVACIÓN	403
CAPÍTULO IV. PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS.....	406
ANEXO	410



Fernando Suanzes

PRESENTACIÓN

Como en anos anteriores, a Fiscalía Superior de Galicia presenta a súa Memoria co obxectivo de dar conta do traballo rigoroso e comprometido do Ministerio Público na nosa Comunidade Autónoma, así como expoñer os indicadores procesuais mais significativos e a evolución da criminalidade no período analizado.

Cabe salientar que o ano 2016 presenta unhas características especiais debido ás reformas lexislativas que se aprobaron no exercicio precedente e tiveron plena aplicación no período analizado. Deste xeito, a estatística sobre o funcionamento e actividades nos xulgados e tribunais amosa evidentes cambios de tendencia na xestión do sistema penal.

Cuestións como o descenso significativo das cifras de procedementos ingresados nos xulgados como consecuencia da modificación da Lei de Xuizamento Criminal e do Código Penal son cumpridamente tratadas nos correspondentes capítulos desta Memoria. Tamén o incremento da actividade e eficiencia tanto da Fiscalía como dos órganos xudiciais, que permitiu aumentos relevantes no número de cualificacións fiscais e de sentenzas emitidas.

Todo elo debe ser examinado coa necesaria cautela, posto que tales reformas contan aínda cun escaso percorrido e será necesario dispoñer dunha maior perspectiva temporal para confirmar a continuidade e consolidacións destes datos.

Quedan ademais reformas pendentes por acometer para acadar un proceso penal rápido, eficiente e garantista. Quizais a mais importante e profunda é a que levará a culminar o camiño cara un novo modelo penal que permita a asunción da investigación por parte do Ministerio Fiscal, homologándonos deste xeito cos países do noso entorno. Na presente Memoria expóñense algunhas reflexións e consideracións ao respecto.

Agardo, en definitiva, que esta publicación contribúa a poñer enriba da mesa elementos de coñecemento sobre o estado da Administración de Xustiza e das necesidades sobre persoal, instalacións e recursos tecnolóxicos para o correcto desempeño das funcións que a Constitución e as Leis outorgan aos órganos e institucións xudiciais. Tal é a razón de ser da Memoria da Fiscalía Superior de Galicia que vimos elaborando cada ano, e con tal fin a poñemos a disposición de todos os operadores xurídicos da nosa comunidade, así como da cidadanía en xeral.

Fernando Suanzes Pérez
Fiscal Superior de Galicia





CAPÍTULO 1

INCIDENCIAS PERSOAIS E ASPECTOS ORGANIZATIVOS

SECCIÓN 1. RECURSOS HUMANOS. FISCAIS E PERSOAL DE SECRETARÍA (NOVA OFICINA FISCAL)

Na cúspide da organización do Ministerio Fiscal (MF) en Galicia encóntrase a Fiscalía da Comunidade Autónoma (FCA), constituída o 21.01.2008 (Real decreto 1754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da institución. Ten a súa sede na cidade da Coruña, capital xudicial de Galicia, sede tamén do respectivo Tribunal Superior de Xustiza (TSX). Estende o seu ámbito territorial a todo o territorio de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio TSX, coas excepcións legais (art. 21.2. da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal —EOMF— e demais disposicións concordantes).

1.1. CADRO DE FISCAIS NA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Conforme ao Real decreto (RD) 1754/2007 o equipo orgánico desta Fiscalía autonómica estaba integrado, a día 31.12.2016, por un total de catro fiscais, concretamente: un fiscal xefe, denominado Fiscal Superior da Comunidade Autónoma de Galicia, con categoría equiparada á de Presidente do TSX, un Tenente Fiscal e dous fiscais da categoría segunda.

- Fiscal Superior: Excelentísimo Sr. Fernando Suanzes Pérez (desde a súa posesión o día 27.03.2015).
- Tenente Fiscal: Ilustrísimo Sr. José Ramón Piñol Rodríguez.
- Fiscais: Ilustrísimo Sr. Carlos Mariscal de Gante Castillo e Ilustrísimo Sr. Carlos Varela García.

O anterior cadro orgánico permanece invariable tras o RD 62/2015, do 6 de febreiro (BOE núm. 46, data 23.02.2015), polo que se ampliou o equipo orgánico do MF para adecualo ás necesidades existentes (RD 62/2015).

1.2. PERSOAL DE SECRETARÍA. NOVA OFICINA FISCAL

1.2.1. O PROXECTO DA NOF EN GALICIA

Xeneralidades

Esencialmente cabe considerar a Nova Oficina Fiscal (NOF) como a *organización instrumental* orientada á xestión de medios persoais, materiais, organizativos e tecnolóxicos que de forma exclusiva presta soporte e apoio á actividade do Ministerio Fiscal.

O proxecto da NOF en Galicia —como no resto de territorios, estatal ou autonómicos, do ámbito da Administración de Xustiza (AX)— supón indubidablemente unha reforma integral da estrutura organizativo-funcional das Fiscalías.

O devandito proxecto autonómico foi elaborado pola Administración autonómica, a partir do proxecto estatal de referencia, coa participación da Fiscalía Xeral do Estado (FXE) e da propia Fiscalía de Galicia. Destaca o especial apoio que ten na aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como na xestión de calidade.

En prol da concisión, remitímonos ao xa exposto na memoria do ano 2015 (exercicio 2014) en canto á estrutura organizativa da NOF en tres áreas funcionais (área de apoio á xefatura, área de apoio ás dilixencias de investigación e dilixencias procesuais, e área de soporte xeral), así como aos seus principios organizativo-funcionais.

Desenvolvemento do proxecto e implantación final

Ante todo debe resaltarse que, tras un longo proceso iniciado en 2009, a NOF galega foi obxecto de implantación final no primeiro trimestre do pasado ano 2016. Non obstante, aínda quedan pendentes cuestións que consoliden e fagan máis eficiente o proceso. Entre elas, a elaboración definitiva dos documentos organizativos (manuais de postos de traballo, procesos, procedementos etc.) e a dotación adicional e actualizada de medios persoais, formativos, materiais e tecnolóxicos, aspectos dos que se están a ocupar o Ministerio de Xustiza (MX), a FXE e a CA de Galicia.

Fases inicial e de impulso (anos 2013 a 2014)

Segundo expoñiamos na memoria do ano anterior, a fase inicial desenvolveuse entre o ano 2009 e o 2013 (elaboración do proxecto autonómico da NOF). No ano 2014 produciuse a fase de impulso (Decreto 124/2014, do 11 de setembro, polo que se determina a estrutura e a organización da Oficina Fiscal en Galicia e a Unidade de Apoio á Fiscalía Superior (Decreto 124/2014).

Fases do proceso de implantación e posta en funcionamento (2014 a 2016)

Quedaron descritas na memoria do pasado ano e resúmense e actualizan a seguir.

1ª) Publicación do citado Decreto 124/2014 de determinación da estrutura e organización da NOF.

2ª) Información ao persoal integrante das oficinas fiscais de Galicia (último trimestre de 2014).

3ª) Aprobación das relacións de postos de traballo (RPT) das oficinas fiscais de Galicia (resolucións ditadas e publicadas en 2015).

4ª) Adjudicación definitiva de postos singularizados das oficinas fiscais de Galicia. (Resolucións ditadas e publicadas tamén en 2015). Tales postos singularizados foron 11: 8 de coordinación (1 na Fiscalía autonómica, 4 en cada unha das fiscalías provinciais e 3 nas fiscalías de área de Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo), así como 3 de responsables de estatística, rexistro e calidade (na Fiscalía autonómica e nas fiscalías provinciais da Coruña e Pontevedra).

5ª) Acoplamento do persoal funcionario dos equipos das oficinas fiscais de Galicia e implantación da NOF en Galicia. Acordouse por Resolución de 29.02.2016, ditada pola Dirección Xeral de Xustiza (DXX) da Xunta de Galicia (XG), conforme á cal en data do 07.03.2016 se produciu a entrada en funcionamento da NOF na Fiscalía autonómica e na Fiscalía Provincial da Coruña, mentres que o día 01.04.2016 tivo lugar nas restantes fiscalías territoriais de Galicia (fiscalías provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, e fiscalías de área de Santiago, Ferrol e Vigo).

6ª) Referencia final a formación. Con carácter previo á mencionada posta en funcionamento da NOF de Galicia, a Administración autonómica galega impartiu formación aos postos singularizados (febreiro de 2016), así como formación ao conxunto do funcionariado e aos propios fiscais (marzo de 2016).

Por outra parte, no mes de novembro de 2016, tanto o funcionariado (postos singularizados NOF) como os fiscais recibiron en Madrid, por parte do MX e a FXE, formación específica tecnolóxica no marco do novo proxecto de Fiscalía Dixital, centrado na evolución das ferramentas dixitais para o traballo diario das fiscalías (progresiva implantación da nova versión 7 da aplicación Fortuny, portasinaturas e visor documental...).

1.2.2. SITUACIÓN ACTUAL DO PERSOAL COLABORADOR E DA UNIDADE DE APOIO NA FISCALÍA AUTONÓMICA DE GALICIA

A data do 31.12.2016 tras a finalización o 07.03.2016 do *proceso de acoplamento e posto en funcionamento da NOF na Fiscalía autonómica*, o cadro do persoal colaborador desta Fiscalía Autonómica *estaba integrado —e segue a estalo actualmente— por cinco persoas do funcionariado xudicial, todas coa condición de titulares:*

- *Unha funcionaria do corpo de xestión procesual e administrativa (CXPA), Pilar Rubido Pérez, que asume o posto singularizado de coordinación da NOF. Tomou posesión formal o día 08.03.2016, logo de participar no correspondente concurso singularizado de traslado. (Con data do 29.02.2016 cesou a funcionaria interina do CXPA Belén Espiñeira Domínguez, que tomara posesión o día 21.01.2008).*
- *Tres persoas funcionarias do corpo de tramitación procesual e administrativa (CTPA):*
 - *M^a Mar Caruncho Vázquez e Eva Sánchez Fandiño, que tomaron posesión nesta Fiscalía o día 14.11.2015, logo de participaren no concurso ordinario de traslado.*
 - *Emilio Castro Bolaño, quen ocupa o posto singularizado de responsable de estatística, rexistro e calidade da Fiscalía (responsable ERC), posto no que tomou posesión formal o día 08.03.2016, logo de participar no concurso singularizado de traslado. Desde o 02.12.2008 xa viña desempeñado provisionalmente funcións equivalentes nesta Fiscalía, relacionadas coa xestión de información, documentación e estatística.*
- *Unha funcionaria do corpo de auxilio xudicial (CAX), Marta Pociña Piñeiro, que tomou posesión formal nesta praza con data do 05.12.2012, se ben xa viña desempeñando as súas funcións desde a mesma constitución desta Fiscalía en xaneiro do 2008.*

En canto á Unidade de Apoio ao Fiscal Superior de Galicia, está integrada, ademais de pola referida coordinadora e o responsable ERC, por outros dous postos singularizados:

- *Unha secretaria persoal do Fiscal Superior de Galicia, posto creado pola XG no ano 2008 (Resolución do 31.12.2008 da Consellería de Xustiza, DOG 13.01.2009). Desde a súa toma de posesión o día 03.11.2015, este posto singularizado e de libre designación está ocupado pola funcionaria xudicial do CTPA María Jesús Fernández Villar, en comisión de servizo (renovada en abril de 2016), convocada formalmente para o efecto en setembro do 2015.*
- *Un Xefe de Gabinete e de Prensa (menciónase a seguir).*

1.2.3. ESPECIAL REFERENCIA Á XEFATURA DE GABINETE E DE PRENSA

Características xerais

Trátase dun posto singularizado, creado en 2008 e configurado como “persoal de apoio” de libre designación, adscrito á Área de Apoio á Xefatura. Desde a súa toma de posesión o día 01.09.2015 o posto está desempeñado por Francisco José Delgado Trigo.

Obxectivo

En xeral, a misión do Xefe de Gabinete e de Prensa é a de dar apoio ao Fiscal Superior, así como ao conxunto do MF na CA de Galicia, en todos os aspectos relacionados cos medios de comunicación e coa relación cos xornalistas.

En particular, tamén ten a misión de apoio ao Fiscal Superior na súa actividade pública, preparación de reunións, audiencias ou entrevistas, coordinación con outras Administracións e relación cos medios informativos.

En resumo, o obxectivo fundamental é trasladar á opinión pública o labor que realizan os fiscais e conseguir, así, unha imaxe positiva do Ministerio Público, ao tempo que se dá cumprimento ao dereito dos cidadáns a recibiren unha información veraz dos procesos xudiciais.

Funcións

Para cumprir coa misión antedita, desenvolve fundamentalmente as seguintes funcións ou actividades concretas:

1. Elaboración e envío de notas de prensa.
2. Atención e resposta ás solicitudes de información por parte dos xornalistas.
3. Organización de roldas de prensa.
4. Xestión e preparación de entrevistas e outras aparicións nos medios de comunicación, tales como declaracións sobre temas puntuais, para os que se adoita requirir a opinión dun fiscal.
5. Seguimento dos medios informativos. Elaboración de resumos de prensa e análise de informacións.
6. Asesoramento aos fiscais na súa relación cos medios.
7. Colaboración coa secretaria persoal do Fiscal Superior na organización e planificación da súa actividade pública.
8. Despacho diario co Fiscal Superior, xunto co/a secretario/a persoal e o/a coordinador/a da Oficina Fiscal, co fin de tratar os asuntos do día e outros que o Fiscal Superior solicite.
9. As demais funcións previstas nas leis e normativa, incluíndo aquelas funcións, actividades e tarefas análogas que, sendo inherentes ao posto de traballo, sexan encomendadas polos superiores xerárquicos, orgánicos ou funcionais, no exercicio das súas competencias, co fin de contribuír á boa marcha da Oficina Fiscal en xeral.

Actuacións máis relevantes en 2016

Ao longo do 2016, a Xefatura de Gabinete e de Prensa do Fiscal Superior de Galicia realizou labores de organización e difusión de diferentes eventos de relevancia pública con presenza do Fiscal Superior, entre os cales destacan:

- Xunta de fiscais xefes provinciais
- Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia
- Visitas do Fiscal Superior ás diferentes fiscalías provinciais e de área
- Xunta de fiscais de Medio Ambiente
- Xunta de fiscais delegados do Sistema de Información do Ministerio Fiscal (SIMF)
- Xunta de fiscais delegados de Estranxeiría
- Escola de Verán do Ministerio Fiscal
- Reunión co Presidente do Parlamento para entregar a memoria da Fiscalía
- Comparecencia na Comisión de Xustiza do Parlamento de Galicia
- Sinatura do Protocolo MENA entre Fiscalía, Delegación do Goberno e Xunta de Galicia

Ademais realizáronse diversas roldas de prensa, entre as que cabe subliñar as seguintes:

- Rolda de prensa para presentar ante os medios informativos a memoria da Fiscalía Superior de Galicia.
- Rolda de prensa para presentar a Escola de Verán do Ministerio Fiscal.

Por outra parte, xestionáronse desde o Gabinete máis de 500 solicitudes de información realizadas desde os diferentes medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais de prensa, radio e televisión.

Tamén se prepararon entrevistas co Fiscal Superior de Galicia en diversos medios: Faro de Vigo, La Opinión de A Coruña, El Progreso, Diario de Pontevedra, COPE, Radio Galega e Cadena SER, entre outras.

O Gabinete de Comunicación colaborou ademais de forma habitual e constante cos diferentes fiscais das distintas fiscalías provinciais e de área co obxectivo de asesorar na realización de entrevistas ou outras intervencións públicas relacionadas cos medios informativos.

Por outra banda, interveu na organización de programas, actos ou celebracións, tales como a apertura do ano xudicial, en colaboración co Gabinete de Prensa e Protocolo do TSX de Galicia, e outros eventos, entre os que caben destacar xuntanzas con representantes xurídico-militares, Colexio de Avogados, Colexio de Médicos e outras institucións.

SECCIÓN 2. INCIDENCIA DE VACANTES, SUBSTITUCIÓN E REFORZOS

2.1. MODIFICACIÓN NO CADRO DE FISCAIS DA FISCALÍA AUTONÓMICA

Durante o pasado ano 2016 non se produciu modificación ningunha no cadro orgánico de fiscais desta Fiscalía da CA de Galicia.

Só cabe mencionar que, mediante a Orde JUS/2/2017, do 4 de xaneiro (BOE do 09.01.2017), foi obxecto de nova convocatoria, para a súa provisión mediante libre designación, a praza de tenente fiscal, ocupada por don José Ramón Piñol Rodríguez, desde o seu nomeamento polo RD 484/2011, da 1 de abril, e posterior posesión con data do 04.04.2011. Polo RD 169/2017, do 24 de febreiro (BOE do 25.02.2017), foi nomeado para un novo mandato; tomou posesión o 01.03.2017.

2.2. AMPLIACIÓN DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS DE GALICIA

No pasado ano non se produciu aumento no devandito cadro, aínda que cabe recordar que, como se indicou na memoria do ano anterior, a petición da Inspección Fiscal da FXE, esta Fiscalía autonómica remitira un informe-proposta global (26.11.2015) para a ampliación do equipo en Galicia, acompañado dos informes-proposta particulares das Fiscalías provinciais e de área. No dito informe-proposta, sintetizado nun cadro xa incluído na memoria do ano anterior, realizouse un estudo pormenorizado das necesidades de persoal analizadas por provincias, con especial referencia aos criterios utilizados para valorar as propostas de ampliación.

En conclusión, a petición final para a CA de Galicia concretárase nunha proposta de ampliación do persoal en 9 fiscais (un con carácter de coordinador), sendo considerados como máis urxentes os solicitados pola Fiscalía de Área de Santiago de Compostela e pola Fiscalía Provincial de Lugo.

2.3. REFERENCIA PARTICULAR A NOMEAMENTOS DE NOVOS FISCAIS DELEGADOS AUTONÓMICOS EN ÁREAS ESPECIALIZADAS

Fiscal Delegado autonómico en Sinistralidade Laboral

Logo do informe-proposta formulado o día 30.12.2015 polo Fiscal Superior de Galicia, e de conformidade co Fiscal de Sala da Unidade de Sinistralidade Laboral, mediante Decreto do 29.01.2016 a Fiscal Xeral do Estado acordou o nomeamento de don *Luis Anguita Juega* como Fiscal Delegado autonómico na área especializada de Sinistralidade Laboral (que era e segue a ser Delegado Provincial na Fiscalía Provincial da Coruña).

Fiscal Delegado autonómico en Civil e Protección de Persoas con Discapacidade

Logo de informe-proposta formulado o día 13.10.2016 polo Fiscal Superior de Galicia, oído o Fiscal de Sala Delegado do Civil, mediante decreto do 28.10.2016 a Fiscal Xeral do Estado acordou o nomeamento de don *Santiago Miguel Cruces* como Fiscal Delegado autonómico na especialidade de civil e protección de persoas con discapacidade (que era e segue a ser Delegado Provincial na Fiscalía Provincial de Pontevedra).

2.4. NECESIDADES DERIVADAS DO NOVO ART. 324 DA LACRIM. REFORZOS E INFORMES REMITIDOS

Consideracións preliminares

A reforma da LACrim operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, contén unha serie de medidas para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais. O novo art. 324 da LACrim diseña un novo modelo de prazos da instrución que esixe o establecemento pola Fiscalía duns mecanismos de control dos procedementos máis minuciosos que os existentes na actualidade. Iso motivou un especial seguimento durante todo o ano 2016 e os reforzos e actuacións que agora se explican.

O 10.11.2015 esta Fiscalía autonómica, con propostas singularizadas de todas as fiscalías territoriais galegas, remitira á Unidade de Apoio da FXE informe-proposta de necesidades de fiscais e funcionariado de reforzo derivadas da aplicación do novo art. 324 LACrim (actualizando outro anterior do día 03.11.2015).

Reforzos e actuacións nas fiscalías territoriais de Galicia

- *Fiscalía da CA de Galicia*. Non hai nomeado ningún fiscal nin funcionario de reforzo. En consonancia co mencionado informe-proposta do 2015, baixo a dirección do Fiscal Superior, o funcionario encargado de ERC vén facendo un control periódico (aproximadamente mensual) do prazo de instrución das causas penais de aforados. O informe-listaxe realizado entrégase aos catro fiscais para o seu coñecemento e efectos.

- *Fiscalía Provincial da Coruña*. No mencionado informe-proposta solicitárase un reforzo de 4 fiscais e 4 funcionarios. Na súa Memoria anual só se encontrou referencia a 1 fiscal de reforzo (con posesión o 28 de xaneiro de 2016).

- *Fiscalía Provincial de Lugo*. Inicialmente, no referido informe-proposta do 10.11.2015 solicitárase para esta Fiscalía o reforzo de 3 fiscais e 3 funcionarios. Segundo consta na súa memoria anual, en abril de 2016, con apoio do Fiscal Superior de Galicia, foron nomeados dous fiscais substitutos externos de reforzo para atenderen asuntos ordinarios, ante o gran volume de asuntos complexos que deben ser atendidos polos fiscais titulares. En paralelo,

en maio do mesmo ano obtívose da XG o reforzo dunha funcionaria interina do CTPA para colaborar co traballo dos novos fiscais.

- *Fiscalía Provincial de Ourense*. No mencionado informe-proposta de 2015 solicitárase o reforzo de 1 fiscal e 2 funcionarios. Segundo resulta da súa memoria anual, no ano 2016 non hai constancia de que se obtivese ningún fiscal de reforzo. Nese ano, a raíz da entrada en vigor do novo art. 324 da LACrim, para efectuar o esixido control dos prazos de instrución requiriuse un esforzo suplementario, tanto dos fiscais como do funcionariado. Ante o incremento de traballo, loxicamente extensible a un lapso razoable de tempo, solicitáronse á XG prolongacións de xornada retribuídas para o funcionariado da Fiscalía. Así, conseguiuuse da Administración autonómica unha prolongación retribuída de dúas horas e media diarias durante dez mensualidades, que foi obxecto de repartición equitativa entre o funcionariado. Con esta prolongación de xornada, di a memoria provincial, conseguiuase aliviar, aínda que non enxugar totalmente, o incremento de traballo derivado da reforma lexislativa.

- *Fiscalía Provincial de Pontevedra*. Inicialmente, no referido informe-proposta de 2015 solicitárase o reforzo de 8 fiscais e 8 funcionarios. Segundo se indica na súa memoria anual, como xa aconteceu en exercicios anteriores, non tivo reforzo ningún no decurso do ano 2016. Tampouco se advertiu a creación de ningunha praza no territorio desa Fiscalía para os efectos previstos no art. 324 da LACrim, nin sequera en asuntos novos e de dedicación especial (como os derivados dos novos sistemas de protección de vítimas ou os que supón a implantación e desenvolvemento da nova Lei de xurisdición voluntaria). Reitera as manifestacións da súa memoria do ano anterior, especialmente en relación coa Fiscalía de Área de Vigo, onde determinados órganos xudiciais foron obxecto de reforzo sen reflexo directo e inmediato no Ministerio Fiscal que os atende.


Informes remitidos á FXE sobre cuestións relativas á aplicación do novo art. 324 da LACrim

Informe do 10.06.2016. Remitiuse informe á Unidade de Apoio da FXE co resultado da revisión de causas penais nos órganos xudiciais de Galicia, a partir dos datos e a información facilitada a esta Fiscalía autonómica por parte das fiscalías provinciais e de área de Galicia, todo iso por mor da entrada en vigor, o 06.06.2016, do novo art. 324 da LACrim.

Informe do 13.07.2016. Este informe posterior remitiuse á mesma unidade da FXE para dar conta das cuestións, incidencias máis relevantes e solucións nas fiscalías territoriais de Galicia en relación coa aplicación do art. 324 da LACrim. Era unha actualización, para os fins solicitados, do informe anteriormente mencionado.

SECCIÓN 3. ORGANIZACIÓN XERAL DA FISCALÍA


3.1. ORGANIGRAMA DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA



3.2. ORGANIGRAMA DE ESPECIALIDADES DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA

Con precedente na Instrución 11/2005 da FXE, do 10 de novembro, a partir da reforma do EOMF operada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, introduciuse na estrutura organizativo-funcional do MF, xunto cun novo despregamento territorial, o *principio de especialización*. Isto supuxo a creación de seccións especializadas en determinadas áreas ou seccións especializadas nas fiscalías provinciais, cunha dobre supervisión e coordinación: nun plano horizontal, polos respectivos fiscais xefes territoriais; e, nun plano vertical, por fiscais de sala da FXE (fiscais de sala coordinadores ou delegados).

O organigrama que segue está integrado polos *fiscais delegados a nivel autonómico* que existen actualmente na CA de Galicia.



A nivel provincial existe outra rede de fiscais delegados ou encargados e de enlace nas fiscalías provinciais e de área, no ámbito das distintas áreas especializadas (violencia de xénero e doméstica, sinistralidade laboral, medio ambiente e urbanismo, estranxeiría, seguridade

viaria, menores, cooperación internacional, delincuencia informática, protección de vítimas no proceso penal, vixilancia penitenciaria, delincuencia económica, protección de persoas con discapacidade, protección de persoas maiores, protección de consumidores e usuarios, rede de fiscais do Sistema de Información do Ministerio Fiscal, SIMF).

3.3. DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO NA FISCALÍA AUTONÓMICA

A distribución do traballo durante o ano 2016 foi a que se indica a seguir, conforme a normativa vixente e o acordado concretamente nas reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía Autonómica, realizadas os días 21 de xuño e 14 de decembro de 2016. A continuación, faise referencia á distribución de traballo vixente a finais dese ano, que é a mesma que estaba vixente o ano anterior, xa recollida na memoria correspondente. Distinguímos entre unha descrición xeral desa distribución do traballo e unha descrición particular (de cada un dos catro fiscais do equipo).

3.3.1. DESCRICIÓN XERAL

DISTRIBUCIÓN DE TRABALLO (1): ASUNTOS EN XERAL				
Aprobada en reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia realizada o día 06.04.2015, con aplicación desde o 27.03.2015				
ASUNTOS	SR. SUANZES	SR. PIÑOL	SR. MARISCAL	SR. VARELA
ASUNTOS XUDICIAIS E OUTROS	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados e
ASUNTOS SALA CIVIL E PENAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA SOCIAL		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS SALA CONTENCIOSO-ADVO.		Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
ASUNTOS ELECTORAIS		Todos os números		
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL	Acabados en 0	Acabados en 1, 4 e 7	Acabados en 3, 6 e 9	Acabados en 2, 5 e 8
OBSERVACIÓNS	<p>Os ASUNTOS REMATADOS EN 0 (CERO) correspondentes á xurisdición contencioso-administrativa e á xurisdición social repartiranse, polo número anterior, entre os señores Piñol, Mariscal e Varela. Todo iso sen prexuízo dos asuntos que, de ser o caso, queira reservar para si o Fiscal Superior.</p> <p>TRATÁNDOSE DE SUMARIOS véñse levando unha quenda especial independente e distinta da quenda ordinaria utilizada no procedemento inicial (dilixencias previas).</p> <p>SUPOSTOS DE ENTRADA DE VARIOS ASUNTOS CONTENCIOSO-ADVOS. SUSCEPTIBLES DE SEREN ACUMULADOS NUN SÓ PROCESO. En tales casos, segundo o acordado na reunión da Xunta de Fiscais celebrada o 29.09.2015, "por tratarse de pretensións que se deducen en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación, serán despachadas polo fiscal a quen por quenda lle correspondese o primeiro, mesmo se a Sala os rexistrou como procedementos distintos,"</p>			

DISTRIBUCIÓN DE TRABAJO (2): ESPECIALIDADES

Aprobada na reunión ordinaria de Xunta de Fiscais de CA de Galicia realizada o día 06.04.2015, con aplicación desde o 27.03.2015. Na posterior reunión da Xunta que tivo lugar o 29.09.2015, esta distribución por áreas especializadas axustouse ao disposto na conclusión 12.2 da Instrución 1/2015 da FXE, do 13.07.2015, sobre cuestións relativas a funcións dos fiscais de sala coordinadores e os fiscais de sala delegados da FXE. Desta forma, a distribución de traballo por especialidades é a seguinte:

ESPECIALIDADES	FISCAL ENCARGADO
SEGURIDADE VIARIA	SR. PIÑOL
ESTRANXEIRÍA	
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	
VIXILANCIA PENITENCIARIA	
DELINCUENCIA INFORMÁTICA	
CONSUMIDORES E USUARIOS	
VIDEOVIXILANCIA	
MENORES	SR. MARISCAL
SOCIAL	
PROTECCIÓN DE VÍTIMAS	
SINISTRALIDADE LABORAL	
VIOLENCIA SOBRE A MULLER	SR. VARELA
MEDIO AMBIENTE E INCENDIOS	
CIVIL	
DELITOS ECONÓMICOS	
ADEMAIS, O SR. VARELA É O FISCAL RESPONSABLE DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DO MINISTERIO FISCAL (SIMF)	

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (3): ASISTENCIA A XUÍZOS E VISTAS DO TSX

Segue vixente a distribución do traballo para asistencia a xuízos e vistas orais do TSX, acordada na reunión ordinaria da Xunta do día 15.12.2015, á vista das novas competencias atribuídas á súa Sala do Civil e do Penal. Existe unha quenda semestral, cun réxime de suplencias, no que participan os catro fiscais do equipo, incluído o propio Fiscal Superior. A quenda para o primeiro semestre de 2016 quedou fixada do seguinte xeito:

MES	FISCAL	SUPLENTE
XANEIRO 2016	SR. SUANZES PÉREZ	SR. PIÑOL RGUEZ.
FEBREIRO 2016	SR. PIÑOL RGUEZ.	
MARZO 2016	SR. VARELA GARCÍA	
ABRIL 2016	SR. MARISCAL DE GANTE	
MAIO 2016	SR. SUANZES PÉREZ	SR. VARELA GARCÍA
XUÑO 2016	SR. PIÑOL RGUEZ.	

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (4): NORMAS ESPECIAIS DE REPARTICIÓN

Segundo o acordado en reunión ordinaria da Xunta de Fiscais celebrada o día 25.04.2014, e en posteriores acordos internos, rexen as seguintes normas especiais de repartición relativas a cuestións como: repartición de procedementos contra aforados (ámbito penal ou civil); repartición de asuntos en casos de abstención dun fiscal; repartición de asuntos en caso de ausencia dun fiscal por vacacións, enfermidade ou baixa prolongada; criterio xeral de repartición de asistencia a xuízos penais (o fiscal que cualificou o asunto); nova repartición en caso de suspensións de comparecencias ou vistas en asuntos contencioso-administrativos, laborais ou doutra natureza; repartición en caso de denuncias ou dilixencias de investigación referidas a unha mesma persoa; criterio residual de repartición ao non ser posible a repartición segundo as regras anteriores (por sorteo).

Tamén segundo o acordado na reunión da Xunta que tivo lugar o día 25.04.2014, estableceuse como criterio a presentación de recurso de súplica polo fiscal contra as resolucións da Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia que acorden a transformación de dilixencias previas en sumario, cando corresponda seguir o trámite do procedemento abreviado por aplicación do art. 757 da LACrim.

Conforme o acordado na reunión da Xunta celebrada o día 29.09.2015, estableceuse un novo criterio especial de repartición cando teñan entrada na Fiscalía varios asuntos contencioso-administrativos susceptibles de seren acumulados nun só proceso (pretensións formuladas en relación cun mesmo acto, disposición ou actuación). En tal suposto, eses varios asuntos serán despachados polo fiscal a quen lle correspondese por repartición o primeiro asunto ingresado.

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO (5): RECURSO DE CASACIÓN PENAL

Na reunión ordinaria da Xunta de Fiscais que tivo lugar o día 21.06.2016, formulouse a problemática e o xeito de proceder no caso do recurso de casación por infracción de lei e por quebrantamento de forma contra as sentenzas ditadas en única instancia ou en apelación pola Sala do Penal do TSX de Galicia, tal e como se considera no art. 847 da LACrim, introducido pola Lei 41.2015, do 5 de outubro. Acordouse que, de non establecer a FXE algún tipo de instrución ou protocolo de actuación, se seguiría o criterio xeral vixente, seguido na preparación do recurso de casación contra as sentenzas das audiencias provinciais. Posteriormente, na reunión ordinaria que a Xunta de Fiscais realizou o día 14.12.2016, o Fiscal Superior informou sobre o borrador de circular da FXE «sobre algunhas cuestións que suscita a nova regulación da segunda instancia en materia penal». E acordouse dar traslado deste aos fiscais para o seu estudo; e, mentres tanto, e ata a aprobación definitiva da circular no relativo ao recurso de casación en materia penal, seguiríase o mesmo criterio establecido na anterior reunión do 21.06.2016.

3.3.2. DESCRICIÓN PARTICULAR POR FISCAIS

Fiscal Superior (D. Fernando Suanzes Pérez)

- a) Dirección, coordinación e representación xeral da Fiscalía da CA de Galicia, baixo a dependencia do Fiscal Xeral do Estado (art. 22.5 do EOMF e concordantes). Para tal fin, asumirá a presidencia das reunións da Xunta de Fiscais da devandita Fiscalía (art. 24.4 do EOMF) e ditará ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos fiscais que lle estean subordinados (art. 25 do EOMF). Así mesmo, exercerá a facultade disciplinaria nos termos previstos no EOMF e no seu regulamento (art. 22.5.c do EOMF).
- b) Xefatura do MF no territorio da CA de Galicia, sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado (art. 22.4 do EOMF e concordantes).
- c) Representación institucional do MF e interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e cos da CA de Galicia en particular (art. 11 e 22.4 do EOMF e concordantes). Comparecencias e colaboración coa Asemblea Lexislativa autonómica galega.
- d) Elaboración da memoria anual sobre a actividade das fiscalías territoriais de Galicia (art. 11.2 do EOMF).
- e) Dilixencias de investigación penal (DIP) rematadas en 0.
- f) Outras áreas. Sen prexuízo da distribución de traballo entre os fiscais do equipo orgánico desta Fiscalía, o Fiscal Superior de Galicia ten atribuídos aqueles asuntos que, de ser o caso, queira reservar para si. Ademais, participa na quenda preestablecida de todos os fiscais para asistencia a xuízos e vistas do TSX.

Tenente Fiscal (D. José Ramón Piñol Rodríguez)

- a)** Substitución do Fiscal Superior en caso de ausencia, vacante ou imposibilidade (art. 22.6 do EOMF).
- b)** Portavocía da Fiscalía, conforme o previsto na Circular da FXE núm. 3/2005.
- c)** Tramitación de dilixencias de Fiscalía. Dilixencias de investigación penal (DIP) e dilixencias informativas (DIF) rematadas cos números 1, 4 e 7 (0, segundo o número anterior).
- d)** Áreas especializadas adxudicadas: protección de consumidores e usuarios, contencioso-administrativo, delitos electorais, delitos informáticos, estranxeiría, delincuencia económica e videovixilancia.
- e)** Asuntos xudiciais e outros:
- Asuntos das distintas Salas do TSX de Galicia (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) rematados nos números 1, 4 e 7 (0, segundo o número anterior). Todos os números, se se tratar de asuntos electorais.
 - Conforme o acordado na xunta ordinaria de fiscais desta Fiscalía realizada o día 16.04.2013, é o fiscal encargado de coordinar o despacho dos incidentes de nulidade previstos no art. 241 LOPX.
 - Acompañamento ao Fiscal Superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (por quenda con outro fiscal, ademais do fiscal secretario).

Fiscal D. Carlos Mariscal de Gante Castillo

- a)** Fiscal Delegado desta Fiscalía autonómica en materia de xurisdición social (acordo da reunión do día 06.04.2015 da Xunta de Fiscais).
- b)** Tramitación de dilixencias da Fiscalía. Tramitar DIP e DIF rematadas cos números 3, 6 e 9 (0, segundo o número anterior).
- c)** Áreas especializadas adxudicadas: xurisdición social ou laboral, menores, protección das vítimas e incapacidades.
- d)** Asuntos xudiciais e outros:
- Asuntos das distintas salas do TSXG (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) rematados nos números 3, 6 e 9 (0, segundo o número anterior).
 - Acompañamento ao Fiscal Superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (por quenda con outro fiscal, ademais do fiscal secretario).

Fiscal D. Carlos Varela García

- a) Funcións de fiscal secretario e de fiscal responsable do SIMF (acordo da reunión do 06.04.2015 de Xunta de Fiscais).
- b) Tramitación de dilixencias de Fiscalía. Tramitar DIP e DIF rematadas cos números 2, 5 e 8 (0, segundo o número anterior).
- c) Áreas especializadas adxudicadas: Ademais de Fiscal SIMF, vixilancia penitenciaria, cooperación xurídica internacional e violencia de xénero.
- d) Asuntos xudiciais e outros:
 - Asuntos das distintas salas do TSX de Galicia (civil, penal, contencioso-administrativo e expedientes gubernativos) rematados nos números 2, 5 e 8 (0, segundo o número anterior)
 - Acompañamento, como fiscal secretario, ao Fiscal Superior en visitas de inspección ordinaria ás fiscalías do ámbito territorial de Galicia (xunto cun terceiro fiscal, por quenda).

3.4. XUNTAS DE FISCAIS DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

De acordo co art. 24 do EOMF e demais normativa complementaria, durante o pasado ano 2016 tiveron lugar dúas reunións ordinarias da Xunta de Fiscais desta Fiscalía Autonómica, cuxa convocatoria e acta foron remitidas oportunamente á FXE. Son as seguintes:

- *Reunión ordinaria do 21.06.2016.* Os asuntos tratados (orde do día) foron, resumidamente, os seguintes: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) cadro vacacional dos fiscais e do persoal funcionario; 3) calendario de inspeccións ordinarias das fiscalías territoriais de Galicia (segundo semestre do 2016); 4) recurso de casación en materia penal (protocolo de actuación e novas competencias da Sala do Civil e do Penal do TSX); 5) novo modelo de Oficina de Atención ás Vítimas (OAV); 6) temas para incluír na vindeira xuntanza da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia; e 7) rolda de intervencións.

- *Reunión ordinaria do 14.12.2016.* Relación sumaria de asuntos tratados: 1) aprobación da acta da reunión anterior; 2) distribución de traballo; 3) calendario de inspeccións ordinarias para 2017; 4) informe do Fiscal Superior sobre as DPA núm. 45/2016 do TSX; 5) rolda de intervencións.

3.5. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E REPRESENTANTE DO MINISTERIO FISCAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O EOMF dota dunha indubidable relevancia orgánica e institucional á figura do Fiscal Superior da CA, posto que —sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado— lle outorga (art. 22.4), ademais da *dirección da súa propia Fiscalía* (a Fiscalía Autonómica), outra dobre función no ámbito territorial da propia CA. Por un lado, atribúeselle a *xefatura do MF*, función orgánica e interna de dirección e coordinación da Fiscalía de Galicia. Por outra parte, a *representación institucional do MF* e a correspondente interlocución cos distintos órganos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). As dúas alíneas seguintes, 3.5.1 e 3.5.2, desenvolven os dous aspectos desta dobre vertente.

3.5.1. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO XEFE E COORDINADOR DA FISCALÍA

Como quedou dito, o EOMF outórgalle ao Fiscal Superior da CA a *Xefatura do MF no territorio da respectiva CA*, sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado (art. 22.4). Os fiscais xefes das fiscalías provinciais estarán xerarquicamente subordinados ao Fiscal Superior respectivo e integraranse, baixo a presidencia deste, na Xunta de Fiscais Xefes da CA (art. 2.7 do EOMF).

Como consecuencia desa xefatura do MF, deberá exercer as funcións seguintes:

- a) Ditarlles ordes e instrucións, xerais ou específicas, aos fiscais xefes provinciais do seu territorio (art. 25 do EOMF).
- b) Presidir as Xuntas de Fiscais Xefes provinciais da CA, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións respecto de temas relativos á súa función (art. 22, apartados 4 e 7, e art. 24, apartado 3, parágrafo 2º, do EOMF).
- c) Exercer a inspección común das Fiscalías do ámbito territorial de Galicia (art. 13.2 do EOMF e concordantes), sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado (art. 22, apartados 4 e 7, do EOMF, e concordantes).
- d) Dirección da Policía Xudicial —particularmente no ámbito de áreas especializadas— nas súas funcións de investigación dos delitos e de descubrimento e aseguramento dos delincuentes (arts. 126 da CE, 4.4 do EOMF, 547 e ss. da LOPX, 769 e ss. da LACrim e demais normativa aplicable na materia).

3.5.1.1. INSTRUCCIÓN XERAIS IMPARTIDAS ÁS FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA

Esta materia queda explicada na sección 6 desta memoria, á cal nos remitimos no relativo ás tres instrucións xerais ditadas no ano 2016 polo Fiscal Superior de Galicia.

3.5.1.2. XUNTAS CELEBRADAS CON FISCAIS XEFES PROVINCIAIS E DE ÁREA DE GALICIA

Baixo a presidencia do Fiscal Superior de Galicia, como superior xerárquico, ao longo do pasado ano 2016 celebráronse dúas reunións da Xunta de Fiscais Xefes da CA de Galicia, co fin de manter a unidade de criterio ou fixar posicións con respecto a temas relativos á súa función (art. 22, ap. 4 e 7, e art. 24, ap. 3, ordinal 2º, do EOMF).

- Reunión ordinaria do día 26.01.2016

Celebrada na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia de todos os fiscais xefes provinciais e de área de Galicia. Os asuntos tratados (orde do día) foron os seguintes:

1. Situación actual. Implantación e desenvolvemento dos servizos de atención ás vítimas nas fiscalías.
2. Medidas de reforzo para a Fiscalía Provincial de Lugo en relación coa xestión de determinados asuntos de extraordinaria complexidade da súa competencia.
3. Plans de actuación en relación coa Circular 5/2015 da FXE “sobre os prazos máximos da fase de instrución”. Problemas prácticos na aplicación do art. 324 da LACrim. Posibles respostas ante actitudes obstativas por parte dos Xulgados.
4. Desenvolvemento da Nova Oficina Fiscal (NOF), Lexnet, Fidelius, visor documental, portasinaturas, acceso telemático a Minerva e Comisión de Expurgo.
5. Estudo do borrador do Protocolo de Comunicación do Ministerio Fiscal en Galicia.
6. Suxestións para incluír na próxima reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta.

- Reunión ordinaria do día 08.09.2016

Realizada tamén na sede da Fiscalía Autonómica, coa asistencia de todos os fiscais xefes provinciais de Galicia. Relación de asuntos tratados (orde do día):

1. Informe do Fiscal Xefe Provincial de Lugo do estado actual sobre as medidas de reforzo acordadas na xunta do 26 de xaneiro de 2016 en relación coa xestión de asuntos de extraordinaria complexidade.
2. Implantación e desenvolvemento de Lexnet nas fiscalías de Galicia. Actuacións previas á implantación de Lexnet para evitar disfuncións. Cursos e prácticas previas, tempo de adaptación, medios materiais imprescindibles etc.
3. Protocolo de comunicación das fiscalías de Galicia.
4. Puntos para incluír na orde do día da próxima reunión da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia.

5. Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia. Informe sobre a situación actual. Renovación de cargos.
6. Formulación das cuestións de organización das peticións de prórrogas desde a implantación do art. 324 da LACrim, deseño dun sistema uniforme, ante as experiencias derivadas do proceso seguido tras a súa entrada en vigor.
7. Valoracións a adoptar nas cuestións de asistencia as vítimas, necesidades derivadas dun sistema de implantación e desenvolvemento do Estatuto da Vítima.
8. Métodos de implantación dos posibles sistemas de mediación e intervención nestes polo MF no ámbito da CA de Galicia.

3.5.1.3. REUNIÓN DE COORDINACIÓN EN MATERIAS DE ÁREAS ESPECIALIZADAS

Así mesmo, baixo a habitual presidencia do Fiscal Superior, celebráronse varias *reunións sobre materias propias de áreas especializadas*, que seguidamente se mencionan.

Área de Medio Ambiente e Urbanismo (MAU)

- Día 31.07.2016. Reunión de fiscais delegados provinciais de MAU. Realizada na sede da Fiscalía Autonómica, baixo a presidencia do Fiscal Superior. Infórmase dela no apartado desta memoria dedicado a esta área especializada (capítulo II, apartado 5.3).
- Día 22.12.2016. Reunión especializada de MAU do Fiscal Superior de Galicia e do Fiscal Delegado Autonómico na materia, con responsables policiais (Policía Nacional, Policía Autonómica e Garda Civil) competentes en materia de incendios forestais, así como con representación da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. Infórmase polo miúdo desta xuntanza no xa referido apartado da área especializada. Adiantamos que, como consecuencia desta reunión, se incoaron na mesma data as dilixencias preprocesuais 28/2016 desta Fiscalía, que teñen por obxecto a creación dunha comisión de estudo dos incendios forestais de Galicia.

Área de Estranxeiría (ES)

- Día 20.04.2016. Reunión na sede da Fiscalía autonómica entre Fiscais Delegados de Estranxeiría e representantes da Inspección de Traballo de Galicia. Infórmase acerca dela no apartado da área especializada de estranxeiría (capítulo II, apartado 5.4).

Área de Seguridade Viaria (SV)

- Día 27.05.2016. Na sede da Fiscalía Autonómica tiveron lugar ese día dúas xuntanzas sucesivas en materia de SV coa asistencia do Fiscal de Sala Coordinador na materia. Infórmase polo miúdo de ambas no apartado desta memoria dedicado á especialidade de SV (capítulo II, apartado 5.5).

Área Tecnolóxica e Rede SIMF (Sistema de Información do Ministerio Fiscal)

- Día 19.12.2016. Reunión dos Fiscais responsables da Rede SIMF. Do seu contido informárase posteriormente na sección 5 desta memoria.

3.5.1.4. ACTIVIDADE INSPECTORA: INSPECCIÓNS ORDINARIAS DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS. VISITAS INSTITUCIONAIS

Consideracións xerais

No actual marco organizativo-funcional do MF, ademais da función inspectora que, con carácter permanente, segue encomendada á Inspección Fiscal da FXE, correspóndelle ao Fiscal Superior da CA respectiva a inspección ordinaria das fiscalías do seu ámbito territorial (art. 13.2 do EOMF e preceptos concordantes). Estas inspeccións ordinarias, planificadas previamente, veñen realizándose periodicamente nas catro fiscalías provinciais de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e nas tres fiscalías de área (Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo). A organización e práctica destas inspeccións acomódase á normativa legal e ás normas e protocolos da Inspección da FXE. Son realizadas polo Fiscal Superior, acompañado, por quenda, por outro fiscal, xunto cun terceiro fiscal que actúa como secretario.

Inspeccións ordinarias realizadas en 2016

Segundo os plans semestrais aprobados nas reunións da Xunta de Fiscais desta Fiscalía Superior (reunións dos días 15.12.2015 e 21.06.2016), durante o ano 2016 tiveron lugar un total de tres visitas de inspección ordinaria:

- *Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Santiago de Compostela (A Coruña)*

Data: 6 de xullo de 2016

Fiscais inspectores: Fiscal Superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado do Tenente Fiscal, don Carlos Mariscal de Gante Castillo, así como do Fiscal don Carlos Varela García, en funcións de fiscal secretario.

Obxectivos da visita:

1. Cumprimento das observacións realizadas na última inspección.
2. Uso da aplicación Fortuny, en aspectos tales como o rexistro de causas e introdución de ditames; acceso a datos, resolucións, informes e declaracións de cada procedemento rexistrado, escritos de cualificación, visado etc., verificando o uso da aplicación polos fiscais.
3. Dilixencias preprocesuais: control de prórrogas, en especial, das dilixencias de investigación penal.

4. Recurso de apelación nas causas de Xurado. Control sobre o trámite de impugnación do recurso.

5. Control sobre a motivación da solicitude de declaración da instrución complexa nas causas revisadas ex art. 324 da LACrim.

- *Inspección ordinaria á Fiscalía de Área de Vigo (Pontevedra)*

Data: 27 de setembro de 2016

Fiscais inspectores: Fiscal Superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado do Tenente Fiscal, don José Ramón Piñol Rodríguez, así como do Fiscal don Carlos Varela García, en funcións de fiscal secretario.

Obxectivos da visita:

1. Exame de causas de Xurado correspondentes aos anos 2015 e 2016.
2. Dilixencias de investigación penal, incoadas nos anos 2015 e 2016.
3. Causas dos Xulgados de Instrución de Vigo, con escrito do Fiscal no que solicitaba a declaración de especial complexidade (art. 324 da LACrim).

- *Inspección ordinaria á Fiscalía Provincial de Ourense*

Data: 18 de novembro de 2016

Fiscais inspectores: Fiscal Superior, don Fernando Suanzes Pérez, acompañado do Tenente Fiscal, don José-Ramón Piñol Rodríguez, así como do Fiscal don Carlos Mariscal de Gante Castillo, en funcións de fiscal secretario.

Obxectivos da visita:

1. Exame de causas de Xurado correspondentes aos anos 2015 e 2016.
2. Dilixencias de investigación penal, incoadas nos anos 2015 e 2016.
3. Causas dos Xulgados de Instrución de Ourense, con escrito do Fiscal no que solicitaba a declaración de especial complexidade (art. 324 da LACrim).

Visitas institucionais a fiscalías territoriais

Á parte das formais visitas de inspección salientadas, durante o ano 2016 o Fiscal Superior de Galicia realizou algunhas visitas institucionais a fiscalías territoriais de Galicia, co fin de tomar coñecemento directo de problemáticas concretas e intercambiar información e opinións cos respectivos fiscais xefes e fiscais de equipo. O obxecto das visitas centrouse nas importantes cuestións organizativo-funcionais das fiscalías, particularmente na revisión de procedementos penais para controlar os novos límites nos prazos de instrución e a implantación das TIC, especialmente de Lexnet.

- Visita á Fiscalía Provincial de Lugo (día 15.01.2016)
- Visita a Fiscalía Provincial de Ourense (día 21.04.2016).
- Visita a Fiscalía Provincial de Ferrol (día 12.05.2016)
- Visita a Fiscalía Provincial de Pontevedra (día 10.06.2016)
- Visita ás instalacións da Fiscalía en Ribeira, A Coruña (día 07.11.2016)

3.5.1.5. RELACIÓNS COA POLICÍA XUDICIAL

Instrucións xerais ditadas pola Fiscalía á Policía Xudicial

Hai que mencionar aquí as tres instrucións que serán tratadas na sección 6 desta Memoria, referidas ás seguintes materias: excesos de velocidade punible cometidos por vehículos oficiais e análogos, incendios forestais e protección e tutela das vítimas no proceso penal.

Reunións máis destacadas coa Policía Xudicial

- 27.05.2016. Reunión en materia de seguridade viaria, en sede da Fiscalía Autonómica, co Fiscal de Sala Delegado da FXE, o Fiscal Superior de Galicia, os fiscais delegados autonómico e provinciais e representantes da Policía Xudicial (Garda Civil de Tráfico), Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) e asociación de vítimas de accidentes de tráfico «Stop Accidentes».
- 22.12.2016. A xa mencionada reunión especializada de MAU do Fiscal Superior de Galicia e o Fiscal Delegado autonómico na materia, con responsables policiais (Policía Nacional, Policía Autonómica e Garda Civil) competentes en materia de incendios forestais, así como con representación da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

3.5.2. ACTIVIDADE DO FISCAL SUPERIOR DE GALICIA COMO REPRESENTANTE DA FISCALÍA

O EOMF atribúelle ao Fiscal Superior —como xa deixamos dito— *a representación institucional do Ministerio Fiscal no territorio da respectiva CA*, sen prexuízo das atribucións do Fiscal Xeral do Estado (art. 22.4). Polo tanto, correspóndelle exercer a representación institucional do MF e a interlocución cos distintos órganos públicos e institucións en xeral e, particularmente, cos da propia CA (art. 11.2 e concordantes). Especialmente relevantes son as relacións cos organismos que, conforme o seu Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 abril) configuran a súa estrutura político-xurídica, isto é, o Parlamento autonómico e a Xunta de Galicia (poderes lexislativo e executivo), ademais do TSX de Galicia, organismo xurisdiccional no que culmina a organización xudicial do seu territorio.

Como consecuencia desta función representativa, o Fiscal Superior exerce as seguintes funcións:

1. Relacións institucionais, especialmente cos órganos e institucións da CA de Galicia (art. 11.2 do EOMF e concordantes). Destaca a colaboración coa Asemblea Lexislativa (Parlamento autonómico) de Galicia, ante o cal debe presentar a *Memoria Anual da Fiscalía* (art. 11.2 do EOMF).
2. Actividades de colaboración coa CA de Galicia (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
3. Subscrición de convenios coa CA de Galicia, coa autorización previa do Fiscal Xeral do Estado (art. 11.3 do EOMF e concordantes).
4. Remisión de informes ao Goberno da CA de Galicia (a Xunta) en relación coas necesidades de organización e funcionamento das Fiscalías Provinciais, en materia de medios informáticos, novas tecnoloxías (TIC) demais medios materiais e persoais (arts. 11.3 e 18.3, punto 1º *in fine* do EOMF).

3.5.2.1. ACTIVIDADES DE RELACIÓN COS ÓRGANOS E INSTITUCIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

3.5.2.1.1. Relacións con órganos da Administración autonómica galega (Xunta de Galicia)

Descrición xeral

Son constantes as relacións coa XG, máxime tendo en conta que a nosa CA ten transferidas competencias en materia de xustiza (medios materiais e persoais) desde o ano 1995, en virtude do RD 2166/1994 e normativa complementaria posterior. Polo tanto, é competencia da Xunta o que o Tribunal Constitucional (TC) denominou como “administración da Administración de Xustiza” (provisión de medios materiais e persoais) fronte á “Administración de Xustiza” en sentido estrito, a potestade xurisdiccional de vulgar e facer cumprir o xulgado, correspondente aos xuíces e maxistrados integrantes do Poder Xudicial.

Por tal razón, son intensas e frecuentes as relacións co departamento que ten asignada a área da AX, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza (baixo a dirección do Exmo. Sr. Alfonso Rueda Valenzuela). Dentro desta, é frecuente a relación coa Dirección Xeral de Xustiza (a cuxa fronte está D. Juan José Martín Álvarez). Ademais, en canto a temas de TIC é frecuente a relación con diversos servizos da AMTEGA (Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia), baixo a dirección de D^a. M^a Mar Pereira Álvarez. Por último, mencionar as relacións mantidas coa Dirección de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (da Consellería de Política Social) en temas relacionados co asinamento e renovación de convenios de mediación familiar intraxudicial.

Reunións e eventos concretos máis relevantes en 2016

- 03.02.2016. Reunión en Santiago, no edificio administrativo San Caetano da XG, coa Directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Consellería de Política Social) e o Director Xeral de Xustiza (Consellería de Xustiza). O seu obxecto foi a elección e designación dos mediadores dos equipos de mediación intraxudicial.

- 08.03.2016. Asistencia ao acto institucional do “Día Internacional da Muller”. Foi organizado pola Presidencia da XG e tivo lugar en Santiago, no Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

- 28.06.2016. Asistencia ao solemne acto de entrega das “Medallas Castelao”, organizado pola Xunta de Galicia e celebrado no edificio de San Domingos de Bonaval, en Santiago.

- 24.07.2016. Asistencia ao solemne acto de entrega das “Medallas de Galicia”, organizado pola Xunta de Galicia e celebrado no Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.

- 28.10.2016. Asistencia ao acto de presentación da “sede electrónica xudicial”. O acto tivo lugar en Santiago, no edificio administrativo San Caetano da XG. A el asistiron, tamén, o vicepresidente e conselleiro de Xustiza da XG, a directora da AMTEGA e o presidente do TSX de Galicia.

- 12.11.2016. Asistencia en Santiago, xunto con numerosas autoridades, ao acto formal de toma de posesión, no seu novo mandato, do presidente da Xunta de Galicia, Exmo. Sr. Alberto Núñez Feijoo.

3.5.2.1.2. Relacións co Parlamento autonómico de Galicia

Neste apartado, cabe destacar as seguintes actuacións, no marco do disposto no art. 11.2 do EOMF e disposicións concordantes.

- Entrega formal da Memoria Anual de 2016 (exercicio 2015) á Presidencia do Parlamento autonómico (17.10.2016), e posterior presentación aos medios de comunicación (27.10.2016) no salón de actos do Pazo de Xustiza da Coruña, onde, xunto co TSX, ten a súa sede esta Fiscalía Autonómica.

- Comparecencia do Fiscal Superior de Galicia ante a Comisión de Xustiza do Parlamento autonómico galego para a presentación e exposición da Memoria Anual relativa ao ano 2015 (15.12.2016).

Tras unha introdución, os temas expostos na referida comisión foron os seguintes:

1. Aspectos organizativo-funcionais: cadro de fiscais e persoal colaborador, organigrama do MF en Galicia, rede de fiscais delegados, posta en funcionamento da NOF e proxecto "Fiscalía Dixital".

2. Área penal. Evolución xeral da criminalidade por delitos. Referencia aos datos totais de procedementos tramitados e incoados, así como aos rematados en distintas formas.

Constatouse un descenso acumulado de case un 30% no volume de procedementos tramitados nos últimos seis anos (período 2010-2015). Resaltouse a finalización anticipada de case dous terzos. Ademais, case un terzo dos procedementos rematados por sobresemento por falta de autor coñecido, atribuíble á reforma da Lei 41/2015, do 5 de outubro, que suprimiu, por regra xeral, a obriga de remitir a xulgados e fiscalías os atestados sen autor coñecido. Para o ano 2016 prevese un descenso de procedementos incoados de arredor dun terzo.

En canto á actuación do MF na área penal, apuntáronse os datos esenciais respecto a cualificacións fiscais, asistencia a xuízos realizados e dilixencias de investigación.

3. Área penal. Evolución xeral da criminalidade por procedementos. Referencia aos datos totais de delitos incoados, cualificados e sentenciados, así como a algúns grupos delituosos concretos (delitos contra a vida ou homicidios, delitos contra a integridade física ou de lesións, delitos sexuais, delitos patrimoniais ou socioeconómicos, delitos relacionados coa corrupción social, política e económica e delitos de tráfico de drogas)

4. Área penal. Datos particulares de áreas especializadas. Referencia a datos e cuestións relativas a violencia de xénero, sinistralidade laboral, medio ambiente e urbanismo, seguridade viaria, menores, delincuencia informática e vixilancia penitenciaria.

5. Área de persoas especialmente vulnerables: maiores e incapaces.

6. Conclusións e propostas. Neste apartado final, o Fiscal Superior avogou por un novo «Pacto de Estado pola Xustiza», conectándoo con propostas concretas, como:

- reforma da organización e funcionamento dos órganos do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal, para os dotar de maior independencia e transparencia.
- revisión da demarcación e planta da organización xudicial.
- elaboración dunha nova Lei de axuízamento criminal ou Código procesual penal, que permita resolver problemas pendentes (axilización procesual, instrución a cargo do MF, regulación específica das causas complexas, con unidades xudiciais e fiscais especializadas).
- potenciación da resolución extraxudicial de conflitos (mediación, arbitraje e conciliación);
- continuar avanzando no proceso de modernización e transformación tecnolóxica da Administración de Xustiza;
- e, por suposto, dotación orzamentaria abonda de medios para a Xustiza en xeral e para a Fiscalía en particular, que permita conseguir os obxectivos de modernización, eficacia e calidade.

- Acto do 35º aniversario e entrega de Medallas do Parlamento de Galicia. O día 6 de abril de 2016, o Fiscal Superior tivo ocasión de acudir ao acto de conmemoración do 35º aniversario da promulgación do Estatuto de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), no que se realizou a entrega das súas primeiras «Medallas do Parlamento de Galicia» ás seis persoas (dúas a título póstumo) que ocuparon a presidencia da cámara autonómica.

-Acto de solemne apertura da X lexislatura do Parlamento de Galicia. Tivo lugar na sede do Parlamento o día 15 de novembro de 2016.

3.5.2.1.3. Relacións co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

A relación co TSX é constante e fluída, tanto no plano xurídico-procesual como no institucional.

- Como é obvio, a principal e máis cotiá relación que esta Fiscalía autonómica mantén co TSX de Galicia (co que comparte sede) concrétase, principalmente, na actividade que o Ministerio Público desprega nos procedementos de competencia das tres salas que integran o máximo órgano xudicial de Galicia (Sala do Civil e do Penal, Sala do Contencioso-Administrativo e Sala do Social). De tal actividade ocúpase esta memoria nos apartados oportunos do capítulo II, aos que nos remitimos.

- Intervención do Fiscal Superior de Galicia no solemne acto de apertura do ano xudicial 2016-2017 en Galicia (06.10.2016). Como todos os anos, o máximo representante do MF en Galicia tivo o honor de participar neste singular acto, xunto a representantes de diversos organismos e institucións. O Fiscal Superior centrou a súa intervención en dar conta da *Memoria Anual da Fiscalía autonómica relativa ao ano 2015*, con achega de datos e valoracións sobre a evolución da criminalidade por procedementos e por delitos. Comentou igualmente os efectos de axilización procedemental das reformas legais de 2015, aínda que facendo certa crítica en canto á forma de implantalas e á falta dos axeitados medios materiais, persoais e tecnolóxicos. En canto á modernización tecnolóxica, precisamente, apuntou que a AX leva un considerable atraso con respecto a outras administracións e que é unha tarefa na que aínda queda moito por facer. Destacou tamén o compromiso da Fiscalía de Galicia na loita contra a violencia de xénero, que non baixará a garda ante a corrupción política e económica e que era meritorio o labor dos Fiscais galegos en materia de incendios forestais.

3.5.2.1.4. Relacións con outros organismos e institucións da Comunidade Autónoma

No marco da súa actividade representativa, ademais das xa citadas, hai que ter en conta as puntuais relacións que o Fiscal Superior mantén con outras institucións singulares da nosa CA, tales como o Consello Consultivo de Galicia (con cuxa representación tivo unha reunión-visita en Santiago o día 27.06.2016), o Consello de Contas de Galicia, o Valedor do Pobo ou a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

3.5.2.2. ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CONVENIOS E PROTOCOLOS

3.5.2.2.1. Colaboración en materia de medios persoais, materiais e tecnolóxicos. Comisión Mixta Fiscalía-Xunta de Galicia.

A denominada Comisión Mixta de Coordinación entre o MF en Galicia e a Consellería de Xustiza da XG (CMC) foi creada, mediante protocolo subscrito o 20.06.2003 pola FXE e a referida Consellería (actualmente, CPAPX, integrada na Vicepresidencia da Administración autonómica).

Desde a súa constitución formal o día 18.11.2004, e ao longo do período 2005-2016, viñéronse celebrando as oportunas reunións (unha ou varias ao ano). Os fins esenciais da Comisión son:

- Servir de fórmula estable de cooperación entre o MF e a Consellería de Xustiza da XG, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do MF.
- Estudar as necesidades de provisión de medios materiais, persoais e tecnolóxicos dos órganos do MF da CA de Galicia (véxase a norma primeira do protocolo).

No ano 2016 esta comisión celebrou unha única xuntanza, o día 26 de febreiro, na que se trataron os seguintes temas:

1. lectura e aprobación da acta da reunión anterior;
2. creación de prazas en centro de protección terapéutico de menores;
3. creación do recurso adecuado para garantir a correcta execución da medida de convivencia con persoas, familias ou grupos educativos;
4. implantación da Nova Oficina Xudicial (NOF), con entrada en funcionamento o 07.03.2016 na Fiscalía autonómica e na Fiscalía Provincial da Coruña, e o 01.04.2016 no resto;
5. Lexnet e medios tecnolóxicos, con intervencións detalladas dos representantes da FXE e da Vicepresidencia e Consellería de Xustiza da Xunta, así como da directora da AMTEGA;
6. previsións en relación co edificio xudicial da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña;
7. cooperación institucional na execución da sentenza do caso Prestige;
8. promoción de actividades formativas de fiscais, policía e persoal de menores en materia de estranxeiría;
9. estudo, deseño e implantación dunha plataforma colaborativa en rede entre as fiscalías territoriais de Galicia;
10. instalación de inhibidores de gravación na Fiscalía;
11. rolda de intervencións.

A última xuntanza da *Comisión Mixta* Fiscalía-Xunta de Galicia tivo lugar o día 31 de xaneiro do presente ano 2017.

3.5.2.2.2. Participación noutros órganos de colaboración constituídos na CA de Galicia

- Participación na Comisión Autonómica para a implantación da Nova Oficina Xudicial (NOX) —e a NOF— creada polo Decreto 427/2009, do 19 de novembro da CPAPX da XG. Para tal fin, a Fiscalía de Galicia forma parte desa comisión constituída formalmente o día 01.02.2010. Existe un Anteproxecto de Decreto polo que se regula a estrutura e organización da NOX en Galicia: <http://www.xustiza.gal/anteproxecto-decreto-oficina-xudicial>
- Participación no desenvolvemento de plans de acción da Administración autonómica en relación coas persoas maiores e persoas con discapacidade.
- Participación na Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, creada polo Decreto 46/2009, do 26 de febreiro, da CPAPX da XG, sobre os arquivos xudiciais territoriais e a Xunta de Expurgo de Documentación Xudicial de Galicia, norma completada logo pola Orde do 04.09.2012 da referida Consellería (DOG núm. 173), pola que se aprobaron as normas e modelos de transferencia de documentación xudicial e

se determinou o inicio das actividades dos arquivos xudiciais e da referida Xunta de Expurgo.

-Participación na *Comisión de Garantías de Videovixilancia de Galicia*, creada ao abeiro da LO 4/1997, do 4 de agosto, reguladora do uso de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, desenvolvida posteriormente polo capítulo III (arts. 12-16) do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada LO (RD 596/1999, do 16 de abril). Durante o ano 2016 a dita Comisión, coa asistencia de representación da Fiscalía (o Tenente Fiscal, Sr. Piñol Rodríguez) celebrou catro reunións, concretamente os días 9 de marzo, 18 de abril, 27 de setembro e 28 de novembro.

- Participación no Observatorio Galego de Violencia de Xénero (OGVX), creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. O devandito decreto autonómico configura ese Observatorio como órgano encargado do estudo, a avaliación e o seguimento das políticas contra a VX desenvolvidas en Galicia, adscrito ao órgano da Administración autonómica competente en materia de igualdade (art. 13).

Pola súa banda, o Consello Galego das Mulleres regúlase como órgano colexiado institucional e de carácter consultivo, de participación e asesoramento en materia de políticas de igualdade (art. 2).

A constitución formal do Observatorio tivo lugar en Santiago o día 05.05.2014. Ten participación neste como vogal o Fiscal Superior de Galicia ou a persoa en quen delegue (art. 15.1 f). Como vogal, por delegación, está designada dona Pilar Fernández Pérez, Fiscal encargada de VX na Fiscalía de Área de Santiago. Actualmente, a referida Fiscal participa nos tres grupos de traballo creados no seo do Observatorio, no que se debe destacar o referido á elaboración dun *Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VG en Galicia*, cuxa primeira reunión tivo lugar o día 13.05.2015.

3.5.2.2.3. Convenios e protocolos subscritos coa Comunidade Autónoma galega

Convenios

Convenios subscritos en materia de mediación familiar intraxudicial (MFI)

- Convenio de MFI na Coruña para 2016 (prórroga). Foi asinado o día 23.09.2016 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX, o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados da Coruña).

- Convenio de MFI en Lugo para 2016 (prórroga). Foi asinado o día 23.09.2016 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e a XG (Vicepresidencia e CPAPX e Consellería de Política Social).
- Convenio de MFI en Ourense para 2016 (prórroga). Foi asinado o día 28.07.2016 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a XG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Ourense).
- Convenio de MFI en Pontevedra para 2016 (prórroga). Foi asinado o día 13.06.2016 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Pontevedra e a Universidade de Vigo.
- Convenio de MFI en Santiago de Compostela para 2016 (prórroga). Foi asinado o día 28.07.2016 a prórroga do mencionado Convenio de colaboración entre a XG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Colexio Oficial de Avogados de Santiago).
- Convenio de MFI en Vigo para 2016 (prórroga). Foi asinada o día 13.06.2016 a prórroga do referido Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e a Universidade de Vigo.
- Convenio de MFI en Ferrol para 2016 (novo). Asinouse o día 23.09.2016 este novo Convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX, e Consellería de Política Social), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia) e varios colexios profesionais (o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ferrol).

Convenios subscritos en materia de mediación penal

- Convenio de mediación penal en Santiago de Compostela para 2016 (prórroga). Asinouse o día 27.11.2015 o referido convenio de colaboración entre o CXPX, a XG (Vicepresidencia e CPAPX), o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia), o Colexio de Avogados de Santiago, e a Universidade de Santiago (USC), a través do seu Centro Integral de Análise e Resolución de Conflictos (CIARCUS).
- A final de 2016 encóntranse en trámite, pendentes de autorización pola FXE e de sinatura, senllos convenios de mediación penal na Coruña e Pontevedra.

Convenios ou protocolos subscritos noutras materias

- Protocolo relacionado coa práctica de alcoholemias (novo). Con data 22.01.2016 foi asinado ese novo Protocolo para a toma de mostras de sangue para a detección de alcohol e/ou drogas nos centros de Servizo Galego de Saúde (SERGAS), con intervención da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e a Fiscalía da CA de Galicia (representada polo Fiscal Superior). Faise mención detallada del no apartado de seguridade viaria desta memoria (apartado 5.5 do capítulo II).
- Protocolo de Menores estranxeiros non acompañados (Menas) en Galicia (novo). O día 21.12.2016 foi subscrito este novo Protocolo da CA de Galicia sobre actuacións con Menas, entre a Delegación do Goberno en Galicia, a XG (Consellerías de Sanidade e de Política Social) e o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia). Faise mención detallada deste no apartado de estranxeiría desta memoria (apartado 5.4 do capítulo II).

Convenios ou protocolos pendentes de trámite e aínda non subscritos a final de 2016

- Senllos convenios de mediación penal na Coruña e Pontevedra.
- Protocolo de comunicación do MF en Galicia.
- Convenio de formación para Fiscais co Centro de Estudos Jurídicos (CEJ).
- Convenio de cooperación educativa da Fiscalía de Galicia coa Universidade da Coruña, para a realización de prácticas académicas externas. Finalmente, foi subscrito con data do 07.02.2017 e deste informárase na Memoria do próximo ano.
- Especial referencia ao futuro Protocolo sobre violencia de xénero en Galicia. Igualmente, é destacable que, no marco do Observatorio Galego de VX, a Fiscalía de Galicia está a colaborar coa XG na elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia. Recentemente, o 01.02.2017, a XG, por medio da súa Secretaria Xeral de Igualdade, anunciou que, en breve, será presentado o que será “un protocolo único”, o cal se asentaría en varios piares, como ter un persoal de referencia único para a muller vítima de violencia machista, traballar con ela no ámbito do empoderamento para reforzala psicolóxicamente se non é capaz de presentar a denuncia e lograr que dea o paso, e a coordinación, mediante un expediente único. A nivel político, de forma semellante ao Parlamento estatal, no seo do Parlamento autónomo de Galicia, desde xaneiro de 2017, estase a promover un “Pacto contra a violencia de xénero”, con unanimidade de todos os grupos políticos, que supoña o incremento de recursos para a asistencia e a prevención das vítimas, mellorar a asistencia psicolóxica ás mulleres maltratadas e elaborar protocolos de prevención.

3.5.2.3. RELACIÓNS CON OUTROS ORGANISMOS E ENTIDADES

Ademais das relacións institucionais e de colaboración cos organismos e institucións da CA de Galicia xa tratados anteriormente (esencialmente, Goberno autónomo, Parlamento de Galicia e TSX), como vén sendo habitual, o Fiscal Superior mantivo, tamén durante 2016, relacións con outros organismos e entidades, públicas e privadas. Destacamos as que se mencionan a seguir:

- 06.01.2016. Asistencia aos actos institucionais que, con motivo da Pascua Militar, se celebraron no Pazo da Capitanía Xeral da Coruña.
- 22.01.2016. Na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña (UDC), asistencia ao acto académico en honor de San Raimundo de Peñafort, patrón da Facultade.
- 25.02.2016. Reunión coa Excm. Sra. Fiscal Xeral do Estado, na sede de Madrid da FXE.
- 16.02.2016. Asistencia e intervención no acto de presentación da “Guía de Peritos Xudiciais 2016”, celebrado na sede da EGAP en Santiago. Estivo organizado pola Unión Profesional de Galicia, unha asociación que agrupa actualmente máis de corenta colexios profesionais e na cal están representadas a maior parte das profesións tituladas universitarias e das máis diversas áreas (<http://www.unionprofesionaldegalicia.org>).
- 08.03.2016. Visita á Fiscalía da Delegada Especial para Galicia da Axencia Estatal Tributaria (AEAT), Sra. M^a Imelda Capote Martín.
- 15.03.2016. Entrevista na sede desta Fiscalía con representantes da Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (Agamme), na que lle expuxeron ao Fiscal Superior a súa preocupación sobre diversas cuestións tendentes á mellora da protección e salvagarda dos menores. A Fiscalía autonómica levou a cabo algunhas actuacións posteriores, de todo o cal se informará no apartado da área especializada de menores, contido no apartado 5.6 do capítulo II desta memoria.
- 04.04.2016. Asistencia na Coruña, no edificio da Delegación do Goberno, ao acto de posesión do novo Xefe Superior de Policía de Galicia, Ilmo. Sr. Manuel Vázquez López.
- 08.04.2016. Entrevista na sede desta Fiscalía Autonómica con representantes da entidade comercial Mercadona, SA, no curso da cal explicaron ao Fiscal Superior a problemática derivada dos furtos que se adoitan producir na súa cadea de supermercados, particularmente, as suspensións pola non localización

do denunciado, os beneficios da pena accesoria de prohibición de aproximación para os denunciados reincidentes e agresivos. Posteriormente, por medio de oficio, comunicóuselles o resultado da reunión aos fiscais xefes provinciais e de área, para os efectos procedentes no traballo habitual dos Fiscais desta CA.

- 13.05.2016. Visita institucional do Xeneral da Garda Civil de Galicia, Exmo. Sr. José M^a Feliz Cadenas, ante a súa próxima xubilación.

- 20.05.2016. Asistencia, xunto con outras autoridades, ao acto de despedida do mencionado Xeneral da GC, no Cuartel de Lonzas, A Coruña.

- 22.06.2016. Asistencia, xunto con outras autoridades, ao acto de toma de posesión, no Cuartel de Lonzas, A Coruña, do novo Xeneral da Garda Civil de Galicia, Exmo. Sr. Ángel Alonso Miranda.

- 02.09.2016. Asistencia no Acuartelamento de Atocha da Coruña ao acto institucional do Día da Forza Loxística Operativa.

- 25.07.2016. Asistencia, en Santiago de Compostela, aos actos solemnes como motivo da Ofrenda a Santiago Apóstolo.

- 03.10.2016. Asistencia aos actos institucionais do Día da Policía (Festividade dos Santos Anxos Custodios). Celebrouse no Teatro Colón da Coruña.

- 12.10.2016. Asistencia aos actos institucionais da Festividade da Patroa da Garda Civil (Virxe do Pilar). Celebrouse no Acuartelamento da Garda Civil na Coruña, rúa Médico Devesa, 3.

- 14.10.2016. Asistencia ao “Encontro de Xurisdicións ordinaria e militar”, celebrado na Coruña, no Pazo da Capitanía Xeral.

- 10.11.2016. Asistencia aos actos institucionais, na sede do Colexio de Avogados de Ourense, con motivo da “Festividade Colexial San Martiño 2016”.

- 04.11.2016. Visita na sede desta Fiscalía de representantes da Fundación Galega contra o Narcotráfico, para tratar da evolución do novo Servizo de Bens Comisados ao Narcotráfico en Galicia, unha vez transcorrido o primeiro ano da súa posta en marcha, contando co apoio do propio Fiscal Superior.

- 11.11.2016. Asistencia aos actos institucionais, celebrados na Coruña, con motivo da festividade da Nosa Señora de Patrocinio, patroa do Colexio de Avogados da Coruña, organizador do evento.

- 21.11.2016. Reunión na sede da Fiscalía autonómica cunha representación do centro de acollida e inclusión social “Hogar Sor Eusebia”, entidade declarada de utilidade pública. O obxecto da cita tiña relación co proxecto denominado “Mi casita”, un plan de construción de vivendas para persoas sen fogar, que contou co apoio de institucións públicas (Xunta de Galicia, Concello da Coruña e ETS de Arquitectura da Coruña).

- 30.12.2016. Actos solemnes de “Festa da Translación do Apóstolo Santiago”, na catedral desa cidade, organizados polo Arcebispado. Os ditos actos foron precedidos por un acto institucional, organizado polo concello compostelán, de “Saúdo ao Delegado Rexio”, Excmo. Sr. Alberto Núñez Feijoo, Presidente da XG

SECCIÓN 4. SEDES E INSTALACIÓNS. DEPENDENCIAS E OUTROS MEDIOS MATERIAIS

Conforme a normativa reguladora do MF as fiscalías terán unha instalación axeitada na sede dos órganos xurisdicionais, podendo ademais contar coas súas propias instalacións fóra daquelas, cando conveña á mellor prestación do servizo (art. 72.1 do EOMF). As instalacións estarán dotadas dos medios precisos que se consignent nos correspondentes orzamentos xerais do Estado ou, de ser o caso, da respectiva Comunidade Autónoma (art. 72.2 do EOMF).

4.1. DEPENDENCIAS

Dependencias da Fiscalía autonómica. Demanda dun novo edificio

A Fiscalía da CA de Galicia, como quedou indicado, ten a súa sede na cidade da Coruña, a mesma que o correlativo TSX (art. 21.2 do EOMF). No dito edificio ocupa un espazo propio na primeira planta, composto das seguintes dependencias:

- Un despacho para o Fiscal Superior, onde está situada unha mesa para a celebración de xuntas.
- Unha antesala do despacho, a xeito de sala de espera, onde, ademais, actualmente está situado o posto da secretaria persoal do Fiscal Superior.
- Tres despachos para fiscais (do Tenente Fiscal e dos outros dous fiscais).
- Un despacho do Xefe de Gabinete e de Prensa (antes sala de declaracións).
- Unha secretaría, onde se sitúan as cinco persoas integrantes do persoal colaborador (unha do corpo de xestión e coordinadora da oficina, tres do corpo de tramitación e unha do corpo de auxilio). Nesta dependencia existe tamén un conxunto de librerías que serven como arquivo de xestión, á parte doutro arquivo definitivo para asuntos máis antigos no andar -1 do edificio.

Tal e como se reflectira en anteriores memorias (detalladamente na correspondente ao ano 2010), desde o ano anterior á constitución desta Fiscalía autonómica en xaneiro de 2008, veuse demandando da XG —mesmo co apoio da FXE— *un novo edificio emblemático acorde coa relevancia institucional do MF*, situado na contorna do Pazo de Xustiza, con espazo abondo para albergar todas as dependencias necesarias.

No Plan de Infraestruturas Xudiciais (PIX) da XG estaba previsto, para a súa execución entre 2014 e 2015, un orzamento de 4 millóns de euros para un novo edificio para esta Fiscalía autonómica. En reunión do día 02.06.2008 da Comisión Mixta Fiscalía-Xunta, a Administración autonómica apuntara varias posibles novas sedes (o edificio do antigo Goberno Militar ou o antigo Hospital de Cidade Xardín). No entanto, a Fiscalía autonómica consideraba entón mellor opción o edificio da Comandancia de Mariña da Coruña (que quedaría vacante o 15.07.2009). Como se relata na nosa Memoria relativa ao ano 2010, co apoio da FXE, a Fiscalía galega

realizou xestións para a cesión deste edificio polo Ministerio de Defensa, ao cal non accedeu por consideralo necesario para outros usos propios.

Polo tanto, seguimos á espera de conseguir un novo edificio para a Fiscalía autonómica, posiblemente cando o permitan as limitacións e prioridades orzamentarias. Actualmente, o referido PIX parece que ten outras prioridades, como as actuacións en marcha que a continuación se mencionan, nas cidades da Coruña, Pontevedra e Vigo.

Novos edificios para fiscalías de Galicia. Plan de infraestruturas da Xunta de Galicia

Recentemente (decembro de 2016), o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, AAPP e Xustiza da XG presentou o orzamento do seu departamento para o ano 2017, un de cuxos elementos claves é, precisamente, o Plan de Infraestruturas Xudiciais (PIX), posto en marcha xa en 2010 (Plan 2010-2015). O dito plan, cunha dotación de preto de 100 millóns de euros para 2017, baséase na colaboración entre administracións, xa que son os concellos os que poñen ao dispor da AX os terreos ou edificios e a propia Xunta encárgase de construír as infraestruturas. Tamén a última Comisión Mixta Fiscalía-Xunta, que tivo lugar recentemente, o día 31 do presente ano 2017, tratou do tema das infraestruturas e obras de mellora.

Polo que se refire ao PIX para 2017, contéplanse *tres actuacións destacadas, nas cidades da Coruña, Pontevedra e Vigo*, proxectos que ofrecen un indubidable salto cuantitativo e cualitativo, en canto ás necesidades de instalacións e equipamento, tanto a curto como a medio e longo prazo, dos órganos xudiciais e fiscais e outros servizos relacionados coa Administración de Xustiza.

A Coruña. Rehabilitación do edificio da antiga Real Fábrica de Tabacos. Esta actuación conta cun orzamento de máis de 16 millóns de euros e ten prevista a súa finalización para este ano 2017. A nova sede xudicial albergará a Fiscalía Provincial (incluída a Sección de Menores), xunto coa Audiencia Provincial e outros órganos xudiciais e servizos (Xulgados de Menores e de Vixilancia Penitenciaria, e as oficinas da Secretaría Provincial de Coordinación, a Xunta Electoral Provincial e a Mugeju). Recentemente, o día 31.03.2017, tivo lugar o acto de inauguración formal desta nova sede rehabilitada, coa asistencia da máis alta representación do CXPX, a FXE, a Xunta de Galicia, a Fiscalía de Galicia, o Concello da Coruña, entre outras autoridades.

Pontevedra. Construción do novo edificio da Parda. Cun orzamento de 19,5 millóns de euros, comunicárase co actual edificio por medio dunha pasarela cuberta, formando un único complexo xudicial. A súa entrada en funcionamento está prevista para antes do verán de 2018. Albergará un total de 14 unidades xudiciais non penais trasladadas (4 xulgados do social, 2 xulgados do mercantil, 3 do contencioso-administrativo e 5 de primeira instancia). O edificio actual quedará exclusivamente para a Fiscalía Provincial e os órganos xudiciais penais (xulgados de instrución, penais, vixilancia penitenciaria e menores). Ademais, o novo edificio ten capacidade para outras unidades xudiciais máis, para deixar cubertas as eventuais necesidades dos próximos 15 ou 20 anos.

Vigo. Rehabilitación do antigo Hospital Xeral como nova “Cidade da Xustiza”. Conta cun investimento de máis de 25 millóns de euros, albergará a Fiscalía de Área de Vigo, e prevese a súa finalizada para finais do ano 2019. O desenvolvemento desta iniciativa leva consigo o traslado dos dous edificios actuais situados na rúa Lalín, de onde se trasladarán 35 unidades xudiciais, pero hai espazo dispoñible para ata 21 unidades máis que se creen no futuro.

4.2. OUTROS MEDIOS MATERIAIS

As dependencias desta Fiscalía están dotadas pola Administración competente (XG) dos medios materiais xerais precisos: mobiliario axeitado para fiscais e persoal colaborador e equipamento idóneo (ordenadores, impresoras, fax, dispositivo multifunción —con funcións de impresora, fax e escáner—, encadernadora manual, destrutora de papel etc.). Todos os fiscais están provistos de ordenador e impresora, así como de servizo telemático de videoconferencia (aínda que non adoita usarse).

O pasado ano dotouse ao Fiscal Superior dun segundo monitor para o seu equipo informático, o mesmo que á súa secretaria persoal, para quen se solicitara á Administración autonómica a dotación dun completo equipo informático con impresora, así como un teléfono dixital de sobremesa. Segue pendente que, coa maior prontitude posible, a Administración autonómica provea os demais fiscais e o funcionariado (especialmente aos postos singularizados de coordinación e responsable ERC) de equipos informáticos mellorados e dotados con dobre monitor, co obxecto de que funcione axeitadamente o novo sistema de visor documental e todas as novidades que comporta o novo proxecto de “Fiscalía Dixital”, ao que logo nos referimos.

Precisamente, a última xuntanza da mencionada Comisión Mixta Fiscalía-Xunta (31.01.2017) abordou temas relacionados coas melloras de mobiliario, medios tecnolóxicos e persoal informático de apoio nas oficinas fiscais para a implantación dos mecanismos de modernización tecnolóxica.

SECCIÓN 5. MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA A XESTIÓN DA FISCALÍA

Consideracións xerais. Novo proxecto estatal “Fiscalía Dixital”

Actualmente, dando un paso máis no ámbito tecnolóxico-organizativo, estamos a evolucionar desde os anteriores plans de “Administración electrónica” (“e-Xustiza” e “e-Fiscalía”) aos máis actualizados e integrados de “Administración dixital” (Proxectos de “Xustiza Dixital” e “Fiscalía Dixital”). O propio dinamismo das TIC impón esa evolución constante, non só tecnolóxica en si, senón tamén organizativo-funcional: a denominada “transformación dixital”.

Os novos proxectos de “Xustiza Dixital” e “Fiscalía Dixital” son consecuencia do desenvolvemento, nos últimos anos, das *Axendas ou Plans de Administración Dixital para Europa e España (período 2015-2020)*, concibidos como instrumentos estratéxicos fundamentais para a transformación da Administración, mediante a modernización tecnolóxica e mellora da calidade dos servizos públicos a través das TIC. O mesmo pode dicirse para o ámbito propio de Galicia, coa súa actual *Axenda Dixital 2020*.

O marco normativo común estatal da Administración electrónica ou dixital en España está constituído actualmente pola nova Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), publicada no BOE do 02.10.2015, con entrada en vigor, salvo excepcións, ao ano da súa publicación (01.10.2016). Esta nova LPACAP de 2015 derogou a anterior Lei estatal da e-Administración, a Lei 11/2007.

Polo que se refire ao ámbito específico da e-Xustiza, o principal referente normativo constitúeo a LUTICAX, a Lei 18/2011, do 5 de xullo, norma básica especializada en materia de utilización das TIC na AX e, de forma equivalente, ao MF (disposición adicional 9ª). En canto á e-Fiscalía, segue aínda a ser fundamental o RD 93/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula o Sistema de Información do Ministerio Fiscal (RDSIMF), que creou unha “organización tecnolóxica TIC” ao servizo do MF, integrada por tres piares básicos: SIMF, RICEMF, CENICEM, completada posteriormente (en 2010) pola Rede de Responsables SIMF.

- SIMF: Sistema de Información do MF. Está integrado polos sistemas de xestión procesual (Fortuny, aplicación estatal, e outros autonómicos) e o sistema único centralizado de información e consulta da FXE (o actual SICC).
- RICEMF: Rede Integrada de Comunicacións Electrónicas do MF.
- CENICEM: Comisión Nacional de Informática e Comunicacións Electrónicas do MF
- Posteriormente, no ano 2010 foi creada a Rede de Responsables do SIMF (Rede SIMF), integrada por fiscais e funcionarios responsables, como elemento estrutural de impulso ao SMIF.

Nun traballo conxunto entre o MX e a FXE, dentro do plan global de “Xustiza Dixital”, desenvolveuse un plan ou actuación específico baixo o nome de “Fiscalía Dixital”, destinado á progresiva dixitalización do traballo nas fiscalías. A solución de Xustiza Dixital (e Fiscalía Dixital)

consiste na integración de cinco sistemas ou aplicacións: o sistema de xestión procesual (Minerva e Fortuny); a plataforma segura de información, Lexnet Justicia; a plataforma de firma electrónica, o visor de expedientes xudiciais Horus e o cargador de expedientes. En novembro do pasado ano 2016, tanto os fiscais como funcionariado de fiscalías, recibiron formación do curso “Xustiza Dixital - Fiscalía Dixital”.

A Administración autonómica galega está a colaborar neste novo proxecto estatal, a través da súa *Axenda Dixital de Galicia 2020* e, particularmente, cun dos seus instrumentos, o actual plan de sistemas TIC da AX en Galicia (Plan Senda 2020), conforme ás liñas marcadas na Lei estatal 18/2011 e na propia normativa TIC da CA.

Aplicación de xestión procesual Fortuny

As fiscalías territoriais de Galicia están actualmente a traballar coa versión 6.7.1 da aplicación Fortuny (implantada a partir do 17.06.2016). Actualmente, dentro do mencionado proxecto “Fiscalía Dixital”, estase a traballar na implantación das versións 7 e 8 desta aplicación, con participación do MX, a FXE e a Administración autonómica de Galicia.

Polo que se refire a Fortuny 8.0, incluírá a integración de Fortuny con Lexnet para a creación e envío de escritos iniciadores. De todos os xeitos, o máis inmediato será a implantación de Fortuny 7.0, que quizais se faga efectiva en Galicia dentro do primeiro semestre de 2017. O seu obxectivo é cubrir as necesidades derivadas de cambios lexislativos, cumprir as solicitudes de mellora da FGE, así como as adaptacións e evolución tecnolóxica para manter os sistemas aliñados coas infraestruturas do MX.

A nova versión 7.0 de Fortuny reducirá o número de aplicacións utilizadas no traballo diario das Fiscalías a só tres:

- Fortuny, onde se realizará a tramitación dos asuntos. Comunicarase con Lexnet e o Xestor Documental e integrarase no Portasinaturas.
- Portasinaturas, que lles permitirá aos fiscais asinar ditames elaborados desde Fortuny.
- Visor, que integrará a visualización de vídeos e permitirá visualizar a información do expediente xudicial e completar a carpeta.

As principais funcionalidades desta nova versión son:

- Incorporación da carpeta para o Fiscal.
- Integración Fortuny-Lexnet para a incorporación de notificación, para o tratamento de rexeitamentos nas notificacións e para o envío de ditames.
- Incorporación da firma para os ditames, ingresándose co portasinaturas.
- Poder producir directamente en Fortuny visados para sobresementos e recursos.

Especial referencia á reunión de Fiscais de Rede SIMF de Galicia

Tras a convocatoria correspondente, a reunión celebrouse o día 19.12.2016 na sede desta Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do Fiscal Superior e coa asistencia do fiscal coordinador autonómico na materia, don Carlos Varela García (Fiscal desta mesma Fiscalía), así como os catro fiscais delegados provinciais da rede SIMF: don Luis Vázquez Seco (Fiscalía Provincial —FP— da Coruña), don José Luis Álvarez García (FP Lugo), don Mario Brualla González (FP Ourense) e don Juan Carlos Aladro Fernández (FP Pontevedra).

Orde do día (asuntos tratados na reunión):

1. Implantación da aplicación Fortuny (versión 7) e necesidade de traballar na propia aplicación, sen unidades compartidas intermedias.
2. Revisión das unidades compartidas, que se encontran colapsadas.
3. Revisión do funcionamento do “cadro de mandos” do SICC (Sistema de Información, Control e Consulta do MF).
4. Criterios de uso do Xestor Documental, tanto para a actualidade coma para o futuro.
5. Peticións de introdución dalgúns parámetros de busca adicionais no Visor.
6. Posibilidade de utilización dun dobre sistema de sinatura electrónica (Portasinaturas da Xunta de Galicia, para asuntos gubernativos; e para os asuntos xudiciais Portasinaturas do MX relacionado co Visor).
7. Peticións de formación con ferramentas concretas.
8. Definición de roles das persoas funcionarias nas ferramentas do Visor.
9. Información sobre a instalación de dobre pantalla aos fiscais.
10. Rolda de intervencións.

SECCIÓN 6. INSTRUCIÓNS XERAIS E CONSULTAS

Nesta sección faise referencia ás instrucións emitidas pola Fiscalía da CA de Galicia ás Fiscalías Provinciais do seu territorio. Segundo a normativa vixente, os Fiscais Superiores, en canto superiores xerárquicos dos Fiscais Xefes provinciais do seu territorio, poderán ditarlles aos referidos xefes provinciais ordes e instrucións, xerais ou específicas, convenientes ao servizo e ao exercicio das funcións encomendadas (art. 25 do EOMF e concordantes).

Polo que se refire ao ano 2016, o Fiscal Superior ditou tres destas instrucións xerais, que seguidamente se indican.

Instrución núm. 1/2016, do día 13 de xaneiro, sobre os excesos de velocidade punible cometidos por vehículos oficiais e análogos. Nela expóñense as normas ás que se deberán axustar nas súas actuacións as Policias Locais e a Garda Civil de Tráfico nos supostos obxecto da propia instrución. Para tal fin, faise distinción entre dous tipos de vehículos: 1) vehículos de emerxencia, xa sexan policiais, de extinción de incendios, de protección civil e salvamento ou de asistencia sanitaria pública ou privada; e 2) vehículos oficiais (con matrícula reservada ou sen ela) e vehículos do corpo diplomático.

Instrución núm. 2/2016, do 21 de xullo, sobre as actuacións en materia de incendios forestais.

A referida instrución ten a súa razón de ser en que para esta Fiscalía da CA de Galicia é “unha prioridade inexorable abordar, resaltar e poñer ao día unha ordenada actuación ante a chegada do verán e a realidade dos incendios forestais que asolan de xeito case endémico a xeografía galega”. En prol de conseguir unha maior eficacia na actuación dos fiscais nesta materia, tanto no plano preventivo coma no represivo, a instrución realiza unha serie de consideracións e remata coas seguintes conclusións:

Primeira. En todas as fiscalías provinciais, o Fiscal Delegado de Medio Ambiente é o Fiscal encargado especificamente de coordinar a actuación do Ministerio Público en relación cos incendios forestais, de canalizar a comunicación cos órganos administrativos e as unidades policiais competentes e de centralizar a información policial e xudicial sobre esta específica materia, no seu ámbito provincial.

Segunda. Os señores/-as fiscais procurarán que as investigacións policiais e xudiciais se executen de xeito exhaustivo, vixiando especialmente a reunión e preparación axeitada do material probatorio para o acto do xuízo oral. Procurarán a asistencia ou promoverán eles mesmos as comparecencias para decidir a posibilidade de decretar a prisión cautelar.

Concretamente, en materia probatoria:

- Declaración de testemuñas.

Cabe solicitar a declaración das testemuñas no xulgado de garda e de xeito anticipado

á declaración do imputado. A intención será sempre situar de xeito claro a cada un dos intervenientes, testemuñas e detido en relación co suceso, e corroborar toda a proba periférica.

A intermediación é necesaria cando se trata de describir, por exemplo, a actitude do detido ao ser descuberto e o que fai antes e despois de ser sorprendido.

- Sensibilizar aos corpos policiais sobre a posibilidade de aplicar a Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais, que está plenamente vixente; abondará con argumentar a natureza da acción delituosa investigada para fundamentar o risco que a lei prevé.

- Solicitar, para os supostos en que de xeito cautelar se adopte a medida de prisión para os imputados, a continuación da investigación policial, pois a sensibilidade cidadá é máis acentuada tras acontecer o feito, e nalgunhas ocasións coñecer a situación persoal do suposto autor resulta propicio para solicitar testemuños (se as testemuñas saben que o imputado non está en liberdade).

- Declaración do imputado:

Asegurarse da posibilidade dunha avaliación forense, ante o alto índice de internamentos derivados dos delitos de incendios, e a necesidade de establecer con todos os datos dispoñibles un sucinto diagnóstico de perigosidade para valorar a oportunidade de solicitar a prisión provisional.

Indagar sobre a súa forma de vida, relacións familiares e alteracións da conduta, na busca dos datos antes citados sobre a perigosidade do suxeito e por ende a posibilidade de reiteración delituosa.

No interrogatorio do imputado, afondar naqueles datos periféricos dos que informaron as testemuñas para encontrar contradicións neles, sobre todo no traxecto e localización das testemuñas ou de terceiros intervenientes.

- Sobre o feito ilícito:

É preciso solicitar que no atestado veñan relacionados todos os lumes que se lle imputan, aínda que só un deles en concreto sexa a causa da súa detención.

A petición da medida de prisión cautelar débese facer en función da perigosidade demostrada, e por iso hai que relacionar, se houber indicios, varios feitos. Os señores fiscais deberán solicitar no atestado a maior concreción posible no feito, pois en situacións críticas os lumes solápanse e enmascáranse; por este motivo debe solicitarse a data do incendio, con referencias ao parametrizado, a extensión, medios de extinción e duración, e desde logo a proximidade a persoas, áreas habitadas, vehículos, material combustible ou inflamable e risco xerado, así como a natureza do incendiado (foresta, monte raso, etc.), e todo iso coa maior provisión de material gráfico posible, incluídas as fotos aéreas ou por satélite para delimitar a área do incendio, e cualificar a superficie afectada ou susceptible de selo. Se o atestado non for completo, en caso de ser necesaria a súa ampliación nada impide a solicitude ao xulgado destas dilixencias complementarias antes de decidir sobre a situación persoal.

Terceira. Na solicitude de adopción das medidas cautelares que foren procedentes, co máximo celo os señores e señoras fiscais valorarán xunto aos elementos definatorios do carácter intencional da conduta ou, de ser o caso, da entidade da imprudencia cometida, a especial gravidade do resultado producido e do risco ocasionado.

Cuarta. As recentes reformas legislativas, concretamente a introducida pola LO 1/2015, do 30 de marzo, que modifica a LO 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal vixente desde o 1 de xullo de 2015, agrava as penas que se impondrán nos supostos de incendios forestais e elimina o xurado como tramitación procesual para o seu axuizamento. Iso deberá ser tido en conta polos señores e señoras fiscais no momento da posible solicitude de medidas cautelares e na recompilación de probas necesarias para o axuizamento no momento inmediato á comisión dos feitos».

Instrución núm. 3/2016, do día 29 de decembro, relativa ás actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado sobre a protección e tutela das vítimas no proceso penal. Dítase co fin de adecuar a actuación dos fiscais e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado á nova normativa introducida pola entrada en vigor da Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito, e do Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve a citada lei e se regulan as Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito.

SECCIÓN 7. EXPOSICIÓN XERAL DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS

7.1. RESUMO DO CADRO ORGÁNICO DE FISCAIS EN 2016 EN GALICIAç

Exposición de datos

CADRO DO MINISTERIO FISCAL EN GALICIA - ANO 2016 CIFRA TOTAL E DISTRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS (CONFORME O RD 62/2015)				
CATEGORÍA	2016	2015	VARIACIÓN INTERANUAL (VI)	OBSERVACIÓNS
2ª CATEGORÍA (FISCAL)	100	100	0 (0%)	
3ª CATEGORÍA (AVOGADO FISCAL)	46	46	0	-5,90% DO TOTAL ESTATAL
TOTAL EQUIPO (TODAS AS CATEGORÍAS)	146	146	0 (0%)	-5,37 FISCAIS/100.000 HABITANTES -1 FISCAL/18.620,03 HABITANTES

Análise de datos

Cifra total e categorías de fiscais en Galicia

Desde o ano 2010 (RD 1735/2010) o cadro orgánico do MF non experimentara aumento; ata que polo xa citado RD 62/2015 do 6 de febreiro (BOE do 23.02.2015) se realizou a, ata agora, última ampliación, de 66 prazas, co que se alcanzou a cifra estatal de 2.473 fiscais. Isto supuxo a creación en 2015 dunha nova praza de fiscal para Galicia, de 2ª categoría, para a Fiscalía de Área de Vigo, dependente da Fiscalía Provincial de Pontevedra (art. 3.1.I). Pero a partir de entón non se produciron máis ampliacións de persoal, aínda que se recorren a puntuais substitucións externas e reforzos de equipo, en casos xustificadas, conforme a normativa vixente para o efecto.

Polo tanto, o cadro orgánico do Ministerio Público en Galicia durante o ano 2016 segue con 146 prazas, sen variación interanual, e unha porcentaxe de só 5,90% na referida cifra estatal. Non obstante, elévase a 6,32% se tomamos como referencia a cifra total do cadro de fiscais que, con exclusión dos órganos centrais da institución, teñen o seu destino na fiscalías territoriais (2.309).

A CA de Galicia conta cunha poboación de 2.718.525 habitantes (censo do padrón de habitantes) a data do 01.01.2016, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), distribuídos nun total de 4 provincias e 313 municipios. Ten unha ratio de 5,37 fiscais por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1 fiscal por cada 18.620,03 habitantes, superior á ratio do conxunto de España, que —cunha poboación de 46.557.008 e 2.473 fiscais— é de 5,31 fiscais/100.000 habitantes (equivalente a 1 fiscal/18.826,12 habitantes). A cifra do cadro orgánico de fiscais

en Galicia é inferior á correlativa de xuíces e maxistrados, que é de 371 (a día 01.01.2015, segundo o informe *La Justicia dato a dato. Año 2015*, do CXPX), cunha ratio de 13,65 por cada 100.000 habitantes, equivalente a 1/7.327,56 habitantes).

Á parte da cifra de 146 fiscais integrantes do equipo orgánico do MF en Galicia, durante o ano 2016 tamén prestaron servizo un total de 18 avogados fiscais substitutos (substitucións externas previstas no RD 634/2014, do 25 de xullo, á marxe das substitucións profesionais entre os fiscais de carreira). De acordo cos datos e información contidos nas respectivas memorias anuais das fiscalías provinciais de Galicia esa cifra de 18 fiscais substitutos distribúese da seguinte forma:

- Fiscalía Provincial da Coruña: 8 (1 é por reforzo).
- Lugo: 5 fiscais substitutos (2 son fiscais de reforzo)
- Ourense: 1
- Pontevedra: 4

Distribución da cifra total por categorías. A distribución do equipo orgánico é a seguinte: 100 prazas de 2ª categoría (fiscal) e 46 prazas de 3ª categoría (avogado fiscal).

Distribución do equipo fiscal por postos de dirección ou coordinación-decanato (independentemente da categoría). É a seguinte, conforme o disposto no mencionado RD 62/2015 (texto articulado e anexo):

- 1 Fiscal Superior de CA (máximo responsable da Fiscalía autonómica);
- 1 Tenente Fiscal de Fiscalía da CA;
- 4 Fiscais-Xefes de Fiscalías Provinciais (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra);
- 4 Tenentes Fiscais de Fiscalías Provinciais;
- 3 Fiscais-Xefes de Área (nas Fiscalías de Área de Santiago, Ferrol e Vigo);
- 34 Fiscais Coordinadores; e
- 8 Fiscais Decanos.

7.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO CADRO DE FISCAIS EN 2016

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (FISCALÍA SUPERIOR)

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL SUPERIOR	1	2		As catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia
TENENTE FISCAL	1	2		
FISCAIS	2	2		
TOTAL	4			

FISCALÍA PROVINCIAL DA CORUÑA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais de Arzúa, A Coruña, Betanzos, Carballo, Corcubión e Ordes (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2	2		
FISCAIS	26	2		13	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	33		2	13	

FISCALÍA DE ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Muros, Negreira, Noia, Padrón e Ribeira (RD 2123/2008)
FISCAIS	8	2		4	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			4	

FISCALÍA DE ÁREA DE FERROL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira (RD 2123/2008)
FISCAIS	3	2		1	
AVOGADOS FISCAIS	3	3			
TOTAL	7			1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE LUGO					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Fonsagrada, Becerreá e Lugo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	4	2			
AVOGADOS FISCAIS	4	3			
TOTAL	10				

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONDOÑEDO					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	2	2	1	1	Partidos xudiciais de Mondoñedo, Vilalba e Viveiro (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	4		1	1	

SECCIÓN TERRITORIAL DE MONFORTE DE LEMOS					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Chantada, Monforte de Lemos e Sarria (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	3		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Pobra de Trives, Celanova, Ourense, O Carballiño, O Barco de Valdeorras e Ribadavia (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	7	2		2	
AVOGADOS FISCAIS	5	3			
TOTAL	14			2	

SECCIÓN TERRITORIAL DE VERÍN					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	1	2	1	1	Partidos xudiciais de Bande, Verín e Xinzo de Limia (RD 2123/2008)
AVOGADOS-FISCAIS	1	3			
TOTAL	2		1	1	

FISCALÍA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE	1	2			Partidos xudiciais da Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Pontevedra e Cangas do Morrazo (RD 2123/2008)
TENENTE FISCAL	1	2			
FISCAIS	13	2	1	5	
AVOGADOS-FISCAIS	7	3			
TOTAL	22		1	5	

FISCALÍA DE ÁREA DE VIGO					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAL XEFE DE ÁREA	1	2			Partidos xudiciais do Porriño, Ponteareas, Redondela, Tui e Vigo (RD 2123/2008)
FISCAIS	16	2	1	5	
AVOGADOS FISCAIS	10	3			
TOTAL	27		1	5	

SECCIÓN TERRITORIAL DE CAMBADOS					
DENOMINACIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN	CATEGORÍA	DECANOS	COORDINADORES	ÁMBITO TERRITORIAL
FISCAIS	4	2	1	1	Partidos xudiciais de Cambados e Vilagarcía de Arousa (RD 2123/2008)
AVOGADOS FISCAIS	2	3			
TOTAL	6		1	1	





CAPÍTULO 2

ACTIVIDADE DAS FISCALÍAS TERRITORIAIS

SECCIÓN 1. ÁREA DE PENAL

1.0. INTRODUCCIÓN

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

SECCIÓN 2. ÁREA DE CIVIL

SECCIÓN 3. ÁREA DE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

SECCIÓN 4. ÁREA DE SOCIAL

SECCIÓN 5. OUTRAS ÁREAS ESPECIALIZADAS

SECCIÓN 6. OUTROS TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE

INDICACIÓN PREVIA

A actividade do Fiscal Superior de Galicia como xefe e representante do MF na nosa Comunidade Autónoma xa foi obxecto de tratamento na sección 3.5 do anterior capítulo I, ao que nos remitimos.

SECCIÓN 1. ÁREA PENAL

1.0. INTRODUCCIÓN

1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

1.0. INTRODUCCIÓN: REFORMAS LEGAIS E CAMBIO DE TENDENCIA NA DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS E DOS DELITOS ASOCIADOS

Referencia ás reformas legais e a súa incidencia

Indubidablemente o ano 2015 foi moi intenso en reformas legais. Son de destacar as introducidas na orde penal —nos ámbitos substantivo e procesual—, como sucedáneo da ansiada nova lei de axuízamento criminal ou código procesual penal.

Interézanos aquí mencionar só as que cremos que, como demostran os datos estatísticos, supuxeron un cambio de tendencia na xestión do sistema penal e, polo tanto, na dinámica dos procedementos penais e dos delitos a eles asociados:

- *Lei 41/2015*, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais (BOE do 06.10.2015, con entrada en vigor aos dous meses da súa publicación).
- *Lei Orgánica 1/2015*, do 30 de marzo, pola que se modifica o 10/1995, do 23 de novembro, do CP (BOE 31.03.2015, con entrada en vigor o 01.07.2015).

A Lei 41/2015, entre outras cuestións, supuxo o establecemento de medidas de axilización da xustiza penal co fin de evitar dilacións indebidas. Entre elas, para os efectos que agora nos interesan, son de salientar estas tres: a) a supresión, por regra xeral, da obrigada remisión aos órganos xudiciais e fiscalías dos atestados policiais sen autor coñecido (art. 284); b) a fixación de prazos máximos na instrución (art. 324); e c) o proceso por aceptación de decreto, no ámbito das dilixencias urxentes de xuízo rápido (arts. do 803 bis.a ao bis.j).

Pola súa banda, a LO 1/2015, en coherencia co principio de intervención mínima penal, levou consigo a supresión das faltas (antigo libro III do CP) e a súa conseguinte despenalización ou derivación ao ámbito civil ou administrativo; e, correlativamente, a introdución da nova categoría dos delitos leves, cun novo procedemento específico para o seu axuízamento (libro VI da LACrim).

Dinámica dos procedementos penais

A estatística dos procedementos penais mostra cambios de tendencia e axilización, como efecto da plena aplicación ao longo do ano 2016 das reformas mencionadas. Así o demostran as seguintes consideracións:

1ª) Segundo se reflectía na memoria do pasado ano, **no 2015** aínda seguía notándose unha notable ineficiencia na xestión do sistema penal, na medida en que avultadas cifras de asuntos ingresados ou incoados por delito (sobre todo pola vía das DP nos Xulgados de Instrución) eran logo obxecto de case inmediata **finalización anticipada (FA)** na mesma fase inicial de instrución, por acumulación/inhibición (A/I) ou por arquivamento/sobresemento (A/S). Estes asuntos, que foran 154.880 nese ano —o **71,80% dos tramitados**— supoñían un ineficiente consumo de recursos, sen chegar á fase de xuízo oral e poder ser obxecto de cualificación fiscal e de sentenza.

2ª) **Aínda que xa a finais de 2015 se mostraban signos de cambio, pode afirmarse que no ano 2016 se fixeron notar os efectos da axilización procesual polas reformas legais referidas:**

- **Fortes descenso nas cifras totais de procedementos tramitados e incoados (máis dun cuarto e máis dun terzo, respectivamente).** A cifra total de procedementos tramitados (suma de incoados, pendentes do ano anterior e reabertos) situouse en 158.695, cun elevado descenso interanual de -57.006, equivalente a máis dun cuarto (-**26,43%**), que sería superior (-32,78%) se non computásemos os novos xuízos por delito leve (XDL). Pola súa banda, a cifra total de procedementos incoados ou ingresados no ano foi de 126.447, cun elevado descenso de -56.739, equivalente a case un terzo (30,97%), que sería superior (-38,78%) se non contabilizásemos os XDL.

Dada a súa condición de auténtico «filtro preliminar», é o **procedemento de DP** o que concentra o maior descenso, en termos absolutos e relativos, con 115.797 incoacións e unha gran diminución de -68.254, equivalente a máis dun terzo (-**37,08%**).

- **Elevado e correlativo descenso nas cifras totais de finalización anticipada (FA) por acumulación/inhibición (A/I) e arquivamento/sobresemento (A/S).** Destes tramitados en 2016, foron rematados por FA un total de 88.453, cun elevado descenso interanual de -67.427 (-**42,89%**) e unha porcentaxe de **55,74%** en relación coa cifra total de tramitados, lonxe do 71,80% do ano pasado. Polo tanto, produciuse un gran descenso en termos absolutos e relativos nesta forma de terminación. En particular, as finalizacións por A/I tiveron un descenso de máis dun terzo (-38,21%), pero máis aínda **as producidas por SP**, con cerca da metade (-50,85% en DP).


-**Elevado aumento dos novos xuízos por delitos leves (XDL), absorbendo só parte dos antigos xuízos de faltas (XF).** Incoáronse en 2016 un total de 20.240

XDL, cun elevado aumento interanual de 10.546 (108,79%), cun 12,75% na cantidade de procedementos tramitados. A introdución deste novo tipo procedemental supuxo a eliminación do sistema penal dun gran número de infraccións menores ou faltas (cerca de 50.000 en 2014) e a correlativa irrupción dun número máis reducido de XDL (sobre un 40% dos antigos XF).

- Como consecuencia dos cambios descritos, produciuse, correlativamente, unha liberación de recursos que permitiu aumentar a actividade e eficiencia dos órganos xudiciais e das fiscalías. Polo que se refire aos primeiros, produciuse un aumento das **sentenzas** ditadas, en máis dun cuarto (28,56%). En canto ás fiscalías, aumentaron as **cualificacións** un 9,66% (fronte ao descenso de -8,28% de 2015).

Polo tanto, pode facerse agora a seguinte **síntese gráfica da dinámica dos procedementos penais en 2016**:

DINÁMICA DOS PROCEDEMENTOS PENAIS EN GALICIA EN 2016



Dinámica dos delitos

A estatística de delitos asociados aos procedementos, de forma paralela a eles, tamén reflicte cambios de tendencia e axilización, como demostran as seguintes consideracións:

1ª) Segundo a memoria do pasado ano, en 2015 observábase unha enorme cantidade de delitos incoados que logo desaparecían na fase de cualificación (volatilización ou evaporación de delitos). Esa cifra total era de 157.665 delitos, o 92,33% dos incoados (170.767). Este fenómeno producíase, sobre todo, no grupo de delitos de lesións e, especialmente, no de

delitos patrimoniais, cunha *evaporación* de 72.123, equivalente a un elevado 96,76% dos delitos incoados no grupo, así como a un avultado 42,23% do total de delitos incoados ese ano (170.767).

Esta *volatilización* de delitos entre a incoación e a cualificación fiscal era un feito demostrado todos os anos, sobre todo na vía dos procedementos de DP e en relación co grupo dos delitos patrimoniais, especialmente no subgrupo de delitos de roubo ou furto nas súas distintas modalidades (subtraccións, violentas ou non violentas). En moitos destes casos, a partir dun atestado sen autor coñecido incoábase un procedemento sen percorrido que, de maneira case inmediata, remataba anticipadamente por sobresemento provisional (SP) e conseguinte arquivamento, tras o «visto» do MF. Eran necesarias medidas, como dicíamos en memorias de anos pasados, que acabasen con ese auténtico «colo de botella» na entrada do sistema penal, mediante solucións racionais e prácticas tendentes a mellorar a axilidade e eficiencia do sistema e correlativamente liberar recursos para atender asuntos de maior transcendencia. Finalmente, segundo se expuxo, a situación xa foi abordada pola mencionada reforma operada pola Lei 41/2015.

2ª) En 2016 fixéronse notar os efectos da axilización procesual polas reformas legais mencionadas:


- **Marcado descenso na cifra total de delitos incoados, especialmente no grupo de delitos patrimoniais.** Esa cifra foi de 106.327, cun descenso interanual de -64.440, equivalente a **-1/3 (-37,74%)**. O descenso foi especialmente intenso no grupo de **delitos patrimoniais**, que rexistraron unha cifra de 21.822, cun descenso de -52.713 (**-70,72%**).

- **Apreciable aumento na cantidade total de delitos cualificados e elevado descenso da volatilización de delitos incoados.** Foron un total de 15.750, cun aumento de 2.648, equivalente a unha quinta parte (**20,21%**). Entre o descenso dos incoados e este aumento dos cualificados, rexistrouse un marcado descenso na volatilización de delitos, ao situarse en 90.577- equivalente ao 85,19% dos incoados-, cunha diminución de -67.088 (**-42,55%**). O descenso foi especialmente intenso, tamén, no grupo de **delitos patrimoniais**, pois de 72.123 delitos volatilizados en 2015 pasouse a 18.388, cunha diferenza de -53.735, equivalente a case tres cuartos (-74,50%); cifra que parece ter relación co xa mencionado descenso de procedementos incoados (-56.739, equivalente a 30,97%). O elevado descenso dos delitos incoados é paralelo ao dos procedementos e parece deberse fundamentalmente a que xa non entran no sistema atestados policiais sen autor coñecido, sobre todo en delitos patrimoniais (especialmente roubos e furtos).


- **Leve aumento da cantidade total de delitos sentenciados.** A cantidade foi de 13.741, cun incremento de 266 (**1,97%**), cifra que sería de 16.835 se houbo datos dos correspondentes ao novo XDL, caso en que o aumento sería de 24,93%.

Polo tanto, pódese facer agora a seguinte **síntese gráfica da dinámica dos procedementos penais en 2016:**

DINÁMICA DOS DELITOS EN GALICIA EN 2016



“VOLATILIZACIÓN” DE DELITOS EN GALICIA. 2015 E 2016



1.1. EVOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS

1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES

1.1.6. XUÍZOS

1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E AS AUDIENCIAS PROVINCIAIS

1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN


1.1.1. EXAME XERAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS

Baséase este exame nas estatísticas e memorias das fiscalías provinciais de Galicia. Noutro apartado faise referencia aos datos de procedementos penais correspondentes ao ámbito da Fiscalía da CA de Galicia.

1.1.1.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2008-2016 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	TRAMITADOS (PENDENTES, INCOADOS E REABERTOS)	REMATADOS (POR SENTENZA, FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN)	PENDENTES (A FINAL DE ANO)
2008	301.098	223.495	77.603
2009	331.838	263.244	68.594
2010	307.287	254.078	53.209
2011	310.011	251.779	58.232
2012	264.407	213.028	51.379
2013	247.655	201.887	45.768
2014	224.585	193.215	31.370
2015	215.701	188.407	27.294
2016	158.695	123.529	35.166
VARIACIÓN INTERANUAL (VI)	-57.006 (-26,43%)	-64.878 (-34,43%)	
PORCENTAXE DA CIFRA DE TRAMITADOS	100%	77,84%	22,16%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	262.364	212.518	49.846
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	100%	81,00%	19,00%


PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO)
RESUMO XERAL - GALICIA 2016



ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) ANÁLISE PERÍODO ANOS 2008-2016 - DATOS TOTAIS DE GALICIA				
ANO	TRAMITADOS (SUMA DE PENDENTES A INICIO DO ANO, INCOADOS E REABERTOS)			CUALIFICADOS POLO FISCAL
	INCOADOS	RESTO TRAMITADOS	TOTAL TRAMITADOS	
2008	249.770	51.328	301.098	14.263
2009	283.964	47.874	331.838	13.352
2010	255.863	51.424	307.287	13.762
2011	250.052	59.959	310.011	15.211
2012	205.547	58.860	264.407	14.383
2013	193.356	54.299	247.655	14.581
2014	179.597	44.988	224.585	13.842
2015	183.186	32.515	215.701	12.696
2016	126.447	32.248	158.695	13.923
VARIACIÓN INTERANUAL	-56.739 (-30,97%)	-267 (-0,82%)	-57.006 (-26,43%)	1.227 (9,66%)
% DA CIFRA DE TRAMITADOS	79,68	20,32	100%	10,05%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	214.198	48.166	262.364	14.001
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008- 2016	81,64%	18,36%	100%	5,34%

Continúa na páxina seguinte

EVOLUCIÓN PROCEDIMIENTOS PENALES (POR DELITO) TRAMITADOS E INCOADOS - GALICIA PERÍODO 2008 - 2016



REMATADOS (POR SENTENZA OU POR OUTRA RESOLUCIÓN DEFINITIVA)			PENDENTES (PENDENTES DE TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN A FIN DE AÑO)	ANO
FINALIZACIÓN OU TRANSFORMACIÓN	SENTENZA	TOTAL REMATADOS		
209.951	13.544	223.495	77.603	2008
249.210	14.034	263.244	68.594	2009
240.505	13.573	254.078	53.209	2010
236.568	15.065	251.779	58.232	2011
198.723	14.305	213.028	51.379	2012
188.188	13.699	201.887	45.768	2013
179.418	13.797	193.215	31.370	2014
171.182	15.646	186.828	28.873	2015
103.414	20.115	123.529	35.166	2016
-67.768 (-39,59%)	4.469 (28,56%)	-64.878 (-34,43%)		VARIACIÓN INTERANUAL
64,43%	12,67%	77,84%	22,16%	% DA CIFRA DE TRAMITADOS
197.332	14.864	212.518	49.846	CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016
92,12%	5,66%	81,00%	19,00%	% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016

Vén da páxina anterior

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (TOTAL TRAMITADOS E INCOADOS) RESUMO ANOS 2008-2016 - DATOS PARTICULARES POR TIPO DE PROCEDEMENTO								
ANO	DP		DU		XDL		PA	
	TRA	INCO	TRA	INCO	TRA	INCO	TRA	INCO
2008	276.409	230.104	10.497	10.497	--	--	13.927	9.013
2009	308.845	265.941	10.176	10.176	--	--	12.564	7.702
2010	282.952	237.491	9.118	9.118	--	--	14.994	9.136
2011	280.914	228.983	11.137	11.137	--	--	17.734	9.809
2012	236.791	186.294	9.861	9.861	--	--	17.514	9.279
2013	219.974	174.562	9.101	9.101	--	--	18.351	9.560
2014	199.974	162.028	8.401	8.401	--	--	15.999	9.074
2015	184.051	157.452	7.817	7.817	9.730	9.694	13.901	8.129
2016	115.797	89.001	7.979	7.979	20.240	20.240	14.471	9.117
V.I.	-68.254 (-37,08%)	-68.451 (-43,47%)	162 (2,07%)	162 (2,07%)	10.510 (108,02%)	10.456 (108,79%)	570 (4,10%)	988 (12,15%)
% TOTAL TRAMITADOS/ INCOADOS	72,97%	70,39%	5,03%	6,31%	12,75%	16,01%	9,12%	7,21%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	233.967	192.428	9.343	9.343	14.985	14.967	15.495	8.980
% NA MEDIA ANUAL ANTERIOR	89,17	89,84%	3,56%	4,36%	5,71%	6,99%	5,90%	7,24%

Continúa na páxina seguinte

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO) RESUMO PERÍODO ANOS 2008-2016 - DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS						
V.I.	A CORUÑA		LUGO		OURENSE	
	TRAMITADOS	INCOADOS	TRAMITADOS	INCOADOS	TRAMITADOS	INCOADOS
2008	122.247	103.692	31.871	25.480	28.295	24.031
2009	121.678	102.495	33.556	24.621	29.110	25.086
2010	120.256	100.177	31.253	23.501	32.429	27.445
2011	126.468	106.117	31.108	21.509	29.294	23.983
2012	92.050	72.044	28.467	17.837	27.633	23.653
2013	79.105	62.716	30.743	19.876	28.832	25.287
2014	72.644	59.963	27.668	18.320	25.352	21.162
2015	68.301	59.449	26.349	19.248	24.146	20.511
2016	60.085	45.646	19.937	14.902	16.513	13.312
V.I.	-8.216 (-12,03%)	-13.803 (-23,22%)	-6.412 (-24,33%)	-4.346 (-22,58%)	-7.633 (-36,11%)	-7.199 (-35,10%)
% TOTAL TRAMITADOS/ INCOADOS	37,82%	36,10%	12,56%	11,78%	10,41%	10,53%
CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	95.870	79.144	28.995	20.588	26.845	22.719
% DA CIFRA MEDIA ANUAL	36,54%	36,95%	11,05%	9,61%	10,23%	10,61%

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

SU		PX		TOTAL		ANO
TRA	INCO	TRA	INCO	TRA	INCO	
219	110	46	46	301.098	249.770	2008
203	95	50	50	331.838	283.964	2009
193	88	30	30	307.287	255.863	2010
197	94	29	29	310.011	250.052	2011
213	85	28	28	264.407	205.547	2012
188	92	41	41	247.655	193.356	2013
173	68	26	26	224.585	179.597	2014
177	69	25	25	215.701	183.186	2015
190	92	18	18	158.695	126.447	2016
13 (734%)	23 (33,33%)	-7 (-28%)	-7 (-28%)	-57.006 (-26,43%)	-56.739 (-30,97%)	V.I.
0,12%	0,07%	0,01%	0,01%	100%	100%	% TOTAL TRAMITADOS/ INCOADOS
195	88	34	34	262.364	214.198	CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016
0,07%	0,04%	0,01%	0,01%	100%	100%	% NA MEDIA ANUAL ANTERIOR

Vén da páxina anterior

PONTEVEDRA		GALICIA		
TRAMITADOS	INCOADOS	TRAMITADOS	INCOADOS	
118.685	96.567	301.098	249.770	2008
147.494	131.762	331.838	249.770	2009
123.349	104.740	307.287	255.863	2010
123.141	98.443	310.011	250.052	2011
116.257	92.013	264.407	205.547	2012
108.975	85.477	247.655	193.356	2013
98.921	80.152	224.585	179.597	2014
96.869	83.978	215.701	183.186	2015
62.160	52.587	158.695	126.447	2016
-34.709 (-35,83%)	-31.391 (-37,38%)	-57.006 (-26,43%)	-56.739 (-30,97%)	V.I.
39,17%	41,59%	100%	100%	% TOTAL TRAMITADOS/ INCOADOS
110.650	91.747	262.364	214.198	CIFRA MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016
42,17%	42,83%	100%	100%	% DA CIFRA MEDIA ANUAL

1.1.1.2. Análise de datos

1.1.1.2.1. Procedementos tramitados (conxunto de pendentes do ano anterior dos incoados e reabertos no ano)

Datos totais de procedementos tramitados

Datos totais de procedementos tramitados no período 2008-2016

Ao longo dese período obsérvase unha tendencia ao descenso, con algunhas oscilacións, que remata co acentuado de 2016 (-26,43%). A cifra media anual destes procedementos tramitados foi de 262.364. Entre o inicio e o final do ciclo apréciase un elevado descenso acumulado de -142.403, equivalente a case a metade (-47,29%).

Datos de procedementos tramitados en 2016

-Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal de 2016 consta a cantidade total de 158.695 procedementos tramitados (por delito) nas provincias de Galicia, cun elevado descenso interanual de -57.006 (-26,43%). Sen computar os novos xuízos por delitos leves (XDL), “sucesores” do antigo xuízo de faltas (XF), o descenso é lixeiramente maior, pois alcanzaría a cantidade total de 138.455, cun descenso de -67.516 (-32,78%).

Ademais desta cifra total das provincias galegas, hai que ter en conta os procedementos penais por delito tramitados no TSX de Galicia durante 2016, que foron 74 (deles, 47 foron procedementos penais contra aforados).

Valoración dos datos xerais

A razón do importante descenso deste ano encóntrase en que a partir do 06.12.2015 entrou en vigor a reforma procesual operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da LACrim para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais. A devandita norma está a supoñer unha efectiva axilización do proceso penal, ao dispoñer (novo art. 284 da LACrim) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido queden arquivados nas dependencias policiais sen chegaren aos órganos xudiciais e fiscais e provocaren a actuación destes. O elevado descenso total dos procedementos tramitados parece explicar o correlativo e avultado descenso nos sobresementos provisionais (SP) en DP, equivalente a máis da metade (50,85%).

Datos particulares por tipo de procedementos tramitados

1. Dilixencias previas (DP): 115.797, cun elevado descenso interanual de -68.252, equivalente a máis de 1/3 (37,08%) e un 72,97% na cantidade total (158.695).
2. Xuízo por delitos leves (XDL): 20.240, cun grande incremento de 10.510 (108,02%) e un 12,75%.
3. Procedemento abreviado (PA): 14.471, cun leve aumento de 570 (4,10%) e un 9,12%.
4. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU): 7.979, cun lixeiro aumento de 162 (2,07%) e un 5,03%.
5. Procedemento ordinario (sumario): 190, cun leve incremento de 13 (7,34%) e unha exigua porcentaxe do 0,12%.
6. Procedemento do Tribunal do Xurado (PX): 18, cun descenso de -7 (-28%) e unha mínima porcentaxe do 0,01%.

Datos particulares por provincias de procedementos tramitados

- 1º. Pontevedra: 62.160, cun elevado descenso interanual de -34.709 (-35,83%) e unha porcentaxe do 39,17% no total (158.695).
- 2º. A Coruña: 60.085, cun apreciable descenso de -8.216 (-12,03%) e unha porcentaxe do 37,82%.
- 3º. Lugo: 19.937, cun apreciable descenso de -6.412 (-24,33%) e unha porcentaxe do 12,56%.
- 4º. Ourense: 16.513, cun descenso de -7.633 (-36,121%) e unha porcentaxe do 10,41%.

Datos particulares de procedementos tramitados

Procedementos pendentes a inicio de ano: 29.884 procedementos, cun descenso interanual de -314 (-1,04%) e un 18,83% no total de tramitados (158.695). Son 24.827 en DP e o resto nos demais procedementos.

Procedementos reabertos no ano: 2.364, cun descenso de -84 (-3,68%) e unha porcentaxe do 1,49%. Son 1.969 en DP e 395 en PA.

Procedementos incoados no ano: 126.447, cun elevado descenso interanual de -56.739, equivalente ao 30,97%, e un 79,68% na cantidade total de procedementos tramitados (158.695). Se descontamos a cifra de XDL (20.240), “sucesores” do extinto XF, a cifra de procedementos incoados no ano sitúase en 106.207, cun descenso interanual de -67.285 (-38,78%) respecto da cifra equivalente do ano anterior (173.492).

- Durante o período 2008-2016 a media anual de procedementos incoados é de 214.198. Entre o inicio e o final do ciclo apréciase un gran descenso acumulado de -123.323, equivalente a case a metade (-49,37%). Ademais desta cantidade total das provincias galegas, hai que ter en conta os procedementos penais por delito incoados no TSX de Galicia durante 2016, que foron 63 (deles os 38 procedementos penais contra aforados).

- *Distribución por tipo de procedemento da cifra total de procedementos incoados*

1. DP: 89.001, cun elevado descenso interanual de -4.576 (-43,47%) e un 72,97% no total (126.447).

2. XDL: 20.240, cun grande aumento de 10.456 (108,79%) e unha porcentaxe do 16,01%.

3. PA: 9.117, cun apreciable incremento de 988 (12,15%) e unha porcentaxe do 7,21%.

4. DU: 7.979, cun lixeiro aumento de 12 (2,07%)

5. SU: 92, cun aumento de 23 (33,33%) e un 0,07%.

6. PX: 18, cun descenso de -7 (-28%) e un 0,01%.

- *Distribución por provincias da cifra total de procedementos incoados*

1º. Pontevedra: 52.587, cun elevado descenso de -31.391 (-37,38%) e un 41,59% no total (126.447).

2º. A Coruña: 45.646, cun descenso de -13.803 (-23,22%) e unha porcentaxe do 36,10%.

3º. Lugo: 14.902, cun descenso de -4.346 (-22,58%) e unha porcentaxe do 11,78%.

4º. Ourense: 13.312, cun descenso de -7.199 (-35,10%) e unha porcentaxe do 10,53%.

1.1.1.2.2. Procedementos rematados (conxunto dos pendentes ano anterior e dos incoados e reabertos no ano)

**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA -
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS (POR DELITO)
PROCEDEMENTOS REMATADOS. - ANOS 2008-2016-
DATOS TOTAIS DE GALICIA**

ANO	REMATADOS POR FINALIZACIÓN ANTICIPADA		
	ACUMULACIÓN OU INHIBICIÓN	SOBRESEMENTO ARQUIVAMENTO	TOTAL FINALIZACIÓN
2008	69.522	120.688	190.210
2009	94.715	133.328	228.043
2010	80.499	136.887	217.386
2011	77.190	137.610	214.800
2012	52.114	123.906	176.020
2013	48.479	119.093	167.572
2014	45.712	114.147	159.859
2015	38.678	116.202	154.880
2016	23.899	64.554	88.453
V.I.	-14.779 (-38,21%)	-51.648 (-44,45%)	-66.427 (-42,89%)
% EN CIFRA DE REMATADOS	19,35%	52,26%	71,61%
CIFRAS MEDIAS ANUAIS	58.979	118.491	117.469

Continúa abaixo

REMATADOS POR TRANSFORMACIÓN NOUTRO PROCEDEMENTO				REMATADOS SENTENZA	TOTAL REMATADOS	ANO
POR DELITO	POR FALTA	SEN ESPECIFICAR	TOTAL TRANSFORMACIÓN			
7.754	11.910	77	19.741	13.544	223.495	2008
9.364	11.757	16	21.167	14.034	263.244	2009
11.505	11.596	18	23.119	13.573	254.078	2010
10.436	11.313	19	21.768	15.065	251.779	2011
12.492	10.093	118	22.703	14.305	213.028	2012
11.749	8.749	118	20.616	13.699	201.887	2013
11.235	8.033	291	19.559	13.797	193.215	2014
10.077	5.997	228	16.302	15.646	188.407	2015
			14.961	20.115	123.529	2016
			-1.341 (-8,22%)	4.469 (28,56%)	-64.878 (-34,43%)	V.I.
			12,11%	16,28%	100%	% EN CIFRA DE REMATADOS
			19.993	14.864	212.518	CIFRAS MEDIAS ANUAIS

Vén de arriba

Datos totais de procedementos rematados

- Segundo a estatística fiscal, no ano 2016 figura a cantidade total de 123.529 procedementos por delito rematados nas provincias de Galicia, cun elevado descenso interanual de -64.878 (-34,43%) e unha porcentaxe de máis de tres cuartas partes (77,84%) no total de procedementos tramitados nesa anualidade (158.695). Ademais, cómpre ter en conta os procedementos penais por delito rematados no TSX de Galicia, que foron 70 (deles, 43 procedementos penais contra aforados).

- En relación coa mencionada cifra total de procedementos rematados son destacables os seguintes datos xerais:

- Aínda que a cifra total de procedementos tramitados experimentou un gran descenso en 2016 (-26,43%), mantense a constante de que só unha pequena parte foron rematados por sentenza, concretamente 20.115, equivalente ao 12,67% (superior ao 7,99% de 2015).

- O resto dos procedementos tramitados remataron de dúas formas alternativas á sentenza: a) finalización anticipada (FA), concretamente 88.453 (o 55,74%, inferior ao 71,80% de ano anterior); ou b) por transformación (TF) noutro procedemento, concretamente 14.961 (o 9,43%).

- *Datos particulares das distintas formas de terminación procedemental (por sentenza e outras formas alternativas)*

Á parte das 20.115 sentenzas ditadas en 2016 —das que máis extensamente nos ocupamos logo—, examínanse agora os procedementos rematados de modo distinto a sentenza, que neste ano alcanzaron a cifra total de 103.414, cun gran descenso interanual de -67.768 (-39,59%) e unha porcentaxe de 83,72% na cantidade de rematados (122.357), así como de 65,16% na de tramitados (158.695). A maior parte desta forma de terminación alternativa (TA) corresponde ao procedemento de DP, con 100.336 (97,02% do total).

Dentro desas formas de TA, pódese distinguir entre finalización anticipada (FA) e terminación por transformación (TF) noutro procedemento.

- *Terminación por finalización anticipada, FA (acumulación/inhibición, sobresemento ou arquivamento)*

Consta un total de 88.453 procedementos así rematados, cun elevado descenso interanual de -66.427, equivalente ao -42,89% (moi superior ao -3,11% do ano anterior), así como unhas porcentaxes de 71,61% e 55,74%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte destas TA (o 97,49%) corresponden ao procedemento de DP, cun total de 86.238 (-43,51%), distribuído entre 23.613 acumulacións/inhibicións,

15.549 arquivos definitivos (AD) e 47.076 sobresementos provisionais (SP). Podemos distinguir dous grupos básicos de *finalización anticipada*:

- *Acumulacións/inhibicións (A/I)*: 23.899, cun elevado descenso interanual de -14.779 (-38,21%), cunhas porcentaxes do 19,35% e 15,06%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados.

- *Sobresementos/arquívamentos (S/A)*: 64.554, cun elevado descenso de -51.648 (-44,45%) e porcentaxes do 52,26% e 40,68%, respectivamente, nos totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 97,01%) destes S/A producíronse en DP (cifra total de 62.625, distribuída entre 15.549 AD e SP.

- *Terminación por transformación noutro procedemento (TF)*

Figuran 14.961 procedementos rematados desta forma, cun descenso interanual de -1.341 (-8,22%) e porcentaxes do 12,11% e 9,43%, respectivamente, nas cifras totais de procedementos rematados e tramitados. A maior parte (o 94,23%) destas TF, producíronse en DP, concretamente 14.098.

1.1.1.2.3. Procedementos pendentes a final de ano

Da estatística fiscal de 2016 resultan 35.166 procedementos pendentes a final do ano, é dicir, en trámite e sen rematar, cantidade obtida da operación [procedementos tramitados]-[procedementos terminados]= [procedementos pendentes]. A maior cifra desta pendencia (o 43,96%) concéntrase en DP, cunha cifra de 15.461.

1.1.1.2.4. Especial referencia á aplicación do art. 324 LACrim (control de prazo de instrución)

A estatística fiscal, por primeira vez, reflicte os seguintes datos sobre o particular:

- *Declaracións de complexidade*: 2.209, distribuídas entre 2.199 no ámbito de DP e 10 en SU.

- *Declaración de prazo máximo*: 590 en DP e 0 en SU.

En 2016, segundo información recente do CXPX, 62.922 procedementos penais foron obxecto de «declaración de complexidade». Respecto desa cifra estatal, os 2.209 de Galicia supoñen un modesto 3,51%.

1.1.2. EXAME ESPECIAL DOS PROCEDEMENTOS PENAIS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Trátase da actividade desenvolvida pola nosa Fiscalía en materia penal ante a Sala do Civil e do Penal do TSX de Galicia. Os datos referidos á intervención do MF proceden da estatística propia da Fiscalía; os demais, da estatística xudicial (Punto Neutro Xudicial, PNX).

Exposición de datos

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO XERAL DO MOVEMENTO DE ASUNTOS - ANO 2016			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	74	81	-7 (-8,64%)
PENDENTES A INICIO ANO	11	11	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	63	70	-7 (-10%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0%
REMATADOS NO ANO	70	69	1 (1,45%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	4	12	-8 (-66,67%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA DISTRIBUCIÓN SEGUNDO TIPOLOXÍA PROCEDEMENTAL - ANO 2016			
PROCEDEMENTOS PENAIS CONTRA PERSOAS AFORADAS			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	47	49	-2 (-4,08%)
PENDENTES A INICIO ANO	9	7	2 (28,57%)
INCOADOS NO ANO	38	42	-4 (-12,52%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	43	40	3 (7,50%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	4	9	-5 (-55,55%)
APELACIÓNS CONTRA SENTENZAS PROCEDEMENTO LEI XURADO (PX)			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	6	8	-2 (-25,00%)
PENDENTES A INICIO ANO	2	2	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	4	6	-2 (-33,33%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	6	6	0 (0%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	0	2	-2 (-100%)
APELACIÓNS ORDINARIAS (CONTRA OUTRAS SENTENZAS E AUTOS DE AUDIENCIAS PROVINCIAIS)			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	5	3	2 (40%)
PENDENTES A INICIO ANO	0	1	1- (-100%)
INCOADOS NO ANO	5	2	3 (150%)
REABERTOS NO ANO	0	0	0 (0%)
REMATADOS NO ANO	5	3	0 (0%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	0	0	2 (40%)

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior


CUESTIÓNS DE COMPETENCIA			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TRAMITADOS NO ANO	16	14	2 (14,28%)
PENDENTES A INICIO ANO	0	0	0 (0%)
INCOADOS NO ANO	16	14	2 (14,28%)
REMATADOS NO ANO	16	14	2 (14,28%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	0	0	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA PERSONAS AFORADAS EN CAUSAS PENAIS - ANO 2016			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TOTAL AFORADOS	29	30	-1 (-3,33%)
CARREIRA XUDICIAL	19	27	-2 (-7,41%)
CARREIRA FISCAL	6		
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	25	27	-2 (-7,41%)
GOBERNO AUTÓNOMO	3	1	2 (200%)
PARLAMENTO AUTONÓMICO	1	2	-1 (-50%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO E PARLAMENTO AUTONÓMICO E OUTROS	4	3	1 (33,33%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL - ANO 2016			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
INGRESADOS EN FISCALÍA	60	57	3 (5,26%)
DITAMES EMITIDOS	47	39	12 (30,77%)
XUÍZOS E VISTAS ASISTIDOS	6	7	-1 (14,29%)
RECURSOS CASACIÓN INTERPOSTOS POR FISCAL	0	0	0 (0%)

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS (SENTENZAS E AUTOS DEFINITIVOS) E RECURSOS DE CASACIÓN INTERPOSTOS -2016			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
SENTENZAS	7	6	1 (16,67%)
AUTOS DEFINITIVOS	63	63	0 (0%)
RECURSOS DE CASACIÓN CONTRA RESOLUCIÓNS DEFINITIVAS SALA TSX (ELEVADOS NO PERÍODO)	7	5	2 (40%)

PROCEDEMENTOS PENAIS- TSX GALICIA 2016



Análise de datos

Procedementos penais tramitados no TSX de Galicia

A información que segue foi elaborada a partir dos datos obtidos da estatística xudicial (PNX).

-Datos xerais

No ano 2016 tramitáronse un total de 74 procedementos penais no TSX de Galicia, cun lixeiro descenso interanual de -7 (-8,64%). A maior parte foron procedementos contra persoas aforadas, concretamente 47, que representan case dous terzos do total (63,51%). Esa cifra total distribúese entre: 11 pendentes a inicio de ano (o 14,86%); 63 incoados no ano (85,14%) e 0 reabertos.

Foron rematados 70 procedementos (a maior parte, mediante arquivamento, por non se formular a preceptiva querela), polo que quedaron só 4 pendentes a final de ano, concretamente 4 DP.

- Datos particulares segundo o tipo de procedemento

-Procedementos penais contra persoas aforadas

Constan 47 procedementos tramitados, cun descenso interanual de -2 (-4,08%), repartidos entre 9 pendentes a inicio de ano, 38 incoados no ano e 0 reabertos. Foron rematados no ano 43, polo que quedaron pendentes 4 (DP 37, 45, 49 e 50/2016).

- *Procedementos de apelación “especial” contra sentenzas ditadas no P. Xurado*
Tramitáronse un total de 6 no ano, cun descenso de -2 (-25%); distribuídos entre 2 pendentes do ano anterior, 4 incoados e 0 reabertos. Foron rematados os 6 tramitados, sen pendentes a final de ano.

- *Procedementos de apelación “ordinaria”*
Son as apelacións penais contra sentenzas e autos ditados pola Audiencia Provincial conforme os arts. 846 ter da LACrim e 846 bis.a da LACrim en relación co art. 36 da LOTC.

Consta a cifra total de 5 procedementos tramitados, todos incoados no propio ano 2016. Foron rematados todos, sen pendentes a final de ano.

- *Cuestións de competencia*
Tramitáronse 16 no ano, todas incoadas ao longo deste. Foron todas resoltas, sen pendentes a final de ano.

Procedementos penais ingresados en Fiscalía

TIPOS DE PROCEDEMENTOS PENAIS DO TSX DE GALICIA RESUMO DE INGRESADOS EN FISCALÍA - ANO 2016	
TOTAL PROCEDEMENTOS	60
PROCEDEMENTOS CONTRA PERSOAS AFORADAS	34
APELACIÓNS ESPECIAIS CONTRA SENTENZAS DITADAS POR AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. XURADO	4
APELACIÓNS ORDINARIAS CONTRA SENTENZAS E AUTOS DITADOS POR AUDIENCIA PROVINCIA	5
CUESTIÓNS DE COMPETENCIA	16
RECURSO DE QUEIXA	1

Intervención do MF: cualificacións e ditames; xuízos e vistas, recursos de casación

- *Cualificacións.* O mesmo que no ano anterior, non se formulou ningunha cualificación fiscal ante a Sala do TSX de Galicia (causas contra aforados).

- *Ditames.* Efectuáronse en 2016 un total de 47 ditames, cun aumento interanual de 8 (20,51%) e a seguinte distribución: 22 en procedementos penais por delito (contra aforados), 3 en recursos de apelación contra sentenzas ditadas no P. Xurado, 5 en recursos de apelación ordinaria, 16 en cuestións de competencia e 1 en recurso de queixa.

- *Xuízos e vistas*. Non se celebrou ningún xuízo nos procedementos competencia do TSX de Galicia (aforados), se ben houbo un total de 6 vistas de apelación contra sentenzas ditadas pola Audiencia Provincial no P. Xurado, cun descenso interanual de -1 (-14,28%).

- *Recursos de casación*. Non consta ningún interposto polo Fiscal en 2016. Pero si consta na estatística xudicial a cifra de 7 elevados durante o ano (contra sentenzas, interpostos polas partes), cun incremento interanual de 2 (40%).

Resolucións definitivas (sentenzas e autos)

Segundo a estatística xudicial (PNX) foron ditadas no ano 7 sentenzas, cun aumento interanual de 1 (16,67%); 6 en apelacións contra sentenzas do P. Xurado (1 acolledora e 5 desacolledoras) e 1 en apelación ordinaria (desacolledora). Tamén constan ditados 63 autos definitivos, sen variación interanual (24 que resolven sobre o fondo do asunto e 39 desistencias, desertos, sobreseementos e restantes finais).

1.1.3. EXAME PARTICULAR DOS DISTINTOS TIPOS DE PROCEDIMENTOS PENAIS

1.1.3.1. Dilixencias previas de procedemento abreviado (DP)

1.1.3.1.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DILIXENCIAS PREVIAS DE PROCEDIMENTO ABREVIADO DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA					
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VOLUME	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	11.372	3.824	2.158	7.473
	INCOADAS NO ANO	29.536	10.924	9.321	39.220
	“INGRESADAS” (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	26.919	10.407	8.857	38.448
	REABERTAS NO ANO	522	326	431	690
	TOTAL TRAMITADAS	41.430	15.074	11.910	47.383
FINALIZADAS	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	9.188	2.294	1.475	2.504
	POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN	5.458	3.078	2.578	12.499
	POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	3.551	1.460	639	9.899
	POR SOBRESEMENTO PROVISIONAL	17.380	6.324	5.575	17.797
	TOTAL FINALIZADAS	26.389	10.862	8.792	40.195
TRANSFORMADAS	EN XUÍZO DE FALTAS		-	-	-
	EN XUÍZO DELITO LEVE	1.568	572	529	1.120
	EN P. ABREVIADO	3.873	1.213	964	3.067
	EN SUMARIO	28	15	12	26
	EN TRIBUNAL XURADO	10	3	1	5
	EN D. URXENTES	374	115	137	466
	TOTAL TRANSFORMADAS	5.853	1.918	1.643	4.684
TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)		32.242	12.780	10.435	44.879
APLICACIÓN art. 324 LACRIM en D. PREVIAS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		1.393	355	143	308
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO		590	605	6	211

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
VOLUME			
PENDENTES A 1 DE XANEIRO	24.827	30.841	-6.014 (-19,50%)
INCOADAS NO ANO	89.001	157.452	-68.451 (-43,47%)
“INGRESADAS” (INCOADAS NO ANO CON ENTRADA EN FISCALÍA)	84.631	151.394	-66.763 (-44,01%)
REABERTAS NO ANO	1.969	2.030	-61 (-3,00%)
TOTAL TRAMITADAS	115.797	184.051	-68.254 (-37,08%)
PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	15.461	16.363	-902 (-5,51%)
FINALIZADAS			
POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN	23.613	38.389	-14.776(-38,49%)
POR ARQUIVAMENTO DEFINITIVO	15.549	18.493	-2.944 (-15,92%)
POR SOBRESEMENTO PROVISIONAL	47.076	95.771	-48.695(-50,85%)
TOTAL FINALIZADAS	86.238	152.653	-66.415 (-43,51%)
TRANSFORMADAS			
EN XUÍZO DE FALTAS	-	5.853	-5.853 (-100%)
EN XUÍZO DELITO LEVE	3.789	0	3.789 (100%)
EN P. ABREVIADO	9.117	8.129	988 (12,15%)
EN SUMARIO	81	56	25 (44,64%)
EN TRIBUNAL XURADO	19	17	2 (11,76%)
EN D. URXENTES	1.092	980	112 (11,43%)
TOTAL TRANSFORMADAS	14.098	15.035	-937 (-6,23%)
TOTAL REMATADAS (SUMA DE FINALIZADAS E TRANSFORMADAS)	100.336	167.688	-67.352 (40,17%)
APLICACIÓN art. 324 LACRIM en D. PREVIAS	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE	2.199	-	-
DECLARACIÓN DE PRAZO MÁXIMO	1.412	-	-

1.1.3.1.2. Análise de datos

DP tramitadas e incoadas


Datos totais de DP tramitadas e incoadas no período 2008-2016

O seguinte gráfico recolle a evolución das DP tramitadas e incoadas durante o período mencionado, concretada nun case continuo descenso.

A media anual de DP tramitadas nese período é de 233.967, cunha porcentaxe media do 89,17% na cifra total media de procedementos tramitados por delito nas provincias da nosa CA en igual período (262.364). De forma semellante, a cifra media anual de DP incoadas no mesmo período é de 192.428, cunha porcentaxe media de 89,84% na cifra total media de procedementos incoados por delito (214.198).

En canto ás DP tramitadas, entre o inicio e o final do período obsérvase un elevado descenso de -160.612 (-58,11%); polo que respecta ás DP incoadas, apréciase outro elevado descenso de -141.103 (-61,32%).

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS TRAMITADAS E INCOADAS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016




Datos de DP tramitadas e incoadas no ano 2016

- Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal, consta a cifra total de 115.797 DP tramitadas en Galicia en 2016, no conxunto de todas as provincias, cun gran descenso interanual de -68.254, equivalente a máis dun terzo (37,08%) e unha elevada porcentaxe de case tres cuartos (72,97%) no total de procedementos tramitados por delito na nosa comunidade no mesmo ano (158.695). Isto significa, como todos os anos, que é o procedemento penal tramitado con maior peso cuantitativo, dada a súa función procesual de filtro preliminar. Ademais destas DP das provincias galegas, hai que ter en conta as tramitadas no TSX de Galicia, que son 47 tramitadas e 38 incoadas.

D. PREVIAS - GALICIA 2016 - DATOS TOTAIS



- Valoración dos datos xerais

O elevado descenso de 2016 (máis dun terzo) confirma as nosas previsións do ano anterior e é continuación do lixeiro descenso observado xa no 2015, cifrado en -15.935 (-7,97%). Indubidablemente a razón fundamental deste descenso encóntrase na aplicación, a partir do 06.12.2015, da reforma procesual operada pola mencionada Lei 41/2015. A dita norma afecta moi especialmente ao procedemento de DP, auténtico filtro preliminar, e está a supoñer unha efectiva axilización do proceso penal, ao dispoñer (novo art. 284 LACrim) que, por regra xeral, os atestados sen autor coñecido queden arquivados nas dependencias policiais sen chegar aos órganos xudiciais e fiscais e provocar a actuación destes.

- Datos particulares das DP tramitadas e incoadas

A cifra total de 115.797 DP tramitadas en 2016 desdóbrase nas seguintes cifras concretas:

- *Pendientes a inicio de ano*: 24.827, cun descenso interanual de -6.014 (-19,50%) e unha porcentaxe de máis dun quinto (21,44%) na cifra total de DP tramitadas.

- *Reabertas*: 1.969, cun descenso de -61 (-3,00%) e unha porcentaxe de 1,70%.

- *Incoadas*: 89.001, cun elevado descenso interanual de -68.451, equivalente a -43,47%, e unha porcentaxe de máis de tres cuartos (76,86%) na cifra total de DP tramitadas (115.797), así como dun elevado 70,39% no total de procedementos incoados na CA (126.447). Como sempre, é o procedemento penal con maior peso cuantitativo.

- Datos particulares por provincias de DP tramitadas e incoadas

- DP tramitadas

1º. Pontevedra: 47.430, cun descenso interanual de -36.917 (-43,77) e unha porcentaxe do 40,96% na cifra total mencionada (115.797).

2º. A Coruña: 41.430, cun descenso de -15.383 (-27,08%) e un 35,78%.

3º. Lugo: 15.074, cun descenso de -7.829 (-32,59%) e un 13,02%.

4º. Ourense: 11.910, cun descenso de -8.618 (-41,98%) e un 10,28%

- DP incoadas

1º. Pontevedra: 39.220, cun elevado descenso interanual de -33.737 (-46,24%) e unha porcentaxe do 44,01% no total das provincias de Galicia (89.001).

2º. A Coruña: 29.536, cun elevado descenso de -20.897 (-41,43%) e un 33,19%.

3º. Lugo: 10.924, cun elevado descenso de -5.572 (-33,78%) e un 12,27%.


4º. Ourense: 9.321, cun elevado descenso de -8.245 (-46,94%).

- Especial referencia ás DP ingresadas en Fiscalía (incoadas con entrada no ano)

-Datos totais de DP ingresadas no período 2008-2016

O seguinte gráfico recolle a evolución das DP ingresadas en Fiscalía durante o referido período. A media anual neste é de 176.798, cunha porcentaxe media de 91,88% respecto da cifra media anual de dilixencias incoadas (192.428). Entre o inicio e o final do período (195.264 e 84.631) apréciase un elevado descenso de -110.633, equivalente a un 56,66%

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS INCOADAS CON ENTRADA EN FISCALÍA (“INGRESADAS”) GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



- *Datos de DP ingresadas no ano 2016*

- *Datos xerais*

Conforme a estatística fiscal, do de 89.001 DP incoadas tiveron entrada en Fiscalía (ingresadas) un total de 84.631, cun elevado descenso interanual de -66.763, equivalente a un 44,01% (moi superior ao -3,86% do pasado ano), así como un alto 95,01% da cifra equivalente de incoadas (similar ao 96,15% do pasado ano).

- *Valoración dos datos xerais*

Estes datos parecen evidenciar unha continua mellora na interoperabilidade e intercambio de datos das incoacións de DP entre os órganos xudiciais e fiscais (entendemento Minerva-Fortuny). De todos os xeitos, este optimismo debe ser matizado xa que as 89.001 incoacións da estatística fiscal contrastan cos datos obtidos da estatística xudicial (PNX), dos que deriva unha cifra máis próxima á realidade, de 101.984 incoacións (no conxunto de todos os xulgados que incoan estes procedementos), polo que as 84.631 DP que tiveron entrada en Fiscalía supoñerían, con maior probabilidade, un 82,92% da totalidade real incoada (case igual que o 82,22% do ano anterior). En calquera caso, a diferenza entre ambas as cifras da estatística fiscal (total incoadas e incoadas ingresadas) é en 2016 de só 4.370, equivalente a un 4,91% (en 2015 eran -6.058 e un 3,85%).


Facendo unha razoable extrapolación de datos, pódese dicir que algo menos das tres cuartas partes (73,08%) das DP ingresadas en 2016 — concretamente unhas 63.028 — remataron por finalización anticipada (acumulación/inhibición, arquivamento definitivo ou sobresemento provisional), o 12,17% (10.304) remataron por transformación noutro procedemento, e finalmente o 14,75% (11.299) quedaron pendentes a final de ano.

DP rematadas. Especial referencia á terminación por acumulación/inhibición

Datos totais de DP rematadas no período 2008-2016

No seguinte gráfico recóllese a evolución das DP rematadas durante o mencionado período. A media anual nese período é de 194.255, cunha porcentaxe media de 83,94% respecto a media anual de DP tramitadas (233.919). Entre o inicio e o final do período apréciase un elevado descenso de -106.696, equivalente ao -51,53% (próximo ao -58,11% experimentado en igual período polas DP tramitadas).

EVOLUCIÓN DE D. PREVIAS REMATADAS GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



Datos de DP rematadas no ano 2016

- Datos xerais

Conforme a estatística fiscal, en 2016 hai 100.336 DP rematadas, cun elevado descenso interanual de -67.688 (-40,17%), cunha alta porcentaxe do 86,65% na cifra total de DP tramitadas (115.797). Este gran descenso explícase no correlativo das DP tramitadas e incoadas no mesmo ano.

- Datos particulares por provincias de DP rematadas

- A Coruña: 32.242, cun descenso de -18.959 (-37,03%) e unha porcentaxe do 32,13% na cifra total das provincias galegas (100.336).
- Lugo: 12.780, cun descenso de -4.853 (-27,52%) e un 12,74%.
- Ourense: 10.435, cun descenso de -8.395 (-44,58%) e un 10,40%.
- Pontevedra: 44.879, cun descenso interanual de -35.145 (-43,92%) e unha porcentaxe do 44,73%.

-Datos particulares de DP rematadas

A cifra total de DP rematadas en 2016 (100.336) distribúese entre finalizacións anticipadas (FA) e transformacións de procedemento (TF)

- Finalización anticipada (FA). Datos xerais

Constan 86.238, cun descenso interanual de -66.415 (-43,51%), unha porcentaxe do 85,95% do total de rematadas. Case as tres cuartas partes (73,32%) deste descenso producíronse nas terminacións por SP, seguramente pola reforma da referida Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido).

- Transformación (TF)

Foron 14.098, cun descenso interanual de -937 (-6,23%) e un 14,05% do total de rematadas. Unha vez suprimidos os xuízos de faltas da estatística fiscal, só constan as seguintes TF por delito: 9.117 en PA, cun lixeiro incremento interanual de 988 (12,15%) e unha porcentaxe do 64,6% na cifra total de TF; 3.789 en XDL (sen datos de variación interanual), cunha porcentaxe de algo máis dun cuarto (26,88%); 1.092 en DU, cun aumento de 112 (11,43%) e unha porcentaxe do 7,74%; 81 en SU, cun aumento de 25 (44,64%); e 19 en PX, cun aumento de 2 (11,76%).

- Finalización anticipada (FA). Datos particulares

A cifra total de 86.238 FA en 2016 distribúese en tres modalidades concretas de acumulación/inhibición, arquivamento definitivo e sobresemento provisional.

Acumulación/inhibición (A/I)


- Datos xerais de 2016

Figuran 23.613, cun descenso interanual de -14.776 (-38,49%, moi superior ao -15,42% do pasado ano) e cunha porcentaxe do 27,38 no total de rematadas por FA. Ademais, representan importantes porcentaxes do 20,39%, 26,53% e 23,53% respecto das cifras de DP tramitadas, incoadas e rematadas no ano.

- Datos totais durante o período 2008-2016

Nos seguintes gráfico e táboa móstrase a evolución de cifras durante ese período.

EVOLUCIÓN DO REMATE DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN / INHIBICIÓN DATOS TOTAIS DE GALICIA - EVOLUCIÓN ANOS 2008 - 2016



EVOLUCIÓN DA TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN GALICIA - PERÍODO ANOS 2008-2016					
ANO	CIFRA	V.I.	% RESPECTO DA CIFRA DE TRAMITADAS	% RESPECTO DA CIFRA DE INCOADAS	% RESPECTO DA CIFRA DE REMATADAS
2008	69.522	6.321 (10%)	25,15% (de 276.409)	30,21% (de 230.104)	33,58% (de 207.032)
2009	94.715	25.193 (36,23%)	30,68% (de 308.845)	35,62% (de 265.941)	38,58% (de 245.505)
2010	80.499	-14.216 (-15,01%)	28,45% (de 282.952)	33,90% (de 237.491)	33,98% (de 236.903)
2011	77.190	-3.309 (-4,11%)	27,48% (de 280.914)	33,71% (de 228.983)	33,21% (de 232.449)
2012	52.114	-25.076 (-32,49%)	22,01% (de 236.791)	27,97% (de 186.294)	26,80% (de 194.435)
2013	48.301	-8.982 (-5,16%)	21,96% (de 219.974)	27,67% (de 174.562)	26,17% (de 184.566)
2014	45.388	-2.913 (-6,03%)	22,70% (de 199.986)	28,01% (de 162.028)	25,87% (de 175.417)
2015	38.389	-6.999 (-15,42%)	20,86% (de 184.051)	24,38% (de 157.452)	22,89% (de 167.566)
2016	23.613	-14.776 (-38,49%)	20,39% (de 115.797)	26,53% (de 89.001)	23,53% (de 100.336)

A precedente evolución de cifras evidencia a progresiva tendencia á diminución e “normalización” da terminación de DP mediante acumulación/inhibicións, no período 2008-2016. Entre o inicio e o final do período constátase un gran descenso de -45.909, equivalente a máis de dous terzos (66,04%), cunha cifra media anual de 58.859, equivalente a 24,41% de DP tramitadas, 29,78% das incoadas e 29,40% das rematadas. As 23.613 acumulacións/inhibicións rexistradas en 2016 supoñen un descenso de -35.246 (-59,88%) respecto da media anual (58.859) do período 2008-2016.

O punto álxido do ciclo supúxoo o ano 2009, cunha avultada cifra de 94.715 e un aumento do 36,23%. A partir dese ano a cifra xeral foi diminuindo e “normalizándose”, ata finalmente

situarse en 2016 cunha cifra de 23.613 (-38,49%), o que supón unha elevada diferenza, respecto a ese ano 2009, de -71.102 (-75,07%). Como se reflectira nas memorias relativas aos anos 2009 e 2010, aquelas elevadas cifras de acumulacións/inhibicións (sobre todo na provincia de Pontevedra) eran probable mostra dun produtivismo cuantitativo, xerador de distorsións estatísticas, a través da práctica de rexistrarse nos xulgados varias veces un mesmo feito delituoso.

Datos particulares por provincias

Ao igual que nos datos totais, obsérvase a nivel provincial unha similar tendencia de diminución e “normalización”, como se reflecte no cadro que segue. En canto ao 2016, rexístrase diminución en todas as provincias, un descenso moito menor que o ano anterior.

TERMINACIÓN DE D. PREVIAS POR ACUMULACIÓN/INHIBICIÓN - ANO 2016 - DATOS PROVINCIAIS			
PROVINCIA	CIFRA	V.I.	OBSERVACIÓNS
A CORUÑA	5.458	-2.450 (-30,98%)	APRECIABLE DESCENSO EN 2016, SIMILAR AO DE 2015 (-34,57%) E MOI SUPERIOR AO DE 2014 (-3,43%)
LUGO	3.078	-504 (-14,07%)	LIXEIRO DESCENSO EN 2016, SIMILAR AO DE 2015 (-12,93%), SUPERIOR AO PEQUENO DO ANO 2014 (-3,77%)
OURENSE	2.578	-2.057 (-44,38%)	ELEVADO DESCENSO EN 2016, SUPERIOR AO DE 2015 (-13,51%) E AO DE 2014 (-20,14%)
PONTEVEDRA	12.499	-9.765 (-43,86%)	ELEVADO DESCENSO EN 2016, MOI SUPERIOR AOS DE 2015 E 2014 (6,56% e -3,88%)
TOTAL GALICIA	23.613	-14.776 (-38,49%)	ELEVADO DESCENSO EN 2016, SUPERIOR AOS DE 2015 E 2014 (-15,42% e -6,03%)

- Arquivamento definitivo (AD)

Foron 15.549, cun descenso interanual de -2.994 (-15,92%, que contrasta co aumento do 15,39% do ano anterior), e cunha porcentaxe do 18,03% na cifra total de final de FA (86.238), así como do 15,50% na de DP rematadas (100.336). Destaca, como en anos anteriores, o elevado volume de Pontevedra, onde constan 9.899, que representan as dúas terceiras partes (63,66%) do total das provincias galegas, a pesar do importante descenso interanual apreciado nesa provincia, -2.160 (-17,91%, que contrasta co aumento de 32,60% de 2015).

- Sobresemento provisional (SP)

Faise un exame polo miúdo deste apartado pola indubidable repercusión que nel ten a aplicación da reforma operada pola mencionada Lei 41/2015.

Datos xerais de 2016

Consta na estatística fiscal 47.076, cun fortísimo descenso interanual de -48.695 (-50,85%) e unha porcentaxe do 54,59% na cifra total de FA, así como de 46,92 na de DP rematadas.

Resulta significativo que esta cifra total de SP equivale, como deixamos dito, a case as tres cuartas partes (73,32%) do descenso interanual experimentado en 2016 na cifra total de FA (-66.415=-43,51%), así como ao 71,35% e 71,14%, respectivamente, do elevado descenso apreciado no total de DP tramitadas e incoadas (-68.254 e -68.451).

- *Valoración dos datos xerais*

Este marcado descenso rexistrado en 2016 nas terminacións por SP é consecuencia — como se dixo— da aplicación da xa referida reforma operada pola Lei 41/2015 (supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). O gran descenso das terminacións por SP vén motivado polo gran descenso previo das incoacións; xa non chegan aos órganos xudiciais e fiscais moitos atestados policiais, sen autor coñecido, que si chegaban antes. Pode dicirse que algo máis dun 70% do descenso dos SP se debe a esta reforma.


- *Datos particulares por provincias*

- A Coruña: 17.380, cun elevado descenso de -18.342 (-51,35%) e unha porcentaxe do 36,92% na cifra total (47.076).
- Lugo: 6.324, cun descenso de -2.771 (-30,47%) e un 13,43%.
- Ourense: 5.575, cun descenso de -5.399 (-49,20%) e un 11,84%.
- Pontevedra: 17.797, cun descenso de -22.183 (-55,49%) e unha porcentaxe do 37,80% no total (47.076). É a provincia con maior volume en termos absolutos e relativos; ademais, o seu descenso interanual equivale a case a metade (45,55%) do descenso conxunto de todas as provincias (-48.695).

- *Datos totais de SP en DP durante o período 2008-2016*

No gráfico e na táboa seguintes móstrase a evolución de cifras de terminacións de DP por SP durante o mencionado período.

EVOLUCIÓN DE TERMINACIÓN DE D.PREVIAS POR SOBRESAMENTO PROVISIONAL GALICIA - ANOS 2008-2016



A precedente evolución de cifras evidencia unha tendencia de crecemento interanual desde 2008 a 2011, data en que se inicia unha tendencia de descenso, moi elevada finalmente en 2016. Entre o inicio e o final do período conséntase un gran descenso de -49.155, equivalente a máis da metade (-51,08%), cunha media anual de 58.862, a cal equivale a 25,08%, 30,59% e 30,30% das respectivas cifras medias anuais de DP tramitadas, incoadas e cualificadas.

O punto álxido do ciclo supúxo o ano 2011, cunha avultada cifra de 121.549. A partir dese ano a cifra xeral foi diminuíndo (-12,57% xa en 2012), coa caída final á metade en 2016 (-50,85%). Se tomamos como referencia inicial o referido ano 2011, o descenso acumulado ata 2016 sería de -97.936, equivalente a un elevadísimo -80,57%.

DP pendentes a final de ano

Conforme á estatística fiscal, constan 15.461 DP pendentes a final de ano, cun descenso interanual de -902 (-5,51%) e cunha porcentaxe do 13,35% na cifra total de DP tramitadas (115.797). A distribución por provincias desta pendencia é como segue: A Coruña, 9.188; Lugo, 2.294; Ourense, 1.475; e Pontevedra, 2.504. Os datos totais e provinciais expostos obtivéronse da operación “tramitados” - “rematados” = “pendentes”.

Especial referencia á aplicación do art. 324 da LACrim nas dilixencias previas (control prazo de instrución).


Por primeira vez, recóllense en 2016 datos sobre este particular na estatística fiscal: unha cifra total de 2.199 “declaracións de complexidade” no conxunto das provincias de Galicia, coa seguinte distribución provincial: A Coruña, 1.393 (63,35% do total); Lugo, 355 (16,14%); Ourense, 143 (6,50%); e Pontevedra, 308 (14,01%). En canto a “declaracións de prazo máximo”, a cantidade total foi de 1.412, repartida así: A Coruña, 590 (41,78% do total); Lugo, 605 (42,85%); Ourense, 6 (0,42%); e Pontevedra, 211 (14,94%).

1.1.3.2. Procedementos abreviados (PA)


1.1.3.2.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA PROCEDEMENTOS ABREVIADOS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
VOLUME TRAMITADO	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	2.376	819	524	1.240	4.959	5.521	-562 (-10,12%)
	REABERTOS DURANTE O ANO	113	58	79	145	395	251	144 (57,37%)
	INCOADOS DURANTE O ANO	3.873	1.213	964	3.067	9.117	8.129	988 (12,15%)
	TOTAL TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	6.362	2.090	1.567	4.452	14.471	13.901	570 (4,10%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	1.922	644	601	952	4.119	4.152	-33 (-0,79%)
TRAMITACIÓN	CUALIFICADO ANTE O XULGADO DO PENAL	3.226	964	812	2.512	7.514	6.556	958 (14,61%)
	CUALIFICADOS ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL	147	47	16	111	321	269	52 (19,33%)
	TOTAL CUALIFICADOS	3.373	1.011	828	2.623	7.835	6.825	1.010 (14,80%)
	SOBRESEMENTOS / ARQUIVAMENTOS	468	133	106	465	1.172	1.235	-63 (-5,10%)
	TRANSFORMACIÓN NOUTROS PROCEDEMENTOS	92	18	33	96	239	288	-49 (-17,01%)

PROCEDEMENTO ABREVIADO - GALICIA 2015 - DATOS TOTAIS



EVOLUCIÓN DE P. ABREVIADOS GALICIA - PERÍODO 2008-2016



1.1.3.2.2. Análise de datos

Procedementos abreviados (PA) tramitados e incoados

Datos totais de PA tramitados e incoados no período 2008-2016

Durante o período 2008-2016 as cifras de PA (tramitados e incoados), recollidas na estatística fiscal, mostran bastante estabilidade, como se pode apreciar no gráfico anterior. A cifra media anual de PA tramitados nese período foi de 15.495, cun lixeiro aumento de 544 (3,91%) entre o inicio e o final do período. En canto aos PA incoados, durante o referido período a media anual foi de 8.980, cun lixeiro aumento de só 104 (1,15%) entre o inicio e o final deste.

Datos de PA tramitados e incoados no ano 2016

-Datos xerais

Conforme á estatística fiscal, consta en 2016 a cifra total de 14.471 PA tramitados, cun lixeiro aumento interanual de 570 (4,10%) e unha porcentaxe do 9,12% no total de procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia. Por tal razón, como todos os anos, é o terceiro tipo procedemental máis representativo cuantitativamente (despois de DP e o novo XDL).

- Datos particulares de PA tramitados (pendentes ano anterior, incoados en ano e pendentes a final de ano)

O total de 14.471 PA tramitados en 2016 distribúese entre:

- Pendientes a inicio de ano: 4.959, cun lixeiro descenso interanual de -562 (-10,12%).
- Reabertos: 395, cun aumento de 144 (57,37%).
- Incoados no ano*: 9.117, lixeiro aumento de 988 (12,15%). Esta cifra total de incoacións de PA distribúese así por provincias: A Coruña, 3.873, cun aumento de 669 (20,88%); Lugo, 1.213, cun aumento de 133 (12,31%); Ourense, 964, aumento de 88 (10,04%); e Pontevedra, 3.067, cun aumento de 98 (3,30%).

PA rematados

Conforme a estatística fiscal, resultaría un total de 9.246 PA rematados en 2016, cun descenso de -898 (-10,76%).

PA pendientes ao final do ano

A estatística fiscal de 2016 reflicte unha cantidade total de 4.119, cun descenso de -33 (-0,79%).

Referencia a PA cualificados

No ano 2016 foron obxecto de cualificación fiscal 7.835 PA, cun apreciable aumento interanual de 1.010 (14,80%), cunha porcentaxe de máis da metade (54,14%) do total de tramitados (14.471), lixeiramente superior á porcentaxe do ano anterior (49,10%). Destes, 7.514 (o 95,90%) foron cualificados ante o Xulgado do Penal, cun apreciable aumento interanual de 958 (14,61%), mentres que os restantes 321 (o 4,10%) foron cualificados ante a Audiencia Provincial, tamén cun salientable aumento de 52 (19,33%). Por provincias as cualificacións en PA distribúense así: A Coruña, 3.373 (o 43,05% do total); Lugo, 1.011 (12,90%); Ourense, 828 (10,57%); e Pontevedra, 2.623 (33,48%).

1.1.3.3. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU)

1.1.3.3.1. Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (XUÍZOS RÁPIDOS POR DELITO) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
VOLUME	INCOADAS DURANTE O ANO	3.177	611	959	3.232	7.979	7.817	162 (2,07%)
DESTINO	SOBRESEMENTO/ ARQUIVAMENTO	258	30	99	367	754	766	-12 (-1,57%)
	TRANSFORMACIÓN EN D. PREVIAS	433	62	82	337	914	895	19 (2,12%)
	TRANSFORMACIÓN EN XUÍZO DELITO LEVE	38	0	32	54	124	-	-
	TOTAL TRANSFORMACIÓN	471	62	32	54	619	1.039	-420 (-40,42%)
	ACUMULACIÓN/ INHIBICIÓN	94	12	23	157	286	289	-3 (-1,04%)
	CUALIFICACIÓN	2.330	526	781	2.372	6.009	5.791	218 (3,76%)

D. URXENTES
GALICIA 2016 - DATOS TOTAIS

TRAMITADAS / INCOADAS

7.979

REMATADAS POR SOBRESEMENTO /
ARQUIVAMENTO

754

REMATADAS POR TRANSFORMACIÓN

619


REMATADAS POR ACUMULACIÓN /
INHIBICIÓN

286

CUALIFICADOS

6.009

EVOLUCIÓN DE D. URXENTES TRAMITADAS / INCOADAS PERÍODO 2008-2016



1.1.3.3.2. Análise de datos

Dilixencias urxentes (DU) tramitadas/incoadas

Datos totais de DU tramitadas/incoadas no período 2008-2016

Durante ese período as cifras de DU tramitadas/incoadas recollidas na estatística fiscal mostran lixeiras oscilacións con tendencia a unha gradual diminución. A media anual do período é de 9.343. Entre o inicio e o final do período (10.497 e 7.979) apréciase un descenso acumulado de -2.518 (-23,99%).

Datos de DU tramitadas/incoadas no ano 2016

-Datos xerais

Neste ano, a estatística fiscal reflicte 7.979 DU tramitadas/incoadas, cun lixeiro incremento interanual de 162 (2,07%) e unha porcentaxe do 5,03% no total de procedementos tramitados no 2016 nas provincias de Galicia. Por tal razón, é o cuarto tipo procedemental máis representativo cuantitativamente (despois de DP, XDL e PA)

- Datos particulares por provincias

- A Coruña: 3.177, cun aumento interanual de 630 (24,73%) e unha porcentaxe do 38,82% na cifra total referida (7.979).
- Lugo: 611, cun aumento de 5 (0,82%) e un 7,66%.
- Ourense: 959, cun descenso de -117 (-10,87%) e un 12,02%.
- Pontevedra: 3.232, cun descenso de -356 (-9,92%) e un 40,51%.

DU rematadas

Segundo a estatística fiscal, resultarían 7.668 DU rematadas, cun descenso de -217 (-2,75%).

Referencia a DU cualificadas

No ano 2016 foron obxecto de cualificación fiscal unha cifra total de 6.009 DU, cun lixeiro aumento interanual de 218 (3,76%), cunha porcentaxe de tres cuartos (75,31%) do total de tramitadas/incoadas (7.979).

Distribución por provincias: A Coruña, 2.330 (o 38,77% do total); Lugo, 526 (8,75%); Ourense, 781 (12,99%); e Pontevedra, 2.372 (39,47%).

Referencia a datos demostrativos da grande eficacia das DU

- As DU constitúen en 2016 o 21,31% da cifra total de 37.446 procedementos incoados por delito, excluída o filtro preliminar de DP. Esta porcentaxe elévase a 46,37%, se tampouco contamos os XDL (que non teñen cualificación fiscal escrita).
- En relación co total de procedementos tramitados/incoados (7.979), algo máis das tres cuartas partes (75,31%) das DU foron obxecto de cualificación fiscal, nivel superior ao doutros procedementos: 54,14% en procedementos abreviados (PA), 34,74% en SU e 72,22% en PX.
- Ademais, como se verá logo ao tratar das sentenzas, sucede tamén que unha altísima porcentaxe do 85,40% das cualificacións fiscais formalizadas nas DU (6.009) remataron en 2016 por derivar en sentenzas condenatorias por conformidade do acusado coa acusación fiscal, concretamente 5.132. A estatística fiscal non permite aínda cuantificar a incidencia que, en termos de axilización na resolución das DU, estea a ter a reforma do «proceso por aceptación de decreto» introducido pola Lei 41/2015 (novos arts. 803 bis a) e ss. da LACrim).

1.1.3.4. Xuízo sobre delitos leves (XDL)

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - XUIZOS POR DELITOS LEVES DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
INCOACIÓNS	9.015	2.138	2.053	7.034	20.240	9.694 (datos de estadística xudicial)	10.546 (108,79%)
CELEBRADOS CON INTERVENCIÓN M.FISCAL	2.424	1.001	1.127	2.955	7.507	2.427	5.080 (209,31%)

Análise de datos

Datos xerais de XDL incoados

Segundo a estatística fiscal, no ano 2016 foron incoados un total de 20.240 XDL, cun elevado aumento interanual de 10.546 (108.79%) e unha porcentaxe de 16,01% na cantidade total de procedementos incoados por delito nas provincias galegas no mesmo ano (126.447). Os datos por provincias son os seguintes: A Coruña, 9.015 (44,54% do total); Lugo, 2.138 (10,56%); Ourense, 2.053 (10,14%); e Pontevedra, 7.034 (34,75%).

Valoración dos datos xerais

A principal razón do grande aumento experimentado en 2016 polas incoacións de XDL está na aplicación da LO 1/2015, do 30 de marzo, de reforma do CP, con entrada en vigor o día 01.07.2015. A devandita reforma supuxo a supresión das faltas (antigo Libro III CP) e a irrupción da categoría de delitos leves, axuizables a través do novo “procedemento para o xuízo sobre delitos leves” (libro VI, arts. 962 a 977). Esta reforma supuxo a eliminación de numerosos xuízos de faltas (XF) e a aparición dun máis reducido número de XDL.

Antes da referida reforma, constaban incoados, segundo a estatística fiscal un total de 47.530 XF, mentres que agora, en 2016, irrompen plenamente os novos XDL cunha cifra total de 20.240 incoacións, o que supón algo menos da metade dos antigos XF (o 42,58%). De non se realizar a reforma poderían terse incoado preto de 48.000 XF en 2016.

Datos particulares de XDL celebrados con intervención do MF

Segundo as fontes estatísticas de Fiscalía, no ano 2016 foron celebrados con intervención do MF un total de 7.507 XDL, cun elevado incremento interanual de 5.080 (209,31%) e unha porcentaxe de case a metade (47,30%) na cifra total de xuízos que tiveron lugar nas provincias de Galicia (15.872).

Valoración dos datos particulares


Antes da referida reforma de 2015, segundo a estatística fiscal constaban 13.183 XF celebrados con intervención do MF. Agora en 2016, emerxen plenamente os XDL coa mencionada cifra total de 7.507 celebrados, o que representa case o 57% da antiga cifra de XF. De non se ter realizado a reforma poderían terse celebrado en 2106, coa intervención do MF, aproximadamente 13.500 XF.

1.1.3.6. Sumarios (SU)


Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - SUMARIOS (PROCEDEMENTOS ORDINARIOS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
XULGADO	INCOADOS DURANTE O ANO	36	14	13	29	92	69	23 (33,33%)
	REABERTOS DURANTE O ANO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	56	8	9	25	98	108	-10 (-9,26%)
	TRAMITADOS (SUMA DE ANTERIORES)	92	22	22	54	190	177	13 (7,34%)
	PENDENTES A 31 DE DCBRO.	59	10	13	26	108	90	18 (20,00%)
	CONCLUSOS	11	0	9	16	36	60	-24 (-40,00%)
	TRANSFORMACIÓNS	2	0	0	3	5	5	0 (0%)
AUDIENCIA	CUALIFICACIÓNS	31	4	8	23	66	67	-1 (-1,49%)
	SOBRESEMENTOS/ ARQUIVAMENTOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)
	REVOGACIÓNS	0	0	1	0	1	2	-1 (-50,00%)
APLICACIÓN ART. 324 LACRIM EN SUMARIOS		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DECLARACIÓN DE COMPLEXIDADE		0	4	5	1	10	-	-
DECLARACIÓN DE PRAZO MAXIMO		0	0	0	0	0	-	-

P. ORDINARIOS (SUMARIOS) GALICIA 2016 - DATOS TOTAIS



EVOLUCIÓN DE P. ORDINARIOS (SUMARIOS) TRAMITADOS E INCOADOS GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



Análise de datos

- *Sumarios (SU) no Xulgado de Instrución*

- *SU tramitados e incoados*

- *Datos totais de SU tramitados e incoados no período 2008-2016*

Durante o referido período as cifras de SU no Xulgado de Instrución (tramitados e incoados), recollidas na estatística fiscal, mostran unha tendencia xeral á progresiva diminución, con algunhas fluctuacións, como se pode apreciar no gráfico anterior. A media anual de SU tramitados nese período foi de 195, cun lixeiro descenso acumulado de -29 (-13,24%) entre o inicio e o final do período (219 e 190). En canto aos SU incoados no mesmo ciclo, a media anual foi de 88, cun lixeiro descenso de -8 (-16,36%) entre o inicio e o final deste (110 e 92).

- *Datos de SU tramitados e incoados no ano 2016*

- *Datos xerais*

Conforme a estatística fiscal, en 2016 constan 190 SU tramitados no Xulgado de Instrución, cun lixeiro aumento interanual de 13 (7,34%) e unha porcentaxe do 0,12% no total de procedementos tramitados o mesmo ano nas provincias de Galicia (158.615).

- *Datos particulares de SU tramitados e incoados*

A mencionada cifra total de SU tramitados en 2016 distribúese en:

Pendientes a inicio de ano: 92, cun incremento interanual de 23 (33,33%).

Reabertos: 0, sen variación interanual.

Incoados no ano: 92, cun lixeiro aumento de 23 (33,33%). Esta cifra total de incoacións de SU distribúese así por provincias: A Coruña, 36, cun aumento de 7 (24,14%); Lugo, 14, cun aumento de 11; Ourense, 13, aumento de 6 (85,71%); e Pontevedra, 29, cun descenso de -1 (-3,33%).

- *SU rematados (conclusos e transformacións)*

Segundo a estatística fiscal de 2016, constan 36 terminacións por conclusión, cun descenso interanual de -24 (-40,00%) e 5 por transformación noutro procedemento, sen variación interanual.

- *Referencia á aplicación do art. 324 da LACrim (control duración instrución)*

A estatística fiscal reflicte a cifra total de 10 declaracións de complexidade (4 en Lugo, 5 en Ourense e 1 en Pontevedra). As declaracións de prazo máximo foron 0.

- *Sumarios (SU) na Audiencia Provincial (procedementos ordinarios)*

- *Cualificacións*

No ano 2016 foron obxecto de cualificación fiscal 66 procedementos ordinarios (SU) na Audiencia Provincial, cun mínimo descenso interanual de -1 (-1,49%) e unha porcentaxe de algo máis de 1/3 (34,74%) respecto do total de tramitados no Xulgado de Instrución (190). Por provincias as cualificacións distribúense así: A Coruña, 31 (o 46,97% do total); Lugo, 4 (6,06%); Ourense, 8 (12,12%); e Pontevedra, 23 (34,85%).



- *Terminacións*

Constan 0 sobresementos/arquivamentos, sen variación interanual, e tamén 1 revogación, cun descenso de -1 (-50%).

1.1.3.7. Procedemento do tribunal do xurado (PX)

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - PROCEDEMENTOS DO TRIBUNAL DO XURADO DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
INCOACIÓNS	9	2	2	5	18	25	-7 (-28,00%)
SOBRESEMENTOS/ ARQUIVAMENTOS	0	2	0	1	3	3	0 (0%)
CUALIFICACIÓNS	7	2	0	4	13	13	0 (0%)
XUÍZOS	1	1	2	4	8	13	-5 (-38,46%)
CONFORMIDADES SEN XUÍZO	1	0	0	0	1	0	1 (100%)

P. XURADO
GALICIA 2016 - DATOS TOTAISEVOLUCIÓN DE P. XURADO INCOADOS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016

Análise de datos

- *PX incoados*

- *Datos totais de PX incoados no período 2008-2016*

Durante o referido período as cifras de PX incoados recollidas na estatística fiscal, mostran flutuacións, con tendencia final ao descenso, como se pode apreciar no gráfico anterior. A cifra media anual de PX incoados nese período foi de 34, cun apreciable descenso acumulado de -28 (-60,87%) entre o inicio e o final do período (46 e 18).

- *Datos de PX incoados no ano 2016*

A estatística fiscal reflicte unha cifra total de 18 PX incoados, cun descenso interanual de -7 (-28,00%) e unha porcentaxe de só 0,01% no total de procedementos incoados o mesmo ano nas provincias de Galicia (126.447).

- *PX cualificados*

No mesmo ano, figuran na estatística fiscal 13 cualificacións no ámbito do PX (na Audiencia Provincial), sen variación interanual e cunha porcentaxe de 72,22% en relación coa cifra de procedementos tramitados.

Distribución provincial de cualificacións: A Coruña, 7 (53,85% do total); Lugo, 2 (15,38%); Ourense, 0; e Pontevedra, 4 (30,77%).


1.1.4. ESCRITOS DE CUALIFICACIÓN FISCAL

1.1.4.1. Datos totais de cualificacións fiscais

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCAL - DATOS TOTAIS DE GALICIA - ANOS 2008-2016				
ANO	TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I)	PORCENTAXE (%)	
2008	14.263	3.292 (30,00%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (301.098)	4,73%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (249.770)	5,71%
2009	13.352	-911 (-6,38%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (331.838)	4,02%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (283.964)	4,70%
2010	13.762	410 (3,07%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (307.287)	4,48%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (255.863)	5,38%
2011	15.211	1.449 (10,53%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (310.011)	4,91%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (250.052)	6,08%
2012	14.383	-828 (-5,44%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2013	14.581	198 (1,38%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	5,44%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,00%
2014	13.842	-739 (-5,07%)	% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (264.407)	6,16%
			% CIFRA TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS (205.547)	7,71%
2015	12.696	-1.146 (-8,28%)	% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (215.701)	5,89%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (183.186)	6,93%
2016	13.923	1.227 (9,66%)	% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (158.695)	8,77%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS TRAMITADOS, SEN CONTABILIZAR XUÍZOS POR DELITO LEVE (138.455)	10,05%
			% CIFRA TOTAL BRUTA DE PROCEDEMENTOS INCOADOS (126.447)	11,01%
			% CIFRA TOTAL DE PROCEDEMENTOS INCOADOS, SEN CONTABILIZAR XUÍZOS POR DELITO LEVE (106.207)	13,11%
CIFRA MEDIA ANUAL DE CUALIFICACIÓN NO PERÍODO 2008-2016	14.001			
% EN CIFRA MEDIA PROCEDEMENTOS TRAMITADOS 2008-2016 (262.364)	5,34%			

CUALIFICACIÓNS FISCAIS POR DELITO RESUMO XERAL PERÍODO 2010 - 2015




Análise de datos

Datos totais do período 2008-2016

Conforme a estatística fiscal, durante o mencionado período obsérvanse varias fluctuacións, como se pode comprobar no seguinte gráfico, debidas, en maior medida, a algunhas reformas legislativas (reformas operadas por Leis Orgánicas 15/2007, 5/2010 e, ultimamente, LO 1/2015). A media anual de cualificacións fiscais no ciclo é de 14.001, cunha porcentaxe media de **5,34%** na correlativa cifra media anual de procedementos tramitados (262.364). Entre o inicio e o final do período apréciase un lixeiro descenso acumulado de -340 (-2,38%), moi inferior ao correlativo de -47,29% dos procedementos tramitados, o que se traduce nunha maior actividade cualificadora por parte do MF: 4,73% en 2008 e 8,77% en 2016.

O punto álxido do ciclo mencionado tivo lugar no ano 2011 (tras a reforma penal pola LO 5/2010), cunha cifra total de 15.211 cualificacións fiscais e aumento de 1.449 (10,53%). A partir dese ano a media anual situouse en torno ás 14.000 cualificacións (13.885). Entre ese ano 2011 e o ano 2015 produciuse un descenso acumulado de -2.515 (-16,53%), para, finalmente situarse en 13.923 en 2016.

EVOLUCIÓN DE CUALIFICACIÓNS FISCAIS GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



- *Datos totais de cualificacións fiscais no ano 2016*

- *Datos xerais*

En relación con este último ano, a estatística fiscal rexistra 13.923 cualificacións fiscais, cun apreciable aumento interanual de 1.227, equivalente a case un 10% (9,66%), fronte ao descenso de -1.1146 (-8,28%) de 2015, o que supón unha diferenza positiva de preto de 1/5 (17,94%).

A cifra total de 2016 equivale a unha alta porcentaxe de **8,77%** na correlativa cifra bruta total de procedementos tramitados ese ano (158.695), que se eleva mesmo ao **10,05%** se a relacionamos con esa mesma cifra de procedementos tramitados sen contabilizar (por non ter trámite de cualificación escrita) os XDL (138.455). En relación cos procedementos incoados no ano (126.447) a porcentaxe de cualificacións sobe a 11,01%, e elévase mesmo ata 13,11% se consideramos a cifra de procedementos incoados sen os XDL (106.207).

A referida *ratio* de 10,05% é semellante á de 12,67% que a cifra total de sentenzas en 2016 (20.115) ten en relación coa mencionada cifra total bruta de procedementos tramitados, aínda que hai que ter en conta que as sentenzas se ditan en procedementos con cualificacións efectuadas no mesmo ano ou en anos anteriores.

Se sumamos á indicada cifra total de cualificacións, os *526 escritos de alegacións formulados no proceso de menores* polo MF en 2016, obtemos un resultado de 14.449 cualificacións fiscais nesa anualidade, cun aumento interanual global de 1.274 (9,67%). Os escritos de alegacións referidos terían un peso de só 3,64% na cifra conxunta mencionada.

- Valoración dos datos xerais


O apreciable aumento interanual nas cualificacións fiscais de 2016 confirma as previsións que efectuáramos o ano pasado e é atribuíble á dobre reforma legal do ano 2015. Tales reformas supuxeron un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos (sobre todo, DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos). Referímonos á reforma operada por Lei 41/2015, de axilización procesual (con supresión, por regra xeral, aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido), e á derivada da Lei orgánica 1/2015, de reforma do CP (que supón a eliminación dos antigos XF e a emerxencia, con cifras menores, dos novos XDL).

1.1.4.2. Datos particulares de cualificacións fiscais por tipo de procedemento

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA CUALIFICACIÓN FISCALIS DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMENTOS - ANOS 2008 - 2016							
ANO	DU	PA-XP	PA-AP	PA TOTAL	SU	PX	TOTAL
2008	7.011	6.783	345	7.128	98	26	14.263
2009	6.319	6.590	320	6.910	91	32	13.352
2010	6.385	7.042	210	7.252	94	31	13.762
2011	7.991	6.945	194	7.139	68	13	15.211
2012	7.502	6.545	241	6.786	71	24	14.383
2013	6.534	7.683	272	7.955	68	24	14.581
2014	6.256	7.202	294	7.496	73	17	13.842
2015	5.791	6.556	269	6.825	67	13	12.696
2016	6.009	7.514	321	7.835	66	13	13.923
V.I.	218 (3,76%)	958 (14,61%)	52 (19,33%)	1.010 (14,80%)	-1 (-1,49%)	0 (05)	1.227 (9,66%)
% DA CIFRA TOTAL GALICIA	43,16%	53,97%	2,31%	56,28%	0,47%	0,09%	100%
% DOS PROCEDIMIENTOS TRAMITADOS DO MESMO TIPO	75,31% (de 7.979)	54,14% (de 14.471)			34,74% (de 190)	72% (de 18)	
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	6.644	6.984	274	7.258	77	21	14.001

CUALIFICACIÓNS FISCAIS - GALICIA 2016 DATOS PARTICULARES POR TIPOS PROCEDIMENTAIS



Análise de datos

Por tipo de procedementos, as 13.923 cualificacións fiscais do ano 2016 distribúese do seguinte xeito:

1º. Procedementos abreviados (PA) no Xulgado de Instrución: 7.835 cualificacións, cun apreciable aumento interanual de 1.010 (14,80%) e unha porcentaxe de máis da metade (56,28%) na mencionada cifra total, así como de máis da metade (54,14%) da cifra total de procedementos tramitados deste tipo (14.471). O destacado aumento de cualificacións neste tipo procedimental obedece á maior repercusión que neste produciu a aplicación do novo art. 284 LACrim (reforma da Lei 41/2015): descenso de incoacións nas DP e liberación de recursos que aumentan a actividade en PA.

A cifra de cualificacións nos PA divídese en:

- 7.514 (95,90%) cualificacións ante o Xulgado do Penal, cun incremento de 958 (14,61%) e unha porcentaxe de máis da metade (53,97%) no total de cualificacións (13.923).
- 321 (4,10%) cualificacións ante a Audiencia Provincial, cun aumento de 52 (19,33%) e unha porcentaxe de 2,31% no total.

2º. Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU): 6.009 cualificacións, cun aumento interanual de 218 (3,76%) e unha porcentaxe de algo menos da metade (43,16%) na cifra total. Así mesmo, como mostra da grande eficacia das DU, esa cifra de cualificacións representa algo máis de tres cuartas partes (75,31%) respecto do total de procedementos tramitados deste tipo (7.979).

3º. Sumarios (Procedementos ordinarios) (SU): 66 cualificacións, cun descenso de só -1 (-1,49%) e un escaso peso de 0,47% na cifra total, así como aproximadamente 1/3 (34,74%) da cifra total de procedementos tramitados deste tipo no xulgado de instrución (190).


4º. *Procedementos do Tribunal do Xurado (PX)*: 13 cualificacións, sen variación interanual e unha porcentaxe de só 0,09% no total (13.923), así como de 72,22% respecto da cifra de procedementos tramitados deste tipo no xulgado de instrución (18).

1.1.4.3. Datos particulares de cualificacións fiscais por provincias

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - CUALIFICACIÓN FISCAL DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS - ANOS 2008 - 2016					
ANO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	6.116	1.389	1.524	5.234	14.263
2009	5.104	1.479	1.510	5.259	13.352
2010	5.678	1.463	1.678	4.943	13.762
2011	5.727	1.631	2.105	5.748	15.211
2012	4.991	1.553	2.150	5.689	14.383
2013	5.141	1.745	2.281	5.414	14.581
2014	4.890	1.640	1.891	5.421	13.842
2015	4.629	1.420	1.692	4.955	12.696
2016	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923
V.I.	1.112 (24,02%)	123 (8,66%)	-75 (-4,43%)	67 (1,35%)	1.227 (9,66%)
% DA CIFRA TOTAL DE GALICIA	41,24%	11,08%	11,61%	36,07%	100%
% DOS PROCEDEMENTOS TRAMITADOS NA PROVINCIA (SEN COMPUTAR XDL)	11,24% (de 51.070)	8,67% (de 17.799)	11,18% (de 14.460)	9,11% (de 55.126)	10,05% (de 138.455)
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	5.335	1.540	1.828	5.298	14.001

CUALIFICACIÓN FISCAL - GALICIA 2016 DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS



Análise de datos

1º. A Coruña: 5.741, cun apreciable aumento interanual de 1.112 (24,02%) e unha porcentaxe do 41,14% no total de Galicia (13.923); así como do 11,24% na cifra total de procedementos tramitados na provincia, sen contabilizar os XDL —en diante, CTPT sen XDL— (51.070). A media anual durante o período 2008-2016 é de 5.335 cualificacións. É a provincia con maiores cifras de cualificacións en termos absolutos e relativos.

Distribución de cualificacións por tipos de procedemento: PA, 3.373 (58,75% do total); DU, 2.330 (40,58%); SU, 31; e PX, 7.

2º. Pontevedra: 5.022, cun leve incremento de 67 (1,35%) e unha porcentaxe do 36,07% no total de Galicia, así como de 9,11% en CTPT sen XDL (55.126). No período 2008-2016 a media anual foi de 5.298 cualificacións, similar á provincia da Coruña.

Distribución por tipos de procedemento: PA, 2.623 (52,23% do total); DU, 2.372 (47,23%); SU, 23; e PX, 4.

3º. Ourense: 1.617, cun leve descenso de -75 (-4,43%) e unha porcentaxe do 11,61% no total de Galicia, así como do 11,18% en CTPT sen XDL (14.460). Ten unha media anual de 1.828 cualificacións no período 2008-2016. É a única provincia onde se apreciou en 2016 un descenso, leve, nas cualificacións.

Distribución por tipos procedementais: PA, 828 (51,20% do total); DU, 781 (48,30%); SU, 8; e PX, 0.

4º. Lugo: 1.543, cun lixeiro aumento de 123 (8,86%) e unha porcentaxe do 11,08% no total de Galicia, así como do 8,67% en CTPT sen XDL (17.799). No período 2008-2016 rexistrou unha media anual de 1.540 cualificacións.

Distribución por tipos procedementais: PA, 1.011 (65,52% do total); DU, 526 (34,09%); SU, 4; e PX, 2.

1.1.5. MEDIDAS CAUTELARES. SOLICITUDES DE PRISIÓN

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SOLICITUDES DE PRISIÓN E MEDIDAS CAUTELARES DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
PETICION DE PRISION SEN FIANZA	ACORDADA POLO ÓRGANO	185	47	81	139	452	488	-36 (-7,38%)
	NON ACORDADA	13	4	5	9	31	42	-11 (-26,19%)
PETICION DE PRISION CON FIANZA	ACORDADA POLO ÓRGANO	2	0	0	0	2	13	-9 (-69,23%)
	NON ACORDADA	0	0	0	0	0	4	-4 (-100%)
PETICION DE LIBERDADE	ACORDADA POLO ÓRGANO	116	4	18	219	357	312	45 (14,42%)
	NON ACORDADA	19	0	0	11	30	30	0 (0%)
TOTAL SOLICITUDES DE PRISIÓN	ACORDADAS POLO ÓRGANO	303	51	99	358	811	813	-2 (-0,25%)
	NON ACORDADAS	32	4	5	20	61	76	-15 (-19,74%)
	TOTAL SOLICITUDES (ACORDADAS E NON ACORDADAS)	335	55	104	378	872	889	-17 (-1,91%)

1.1.6. XUÍZOS

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA - XUÍZOS (POR DELITO) CON INTERVENCIÓN FISCAL DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
ANTE XULGADOS DE INSTRUCCIÓN EN XUÍZOS DELITOS LEVES (XDL)	CELEBRADOS	2.424	1.001	1.127	2.955	7.507	2.427	5.080 (209,31%)
	SUSPENDIDOS	87	283	137	111	618	417	201 (48,20%)
ANTE XULGADOS DO PENAL EN P. ABREVIADOS E D. URXENTES X. RÁPIDO	CELEBRADOS	3.850	915	893	2.316	7.974	7.746	228 (2,94%)
	SUSPENDIDOS	1.924	393	292	769	3.378	2.996	382 (12,75%)
ANTE AUDIENCIA PROVINCIAL EN P. ABREVIADOS, SUMARIOS E P. XURADO	CELEBRADOS	182	35	26	148	391	346	45 (13,01%)
	SUSPENDIDOS	70	14	11	51	146	112	34 (30,36%)
TOTAL XUÍZOS CELEBRADOS		6.456	1.951	2.046	5.419	15.872	10.519	5.353 (50,89%)
TOTAL XUÍZOS SUSPENDIDOS		2.081	690	440	931	4.142	3.525	617 (7,50%)

Análise de datos

Datos xerais de 2016

Conforme a estatística fiscal, en 2016 a cifra total de xuízos penais (por delito) que tiveron lugar coa intervención do MF situouse en 15.872, cun elevado aumento interanual de 5.353 (50,89%). Case a metade (47,30%) foron no novo XDL, que absorbe case todo o aumento anual.

Valoración dos datos

O notable aumento interanual apreciado confirma as previsións que efectuáramos o ano pasado e é atribuíble á dobre reforma legal do ano 2015, como xa comentamos en relación coas cualificacións fiscais (reformas da Lei 41/2015 e da LO 1/2015).

1.1.7. SENTENZAS. ESPECIAL REFERENCIA ÁS DOS XULGADOS DO PENAL E DAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS


Facemos aquí un repaso dos datos de sentenzas segundo a estatística das fiscalías provinciais de Galicia referida ao ano 2016. Non hai referencias a sentenzas en XF, substituído polo emerxente XDL, do que si hai datos.

1.1.7.1. Exposición de datos

Datos totais de sentenzas (por delito)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO - DATOS TOTAIS DE SENTENZAS POR DELITO PERÍODO ANOS 2008 - 2016				
ANO	TOTAL SENTENZAS	TOTAL SENTENZAS ABSOLUTORIAS	TOTAL SENTENZAS CONDENATORIAS	SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE
2008	13.544	1.636	11.908	8.607
2009	14.034	1.499	12.535	9.463
2010	13.573	1.621	11.952	8.688
2011	15.065	1.613	13.452	9.609
2012	14.305	1.542	12.763	9.173
2013	13.699	1.540	12.159	8.129
2014	13.797	1.547	12.250	8.998
2015	15.646	2.620	13.026	9.051
2016	20.115	5.009	15.106	9.278
V.I.	4.469 (28,56%)	2.389 (91,18%)	2.080 (15,97%)	227 (2,51%)
% EN CIFRA TOTAL SENTENZAS	100%	24,90%	75,10%	46,12%
% EN CIFRA DE SENTENZAS CONDENATORIAS			100%	61,42%
% EN CIFRA TOTAL DE PROCEDIMENTOS TRAMITADOS (158.695)	12,67%		100%	
CIFRAS MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	14.864	2.070	12.794	9.000
% EN CIFRAS MEDIAS ANUAIS 2008-2016 DE PROCEDIMENTOS TRAMITADOS (262.364)	5,66%	0,79%	4,88%	3,43%

SENTENZAS (POR DELITO) GALICIA 2016 - DATOS TOTAIS




**Datos particulares de sentenzas por delito (por órgano xudicial sentenciador):
xulgados de instrución, xulgados do penal e audiencias provinciais**

SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2016 DATOS POR ÓRGANO XUDICIAL SENTENCIADOR



Datos particulares de sentenzas por provincias

SENTENZAS POR DELITO - GALICIA 2016 DATOS POR PROVINCIA



Sentenzas por delito ditadas nos xulgados de instrución

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS - SENTENZAS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN - EN XUÍZOS POR DELITOS LEVES (XDL) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
CONDENATORIAS	1.272	272	360	1.190	3.094	1.025	2.069 (201,85%)
ABSOLUTORIAS	690	632	689	1.530	3.541	1.087	2.454 (255,76%)
TOTAL SENTENZAS	1.962	904	1.049	2.720	6.635	2.112 (datos obtidos da estatística xudicial)	4.523 (214,16%)
% DA CIFRA TOTAL DE SENTENZAS (20.115)						32,98%	
RECURSOS DO FISCAL	13	23	8	3	47	-	-

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO DITADAS NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN: SENTENZAS POR CONFORMIDADE EN DILIXENCIAS URXENTES DE XUÍZO RÁPIDO (DU) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
SENTENZAS CONFORMIDADE	1.910	462	642	2.118	5.132	5.031	101 (2,01%)
V.I.	359 (23,15%)	54 (13,24%)	-88 (-12,05%)	-224 (-9,56%)			
%	37,22%	9,00%	12,51%	41,27%	100%		
% DA CIFRA TOTAL DE SENTENZAS CONDENATORIAS POR CONFORMIDADE (9.278)					55,31%		
% DA CIFRA TOTAL DE SENTENZA CONDENATORIAS (15.106)					33,97%		
% DA CIFRA TOTAL SENTENZAS (20.115)					25,51%		
RECURSOS DO FISCAL	0	0	0	0	0	1	1-1 (100%)

Sentenzas por delito ditadas nos xulgados do penal

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO DITADAS POLOS XULGADOS DO PENAL (EN PROCEDEMENTOS ABREVIADOS E XUÍZOS RÁPIDOS, PA E XR) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	2.168	417	413	984	3.982	3.896	86 (2,21%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	417	148	38	313	916	1.115	-199 (-17,85%)
	DESCONFORME FISCAL	651	106	268	637	1.662	1.645	17 (1,03%)
	TOTAL CONDENATORIAS	3.236	671	719	1.934	6.560	6.656	-96 (-1,44%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	112	39	189	98	438	262	176 (67,17%)
	DESCONFORME FISCAL	458	212	21	283	974	1.207	-233 (-19,30%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	570	251	210	381	1.412	1.469	-57 (-3,88%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		3.806	922	929	2.315	7.972	8.125	-153 (-1,88%)
V.I.		60 (1,60%)	63 (7,33%)	-146 (-13,58%)	-130 (-5,32%)			
%		47,75%	11,5%	11,65%	29,04%		100%	
% DA CIFRA TOTAL SENTENZAS (20.115)						39,63%		
RECURSOS DO FISCAL		74	35	21	112	242	146	96 (65,75%)

Sentenzas por delito ditadas nas audiencias provinciais

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA SENTENZAS POR DELITO DITADAS POLAS AUDIENCIAS PROVINCIAIS (EN P. ABREVIADOS, P. ORDINARIOS -SUMARIOS - E P. XURADO) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
CONDENATORIAS	CONFORME FISCAL POR CONFORMIDADE	76	9	10	69	164	124	40 (32,26%)
	CONFORME FISCAL SEN CONFORMIDADE	17	11	1	15	44	56	-12 (-21,43%)
	DESCONFORME FISCAL	62	5	11	34	112	134	-22 (-16,42%)
	TOTAL CONDENATORIAS	155	25	22	118	320	314	6 (1,91%)
ABSOLUTORIAS	CONFORME FISCAL	3	2	0	7	12	15	-3 (-20,00%)
	DESCONFORME FISCAL	18	6	5	15	44	49	-5 (-10,20%)
	TOTAL ABSOLUTORIAS	21	8	5	22	56	64	-8 (-12,50%)
TOTAL SENTENZAS (ABSOLUTORIAS E CONDENATORIAS)		176	33	27	140	376	378	-2 (-0,53%)
V.I.		45 (34,25%)	-26 (-44,01%)	-8 (-22,86%)	-13 (-8,50%)	-2 (-0,53%)		
%		46,81%	8,78%	7,18%	37,23%	100%		
NA CIFRA TOTAL DE SENTENZAS (20.115)						1,87%		
RECURSOS DO FISCAL		3	2	2	6	13	15	-2 (-13,33%)

1.1.7.2. Análise de datos

Datos totais de sentenzas no período 2008-2016

Durante ese período as cifras totais de sentenzas, recollidas na estatística fiscal, mostran bastante estabilidade, salvo o aumento do último ano (pola irrupción dos XDL). A media anual nese ciclo é de 14.864 sentenzas, cunha porcentaxe media anual de 5,66% na media anual equivalente de procedementos tramitados (262.364). A media anual de sentenzas absolutorias é de 2.070 (13,93% do total); 12.795 (86,07%) as condenatorias; e 9.278 (62,42%) as condenatorias por conformidade do acusado.

Entre o inicio e o final de período apréciase un aumento de 6.571 (48,51%), atribuíble á emerxencia das sentenzas dos novos JDL polas reformas legais de 2015. Sen contar os datos dese novo procedemento (6.635 en 2016), a diferenza sería dun leve descenso de -64 (-0,47%).

Datos de sentenzas no ano 2016

Datos xerais de sentenzas

A teor da estatística fiscal, consta en 2016 a cifra total de 20.115 sentenzas por delito, cun apreciable aumento interanual de 4.469, equivalente a máis dunha cuarta parte (28,56%), superior ao incremento de 13,40% do ano anterior. A dita cifra representa o 12,65% do total de procedementos tramitados ese ano (158.695), similar á porcentaxe equivalente do 10,05% das cualificacións (segundo o comentado no apartado correspondente).

Segundo a mesma fonte fiscal, a ratio de delito/sentenza condenatoria sería, en principio, unha insuficiente de 0,91 (menos de 1 delito/sentenza), dado que hai un total de 13.741 delitos asociados a un total de 15.106 sentenzas condenatorias. Pero como non constan nas estatísticas os delitos asociados a sentenzas condenatorias nos novos XDL (que son 3.094 en 2016) a *ratio* referida resultaría ser unha correcta de 1,14 (13.741 delitos/12.012 sentenzas condenatorias).

Valoración dos datos xerais

De forma semellante ao acontecido coas cualificacións fiscais, o apreciable aumento nas sentenzas é atribuíble á dobre reforma legal do ano 2015 (Lei 41/2015 e LO 1/2015), reforma que supuxo un gran descenso nas cifras de incoación e tramitación de procedementos (sobre todo DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade fiscal (particularmente, cualificacións fiscais e asistencia a xuízos), así como a actividade xudicial (tramitación e resolución de procedementos).

Datos particulares de sentenzas por provincias

- *A Coruña*: 7.854, cun leve aumento interanual de 89 (1,15%) e unha porcentaxe do 39,04% no total das provincias de Galicia (20.115).
- *Lugo*: 2.321, cun incremento de 862 (59,08%) e unha porcentaxe do 11,54%.
- *Ourense*: 2.647, cun aumento de 528 (24,92%) e unha porcentaxe do 13,16%.
- *Pontevedra*: 7.293, cun incremento de 1.411 (23,99%) e unha porcentaxe do 36,26%.

Datos particulares de sentenzas polo sentido da resolución (absolutorio/condenatorio)

- *Sentenzas absolutorias*: 5.009, cun elevado aumento de 2.389 (91,18%) e unha porcentaxe de case unha cuarta parte (24,90%) na cifra total de sentenzas (20.115). Este grande aumento parece deberse ás sentenzas absolutorias no XDL (aumentaron 2.454 = 225,76%).

Distribución da cifra total de sentenzas absolutorias (STA):

- STA conforme co Fiscal: 450 (438 en Xulgado do Penal —XP— e 12 en Audiencia Provincial, AP)
 - STA desconforme co Fiscal: 1.018 (974 en XP e 44 en AP)
 - STA en XDL: 3.541 (sen que conste a distinción entre a conformidade ou desconformidade do Fiscal).
- *Sentenzas condenatorias*: 15.106, cun apreciable aumento de 2.080 (15,97%) e unha porcentaxe de tres cuartas partes (75,10%) na cifra total (20.115). Dentro das condenatorias, convén referirse ás dúas modalidades seguintes:
 - *Sentenzas condenatorias por conformidade* do acusado coa acusación fiscal (subdivisión dentro das sentenzas condenatorias): 9.278 (descoñécense datos en XDL), cun leve aumento interanual de 227 (2,51%) e unha porcentaxe de case a metade (46,12%) das sentenzas condenatorias, así como de preto de dous terzos (61,42%) da cifra total de sentenzas. A maior parte desta modalidade de sentenza condenatoria corresponde ás 5.132 (o 55,31%) ditadas nas DU no Xulgado de Instrución, que examinamos seguidamente. O resto son 3.982 no XP e 164 na AP. Non constan datos respecto dos XDL.
 - *Sentenzas condenatorias conformes co Fiscal, pero sen conformidade do acusado*: 960 (cun descenso de -211), das cales 916 son en XP e 44 en AP.
 - *Sentenzas condenatorias desconformes co Fiscal*: 1.774 (descenso de -5), distribuídas entre 1.662 en XP e 112 en AP.

Distribución xeral da cifra total de sentenzas polo órgano xudicial que as ditou

- *Xulgados de instrución*: 5.132 sentenzas de conformidade en DU e 6.635 en XDL, o que supón un total de 11.767, cunha porcentaxe de 58,50% do total de sentenzas ditadas (20.115). Isto significa que, actualmente, tras a reforma dos procedementos por delito leve (PDL), agora algo máis da metade das sentenzas por delito son ditadas nos xulgados de instrución.

- *Xulgados do penal*: 7.972 (39,63%).

- *Audiencias provinciais*: 376 (1,87%).


1.1.8. DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)

1.1.8.1. DIP no ámbito das fiscalías provinciais de Galicia

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL(DIP) - DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	
TOTAL TRAMITADAS	509	215	183	494	1.401	1.524	-123 (-8,07%)	
PENDENTES A INICIO DE ANO	103	18	25	81	227	267	-40 (-14,98%)	
REABERTAS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
INCOADAS	406	197	158	413	1.174	1.257	-83 (-6,60%)	
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	40	7	6	24	77	98	-21 (-21,43%)
	DENUNCIA DE ADMINISTRACIÓN	101	122	45	137	405	384	21 (5,47%)
	ATESTADO DE POLICÍA	37	5	76	54	172	189	-17 (-8,99%)
	DE OFICIO	56	14	3	45	118	105	13 (12,38%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	166	3	27	150	346	468	-122 (-26,01%)
	OUTROS	6	46	1	3	56	13	43 (330,77%)
	REMITADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	156	99	50	172	477	423
REMITIDAS A UNHA FISCALÍA ¹	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ARQUIVADAS	293	92	97	253	735	911	-176 (-19,32%)	
TOTAL REMITADAS	449	191	147	425	1.212	1.334	-122 (-9,15%)	
PENDENTES A FINAL DE ANO	60	24	36	69	189	250	-61 (-24,40%)	

DILIXENCIAS INVESTIGACIÓN PENAL FISCALÍAS PROVINCIAIS GALICIA - ANO 2016



Análise de datos

DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe)

Segundo a estatística fiscal referida ao ano 2016, consta un total de 1.401 DIP tramitadas nas fiscalías provinciais de Galicia, cun lixeiro descenso interanual de -123 (-8,07%). O total de tramitadas comprende tres cifras parciais (pendentes, reabertas e incoadas):

- *Pendentes a inicio do ano*: 227, cun descenso de -40 (-14,98%).

- *Reabertas no ano*: 0, sen variación interanual.

- *Incoadas no ano*: 1.174, cun descenso interanual de -83 (-6,60%) e unha porcentaxe do 83,80% no total de tramitadas no ano (1.401). Por provincias a distribución destas DIP é como segue:

	Provincia	Cifra incoacións	V.I.	% sobre total (1.174)
1º	Pontevedra	413	-47 (-10,22%)	35,18%
2º	A Coruña	406	-64 (-13,62%)	34,58%
3º	Lugo	197	61 (44,85%)	16,78%
4º	Ourense	158	-33 (-17,28%)	13,46%

A orixe das DIP incoadas é a seguinte:

	Tipo de incoación	Cifra incoacións	% sobre total (1.174)
1º	Denuncia da Administración	405	34,50%
2º	Denuncia de particulares	346	29,47%
3º	Atestado policial	172	14,65%
4º	De oficio	118	10,05%
5º	Testemuño de procedemento xudicial	77	6,56%
6º	Outros	56	4,77%

DIP rematadas (destino)

Foron rematadas no 2016 un total de 1.212, cun descenso de -122 (-9,15%) e unha elevada porcentaxe do 86,51% na cifra total de tramitadas no ano (1.401). Esta cifra de rematadas distribúese entre remitidas ao órgano xudicial e arquivadas:

- *Remitidas ao órgano xudicial*: 477, cun aumento de 54 (12,77%), unha porcentaxe do 39,56% na cifra total de rematadas e a seguinte distribución provincial: 156 na Coruña, 99 en Lugo, 50 en Ourense e 172 en Pontevedra.

- *Arquivadas*: 735, cun descenso interanual de -176 (-19,32%), unha porcentaxe do 60,64% das rematadas e a seguinte distribución por provincias: 293 na Coruña, 92 en Lugo, 97 en Ourense e 253 en Pontevedra.

DIP pendentes a final de ano


Ao final do ano 2016 constan como pendentes 189, cun descenso interanual de -61 (-24,40). Faise constar esta pendencia, que é a correcta tendo en conta a operación: (1.401 tramitadas) - (1.212 rematadas). Os datos estatísticos de pendencia non están “cadrados” nas estatísticas provinciais, agás en Ourense: 220 tramitadas-195 rematadas =25 pendentes a final de ano.

1.1.8.2. DIP no ámbito da Fiscalía da CA de Galicia. Referencia a dilixencias preprocesuais ou informativas (DIF)

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)				
	2016	2015	V.I.	
TOTAL TRAMITADAS	44	75	-31 (-41,33%)	
PENDENTES A INICIO DE ANO	1	1	0 (0%)	
REABERTAS	0	0	0 (0%)	
INCOADAS	43	74	-31 (-41,89%)	
ORIXE INCOADAS	TESTEMUÑO DE PROCEDEMENTO XUDICIAL	3	2	1 (50%)
	DENUNCIA DA ADMINISTRACIÓN	6	2	4 (200%)
	ATESTADO DA POLICÍA	1	0	1 (100%)
	DE OFICIO	2	0	2 (100%)
	DENUNCIA DE PARTICULARES	31	70	-39 (-55,71%)
	OUTROS	0	0	0 (0%)
REMATADAS (DESTINO)	REMITIDAS A ÓRGANO XUDICIAL	0	0	0 (0%)
	REMITIDAS A UNHA FISCALÍA	26	48	-22 (-1,08%)
	ARQUIVADAS	18	26	-8 (-30,77%)
	TOTAL REMATADAS	44	74	-30 (-40,54%)
PENDENTES A FINAL DE ANO	0	1	-1 (-100%)	

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL FISCALÍA DA CA DE GALICIA - ANO 2016



DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) EN FISCALÍA CA DE GALICIA PERSONAS AFORADAS - ANO 2016			
	ANO 2016	ANO 2015	V.I.
TOTAL AFORADOS	17	14	3 (21,43%)
CARREIRA XUDICIAL	10		
CARREIRA FISCAL	5	12	3 (25%)
TOTAL AFORADOS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL	15	12	3 (25%)
GOBERNO AUTÓNOMICO	2		
PARLAMENTO AUTÓNOMICO	0	2	0 (0%)
OUTROS	0	0	0 (0%)
TOTAL AFORADOS GOBERNO E PARLAMENTO AUTÓNOMICO E OUTROS	2	2	0 (0%)

Análise de datos

DIP tramitadas (pendentes, reabertas e incoadas). Referencia a incoadas (orixe).

Segundo a estatística da Fiscalía da CA de Galicia, consta no 2016 a cifra total de 44 DIP tramitadas, cun descenso interanual de -31 (-41,33%), con tres cifras parciais concretas:

Pendentes a inicio do ano: 1, sen variación interanual (0). Tratábase das DIP 64/2015 (NXF 352/2015), procedemento rematado o 25.04.2016 mediante decreto de arquivamento (sen presentación de denuncia/querela).

-Incoadas no ano (orixe): 43, cun descenso interanual de -31 (-41,33%). A orixe das DIP incoadas é o seguinte: 31 denuncias de particulares, 6 denuncias da Administración, 3 testemuños de procedemento xudicial, 2 de oficio e 1 atestado policial.

DIP rematadas (destino). No 2016 rematáronse as 44 tramitadas (43 incoadas e 1 pendente), cun descenso interanual de -30 (-40,54%), cifra que se distribúe entre:

- *Remitidas ao órgano xudicial:* 0, sen variación interanual.
- *Remitidas a unha Fiscalía (inhibición):* 26, cun descenso de -22 (-1,08%) e unha porcentaxe do 59,09% das rematadas.
- *Arquivadas:* 18, cun descenso de -8 (-30,77%) e unha porcentaxe do 40,91%.

DIP pendentes a final de ano: 0, cun descenso de -1 (-100%).

Referencia a persoas aforadas en DIP (denunciadas/quereladas):

Nas DIP incoadas no 2016 consta a cifra total de 17 aforados, cun aumento interanual de 3 (21,43%), distribuída do seguinte xeito:

- 15 aforados membros das carreiras xudicial e fiscal (10 carreira xudicial e 5 fiscal)
- 2: outros aforados (2 membros de Goberno autonómico).

Referencia a dilixencias preprocesuais ou informativas (DIF) na Fiscalía da CA de Galicia

A parte das DIP, cabe facer unha referencia resumida ás dilixencias preprocesuais (informativas, na terminoloxía de rexistro de Fortuny).

Segundo as fontes propias de Fiscalía (Fortuny e arquivos convencionais) consta a cifra total de 32 DIF tramitadas no ano 2016, todas incoadas no mesmo ano (ningunha pendente nin reaberta de anos anteriores). Todas foron rematadas no 2016 (a maior parte por arquivamento). Só quedou 1 pendente a final de ano: as dilixencias preprocesuais núm. 28/2016 (rexistradas en Fortuny como DIF civís núm. 23/2016), incoadas con data do 22.12.2016, sobre comisión de estudo dos incendios forestais en Galicia, e que é obxecto de comentario no apartado da especialidade de medio ambiente e urbanismo (sección 5.3 deste capítulo II).

1.1.9. EXECUTORIAS. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO E EFECTIVO CONTROL DA EXECUCIÓN

Servizo de control de executorias nas fiscalías provinciais

Segundo resulta das Memorias destas fiscalías, en todas elas —con adaptación ás súas singularidades— séguense as pautas marcadas pola *Instrución 1/2010, do 29 de xullo, sobre funcións do MF na fase de execución dos procesos penais*. O seu obxecto declarado é o de «potenciar a intervención do Ministerio Fiscal na fase de execución penal, dinamizando os seus trámites procesuais e promovendo o cumprimento íntegro dos pronunciamentos xudiciais da sentenza da que trae causa» (...); xa que, como ten recoñecido reiteradamente o Tribunal Constitucional, a execución das resolucións xudiciais, e particularmente das sentenzas, forma parte do dereito á tutela xudicial efectiva recoñecido no art. 24 da CE.

Para tal fin, cada unha das fiscalías estableceu un sistema de control de executorias (detailed nas súas respectivas Memorias), co fin de garantir a «uniformidade de criterio e actuación no curso da tramitación das executorias e o seguimento permanente da súa evolución e das incidencias que nesta se están a producir».

Só nas fiscalías provinciais da Coruña e Pontevedra se constituíron servizos específicos de control de executorias mencionados na Instrución, cun fiscal coordinador á fronte deste. Na Fiscalía de Pontevedra existe un servizo na capital provincial e outro na Fiscalía de Área de Vigo.

Estadística fiscal sobre executorias nas fiscalías provinciais

A seguir faise unha breve análise das executorias despachadas e os ditames fiscais emitidos durante o ano 2016 nas fiscalías provinciais de Galicia. En canto á Fiscalía da CA de Galicia, non hai constancia (como en anos anteriores) de ningunha executoria.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA EXECUTORIAS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
ANTE AS AUDIENCIAS PROVINCIAIS	EXECUTORIAS DESPACHADAS	357	135	115	372	979	1.034	-55 (-5,32%)
	DITAMES EMITIDOS	788	332	323	1.063	2.506	2.552	-46 (-1,80%)
ANTE OS XULGADOS DO PENAL	EXECUTORIAS DESPACHADAS	5.463	1.928	2.361	7.021	16.773	17.228	-455 (-2,64%)
	DITAMES EMITIDOS	7.653	3.353	4.732	13.856	29.594	30.086	-492 (-1,63%)
TOTAL EXECUTORIAS DESPACHADAS		5.820	2.063	2.476	7.393	17.752	18.262	-510 (-2,79%)
TOTAL DITAMES EMITIDOS		8.441	3.685	5.055	14.919	32.100	32.638	-538 (-1,65%)

Análise de datos

- *Resumo xeral de executorias e ditames*

De acordo coa estatística fiscal, no ano 2016 foron despachadas un total de 17.752 executorias, cun descenso interanual de -510 (-2,79%) e foron emitidos un total de 32.100 ditames fiscais en relación con estas, cun descenso tamén de -538 (-1,65%).

- *Datos particulares relativos a audiencias provinciais*

Tramitáronse nas fiscalías provinciais 979 executorias, cun descenso de -55 (-5,32%), e emitíronse en relación con estas 2.506 ditames fiscais, cun descenso de -46 (-1,80%) e unha porcentaxe do 2,56% de ditames emitidos/executoria despachada.

- *Datos particulares relativos aos Xulgados do Penal*

A cifra total de executorias despachadas no ano foi de 16.773, cun descenso de -455 (-2,64%). Emitíronse 29.594 ditames fiscais, cun descenso de -492 (-1,63%) e unha porcentaxe do 1,76% de ditames emitidos/executoria despachada.

1.2. EVOLUCIÓN DA CRIMINALIDADE (DELITOS)

1.2.1 EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

1.2.2 EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS

1.2.3 EXAME ESPECIAL DOS DELITOS NO ÁMBITO DA FISCALÍA DA CA DE GALICIA

1.2.4 EXAME ESPECIAL DOS DELITOS EN DIP DAS FISCALÍAS PROVINCIAIS E EN MEDIDAS CAUTELARES (PRISIÓN PROVISIONAL)

Nesta sección 1.2 do capítulo II da Memoria realízase un exame da evolución da criminalidade (delitos), que, ao igual que a realizada na anterior sección 1.2, relativa á evolución dos procedementos penais, se basea nos datos contidos nas estatísticas e memorias anuais das fiscalías provinciais de Galicia.

1.2.1. EXAME XERAL DOS DELITOS (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)


Advertencia previa. Na estatística fiscal non aparecen datos de delitos asociados a novos xuízos por delito leve (XDL), como xa acontecía co seu precedente XF, o que se ten en conta para o exame de delitos que seguen. (De existiren datos sobre delitos asociados a este novo XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 20.240 delitos incoados, 1 delito/procedemento incoado. Igualmente, cumpriría engadir unha cifra mínima adicional de 3.094 delitos sentenciados, 1delito/sentenza condenatoria. En todo caso, non cabería achegar datos de delitos cualificados pois non existe neste procedemento o trámite de cualificación escrita).

Xa que logo, ao examinar os delitos incoados e cualificados consideramos a cifra total de procedementos tramitados e incoados en Galicia sen computar as correspondentes aos XDL (106.327 e 138.455 en 2016). Cando falamos dos delitos sentenciados, poñémolos en relación coa cifra total de sentenzas condenatorias, sen contar as ditadas en XDL (12.012).

1.2.1.1. Resumo dos delitos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS ASOCIADOS AOS PROCEDEMENTOS XUDICIAIS RESUMO PERÍODO 2008 - 2016. DATOS TOTAIS DE GALICIA			
AÑO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2008	220.564	14.785	14.704
2009	248.891	14.785	16.702
2010	237.800	16.251	15.278
2011	235.699	16.989	15.631
2012	197.797	21.231	15.073
2013	193.341	17.787	13.707
2014	180.612	17.220	13.642
2015	170.767	13.102	13.475
2016	106.327	15.750	13.741
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-64.440 (-37,74%%)	2.648 (20,21%)	266 (1,97%)
“EVAPORACIÓN” (DIFERENZA CIFRA INCOADOS - CIFRA CUALIFICADOS)		90.577 (-67.088 =-42,55%)	
TOTAL PERÍODO 2008-2016	1.791.798	147.900	131.953
MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	199.089	16.433	14.661
% DELITOS PERÍODO 2008-2016	100%	8,25% respecto da media anual incoados	89,22% respecto da media anual incoados

RESUMO DELITOS GALICIA - ANO 2016




1.2.1.2. Exame dos delitos incoados (asociados a incoación procedemental)

1.2.1.2.1. Datos xerais de delitos incoados no período 2008-2016

No seguinte gráfico reflíctese a evolución das cifras de delitos incoados nas provincias de Galicia nese período. A media anual situouse en 199.089, cunha *ratio* de 0,94 en relación coa media anual de procedementos incoados en igual período (210.872), sen contar XDL.

Entre o inicio e o final do período rexistrouse un elevado descenso de máis da metade, concretamente -114.237 (-51,79%). O punto álxido do ciclo foi o ano 2009, con 248.891 delitos, a partir de aí a cifra foi diminuindo (-16,08% no 2012) ata chegar ao descenso acumulado final de -51,79% no 2016, similar ao 53,84% do descenso equivalente de procedementos incoados (sen contar XDL). Se tomamos como referencia inicial o mencionado ano 2009, o descenso acumulado de delitos incoados ata 2016 sería de -142.564 delitos, equivalente ao 57,28%.

EVOLUCIÓN DE DELITOS INCOADOS GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



1.2.1.2.2. Datos xerais de delitos incoados no 2016

Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal, no ano 2016 consta a cifra total de 106.327 delitos incoados nas provincias de Galicia (delitos asociados ao conxunto de todos os procedementos xudiciais incoados), cun descenso interanual de -64.440, equivalente a unha alta porcentaxe de máis dun terzo (-37,74%) e unha correcta *ratio* de 1,001 delitos por procedementos incoados (106.327/106.207 procedementos incoados, sen incluír XDL). Este gran descenso de 2016 contrasta co lixeiro rexistrado o ano anterior (-5,45%), pero está en liña co avultado -38,78% rexistrado na cifra total de procedementos incoados (106.207), sen contar XDL. (Segundo o comentado, se tivésemos datos de delitos asociados a XDL, habería que engadir unha cifra adicional mínima de 20.240 delitos incoados no 2016, 1 delito/procedemento).

En todo caso, hai que tomar con certa cautela as cifras totais de delitos, dado que moitos están asociados a procedementos que se transforman noutros, de xeito que o mesmo delito “viaxa” dun procedemento a outro (aumento de procedementos sen aumento de delitos). Por outra parte, sucede outras veces que delitos asociados a procedementos incoados son despois obxecto de acumulación dentro do mesmo órgano xudicial ou de inhibición a outro (isto ocorreu en 2016 co 26,53% das DP tramitadas). Nestes casos, algún delito “desaparece” nese proceso de acumulación/inhibición (diminución de procedementos e delitos), sempre que, finalmente, se conclúa acumulando un procedemento a outro xa incoado anteriormente polo mesmo delito.

Valoración dos datos xerais

O elevado descenso dos delitos incoados no 2016 (máis dun terzo), lóxicamente paralelo ao dos procedementos incoados ao que están asociados, confirma as nosas previsións e é unha continuación acentuada do lixeiro descenso observado xa en 2015 (-5,45%).

A razón desta tendencia encóntrase, indubidablemente, na tan citada reforma operada pola Lei 41/2015 (supresión da regra xeral de remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados policiais sen autor coñecido). Esta reforma afectou moi especialmente ao procedemento de DP e aos delitos incoados relacionados, especialmente os delitos patrimoniais, sobre todo as subtraccións violentas e non violentas, roubos e furtos, nos que se aprecia un enorme descenso (como logo veremos), paralelo ao experimentado por sobresementos provisionais en DP.

1.2.1.2.3. Datos particulares de delitos incoados por procedimientos en 2016

ESTADÍSTICA 2015 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS INCOADOS. DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMENTOS XUDICIAIS								
	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DELITOS INCOADOS	88.044	7.931	10.242	93	17	106.327	170.767	-64.440 (-37,74%)
V.I.	-64.645% (-42,71%)	172 (2,22%)	1.016 (11,01%)	24 (34,78%)	-7 (-29,17%)			
%	82,80%	7,46%	9,63%	0,087%	0,015%	100%		
PROCEDEMENTOS INCOADOS	89.001	7.979	9.117	92	18	106.207 (sen XDL)	173.492 (sen XDL)	-67.285 (-38,78%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ PROCEDEMENTOS INCOADOS	0,99	0,99	1,12	1,01	0,94	1,001	0,98	

O procedemento de DP, que concentra a maior porcentaxe de incoacións, tamén rexistra a maior porcentaxe de delitos incoados, concretamente o 82,80%, cunha case correcta ratio de 0,99 delitos por procedemento incoado, que se eleva á correcta de 1,04 se relacionamos a cifra de delitos incoados coa de DP efectivamente "ingresadas" en Fiscalía (84.631). Os delitos incoados en DP rexistraron en 2016 un elevado descenso de -64.645, equivalente a -42,71% (similar ao paralelo descenso de -43,47% apreciado na incoación deses procedementos). O resto de delitos incoados (17,19%) repártese entre os demais procedementos, especialmente DU (7,46%) e PA (9,63%).

1.2.1.2.4. Datos particulares de delitos incoados por provincias en 2016

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS INCOADOS. DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DELITOS INCOADOS	36.814	12.874	11.059	45.580	106.327	170.767	-64.440 (-37,74%)
V.I.	-17.056 (-31,66%)	-5.374 (-29,45*%)	-8.301 (-42,88%)	-33.709 (-42,51%)			
%	34,62%	12,11%	10,40%	42,87%	100%		
PROCEDEMENTOS INCOADOS (SEN XDL)	36.631	12.764	11.259	45.553	106.207 (sen XDL)	173.492 (sen XDL)	-67.285 (-38,78%)
RATIO DELITOS INCOADOS/ PROCEDEMENTOS INCOADOS	1,00	1,01	0,98	1,02	1,01	0,98	

As provincias que concentran a maior porcentaxe de delitos incoados son as de Pontevedra (42,87%) e a da Coruña (34,62%), seguidas das de Lugo (12,11%) e Ourense (10,40%).


1.2.1.2.5. Grupos de delitos incoados en 2016

A continuación realízase un exame resumido dos grupos de delitos incoados que durante o 2016 tiveron unha maior porcentaxe e representación cuantitativa no ámbito das provincias de Galicia. No apartado 1.2.2 farase un exame especial, máis detallado, dos grupos delituosos.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE DATOS TOTAIS DE GALICIA						
ORDE	GRUPO DELITUOSO	2016	%	2015	%	V.I.
	CIFRA TOTAL	106.327	100%	170.767	100%	-64.440 (-37,74%)
1º	DELITOS DE LESIÓNS	44.338	41,70%	46.942	27,49%	-2.604 (-5,55%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	21.822	20,52%	74.535	43,65%	-52.713 (-70,72%)
3º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	7.154	6,73%	7.001	4,10%	153 (2,18%)
4º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	4.082	3,84%	4.307	2,52%	-225 (-5,22%)
5º	DELITOS CONTRA ADMÓN. DE XUSTIZA	3.502	3,29%	3.453	2,02%	49 (1,42%)
6º	DELITOS CONTRA AS RELACIÓNS FAMILIARES	2.148	2,02%	2.243	1,31%	-95 (-4,23%)
7º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	1.264	1,19%	1.116	0,65%	148 (13,26%)
8º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	1.178	1,11%	871	0,51%	307 (35,25%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	1.126	1,06%	938	0,55%	188 (20,04%)
10º	DELITOS DE FALSIDADE	947	0,89%	1.011	0,59%	-64 (-6,33%)
	RESTO DOS DELITOS (DEMAIS GRUPOS, INCLUÍDO "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	18.766	17,65%	28.350	16,60%	-9.584 (-33,80%)

GRUPOS DE DELITOS INCOADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUALITATIVAMENTE - GALICIA 2016



Análise de datos

Análise dos tres primeiros grupos delituosos máis representativos cuantitativamente

1º) Grupo de delitos de lesións. Ata o ano pasado ocupaba o segundo posto. A estatística fiscal de 2016 reflicte neste grupo unha cifra total de 44.338 ilícitos rexistrados, cun leve descenso interanual de -2.604 (-5,55%) e unha elevada porcentaxe do 41,70% no total de delitos incoados nas provincias de Galicia (106.327). Pode dicirse, pois, que máis de 4 de cada 10 delitos incoados ese ano son delitos de lesións. Estes datos contrastan cos de 2015, que rexistrara un leve aumento do 1,34% e unha porcentaxe de só 27,49% na cifra total. Polo tanto, no 2016 rexístrase neste grupo un pequeno descenso pero cunha porcentaxe claramente superior na cifra total.

2º) Grupo de delitos patrimoniais e socioeconómicos. Ata o ano 2015, este grupo viña ocupando o primeiro posto. Consta en 2016 un total de 21.822 ilícitos, cun elevado descenso de -52.713, equivalente a máis de dous terzos (-70,72%) e unha cuarta parte (20,52%) da cifra total. Estes datos contrastan cos de 2015, cun leve descenso de -9,64% e porcentaxe do 43,65%. Así pois, no 2016 obsérvase un elevado descenso e unha porcentaxe menor (menos da metade) na cifra total.

Como se explica máis adiante polo miúdo (apartado 1.2.2.11 deste capítulo II), o marcado descenso deste grupo débese, moi probablemente, ao efecto da reforma operada pola Lei 41/2015, que supuxo un descenso das incoacións en DP e, particularmente, dos

sobresementos provisionais (SP) ligados a atestados sen autor coñecido (que agora, por regra xeral, non chegan aos órganos xudiciais e fiscalías). De non se ter realizado tal reforma é probable que aparecesen como incoados unha avultada cifra adicional de delitos patrimoniais sen autor coñecido, equivalente, polo menos, ao descenso observado (-52.713), que, posteriormente, se “evaporarían” polo seu SP na fase de cualificación.

3º) Grupo de delitos contra a seguridade viaria. Repite o mesmo posto que en anos anteriores. No 2016 figura rexistrada a cifra total de 7.154 ilícitos, cun leve incremento de 153 (2,18%) e unha porcentaxe do 6,73% da cifra total de Galicia (106.327). Datos que contrastan cos de 2015, que tiña apreciable descenso de -19,14% e porcentaxe do 4,10%. Polo tanto, no 2016 obsérvase neste grupo un leve incremento e unha porcentaxe lixeiramente superior na cifra total.

- *Suma dos tres primeiros grupos delituosos.* Supón en 2016 unha cifra conxunta de 73.314 infraccións, cun gran descenso de -55.614 (-42,94%) e unha porcentaxe de máis de dous terzos (68,95%). Xa que logo, pódese dicir que no ano 2016 case 7 de cada 10 delitos incoados pertencía a este conxunto de grupos delituosos (lesións, patrimoniais e seguridade viaria).

Análise adicional. Delitos sen especificar

- *Suma dos dez grupos máis representativos cuantitativamente.* Alcanzaron a cifra conxunta de 87.561 delitos, cun forte descenso de -54.856 (-38,52%) e un 82,35% na cifra total. O resto de delitos incoados no 2016 (demais grupos, incluídos os delitos sen especificar) chegaron a 18.766, cun gran descenso interanual de -9.584 (-33,80%) e un 17,65% no total de delitos (106.327).

- *Delitos sen especificar.* Dentro do grupo “resto de delitos” destacan os *delitos incoados sen especificar* ou *innominados*, que no ano 2016 foron 15.275, cun elevado descenso interanual de -8.938 e unha porcentaxe do 14,37% no total. O 98,01% de ilícitos están asociados ás DP, procedemento no cal, como filtro preliminar, pode parecer normal esta indefinición inicial da natureza do feito delituoso (prequalificación inicial, non dotada da precisión propia da cualificación fiscal e da sentenza). Probablemente este 14,37% de “delitos incoados sen especificar” estean, en boa medida, asociados a denuncias por feitos impunes que dan lugar a arquivamentos definitivos, forma de terminación procedemental que no 2016 conta no maioritario procedemento de DP cunha avultada cifra de 15.549. Como se veu apuntando en memorias de anos anteriores, é moi probable que a vinculación entre “delitos incoados sen especificar” e arquivamentos definitivos estea relacionada coa volátil categoría das denuncias por feitos impunes (lesións fortuítas ou accidentais desvinculadas de responsabilidade penal, extravíos ou perda de obxectos e/ou documentos).


1.2.1.3. Exame dos delitos cualificados (asociados a cualificación fiscal)

1.2.1.3.1. Datos xerais de delitos cualificados no período 2008-2016

Explícase no gráfico seguinte a evolución das cifras de delitos cualificados en Galicia no período referido. A cifra media anual é de 16.433, cunha coherente *ratio* de 1,17 delitos cualificados en relación coa cifra media anual de cualificacións fiscais en igual período (14.001).

Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un lixeiro aumento do 6,53%, que contrasta co elevado descenso de máis da metade (-56,88) que, en igual período, experimentaron os delitos incoados, como quedou explicado.

EVOLUCIÓN DE DELITOS CUALIFICADOS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



1.2.1.3.2. Datos xerais de delitos cualificados no 2016

Datos xerais

De acordo coa estatística fiscal consta no ano 2016 a cifra total de 15.750 delitos cualificados polo fiscal (delitos asociados ás cualificacións fiscais), cun apreciable aumento interanual de 2.648, equivalente a 1/4 (20,21%) e unha coherente *ratio* de 1,13 delitos por cada cualificación fiscal (15.750 delitos/13.923 cualificacións). Estes datos de 2016 evidencian unha clara mellora con respecto ao ano anterior, que rexistrara un descenso de -4.118, case 1/5 (23,915).

Valoración dos datos xerais

Convén comentar dúas cuestións que amosan un funcionamento máis eficiente do sistema: a) redución da “volatilización” de delitos incoados; e b) explicación do aumento de cualificacións e da redución da “volatilización”.

- “Volatilización” ou “evaporación” de delitos (diferenza entre delitos incoados e cualificados).

Neste ano 2016 produciuse un importante cambio de tendencia na “volatilización” ou “evaporación” de delitos entre a fase de instrución (delitos incoados) e a fase de cualificación fiscal. En efecto, no ano 2015 —segundo a habitual tendencia de anos anteriores— observárase unha alta cifra de “volatilización” de 157.665 delitos, equivalente a un altísimo 92,33%, dado que, en relación cunha cifra de 170.767 delitos incoados, só foran obxecto de cualificación 13.102 (o 7,67%). Este fenómeno observárase especialmente en relación cos delitos patrimoniais e de lesións. Agora, no 2016, a “evaporación” referida reduciuse notablemente, xa que se situou na cifra de 90.577 (106.440 incoados -15.750 cualificados), equivalente ao 85,19% dos incoados, o que supón un elevado descenso interanual de -67.088 (-42,55%). O grupo de delitos de lesións, con 41.807 delitos, acapara case a metade (46,16%) desa “evaporación”, e o grupo de delitos patrimoniais, con 18.388 ilícitos, a quinta parte (20,30%).

- *Explicación do aumento de cualificacións e da redución da “volatilización” de delitos*
As razóns son as mesmas xa comentadas en relación coas cualificacións fiscais, concretamente, a dobre reforma legal de 2015 (Lei 41/2015 e Lei orgánica 1/2015). Tales reformas supuxeron un gran descenso das cifras de incoación e tramitación de procedementos (nomeadamente, DP), coa conseguinte liberación de recursos que permiten aumentar a actividade xudicial e fiscal (particularmente, cualificacións e asistencia a xuízos). A supresión, por regra xeral, da remisión aos órganos xudiciais e fiscais dos atestados sen autor coñecido, significou que xa non aparezan incoados delitos que despois eran obxecto de SP (sobre todo, nos grupos de delitos patrimoniais e de lesións).

1.2.1.3.3. Datos particulares de delitos cualificados por procedementos no 2016

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA							
DELITOS CUALIFICADOS. DATOS PARTICULARES POR PROCEDEMENTOS XUDICIAIS							
	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DELITOS CUALIFICADOS	6.284	9.314	131	21	15.750	13.102	2.648 (20,21%)
V.I.	393 (6,67%)	2.260 (32,04%)	-8 (-5,75%)	3 (16,67%)			
%	39,90%	59,14%	0,83%	0,13%	100%		
CUALIFICACIÓNS FISCAIS	6.009	7.835	66	13	13.923	12.696	1.227 (9,66%)
RATIO DELITOS CUALIFICADOS/ CUALIFICACIÓNS FISCAIS	1,04	1,19	1,98	1,38	1,13	1,03	

De xeito paralelo ás cifras de cualificacións, o procedemento que agrupa o maior número de delitos cualificados é o PA, co 59,14% do total, seguido de DU (39,90%), SU (0,83%) e PX (0,13%). Ademais, apréciase en PA un grande aumento interanual de case un terzo (32,04%), debido seguramente ao impacto de axilización en DP producido pola reforma operada pola Lei 41/2015.

1.2.1.3.4. Datos particulares de delitos cualificados por provincias no 2016

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS CUALIFICADOS. DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DELITOS CUALIFICADOS	7.315	1.707	1.859	4.869	15.750	13.102	2.648 (20,21%)
V.I.	2.502 (51,98%)	137 (8,73%)	-8 (-0,43%)	17 (0,35%)			
%	46,44%	10,84%	11,80%	30,92%	100%		
CUALIFICACIÓNS FISCAIS	5.741	1.543	1.617	5.022	13.923	12.696	1.227 (9,66%)
RATIO DELITOS CUALIFICADOS/ CUALIFICACIÓNS FISCAIS	1,27	1,11	1,15	0,97	1,13	1,03	

De forma semellante ás cifras de cualificacións, a provincia que concentra maior número de delitos cualificados é a da Coruña (46,44% do total) seguida de Pontevedra (30,92%), Ourense (11,80%) e Lugo (10,84%).


1.2.1.3.5. Grupos de delitos cualificados en 2016

A continuación efectúase un exame resumido dos grupos de delitos cualificados que durante o ano 2016 tiveron unha maior porcentaxe e representación cuantitativa no ámbito das provincias de Galicia. No posterior apartado 1.2.2 faise un exame especial, máis polo miúdo, dos grupos delituosos.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS CUALIFICADOS MÁIS REPRESENTATIVOS. DATOS DE GALICIA						
ORDE	GRUPO DELITUOSO	2016	%	2015	%	V.I.
	CIFRA TOTAL	15.750	100%	13.102	100%	2.648 (20,21%)
1º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	5.497	34,90%	5.379	41,05%	118 (2,19%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	3.435	21,81%	2.412	18,41%	1.023 (42,41%)
3º	DELITOS DE LESIÓNS	2.531	16,07%	1.756	13,40%	775 (44,13%)
4º	DELITOS CONTRA ADMÓN. XUSTIZA	1.075	6,83%	1.013	7,73%	62 (6,13%)
5º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	700	4,44%	587	4,48%	113 (19,25%)
6º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	661	4,20%	416	3,18%	245 (58,89%)
7º	DELITOS CONTRA RELACIÓNS FAMILIARES	552	3,51%	390	2,98%	162 (41,54%)
8º	DELITOS DE FALSIDADE	268	1,70%	272	2,08%	-4 (-1,47%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	257	1,63%	221	1,69%	36 (16,29%)
10º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL)	226	1,43%	197	1,50%	29 (14,72%)
	RESTO DOS DELITOS (RESTANTES GRUPOS, INCLUÍDOS "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	548	3,48%	459	3,50%	89 (19,39%)

GRUPOS DE DELITOS CUALIFICADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE - GALICIA 2016



Análise de datos

Análise dos tres primeiros grupos delituosos máis representativos cuantitativamente

1º) Grupo de delitos contra a seguridade viaria. Ocupa o primeiro posto, como vén acontecendo todos os anos. Conforme á estatística fiscal de 2016, constan 5.497 ilícitos, cun pequeno aumento interanual de 118 (2,19%) e unha elevada porcentaxe de máis dun terzo (34,90%) no total de delitos nas provincias de Galicia (15.750). Pode dicirse, pois, que algo máis dun de cada tres delitos cualificados pertence a este grupo. Os datos deste ano contrastan cos de 2015, cun elevado descenso de -27,95% e unha porcentaxe do 41,05% na cifra total. Xa que logo, no 2016 apréciase neste grupo un pequeno incremento, pero cun apreciable redución do seu peso porcentual na cifra total.

2º) Grupo de delitos patrimoniais e socioeconómicos. Como en anos anteriores, no 2016 este grupo ocupa o segundo posto, cunha cifra de 3.435, un elevado incremento de 1.023 (42,41%) e máis de 1/5 (21,81%) na cifra total de delitos cualificados de Galicia. Este datos difiren dos de 2015, cun notable descenso de -25,91% e unha porcentaxe do 18,41%. Polo tanto, produciuse en 2016 un grande aumento neste grupo, se ben só sobe lixeiramente a súa porcentaxe na cifra total.

Como se explica máis adiante polo miúdo (apartado 1.2.2.11 deste capítulo II), o destacado aumento deste grupo ten a súa explicación, moi probablemente, no efecto da reforma operada pola Lei 41/2015, que supuxo liberación de recursos, polo descenso

de incoacións, sobre todo en DP con SP, ligados a atestados policiais sen autor coñecido (que agora, por regra xeral, non chegan aos órganos xudiciais e fiscalías).

3º) Grupo de delitos de lesións. Ao igual que noutros anos, ocupa este grupo o terceiro posto, cunha cifra total de 2.531 delitos, cun elevado aumento de 775 (44,13%) e unha porcentaxe do 16,07% na cifra total de Galicia. Contrastan estes datos cos de 2015, que rexistrara un apreciable descenso de -25,91% e unha porcentaxe do 13,40%. Así pois, no 2016 hai un elevado aumento pero cun só lixeiro aumento da porcentaxe na cifra total.

- *Suma dos tres primeiros grupos delituosos.* Supón en 2016 unha cifra conxunta de 11.463 delitos, cun grande aumento de 1.916, equivalente a 1/5 (20,07%), e unha porcentaxe de case 3/4 (72,78%) na cifra total de delitos (15.750). Pode dicirse, xa que logo, que máis de 7 de cada 10 delitos cualificados en 2016 o foron por delitos destes tres grupos (seguridade viaria, patrimoniais ou lesións).

Análise adicional

- *Suma dos dez grupos máis representativos cuantitativamente.* Acadaron a cantidade conxunta de 15.202, cun incremento de 2.559, equivalente a unha cuarta parte (20,24%) e un 96,52% do total. A cifra do resto de delitos quedou reducida a 548, cun aumento de 89 (19,39%) e unha porcentaxe de só 3,50%.


1.2.1.4. Exame dos delitos sentenciados (asociados a sentenza)

1.2.1.4.1. Datos xerais dos delitos sentenciados no período 2008-2016

No gráfico seguinte reflíctese a evolución das cifras de delitos sentenciados nas provincias de Galicia no citado período. A media anual foi de 14.661, cunha correcta *ratio* de 1,14 en relación coa media anual de sentenzas condenatorias en igual período (12.794).

Entre o inicio e final do ciclo, no que se observa bastante estabilidade, produciuse un leve descenso de só 963 sentenzas (-6,55%). O punto álxido, con 16.702 sentenzas, foi no ano 2009 (posterior á reforma penal, en materia de seguridade viaria, mediante a Lei orgánica 15/2007). A partir de aí, con lixeiras oscilacións, chégase ao ano 2016, cun descenso acumulado de -2.961 (-17,73%) respecto daquel ano.

EVOLUCIÓN DE DELITOS SENTENCIADOS
GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016



1.2.1.4.2. Datos xerais de delitos sentenciados en 2016

De acordo coa estatística fiscal, constan 13.741 delitos sentenciados en Galicia (delitos asociados a sentenzas condenatorias ditadas, sen incluír os XDL), cun pequeno aumento interanual de 266, equivalente a (1,97%) e unha correcta *ratio* de 1,14 delitos sentenciados por sentenza condenatoria (13.741/12.012). (Segundo o comentado, de ter datos de delitos no novo XDL, habería que engadir unha cifra mínima adicional de 3.094 delitos sentenciados, 1 delito/sentenza condenatoria.)

1.2.1.4.3. Datos particulares de delitos sentenciados por provincias en 2016

A estatística fiscal ofrece datos dos delitos sentenciados por provincias, sen facer precisións por tipo de procedementos.

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA DELITOS SENTENCIADOS. DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DELITOS SENTENCIADOS	6.115	1.272	1.666	4.688	13.741	13.475	266 (1,97%)
V.I.	551 (9,90%)	30 (2,41%)	-108 (6,09%)	-207 (-4,23%)			
%	44,50%	9,26%	12,12%	34,12%	100%		
SENTENZAS (CONDENATORIAS), sen sentenzas XDL	5.301	1.158	1.383	4.170	12.012	13.580	
RATIO DELITOS SENTENCIADOS/ SENTENZAS CONDENAT.	1,15	1,10	1,20	1,12	1,14	0,99	

As provincias cunha maior porcentaxe de delitos sentenciados son as da Coruña (44,50%) e Pontevedra (34,12%), seguidas das de Ourense (12,12%) e Lugo (9,26%).


1.2.1.4.4. Grupos de delitos sentenciados en 2016

Realízase seguidamente un exame resumido dos grupos de delitos sentenciados que durante o ano 2016 tiveron unha maior porcentaxe e representación cuantitativa no ámbito das provincias de Galicia. No posterior apartado 1.2.2 faise un exame especial, máis detallado, dos grupos delituosos.

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA GRUPOS DE DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS. DATOS TOTAIS DE GALICIA						
ORDE	GRUPO DELITUOSO	2016	%	2015	%	V.I.
	TOTAL	13.741	100%	13.475	100%	266 (1,97%)
1º	DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA	5.660	41,19%	5.812	43,13%	-152 (-2,61%)
2º	DELITOS PATRIMONIAIS E SOCIOECONÓMICOS (DELITOS CONTRA O PATRIMONIO E A ORDE SOCIOECONÓMICA)	2.485	18,08%	2.310	17,14%	175 (7,57%)
3º	DELITOS DE LESIÓNS	1.832	13,33%	1.754	13,02%	78 (4,45%)
4º	DELITOS CONTRA ADMÓN. DE XUSTIZA	995	7,24%	1.073	7,96%	-78 (-7,27%)
5º	DELITOS CONTRA A ORDE PÚBLICA	642	4,67%	571	4,24%	71 (12,43%)
6º	DELITOS CONTRA A LIBERDADE	522	3,80%	513	3,81%	9 (1,75%)
7º	DELITOS CONTRA RELACIÓNS FAMILIARES	355	2,58%	343	2,55%	12 (3,50%)
8º	DELITOS DE FALSIDADE	278	2,02%	243	1,80%	35 (14,40%)
9º	DELITOS CONTRA A SAÚDE PÚBLICA (RELATIVOS A SUBSTANCIAS NOCIVAS, MEDICAMENTOS, ALIMENTOS E TRÁFICO DE DROGAS)	258	1,89%	235	1,74%	23 (9,79%)
10º	DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL (DELITOS DE TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA INTEGRIDADE MORAL)	235	1,71%	190	1,41%	45 (23,68%)
	RESTO DOS DELITOS (RESTANTES GRUPOS, INCLUÍDO "DELITOS SEN ESPECIFICAR")	479	3,49%	328	2,43%	151 (46,04%)

GRUPOS DE DELITOS SENTENCIADOS MÁIS REPRESENTATIVOS CUANTITATIVAMENTE - GALICIA 2016



Análise de datos

Análise dos tres primeiros grupos delituosos máis representativos cuantitativamente

1º) Grupo de delitos contra a seguridade viaria. Como en anos anteriores, ocupa o primeiro posto. A estatística fiscal de 2016 reflicte a cifra total de 5.660 ilícitos sentenciados, cun leve descenso interanual de -152 (-2,61%) e unha elevada porcentaxe do 41,19% no total de delitos sentenciados en Galicia (13.741). Non se observan apenas diferenzas porcentuais respecto a 2015 (descenso de -6,01% e porcentaxe do 43,13%). Respecto a 2016 pode dicirse que 4 de cada 10 delitos sentenciados pertencían a este grupo de seguridade viaria.

2º) Grupo de delitos patrimoniais e socioeconómicos. Ocupa o segundo posto, como en anos anteriores. Constan 2.485 delitos sentenciados, cun lixeiro aumento de 175 (7,57%) e algo menos de 1/5 (18,08%) na cifra total. Ocupa o segundo posto todos os anos. Non se aprecian apenas diferenzas porcentuais respecto a 2015 (aumento do 1,05% e porcentaxe do 17,14%).

3º) Grupo de delitos de lesións. Como todos os anos, ocupa o terceiro posto. Figura en 2016 a cifra de 1.832 delitos sentenciados, cun leve aumento de 78 (4,45%) e porcentaxe do 13,33% no total de Galicia. Apenas hai diferenzas porcentuais con respecto ao 2015 (aumento do 2,69% e porcentaxe do 13,02%).

- *Suma dos tres primeiros grupos delituosos.* Supón en 2016 unha cifra conxunta de 9.997 ilícitos, cun leve descenso de -450 (-4,71%) e unha porcentaxe de case $\frac{3}{4}$ (72,75%) da cifra total de delitos sentenciados (13.741). Pode dicirse, xa que logo, que no 2016 algo máis de cada 7 delitos sentenciados pertencía a este conxunto de grupos delituosos.

Análise adicional

- *Suma dos dez grupos máis representativos.* Alcanzaron a cifra conxunta de 13.262 delitos, cun leve aumento interanual de 115 (0,87%) e unha porcentaxe do 96,51% no total de delitos sentenciados. O resto de delitos (demais grupos, incluídos 13 de “delitos sen especificar”) chegaron á cifra de 479, cun aumento de 151 (46,04%) e unha porcentaxe do 3,49% na cifra total.

1.2.2. EXAME ESPECIAL DE GRUPOS DELITUOSOS

Despois do exame xeral da criminalidade (delitos) realizada nos apartados anteriores, centrámonos agora nunha especial referencia a grupos delituosos concretos. Nalgúns casos, para evitar reiteracións inútiles, faise remisión aos apartados correspondentes de áreas especializadas (sección 5 deste mesmo capítulo II).

Estes grupos delituosos —especialmente os delitos contra a vida e a integridade física, os delitos sexuais, así como os patrimoniais e os relacionados coa corrupción e co tráfico de drogas— pódennos servir como indicadores da percepción da seguridade cidadá. Referímonos á situación de protección das persoas e os seus bens fronte ás accións violentas, agresións ou situacións de perigo, tal como precisou o Tribunal Constitucional.

1. Delitos contra a vida (homicidio)
2. Delitos contra a integridade física (lesións)
3. Delitos contra a liberdade
4. Delitos de torturas e outros delitos contra a integridade moral
5. Delitos relativos á trata de seres humanos
6. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais
7. Delitos de violencia familiar (doméstica e de xénero)
8. Delitos contra a intimidade
9. Delitos contra o honor
10. Delitos contra as relacións familiares
11. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica
12. Delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social
13. Delitos contra os dereitos dos traballadores
14. Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros
15. Delitos relacionados co medio ambiente e o urbanismo
16. Delitos relativos ao tráfico de drogas
17. Delitos contra a seguridade viaria
18. Delitos relativos a falsidades
19. Delitos contra a Administración Pública
20. Delitos relacionados coa Administración de Xustiza
21. Delitos contra a orde pública
22. Delitos de leis especiais
23. Delitos relacionados coa corrupción (social, política e económica)

1.2.2.1. Delitos contra a vida (homicidios)

Dentro desta epígrafe inclúese o grupo delituoso relativo aos delitos de homicidio («Do homicidio e as súas formas», título I do libro II do Código penal). Neste apartado, como nos seguintes, faise un exame dos datos relativos aos delitos asociados á incoación dos procedementos xudiciais, á cualificación fiscal e ás sentenzas (delitos incoados, cualificados e sentenciados).

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 276, cun aumento interanual de 9 (3,37%) e unha porcentaxe do 0,26% do total de delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 51, cun incremento de 10 (24,39%) e unha porcentaxe do 0,32% no total de delitos cualificados (15.750), así como de só 18,48% respecto da cifra equivalente de delitos incoados (276)¹.

- *Delitos sentenciados*: 57, cun aumento de 2 (3,66%) e unha porcentaxe de só un 0,41% do total de delitos sentenciados (13.741).

DELITOS DE HOMICIDIO GALICIA 2016



Exame detallado de delitos incoados

Exposición de datos

DELITOS INCOADOS	DP	PA	DU	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I	% 2016
DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)	221	0	26	17	12	276	267	9 (3,37%)	100%
HOMICIDIO	167	0	5	15	8	195	207	-12 (-5,80%)	70,65%
ASASINATO	3	0	0	2	4	9	14	-5 (-35,71%)	3,26%
HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA	50	0	21	0	0	71	43	28 (65,12%)	25,73%
AUXILIO E INDUCCIÓN AO SUICIDIO	1	0	0	0	0	1	3	-2 (-66,67%)	0,36%
% TOTAL DELITOS INCOADOS (106.327)						0,26%			
% TIPO PROCEDEMENTO	80,07%	0%	9,42%	6,16%	4,35%	100%			

Análise resumida de datos

Dos 276 delitos de homicidio incoados, só unha cifra inicial de 204 corresponderían a mortes violentas por homicidio doloso ou asasinato (195 e 9, respectivamente), mentres que o resto son 1 delito de auxilio e indución ao suicidio e 71 mortes accidentais de “homicidios por imprudencia”. Estas cifras, aínda que reflicten a realidade estatística de delitos asociados aos procedementos xudiciais incoados, cómpre analízalas debidamente para, coa maior exactitude posible, poder aclarar cantos casos reais concretos albergan, tanto no relativo ás mortes violentas de homicidios culposos/asasinatos como ás mortes accidentais de homicidios imprudentes (sobre todo, por accidentes de tráfico e accidentes laborais).

De acordo coas aclaracións da posterior análise detallada, ofrécese a seguinte síntese de cifras posiblemente reais de homicidios incoados que resultan da estatística fiscal de 2016:

- *Mortes violentas por homicidio doloso ou asasinato.* Dentro do total de 276 homicidios hai unha cifra inicial de 204 homicidios dolosos ou asasinatos (cun descenso interanual de $-17 = 7,70\%$), a cal non pode tomarse literalmente, dado que seguramente engloban rexistrados feitos que, realmente, son homicidios imprudentes, aproximadamente 97. Isto sitúanos en 107 que, finalmente, quedarían reducidos aos 29 procedementos SU e

PX. Deles, 13 serían supostos de homicidio doloso/asasinato consumado, cun descenso interanual de -6 (-31,58%), a teor da estatística policial (3 deles, por violencia de xénero, VX); os restantes 16 supostos posiblemente sexan casos de tentativas (constan 1 asasinato e 2 homicidios, en grao de tentativa, na estatística fiscal de VX).

- *Mortes accidentais por delitos de homicidio imprudente* (sobre todo en accidentes de tráfico e de traballo). Na estatística fiscal consta só a cifra de 71 homicidios imprudentes, cun incremento de 28 (65,12%). Pero a cifra total real debe ser, como mínimo, 168, cun incremento interanual de 20 (13,51%). Esa cifra total resulta da suma das estatísticas oficiais administrativas de persoas falecidas en accidentes laborais, que foron 62 en 2016 (cun descenso de -5 = -7,46%) e en accidentes de tráfico, que foron 106 (aumento de 15 = 16,48%). Daquela, hai na estatística fiscal (71) unha “fuga” dunhas 97 mortes en accidentes (eran 105 o ano anterior), probablemente rexistrados no apartado xenérico de “homicidio”, que está pensado só para homicidios dolosos, e non no seu específico de “homicidios imprudentes”.

Análise detallada de datos

- *Homicidios dolosos ou asasinatos*

- *A elevada cifra inicial de 204 mortes violentas por homicidio doloso/asasinato*, que supón un descenso de -17 (-7,70%) respecto ao ano anterior (221), non pode tomarse literalmente como se cada un fose un dos casos reais coñecidos polas forzas policiais (que eran 13 en 2016, cun descenso de -6 = -31,58%). Ademais, téñase en conta que as 204 mortes da estatística fiscal engloban conxuntamente tanto os homicidios dolosos ou asasinatos consumados como os intentados; a diferenza da estatística policial, que vén distinguindo entre unha cifra total de homicidios dolosos/asasinatos coñecidos e outra máis concreta de consumados. Segundo o último informe balance de criminalidade 2016 do MINT, consta unha cifra concreta de 13 homicidios dolosos/asasinatos consumados, cun descenso interanual de -6 (-31,58%), dos que sabemos que 3 corresponden a violencia de xénero.

- Para aclarar a alta cifra de 204 mortes violentas por homicidio doloso/asasinato que reflicte a estatística fiscal, cómpre pensar que, moi probablemente, esa cifra está inflada e debe quedar reducida a unha moito máis pequena; concretamente, de 29 destes delitos só 13 serían consumados (3 por violencia de xénero) e o resto (10) serían en grao de tentativa. Para chegar a estas conclusións, baseámonos en dúas razóns:

1ª) A cifra de 204 engloba non só casos concretos deses homicidios dolosos/asasinatos, en grao de tentativa ou consumación, senón tamén moitos supostos de homicidios por imprudencia (nomeadamente, por accidentes de tráfico ou laborais). Isto pode acontecer porque no momento da incoación do procedemento xudicial,

cando se realiza unha “cualificación provisional” do delito, moitos destes “homicidios por imprudencia” (que teñen apartado específico de rexistro) son incluídos no apartado xenérico de “homicidio”, que en realidade está pensado só para o “homicidio doloso”. Estímase que no 2016 unha cifra total de 97 homicidios imprudentes (105 en 2015) “fuxiron” do seu rexistro específico e foron rexistrados como homicidios dolosos. Por tal razón, habería que restar esas 97 mortes accidentais dos 204 homicidios dolosos/asasinatos iniciais, que quedarían en 107, que, finalmente, se reduciría aos 29 correspondentes aos procedementos SU (17) e PX (12): 13 consumados, segundo a estatística policial, e 16 tentativas o resto (na estatística fiscal de violencia de xénero constan 1 asasinato e 2 homicidios intentados).

2ª) É frecuente que a cifra de homicidios dolosos/asasinato se infle debido a que un mesmo asunto pasa por varias fases procedementais e, probablemente, se rexistre como un feito novo cada vez (DP, SU, PX...). Cabe pensar que iso aconteceu no 2016, polo menos, cos 3 casos de mortes por VX.

- Homicidios imprudentes

- Datos xerais

A estatística fiscal de 2016 reflicte unha baixa cifra de só 71 homicidios imprudentes (sobre todo, por accidentes de tráfico ou laborais). Pero a cifra real debe ser, como mínimo, a indicada de 168, suma das cifras estatísticas oficiais administrativas de persoas falecidas en accidentes laborais (62) e en accidentes de tráfico (106). Polo tanto, hai na estatística fiscal (71) unha “fuga” dunhas 97 mortes en accidentes, probablemente rexistrados no apartado xenérico de “homicidio”, que está pensado só para homicidios dolosos, e non no seu específico de “homicidios imprudentes”. Aínda que a estatística fiscal engloba nunha soa categoría os “homicidios imprudentes”, a seguir trataremos de coñecer a cifra real dos homicidios imprudentes en accidentes de tráfico e de traballo.

- Datos concretos de homicidios imprudentes en accidentes de traballo

A estatística fiscal 2016 rexistra a cifra de 9 (todos delito), como pode observarse no apartado de sinistralidade laboral (apartado 5.2 deste capítulo II). Pero esta cifra é claramente escasa, xa que, segundo a estatística administrativa de sinistralidade laboral alí mencionada, no ano 2016 rexistráronse 62 mortes en accidente de traballo, cun descenso interanual de -5 (-7,46%); 5 desas mortes corresponden a accidentes laborais *in itinere* (rexistrados no ámbito xudicial, case sempre, como delitos non encaixables na sinistralidade laboral senón, por exemplo, como accidentes de tráfico). Esas mortes en accidente laboral seguramente terán chegado aos órganos xudiciais e formarán parte da cifra de 50 homicidios imprudentes que aparecen incoados no procedemento DP, pero moitos estarán incluídos no tipo xenérico de “homicidio”, que ten unha cifra de 195 (cun descenso interanual de -12=-5,80%).

Datos concretos de homicidios imprudentes en accidentes de tráfico

A estatística fiscal 2016 non ofrece datos concretos deste tipo de homicidios imprudentes, polo que debemos acudir necesariamente á estatística oficial da Dirección Xeral de Tráfico (Ministerio do Interior). Tal como se comenta no apartado de seguridade viaria desta memoria (apartado 5.5 deste capítulo II), segundo esa estatística administrativa, no ano 2016 consta unha cifra de 106 mortes por accidentes de tráfico, cun incremento interanual de 15 (16.48%). Esas mortes en accidente de tráfico, ao igual que as producidas no ámbito laboral, seguramente terán chegado aos órganos xudiciais e formarán parte da cifra de 50 homicidios imprudentes que aparecen incoados no procedemento DP, pero moitos estarán incluídos no tipo xenérico de “homicidio”, que teñen a referida cifra de 195.

Exame detallado de delitos cualificados*Exposición de datos*

DELITOS CUALIFICADOS	PA	DU	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)	17	1	26	7	51	41	10 (24,39%)	100%
HOMICIDIO	0	0	11	3	14	13	1 (7,69%)	27,45%
ASASINATO	0	1	15	3	19	13	6 (46,15%)	37,26%
HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA	17	0	0	1	18	15	3 (20,00%)	35,29%
AUXILIO E INDUCCIÓN AO SUICIDIO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0 (0%)
% DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,32%			
% TIPO PROCEDEMENTO	33,33%	1,96%	50,98%	13,73%	100%			

Análise de datos

Aínda que seguramente case todos sexan delitos incoados en anos anteriores a 2016, aparece só unha cifra total de 51 homicidios cualificados, cun aumento interanual de 10 (24,39%), o que supón só 18,48% en relación coa cifra total de incoados (276). Deste total de 561 cualificados, destacan sobre todo os 33 correspondentes a procedementos ordinarios (sumarios) e do xurado. Os delitos de homicidio “volatilizados” entre a incoación e a cualificación (225) moi

probablemente correspondan a delitos de homicidio imprudente que foron transformados desde DP ao novo XDL (accidentes de tráfico) ou que foron finalizados anticipadamente por sobresemento ou arquivamento.

Exame detallado de delitos sentenciados

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS DE HOMICIDIO (DO HOMICIDIO E AS SÚAS FORMAS)	22	3	7	25	57	55	2 (3,66%)	100%
HOMICIDIO	7	0	1	9	17	18	-1 (-5,55%)	29,82%
ASASINATO	1	1	3	6	11	6	5 (83,33%)	19,30%
HOMICIDIO POR IMPRUDENCIA	14	2	3	10	29	31	2 (6,45%)	50,88%
AUXILIO E INDUCIÓN AO SUICIDIO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
% DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					0,41%			
% PROVINCIAL	38,60%	5,26%	12,28%	43,86%	100%			

1.2.2.2. Delitos contra a integridade física (lesións)

Dentro desta epígrafe inclúense os delitos de lesións («Das lesións», título III do libro II CP).

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 44.338, cun lixeiro descenso interanual de -2.604 (-5,55%) e unha porcentaxe do 41,70% no total de delitos incoados en Galicia (106.327), polo que é o 1º grupo de delitos incoados cuantitativamente máis representativo.

- *Delitos cualificados*: 2.531, cun elevado aumento de 775 (44,13%) e un 16,07% no total de delitos cualificados (15.750), polo que é o 3º grupo de delitos cualificados cuantitativamente máis representativo. Estes 2.531 delitos cualificados representan unha porcentaxe do 5,71% respecto do equivalente de delitos incoados (44.338), mentres que o resto (41.807, o 94,29%) se “evaporou” na fase de instrución.

- *Delitos sentenciados*: 1.832, cun incremento de 78 (4,45%) e unha porcentaxe do 13,33% no total de delitos sentenciados (13.741).

DELITOS DE LESIÓN GALICIA 2016



Exame detallado de delitos incoados									
DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS DAS LESIÓNS	40.715	1.547	2.054	22	0	44.338	46.942	-2.604 (-5,55%)	100%
LESIÓNS (SIMPLES)	18.637	117	1.153	12	0	19.919	23.368	-3.449 (-14,76%)	44,92%
LESIÓNS CUALIFICADAS	603	2	12	0	0	617	558	59 (10,57%)	1,39%
LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	17.462	10	84	0	0	17.556	17.187	369 (2,15%)	39,60%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). LESIÓNS E MALTRATO FAMILIAR (OCASIONAL)	3.992	1.418	799	8	0	6.217	5.799	418 (7,21%)	14,02%
RIFA TUMULTUARIA	20	0	6	0	0	26	29	-3 (-10,34%)	0,06%
TRÁFICO DE ÓRGANOS	1	0	0	0	0	1	1	0 (0%)	0,002%
% TOTAL DELITOS INCOADOS (106.327)						41,70%			
% TIPO PROCEDEMENTO	91,83%	3,49%	4,63%	0,05%	0%	100%			

Exame detallado de delitos cualificados									
DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016	
DELITOS DAS LESIÓNS TRÁFICO DE ÓRGANOS	543	1.974	13	1	2.531	1.756	775 (44,13%)	100%	
LESIÓNS (SIMPLES)	97	1.076	10	1	1.184	749	435 (58,08%)	46,78%	
LESIÓNS CUALIFICADAS	2	101	2	0	105	93	12 (12,90%)	4,15%	
LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	29	112	0	0	141	113	28 (24,78%)	5,57%	
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). LESIÓNS E MALTRATO FAMILIAR (OCASIONAL)	415	685	1	0	1.101	800	301 (37,63%)	43,50%	
RIFA TUMULTUARIA	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%	
TRÁFICO DE ÓRGANOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%	
% TOTAL DELITOS CUALIFICADOS (15.750)						16,07%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	21,45%	77,99%	0,51%	0,04%	100%				

- Especial referencia á “evaporación” de delitos (diferenza entre delitos incoados e delitos cualificados)

É no grupo de delitos de lesións, xunto co de delitos patrimoniais, onde máis se evidencia o fenómeno de *evaporación*. Entre ambos os dous suman en 2016 os dous terzos (66,46%).

Segundo a estatística fiscal, dado que 44.338 son delitos incoados e 2.531 cualificados, a cifra de *evaporación* neste grupo delituoso de lesións sería de 41.807 (94,29% dos incoados), que representa unha porcentaxe de case a metade (46,16%) do total de «delitos evaporados» (90.577) e de máis dun terzo (39,32%) dos delitos incoados (106.327). A razón máis probable desta elevada *evaporación* nos delitos de lesións está na alta cifra de finalización anticipada (arquivamento/sobresemento, acumulación/inhibición).

Exame detallado de delitos sentenciados

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS DAS LESIÓNS TRÁFICO DE ÓRGANOS	954	162	209	507	1.832	1.754	78 (4,45%)	100%
LESIÓNS (SIMPLES)	594	96	107	262	1.059	927	132 (14,24%)	57,81%
LESIÓNS CUALIFICADAS	10	0	1	12	23	28	-5 (-17,86%)	1,25%
LESIÓNS POR IMPRUDENCIA	48	8	6	28	90	109	-19 (-17,43%)	4,91%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). LESIÓNS E MALTRATO FAMILIAR (OCASIONAL)	302	58	95	205	660	690	-30 (-4,35%)	36,03%
RIFA TUMULTUARIA	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
TRÁFICO DE ÓRGANOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
% DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					13,33%			
% PROVINCIAL	52,07%	8,84%	11,41%	27,67%	100%			

1.2.2.3. Delitos contra a liberdade

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 4.082, cun lixeiro descenso interanual de -225 (-5,22%) e un 3,84% no total de delitos incoados en Galicia (106.327), polo que é o 4º grupo de delitos incoados cuantitativamente máis representativo.

- *Delitos cualificados*: 700, apreciable aumento de 113 (19,25%) e un 4,44% no total de delitos cualificados (15.750), polo que é o quinto grupo de delitos cualificados cuantitativamente máis representativo. Eses 700 delitos cualificados representan o 17,15% respecto da cifra equivalente de delitos incoados (4.082), mentres que o resto (3.382, o 82,85%) se “evaporou” na fase de instrución.

- *Delitos sentenciados*: 522, cun leve incremento de 9 (1,75%) e unha porcentaxe do 3,80% no total de delitos sentenciados (13.741).

DELITOS CONTRA A LIBERDADE GALICIA 2016



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	3.440	362	277	3	0	4.082	4.307	-225(-,22%)	100%
DETENCIÓN ILEGAL	33	1	4	0	0	38	55	-17 (-30,91%)	0,93%
SECUESTRO CONDICIONAL	16	0	0	1	0	17	22	-5 (-22,73%)	0,42%
AMEAZAS NON CONDICIONAIS	1.953	48	104	1	0	2.106	2.199	-93 (-4,23%)	51,59%
AMEAZAS CONDICIONAIS	102	1	10	0	0	113	95	18 (15,93%)	2,77%
COACCIÓNS	702	11	28	0	0	741	1.007	-266 (-26,41%)	18,15%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). AMEAZAS	315	212	69	1	0	597	707	-110 (-15,56%)	14,62%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). COACCIÓNS	113	72	57	0	0	242	231	11 (4,76%)	5,93%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). ACOSO	33	13	0	0	0	46	0	46 (100%)	1,13%
DETENCIÓN/ SECUESTRO DE AUTORIDADE OU FUNCIONARIO DO ESTADO	0	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
COACCIÓNS MATRIMONIO FORZADO	0	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
ACOSO	173	4	5	0	0	182	0	182 (100%)	4,46%
% DELITOS INCOADOS (106.327)						3,84%			
% TIPO PROCEDEMENTO	84,27%	8,87%	6,79	0,07%	0%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	250	444	6	0	700	587	113 (19,25%)	100%
DETENCIÓN ILEGAL	0	8	1	0	9	11	-2 (-18,18%)	
SECUESTRO CONDICIONAL	0	0	1	0	1	1	0 (0%)	
AMEAZAS NON-CONDICIONAIS	60	135	1	0	196	166	30(18,07%)	28,00%
AMEAZAS CONDICIONAIS	4	9	0	0	13	19	-6 (-31,58%)	
COACCIÓNS	21	64	2	0	87	64	23 (35,94%)	12,43%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). AMEAZAS	118	124	0	0	242	240	2 (0,08%)	34,57%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). COACCIÓNS	35	84	1	0	120	86	34 (39,53%)	
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). ACOSO	3	8	0	0	11	0	11 (100%)	
DETENCIÓN/ SECUESTRO DE AUTORIDADE OU FUNCIONARIO DO ESTADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
COACCIÓNS MATRIMONIO FORZADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO	9	12	0	0	21	0	0 (0%)	
% TOTAL DELITOS INCOADOS (15.750)					4,44%			
% TIPO PROCEDEMENTO	35,71%	63,43%	0,86%	0%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A LIBERDADE	244	40	80	158	522	513	9 (1,75%)	100%
DETENCIÓN ILEGAL	3	0	0	1	4	15	-11 (-73,33%)	
SECUESTRO CONDICIONAL	1	0	0	0	1	0	1 (10%)	
AMEAZAS NON-CONDICIONAIS	84	3	25	38	150	127	23 (18,10%)	28,74%
AMEAZAS CONDICIONAIS	11	2	5	3	21	32	-11 (34,38%)	
COACCIÓNS	54	1	10	20	85	62	23 (37,10%)	16,28%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). AMEAZAS	66	28	34	64	192	210	-18 (-8,57%)	36,78%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). COACCIÓNS	16	6	6	27	55	67	-12 (-17,91%)	10,54%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). ACOSO	1	0	0	1	2	0	2 (100%)	
DETENCIÓN/ SECUESTRO DE AUTORIDADE OU FUNCIONARIO DO ESTADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
COACCIÓNS MATRIMONIO FORZADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO	8	0	0	4	12	0	0 (0%)	
% TOTAL DELITOS INCOADOS (13.741)					3,80%			
% PROVINCIAL	46,75%	7,66%	15,32%	30,27%	100%			

1.2.2.4. Delitos de tortura e outros delitos contra a integridade moral

Trátase do título VII do libro II do CP, “Das torturas e outros delitos contra a integridade moral”.

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 1.264, cun aumento interanual de 148 (13,26%) e 1,19% no total de delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 226, cun incremento de 29 (14,72%) e 1,43% no total de delitos cualificados (15.750), así como do 17,88% respecto da cifra equivalente de delitos incoados.

- *Delitos sentenciados*: 235 cun aumento de 45 (23,68%) e unha porcentaxe do 1,71% no total de delitos sentenciados (13.741).



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DAS TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	830	258	176	0	0	1.264	1.116	148 (13,26%)	100%
TRATOS DEGRADANTES	24	1	2	0	0	27	25	2 (8,00%)	2,14%
VIOLENCIA FAMILAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). MALTRATO HABITUAL	788	257	173	0	0	1.218	1.073	145 (13,51%)	96,36%
TORTURAS	4	0	0	0	0	4	8	4 (50,00%)	
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	5	0	0	0	0	5	6	-1 (-16,67%)	
OMISIÓN DE DEBER DE IMPEDIR TORTURAS	0	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO LABORAL	9	0	0	0	0	9	2	7 (350%)	
ACOSO INMOBILIARIO	0	0	1	0	0	1	2	-1 (-50,00%)	
% DELITOS INCOADOS (106.327))						1,19%			
% TIPO PROCEDEMENTO	65,67%	20,41%	13,92%	0%	0%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DAS TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	51	172	3	0	226	197	29 (14,72%)	100%
TRATOS DEGRADANTES	0	2	0	0	2	10	-8 (-80,00%)	4,42%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). MALTRATO HABITUAL	50	165	3	0	218	182	36 (19,78%)	96,46%
TORTURAS	0	3	0	0	3	2	1 (50,00%)	
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	1	1	0	0	2	3	-1 (-33,33%)	
OMISIÓN DE DEBER DE IMPEDIR TORTURAS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO LABORAL	0	1	0	0	1	0	1 (100%)	
ACOSO INMOBILIARIO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
% DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					1,43%			
% TIPO PROCEDEMENTO	22,56%	76,11%	1,33%	0%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DAS TORTURAS E OUTROS DELITOS CONTRA A INTEGRIDADE MORAL	106	29	22	78	235	190	45 (23,68%)	100%
TRATOS DEGRADANTES	10	0	0	4	14	2	12 (600%)	5,96%
VIOLENCIA FAMILIAR (DOMÉSTICA E DE XÉNERO). MALTRATO HABITUAL	94	29	22	72	217	180	37 (20.55%)	76,59%
TORTURAS	1	0	0	0	1	0	1 (100%)	
CONTRA A INTEGRIDADE MORAL POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	1	0	0	2	3	8	-5 (-62,50%)	
OMISIÓN DE DEBER DE IMPEDIR TORTURAS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO LABORAL	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
ACOSO INMOBILIARIO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
% TOTAL DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					1,71%			
% PROVINCIAL	45,11%	12,34%	9,36%	33,19%	100%			

1.2.2.5. Delitos relativos á trata de seres humanos

Esta epígrafe comprende os delitos incluídos en título VII bis do libro II do CP (“Da trata de seres humanos”).


Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 13, sen variación interanual e un 0,012% no total de delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 3, cun incremento de 2 (200%) e un 0,019% respecto á cifra total de delitos cualificados (15.750), así como do 23,08% respecto da cifra equivalente de delitos incoados.

- *Delitos sentenciados*: 9, cun aumento de 7 (350%) e un 0,065% no total de delitos sentenciados (13.741).

DELITOS TRATA SERES HUMANOS GALICIA 2016



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
TRATA DE SERES HUMANOS	8	0	5	0	0	13	13	0 (0%)	100%
TRATA DE SERES HUMANOS	8	0	5	0	0	13	13	0 (0%)	100%
% DELITOS INCOADOS (106.327)						0,012%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	61,54%	0%	38,46%	0%	0%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016	
TRATA DE SERES HUMANOS	0	2	1	0	3	1	2 (200%)	100%	
TRATA DE SERES HUMANOS	0	2	1	0	3	1	2 (200%)	100%	
% DELITOS CUALIFICADOS (15.750)						0,019%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	0%	66,67%	33,33%	0%	100%				

DELITOS SENTENCIADOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016	
TRATA DE SERES HUMANOS	8	0	0	1	9	2	7 (350%)	100%	
TRATA DE SERES HUMANOS	8	0	0	1	9	2	7 (350%)	100%	
% DELITOS SENTENCIADOS (13.741)						0,065%			
% PROVINCIAL	88,89%	0%	0%	11,11%	100%				

1.2.2.6. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais

Trátase dos «Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais» do título VIII do libro II do CP.

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 932, cun aumento interanual de 66 (7,62%) e un 0,88% dos delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 135, cun incremento de 27 (25%) e un 0,86% na cifra total de delitos cualificados (15.750), así como do 14,48% respecto da cifra equivalente de delitos incoados.

- *Delitos sentenciados*: 114, cun aumento de 28 (32,56%) e un 0,83% no total de delitos sentenciados (13.741).



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS SEXUAIS (DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS)	757	15	126	34	0	932	866	66 (7,62%)	100%
AGRESIÓNS SEXUAIS	237	7	25	18	0	287	274	13 (4,74%)	30,79%
VIOLACIÓN	5	0	0	0	0	5	10	-5 (-50,00%)	0,54%
ABUSOS SEXUAIS	241	1	53	7	0	302	293	9 (3,07%)	32,40%
ABUSO SEXUAL CON ACCESO CARNAL	8	0	0	2	0	10	7	3 (42,86%)	1,07%
ABUSO SEXUAL CON ENGANO	4	0	3	0	0	7	4	3 (75,00%)	0,75%
ACOSO SEXUAL	38	1	5	0	0	44	52	-8 (-15,38%)	4,72%
EXHIBICIONISMO E PROVOCACIÓN SEXUAL	27	4	8	0	0	39	41	-2 (-4,88%)	4,18%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE OU INCAPAZ	5	0	0	2	0	7	17	-10 (-58,82%)	0,75%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MAIOR DE IDADE	11	0	0	0	0	11	21	-10 (-47,62%)	1,18%
UTILIZACIÓN DE MENORES CON FINS PORNOGRÁFICOS	36	0	10	1	0	47	45	2 (4,44%)	5,04%
PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN OU TENZA DE MATERIAL PORNOGRÁFICO	30	2	5	1	0	38	35	3 (8,57%)	4,08%
CORRUPCIÓN DE MENORES	2	0	0	0	0	2	3	-1 (-33,33%)	0,21%
ABUSO SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	62	0	11	1	0	74	34	40 (117,65%)	7,94%
AGRESIÓN SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	23	0	2	2	0	27	11	16 (145,45%)	2,90%
ACOSO POR TELECOMUNICACIÓNS A MENORES DE 16 ANOS	7	0	1	0	0	8	8	0 (0%)	0,86%
ABUSO SEXUAL CON ENGANO SOBRE MAIORES DE 16 E MENORES DE 18 ANOS	0	0	1	0	0	1	10	-9 (-90,00%)	0,11%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

AGRESIÓN SEXUAL DE MENORES DE 16 ANOS CON ACCESO CARNAL (VIOLACIÓN)	0	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
OMISIÓN DOS DEBERES DE GARDA DO MENOR ESTADO PROST./CORRUP.	0	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
EXHIBICIÓN E PROVOCAÇÃO SEXUAL SOBRE MENORES DE 16 ANOS	13	0	0	0	0	13	0	13 (100%)	1,40%
USO DE PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE OU INCAPAZ	2	0	0	0	0	2	0	2 (100%)	0,22%
ASISTENCIA A ESPECTÁCULOS EXHIBICIONISTAS OU PORNO	6	0	2	0	0	8	0	8 (100%)	0,86%
% TOTAL DELITOS INCOADOS (106.327)						0,88%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	81,22%	1,61%	13,52%	3,65%	0%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS SEXUAIS (DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS)	8	94	33	0	135	108	27 (25,00%)	100%
AGRESIÓNS SEXUAIS	2	14	15	0	31	28	3 (10,71%)	22,96%
VIOLACIÓN	0	0	3	0	3	4	-1 (-25,00%)	2,22%
ABUSOS SEXUAIS	1	31	3	0	35	20	15 (75,00%)	25,94%
ABUSO SEXUAL CON ACCESO CARNAL	0	0	2	0	2	5	-3 (-66,67%)	1,48%
ABUSO SEXUAL CON ENGANO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
ACOSO SEXUAL	0	4	0	0	4	0	-4 (-100%)	2,96%
EXHIBICIONISMO E PROVOCACIÓN SEXUAL	3	6	0	0	9	10	-1 (-10,00%)	6,67%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE OU INCAPAZ	0	1	0	0	1	0	1 (100%)	0,74%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MAIOR DE IDADE	0	1	1	0	2	3	-1 (-33,33%)	1,48%
UTILIZACIÓN DE MENORES CON FINS PORNOGRÁFICOS	0	6	0	0	6	5	1 (20,00%)	4,44%
PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN OU TENZA DE MATERIAL PORNOGRÁFICO	1	7	1	0	9	5	4 (80,00%)	6,67%
CORRUPCIÓN DE MENORES	0	0	0	0	0	4	-4 (-100%)	0%
ABUSO SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	0	19	4	0	23	16	7 (43,75%)	17,04%
AGRESIÓN SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	1	2	1	0	4	2	2 (100%)	2,96%
ACOSO POR TELECOMUNICACIÓNS A MENORES DE 16 ANOS	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	0%
ABUSO SEXUAL CON ENGANO SOBRE MAIORES DE 16 E MENORES DE 18 ANOS	0	0	1	0	1	2	-1 (-50,00%)	0,74%
AGRESIÓN SEXUAL DE MENORES DE 16 ANOS CON ACCESO CARNAL (VIOLACIÓN)	0	0	2	0	2	2	0 (0%)	1,48%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

OMISIÓN DOS DEBERES DE GARDA DO MENOR ESTADO PROST./ CORRUP.	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
EXHIBICIÓN E PROVOCAÇÃO SEXUAL SOBRE MENORES DE 16 ANOS	0	2	0	0	2	0	2 (100%)	1,48%
USO DE PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE O INCAPAZ	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
ASISTENCIA A ESPECTÁCULOS EXHIBICIONISTAS OU PORNO	0	1	0	0	1	0	1 (100%)	0,74%
% TOTAL DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,86%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	5,93%	69,63%	24,44%	0%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS SEXUAIS (DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAIS)	57	4	10	43	114	86	28 (32,56%)	100%
AGRESIÓNS SEXUAIS	16	1	1	12	30	18	12 (66,67%)	26,31%
VIOLACIÓN	1	0	0	1	2	1	1 (50%)	1,75%
ABUSOS SEXUAIS	15	2	2	15	34	18	16 (88,89%)	29,82%
ABUSO SEXUAL CON ACCESO CARNAL	1	0	0	1	2	4	-2 (-50,00%)	1,75%
ABUSO SEXUAL CON ENGAÑO	1	0	0	0	1	1	0 (0%)	0,88%
ACOSO SEXUAL	1	0	0	0	1	0	1 (100%)	0,88%
EXHIBICIONISMO E PROVOCACIÓN SEXUAL	2	0	0	3	5	7	-2 (-28,57%)	4,39%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE OU INCAPAZ	2	0	0	0	2	1	1 (100%)	1,75%
PROSTITUCIÓN DE PERSOA MAIOR DE IDADE	0	0	1	0	1	3	-2 (-66,67%)	0,88%
UTILIZACIÓN DE MENORES CON FINS PORNOGRÁFICOS	1	1	0	2	4	3	1 (33,333%)	3,51%
PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN OU TENZA MATERIAL PORNOGRÁFICO	4	0	1	4	9	14	-5 (-35,71%)	7,89%
CORRUPCIÓN DE MENORES	0	0	0	0	0	5	-5 (-100%)	0%
ABUSO SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	7	0	3	3	13	7	6 (85,71%)	11,40%
AGRESIÓN SEXUAL A MENORES DE 16 ANOS	2	0	0	0	2	1	1 (100%)	1,75%
ACOSO POR TELECOMUNICACIÓNS A MENORES DE 16 ANOS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
ABUSO SEXUAL CON ENGAÑO SOBRE MAIORES DE 16 E MENORES DE 18 ANOS	0	0	1	0	1	2	-1 (-50,00%)	0,88%
AGRESIÓN SEXUAL DE MENORES DE 16 ANOS CON ACCESO CARNAL (VIOLACIÓN)	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%

Continúa na páxina seguinte

Ven da páxina anterior

OMISIÓN DOS DEBERES DE GARDA DO MENOR ESTADO PROST./ CORRUP.	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
EXHIBICIÓN E PROVOCACIÓN SEXUAL SOBRE MENORES DE 16 ANOS	4	0	1	1	6	0	6 (100%)	5,26%
USO DE PROSTITUCIÓN DE PERSOA MENOR DE IDADE OU INCAPAZ	0	0	0	1	1	0	1 (100%)	0,88%
ASISTENCIA A ESPECTÁCULOS EXHIBICIONISTAS OU PORNO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
% TOTAL DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					0,83%			
% PROVINCIAL	50,00%	3,51%	8,77%	37,72%	100%			

1.2.2.7. Delitos de violencia familiar (doméstica e de xénero)

Para evitarmos reiteracións inútiles, remitímonos á táboa de delitos da especialidade, contida na sección 5.1.1 deste mesmo capítulo II, e que aquí resumimos brevemente no que atinxe aos datos da estatística fiscal do ano 2016:

Violencia doméstica

- *Delitos incoados*: 930, cun descenso interanual de -168 (-15,30%) e leve porcentaxe do 0,87% do total de delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 374, cun descenso de -106 (-28,08%) e unha pequena porcentaxe do 2,37% no total de delitos cualificados (15.750).

- *Delitos sentenciados*: 133 delitos en sentenza condenatoria, cun descenso de -55 (-41,35%) e unha pequena porcentaxe do 0,97% no total de delitos sentenciados (13.741).

Violencia de xénero

- *Delitos incoados*: 3.687 e lixeira porcentaxe do 3,47% no total de delitos incoados en Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 1.668, cun aumento de 200 (13,62%) e unha significativa porcentaxe do 10,59% no total de delitos cualificados (15.750).

- *Delitos sentenciados*: 486 delitos en sentenza condenatoria, cun descenso de -20 (-3,95%) e unha pequena porcentaxe do 3,54% no total de delitos sentenciados (13.741).

1.2.2.8. Delitos contra a intimidade

Trátase dos «Delitos contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio do título X do libro II do CP.

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 233, cun aumento interanual de 25 (12,12%) e un 0,22% do total de delitos incoados en Galicia.
- *Delitos cualificados*: 47, cun incremento de 23 (95,83%) e un 0,30% no total de delitos cualificados, así como do 20,17% respecto da cifra equivalente de delitos incoados.
- *Delitos sentenciados*: 29, cun aumento de 6 (26,01%) e un 0,21% do total de delitos sentenciados.



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	196	3	33	0	1	233	208	25 (12,02%)	100%
DESCUBRIMIENTO DE SEGREDOS	66	1	11	0	0	78	62	16 (25,81%)	33,48%
DESCUBRIMIENTO/ REVELACIÓN DE SEGREDOS POR FUNCIONARIO PÚBLICO	5	0	1	0	0	6	9	-3 (-33,33%)	
VIOLACIÓN DE MORADA	64	2	12	0	1	79	73	6 (8,22%)	33,91%
VIOLACIÓN DE LOCAL	1	0	0	0	0	1	2	-1 (-50,00%)	
REVELACIÓN DE SEGREDOS POR PARTICULAR (ART. 199 CP)	54	0	9	0	0	63	59	4 (6,78%)	27,04%
ATAQUES A SISTEMAS DE INFORMACIÓN / INTERCEPTACIÓN DE DATOS ELECTR.	6	0	0	0	0	6	3	3 (100%)	
% TOTAL DE DELITOS INCOADOS (106.327)						0,22%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	84,12%	1,29%	14,16%	0%	0,43%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	4	41	1	1	47	24	23 (95,83%)	100%
DESCUBRIMIENTO DE SEGREDOS	2	13	0	0	15	6	9 (150%)	31,91%
DESCUBRIMIENTO/ REVELACIÓN DE SEGREDOS POR FUNCIONARIO PÚBLICO	0	2	0	0	2	1	1 (100%)	
VIOLACIÓN DE MORADA	1	14	1	1	17	12	5 (41,67%)	36,17%
VIOLACIÓN DE LOCAL	0	1	0	0	1	1	0 (0%)	
REVELACIÓN DE SEGREDOS POR PARTICULAR (ART. 199 CP)	1	11	0	0	12	3	9 (300%)	25,53%
ATAQUES A SISTEMAS DE INFORMACIÓN / INTERCEPTACIÓN DE DATOS ELECTR.	0	0	0	0	0	1	-1 (-100)	
% TOTAL DE DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,30%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	8,51%	87,23%	2,13%	2,13%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA A INTIMIDADE	21	0	0	8	29	23	6 (26,01%)	100%
DESCUBRIMIENTO DE SEGREDOS	8	0	0	4	12	9	3 (33,33%)	41,38%
DESCUBRIMIENTO/ REVELACIÓN DE SEGREDOS POR FUNCIONARIO PÚBLICO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
VIOLACIÓN DE MORADA	11	0	0	3	14	14	0 (0%)	48,27%
VIOLACIÓN DE LOCAL	1	0	0	0	1	0	1 (100%)	
REVELACIÓN DE SEGREDOS POR PARTICULAR (ART. 199 CP)	1	0	0	1	2	0	2 8100%)	
ATAQUES A SISTEMAS DE INFORMACIÓN / INTERCEPTACIÓN DE DATOS ELECTR.	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	
% TOTAL DE DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					0,21%			
% PROVINCIAL	72,41%	0%	0%	27,59%	100%			

1.2.2.9. Delitos contra o honor

Trátase dos «Delitos contra o honor» do título XI do libro II do CP.

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

- *Delitos incoados*: 437, cun descenso interanual de -177 (-28,83%) e un 0,41% do total de delitos incoados en Galicia.

- *Delitos cualificados*: 16, cun incremento de 1 (6,67%) e un 0,10% no total de delitos cualificados, así como do 3,66% respecto da cifra equivalente de delitos incoados.

- *Delitos sentenciados*: 33, cun aumento de 22 (200%) e un 0,24% do total de delitos sentenciados.

DELITOS CONTRA O HONOR GALICIA 2016



Análise detallada (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA O HONOR	424	3	10	0	0	437	614	-177 (-28,83%)	100%
CALUMNIA	106	0	5	0	0	111	104	7 (6,73%)	25,40%
INXURIA	318	3	5	0	0	326	510	-184 (-36,08%)	74,50
% TOTAL DE DELITOS INCOADOS (106.327)						0,41%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	97,02%	0,69%	2,29%			100%			

DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA O HONOR	2	14	0	0	16	15	1 (6,67%)	100%
CALUMNIA	0	4	0	0	4	6	-2 (-33,33%)	25%
INXURIA	2	10	0	0	12	9	3 (33,33%)	75%
% TOTAL DE DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,10%			
% TIPO DE PROCEDEMENTO	12,50%	87,50%	0%	0%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DELITOS CONTRA O HONOR	15	3	2	13	33	11	22 (200%)	100%
CALUMNIA	5	2	1	2	10	3	7 (233,33%)	30,30%
INXURIA	10	1	1	11	23	8	15 (187,50%)	69,70%
% TOTAL DE DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					0,24%			
% PROVINCIAL	45,45%	9,09%	6,06%	39,39%	100%			

1.2.2.10. Delitos contra as relacións familiares

Delitos tipificados no título XII do libro II do CP («Delitos contra as relacións familiares»).

Resumo xeral (delitos incoados, cualificados e sentenciados)

O.P. INCOADAS (SOLICITADAS)	1.693 (129 = 8,25%)	100%	28.000 (-829 = -22,85%)	100%	6,05%	29,79% EN GALICIA e 19,61% EN ESPAÑA
O.P. NON ADMITIDAS	18	1,06%	1.028	1,75%	1,75%	
O.P. ADOPTADAS	1.134 (204 = 21,93%)	66,98%	16.675 (-4.145 = -19,91%)	%	6,80%	
O.P. DENEGADAS	541 (-84 = -13,44%)	31,96%	10.297 (-3.459 = -25,14%)	36,78%	5,25%	


ESTADÍSTICA XUDICIAL 2016. VIOLENCIA DE XÉNERO ORDES DE PROTECCIÓN. DATOS TOTAIS DE GALICIA



VIOLENCIA DE XÉNERO - GALICIA E ESPAÑA ANOS 2008 A 2016 EVOLUCIÓN DE CIFRA DE MULLERES MORTAS



ESTADÍSTICA XUDICIAL 2016 - VIOLENCIA DE XÉNERO ORDES DE PROTECCIÓN SOLICITADAS DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA



5.1.2.3. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Actuacións preventivas en materia de VX: Sistema VioGén

Consideracións preliminares. Sistema VioGén e valoración policial do risco en VX

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema *VioGén*), da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, púxose en funcionamento o 26 de xullo de 2007, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Como se afirmou desde a Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), *VioGén* constitúe un sistema que permite afrontar a loita contra a violencia de xénero desde un enfoque preventivo e anticipativo. Mediante o uso compartido dos recursos e a xestión eficiente das fontes de información, búscase unha resposta máis global, integral e coherente.

En canto á normativa actual sobre valoración policial do risco en materia de VX, hai que ter en conta a Instrución 7/2016, do 8 de xullo, da Secretaría de Estado de Seguridade (Ministerio do Interior), pola que se estableceu un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero (Lei orgánica 1/2004) e de xestión da seguridade das vítimas.

Datos estatísticos do Sistema VioGén (sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero).

Informe VioGén a día 31.12.2016 de datos referidos a Galicia

(Datos de elaboración propia a partir dos datos da estatística web do Ministerio do Interior: <http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/violencia-contra-la-mujer/estadisticas>)

Ofrecemos inicialmente datos a esa data, por se tratar dunha Memoria referida ao ano 2016.

Desde a posta en funcionamento de VioGén (xullo de 2007), o número de casos rexistrados en toda España é de 439.307, con 408.694 vítimas asociadas (total ao que poderían engadirse os 44.763 casos de *Mossos d'Esquadra* enviados automaticamente desde Cataluña). En canto a Galicia, o total é de 24.943 casos (5,68% da cifra estatal), con 23.219 vítimas asociadas (5,68% da cifra estatal). En Galicia constan como “casos baixa” 2.310 (9,26%) e como “casos inactivos” 19.548 (78,37%). Só figuran como “casos activos” 3.085 (12,37% dos rexistrados), que representan só o 12,21% do número de casos rexistrados. De todo os casos activos, a maior parte son casos con “risco non apreciado”, concretamente, 1.740 (56,40%). O resto, 1.345 (46,60%), son “casos de risco apreciado”, distribuídos entre 1.100 con “risco baixo”, 235 con “risco medio”, 9 con “risco alto” e 1 con “risco extremo”. Ademais, cómpre dicir que desde o 17.08.2016 existen en Galicia 1.306 Plans de Seguimento Personalizado (PSP), correspondente ao 6,19% da cifra equivalente estatal (21.107).

Actualizados ao día 30.03.2017, os datos do Sistema VioGén referidos a Galicia son os seguintes: como se dixo, o número de casos rexistrados no Estado é de 450.719, con 418.666 vítimas asociadas (cantidade á que poderían engadirse os 46.082 casos de *Mossos d'Esquadra* enviados automaticamente desde Cataluña). Polo que se refire a Galicia, a cantidade de casos rexistrados é agora de 23.243, cun lixeiro descenso (con respecto ao informe de data 31.12.2016) de -1.700 (-6,85%) e un 5,16% respecto da cifra estatal; e eses casos de Galicia teñen asociados 23.765 vítimas, cun aumento de 546 (2,35%) e un 5,68% na correlativa cifra estatal. Desda cantidade total de Galicia constan como “casos inactivos” 20.181 (86,83%). Só figuran como “casos activos” 3.062 (13,17% do total rexistrado). De todos os “casos activos”, a maior parte son casos con “risco non apreciado”, concretamente, 1.653 (53,98%). O resto, 1.409 (46,02%), son “casos de risco apreciado”, distribuídos entre 1.135 con “risco baixo”, 262 con “risco medio”, 11 con “risco alto” e 1 con “risco extremo”. Ademais, cómpre dicir que desde o 17.08.2016 existen en Galicia 2.087 de PSP (Plans de Seguimento Personalizado), correspondente ao 6,00% do equivalente estatal (34.782).

Servizo de atención telefónica en materia de VX (información e asesoramento xurídico)

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por medio da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, presta o servizo telefónico de información e de asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero, a través do número telefónico de marcación abreviada 016. Ademais as consultas pódense dirixir por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@msssi.es.

Como se indica no informe 2016 sobre violencia de xénero elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, desde a súa posta en marcha en setembro de 2007 o teléfono 016 ofrece información e asesoramento xurídico en materia de VX as 24 horas do día todos

os días do ano. Ten carácter gratuíto e caracterízase pola universalidade da prestación do servizo especializado, que se efectúa en 52 idiomas: castelán, galego, euskera, inglés, francés, alemán, portugués, chino mandarín, ruso, árabe, romanés, búlgaro, e outros 39 idiomas a través dun servizo de teletradución.

A prestación do servizo de información compete a un equipo de persoas especializadas en VX; prodúcese una derivación automática das chamadas de emerxencia e urxencia aos centros 112 autonómicos.

Datos estatísticos de chamadas ao teléfono 016 de VX en 2016:

85.241 no conxunto de toda España, 4.033 desde Galicia (un 4,70% da cifra estatal).

Colaboración coa Xunta de Galicia en materia de VX: Observatorio Galego de VX e Protocolo de coordinación institucional

- Como se deixou indicado no capítulo I desta Memoria, a Fiscalía de Galicia colabora coa Xunta de Galicia mediante a súa participación no Observatorio Galego de Violencia de Xénero (OGVX), creado polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, da CPAPX, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da VX no relativo aos órganos consultivos e de participación. Reitérase aquí o xa exposto no lugar citado, recalcando que no seo do dito Observatorio se vén traballando na elaboración dun Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia, do que se tratou nunha xuntanza especializada celebrada no 2015 (13.05.2015).

- Igualmente, é salientable que, no marco do Observatorio Galego de VX, a Fiscalía de Galicia está colaborando coa XG na elaboración dun *Protocolo de Cooperación Institucional en materia de VX en Galicia*. Recentemente, o 01.02.2017, a XG, por medio da súa Secretaria Xeral de Igualdade, anunciou que en breve será presentado “un protocolo único”, o cal se asentaría en varios piares, como ter un persoal de referencia único para a muller vítima de violencia machista, traballar con ela no ámbito do empoderamento para reforzala psicoloxicamente se non é capaz de presentar a denuncia e lograr que dea o paso, e a coordinación, mediante un expediente único. A nivel político, de forma semellante ao Parlamento estatal, no seo do Parlamento de Galicia, desde xaneiro de 2017 estase promovendo un “Pacto contra a violencia de xénero”, con unanimidade de todos os grupos políticos, que supoña o incremento de recursos para a asistencia e a prevención das vítimas, mellorar a asistencia psicolóxica ás mulleres maltratadas e elaborar protocolos de prevención.

Outros temas e consideracións varias en materia de violencia de xénero

- A nivel estatal, tras a posta en marcha da *Primeira Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller (2013-2016)*, o actual equipo do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade subliñou a conveniencia de conseguir un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co apoio de todos os grupos parlamentarios.

Pola súa parte o *VI Congreso do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero*, dependente do CXPX, que tivo lugar os días 3 e 4 de novembro de 2016 en Madrid, reivindicou nas súas conclusións a necesidade de abordar varias reformas legais para mellorar a protección das vítimas da violencia sobre a muller, entre as que cabe salientar:

- Supresión da dispensa, por parte das vítimas, de declarar contra o seu cónxuxe ou parella (art. 416 LACrim).
- Supresión da atenuante de confesión en favor do culpable (art. 21.4ª CP).
- Preceptividade da asistencia letrada desde antes da interposición da denuncia.
- Cumprimento íntegro das penas impostas.
- Posible imposición da pena de prisión permanente revisable (art. 33 e concordantes CP).
- Comunicación ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado das denuncias presentadas por comparecencia no Xulgado, de xeito que consten no Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (VioGén) e se poida valorar o risco da vítima.

Ademais, o Congreso constatou a enorme transcendencia do *Convenio de Istambul de 2011* (Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica). Ese convenio, ratificado por España (BOE 06.06.2014), xa está en vigor no Estado desde o 01.08.2014. É o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo na materia de VX e violencia doméstica. A súa entrada en vigor obrigou a realizar varias modificacións na lexislación española. Así, modificouse o do Código penal (mediante a LO 1/2015 do 30 marzo) para introducir novos tipos penais, como son a circunstancia agravante de discriminación de xénero (art. 22.4ª), o *stalking* (acoso, asexo ou fustrigamento, art. 172 ter), o matrimonio forzado (art. 172 bis), o *sexting* (divulgación non autorizada de gravacións ou imaxes íntimas, art. 197.7.4ª). Tamén se aprobou o Estatuto da Vítima do delito (Lei 4/2015, do 27 de abril), como transposición da Directiva 2012/29/UE, que garante os dereitos das vítimas tanto dentro como fóra do proceso penal. Por último, cómpre destacarmos reformas legais que facilitaron a consideración dos fillos e fillas como vítimas directas de violencia sufrida polas súas nais (modificacións na LO 1/2004 e na LACrim pola LO 8/2015 e mais a Lei 4/2015).

As conclusións do referido congreso tamén apuntan que a ampliación do concepto de violencia de xénero no Convenio de Istambul, así como as recomendacións da ONU, fan

necesario que o legislador español inclúa na Lei integral de VX (LO 1/2004) as novas condutas consideradas como violencia sobre a muller, cando o autor non ten nin tivo relación de afectividade (obrigar a prestar actos de carácter sexual, mutilacións xenitais, aborto e esterilización forzosos...).

- A nivel autonómico, a Fiscalía de Galicia mantén, como se dixo, unha estreita relación coa Xunta de Galicia na área de prevención e tratamento integral da VX. Neste sentido, participa cunha fiscal vogal delegada no denominado Observatorio Galego de VX, e colabora actualmente na elaboración dun protocolo de cooperación institucional na materia en Galicia.

5.2. ÁREA DE SINISTRALIDADE LABORAL

5.2.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

5.2.2. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

Referencia a datos da estatística administrativa en sinistralidade laboral

Accidentes laborais de tráfico (ALT): sinistralidade laboral e sinistralidade viaria

Referencia ao nomeamento do Fiscal Delegado autonómico en materia de sinistralidade laboral

5.2.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

Neste apartado realízase unha exposición e análise dos datos e información estatística en materia de sinistralidade laboral (SL), a partir das estatísticas anuais das fiscalías provinciais de Galicia. Nun apartado final faise unha breve referencia a datos da estatística administrativa sobre a materia.

Procedementos penais incoados. Infraccións penais asociadas (delitos e faltas)

ESTATÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENAIS INCOADOS. INFRACCIÓNS PENAIS ASOCIADAS (DELITOS E FALTAS) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
DELITOS										
DELITO DE HOMICIDIO POR ACCIDENTE LABORAL (art. 142 CP e concordantes)	4	3	0	0	5	1	5	5	14	9
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-1 (-25%)		0 (0%)		-4 (-80%)		0 (0%)		-5 (-35,71%)	
DELITO DE LESIÓNS POR ACCIDENTE LABORAL (art. 152.3 CP e concordantes)	216	233	43	424	377	359	472	526	1.108	1.542
V.I.	17 (7,87%)		381		-18 (-4,77%)		54 (11,44%)		434 (39,17%)	

DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (arts. 316, 317 e 318 CP)	0	0	18	25	0	3	0	0	18	28
V.I.	0 (0%)		7 (38,89%)		3 (100%)		0 (0%)		10 (55,55%)	
DELITO LEVE MORTE LABORAL POR IMPRUDENCIA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
V.I.	0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)	
DELITO LEVE LESIÓNS LABORAIS POR IMPRUDENCIA	0	0	0	8	0	0	0	0	0	8
V.I.	0 (0%)		8 (100%)		0 (0%)		0 (0%)		8 (100%)	
TOTAL DELITOS	220	236	61	457	382	363	477	531	1.140	1.587
V.I.	16 (7,27%)		396		19 (4,97%)		54 (11,32%)		447 (39,21%)	
%	14,87%		28,0%		22,87%		33,46%		100%	

FALTAS										
MORTE EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA LEVE (art. 621.2 CP)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
V.I.	0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)		0 (0%)	
LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA GRAVE (art. 621.1 CP)	0	0	15	4	0	6	2	0	17	10
V.I.	0 (0%)		-9 (-60%)		6 (100%)		-2 (-100%)			
LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL; FALTA POR IMPRUDENCIA LEVE (art. 621.3 CP)	0	0	15	4	54	0	0	0	69	4
V.I.	0 (0%)		-9 (-60%)		-54 (-100%)		0 (0%)		-65 (-94,20%)	
TOTAL FALTAS	0	0	30	8	54	6	2	0	86	14
V.I.	0 (0%)		-22 (-275%)		-48 (-88,89%)		-2 (-100%)		-72 (-83,72%)	
%	0%		57,14%		42,86%		0%		100%	

SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2016 PROCEDEMENTOS INCOADOS POR DELITO

TOTAL DELITOS	1.587
DELITO HOMICIDIO LABORAL	9
DELITO LESIÓNS LABORAIS	1.542
DELITO RISCO SEN RESULTADO LESIVO	28


Procedementos xudiciais pendentes. Delitos asociados

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL PROCEDEMENTOS XUDICIAIS PENDENTES. DELITOS ASOCIADOS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
DELITO DE HOMICIDIO EN ACCIDENTE LABORAL (art. 142 CP e concordantes)	4	2	0	0	8	3	4	4	16	9
DELITO DE LESIÓNS EN ACCIDENTE LABORAL (art. 152.3 CP e concordantes)	50	59	6	6	20	6	19	11	95	82
DELITO DE RISCO SEN RESULTADO LESIVO (arts. 316, 317 e 318 CP)	0	0	6	5	0	0	0	0	6	5
TOTAL DELITOS	54	61	12	11	28	9	23	15	117	96
V.I.	7 (12,96%)		-1 (8,33%)		-19 (-67,86%)		-8 (-53,33%)		-21 (-17,95%)	
%	63,54%		11,46%		9,37%		15,62%		100%	

Dilixencias de investigación penal do Ministerio Fiscal (DIP). Delitos asociados

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
DIP INCOADAS	1	3	29	29	1	0	3	0	34	32
V.I.										-2 (-5,88%)
DIP TERMINADAS POR ARQUIVAMENTO	0	1	29	29	1	0	2	0	32	30
V.I.										-2 (-6,25%)
DIP TERMINADAS CON DENUNCIA OU QUERELA (XUDICIALIZACIÓN)	0	1	29	26	0	0	1	0	30	27
V.I.										-3 (-10%)
DIP EN TRÁMITE (PENDENTES AO FINALIZAR O ANO)	0	2	0	0	0	0	0	0	0	2
V.I.										2 (00%)


SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2016
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP)



Escritos de acusación do fiscal e sentenzas ditadas en procedementos xudiciais

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. SINISTRALIDADE LABORAL ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO FISCAL E SENTENZAS DITADAS EN PROCEDEMENTOS XUDICIAIS DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA										
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		GALICIA	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
ESCRITOS DE ACUSACIÓN DO MINISTERIO FISCAL	12	11	12	18	3	0	15	14	42	43
V.I.										1 (2,38%)
SENTENZAS DO XULGADO DO PENAL	27	23	10	7	3	3	22	15	62	48
V.I.										-14 (-22,58%)
SENTENZAS DA AUDIENCIA PROVINCIAL QUE RESOLVEN RECURSOS DE APELACIÓN	4	5	0	0	3	1	3	4	10	10
V.I.										0 (0%)

SINISTRALIDADE LABORAL. GALICIA 2016 ESCRITOS ACUSACIÓN FISCAL E SENTENZAS



5.2.2. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN MATERIA DE SINISTRALIDADE LABORAL

Referencia a datos da estatística administrativa en sinistralidade laboral

De acordo coa estatística fiscal, os datos sobre SL ofrecen o seguinte balance en 2016: 1.601 infraccións penais (delitos e faltas), cun descenso de -375 (-30,59%). O número total de 1.226 infraccións en materia de SL distribúese entre:

- 9 homicidios imprudentes en accidentes laborais, cun descenso interanual de -5 (-35,71%);
- 1.542 delitos de lesións laborais imprudentes, cun aumento de 434 (39,17%);
- 28 delitos de risco laboral, sen resultado lesivo, cun aumento de 10 (55,55%);
- 14 faltas de lesións, cun descenso de -72 (-83,72%).

Pero a *información da estatística administrativa*, procedente do estatal INSHT (Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo) e do ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral) *ofrece uns datos máis amplos en materia de SL, que demostran, sobre todo, que moitos dos homicidios e lesións imprudentes rexistrados na estatística fiscal ben poden corresponder ao ámbito da SL*. Así, segundo datos provisionais dese ámbito estatístico administrativo, no ano 2016 houbo en Galicia un total 25.386 accidentes laborais con baixa en xornada de traballo, cun incremento interanual de 975 (3,99%). Estas cantidades da estatística administrativa divídense entre: 24.804 accidentes leves e 520 graves, que poderían ser un total 25.324 delitos de lesións laborais imprudentes, así como 62 homicidios laborais imprudentes, cun descenso interanual de -5 (-7,46%); 5 destas mortes corresponden a accidentes laborais *in itinere* (rexistrados no ámbito xudicial, case sempre, como delitos non encaixables na sinistralidade laboral senón, por exemplo, como accidentes de tráfico, con resultado de morte, lesións e danos).

Por conseguinte, é altamente probable que a realidade da SL estea máis preto dos datos da estatística administrativa que os que ofrece a estatística fiscal. En canto a *homicidios laborais imprudentes*, cómpre pensar que, en lugar dos escasos 9 da estatística fiscal especializada de SL, como mínimo, hai *realmente un total de 62*, cun descenso interanual de -5 (7,46%), que estarán embebidos na estatística fiscal dentro dos rexistros dos xenéricos grupos de "homicidios imprudentes" ou, incluso, de "homicidios culposos". O mesmo cabe pensar dos *delitos laborais imprudentes*, que en lugar dos exiguos 1.542 da estatística fiscal especializada poderían ser realmente sobre 25.324, cun incremento interanual de 970 (3,98%), e que estarían embebidos nos ilícitos que a estatística fiscal ten rexistrados entre o xenérico grupo de delitos de lesións imprudentes (ou mesmo dentro do xenérico de "lesións culposas").

Accidentes laborais de tráfico (ALT): sinistralidade laboral e sinistralidade viaria

Desde o ano 2007 o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) vén estudando de xeito específico unha temática que interrelaciona a sinistralidade viaria coa laboral. Trátase dos accidentes laborais de tráfico (ALT), producidos ben na propia xornada de traballo ou ben *in itinere* (acontecido ao ir do domicilio ao centro de traballo ou viceversa).

O último informe sobre ALT coñecido, referido ao ano 2015 e elaborado polo propio INSHT, permítenos achegar algúns datos concretos que evidencian a dimensión deste problema. Nese ano os accidentes de traballo alcanzaron una cifra estatal de 529.248, dos cales 58.842 foron ALT, cunha porcentaxe do 11,12% desa cantidade total. Eses ALT distribúense entre 43.202 ALT *in itinere* (73,42% ALT e 60,65% de 71.225 AL *in itinere*) e 15.640 ALT en xornada de traballo (26,58% de ALT e 3,41% de 458.023 AL en xornada de traballo). Xa que logo, os ALT *in itinere* representaron en 2015 unha elevada porcentaxe de case 2/3 (60,65%) dos ALT *in itinere*, que, á súa vez, representaron un importante 13,46% do total de AL.

Referencia ao nomeamento do Fiscal Delegado autonómico en materia de sinistralidade laboral

Como xa se deixou reflectido no capítulo I desta memoria, actualmente Galicia conta cun Fiscal Delegado autonómico na área especializada de SL, posto que, tras proposta do 30.12.2015 formulada polo Fiscal Superior, foi asignado, por Decreto do 29.01.2016 da Inspección FXE, don Luis Anguita Juega, quen xa era Fiscal Delegado Provincial na Coruña.

5.3. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

INTRODUCCIÓN

5.3.1. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE FISCAL EN MAU (DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL, DENUNCIAS E QUERELAS E CALIFICACIÓNS FISCAIS)

5.3.2. ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE XUDICIAL EN MAU (PROCEDEMENTOS XUDICIAIS, SENTENZAS E DELITOS ASOCIADOS)

5.3.3. EMAS OU CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE EN MAU

Instrución 2/2016 sobre incendios forestais

Reunións especializadas. Estudo sobre incendios forestais

INTRODUCCIÓN

A materia competencial das seccións constituídas nas Fiscalías Provinciais de Galicia en materia de medio ambiente e urbanismo (MAU) queda determinada pola referencia aos seguintes delitos:

- *Delitos medioambientais en sentido estrito* (art. 325 e ss. do CP)
- *Delitos de urbanismo e ordenación do territorio* (art. 319 e ss. do CP)
- *Delitos contra o patrimonio histórico* (art. 321 e ss. do CP)
- *Delitos contra a flora e a fauna e delitos de maltrato animal —contra animais domésticos ou amansados—* (art. 332 e ss. do CP).
- *Ademais, inclúen na propia área competencial das referidas seccións os delitos de incendio forestal* (art. 352 e ss. do CP)

A seguir recolleemos, en dous apartados separados, os datos das estatísticas fiscais provinciais anuais no relativo á actividade fiscal e á actividade xudicial en materia da área especializada de MAU

En canto á actividade fiscal, faise referencia ás dilixencias de investigación penal (DIP), as querelas e denuncias interpostas (xudicialización de DIP) e ás cualificacións fiscais formuladas.

Polo que se refire á actividade xudicial, a atención céntrase nos procedementos xudiciais incoados, as sentenzas ditadas e os delitos asociados aos procedementos (incoados, cualificados e sentenciados).


5.3.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO

5.3.1.1. Procedementos fiscais: dilixencias de investigación penal (DIP)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP). INCOACIÓNS DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO AÑOS 2008-2016

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	120	23	55	102	300
2009	88	9	41	61	199
2010	119	16	31	37	203
2011	117	3	53	43	216
2012	61	16	31	27	135
2013	35	7	15	26	83
2014	93	29	62	109	293
2015	93	41	34	120	288
2016	60	63	40	107	270
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	-33 (-35,48%)	22 (53,66%)	6 (17,65%)	-13 (-18,83%)	-18 (-6,25%)
PORCENTAXE	22,22%	23,33%	14,82%	39,36%	100%
MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2008-2016	87,33	23	40,22	70,22	220,78

DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PENAL (DIP) ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DATOS DE GALICIA - EVOLUCIÓN AÑOS 2008-2016



**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO E URBANISMO
DIP. INCOACIÓNS POR SUBÁREAS**

	TOTAL	V.I.	%
SUBÁREA DE MEDIO AMBIENTE	34	-12 (-26,09%)	12,59%
SUBÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	200	-15 (-6,98%)	74,08%
SUBÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO	6	0 (0%)	2,22%
SUBÁREA DE FLORA E FAUNA	8	6 (300%)	2,96%
SUBÁREA DE MALTRATO ANIMAL	4	-3 (-42,86%)	1,48%
SUBÁREA DE INCENDIOS FORESTAIS	18	6 (50%)	6,67%
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	270	-18 (-6,25%)	100%


**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DIP. TERMINACIÓN POR XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL) OU ARQUIVO
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA**

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
TOTAL INCOADAS	60	63	40	107	270	288	-18 (-6,25)
XUDICIALIZACIÓN (DENUNCIA OU QUERELA FISCAL)	11	39	10	58	118	88	30 (34,09%)
ARQUIVAMENTO	61	23	20	62	166	166	0 (0%)
TOTAL REMATADAS	71	62	30	120	283	254	29 (11,42%)
V.I.							
%	25,09%	21,91%	10,60%	42,40%	100%		

5.3.1.2. Denuncias e querelas do Ministerio Fiscal (xudicialización)
**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DENUNCIAS E QUERELAS INTERPOSTAS POLO MINISTERIO FISCAL
(XUDICIALIZACIÓN DE DIP)
DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO 2008-2016**

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA XUDICIALIZACIÓNS
2008	21	5	2	45	73
2009	3	21	13	26	63
2010	19	9	1	8	37
2011	10	2	6	15	33
2012	7	8	4	4	23
2013	2	3	2	10	17
2014	26	11	6	36	79
2015	25	18	8	37	88
2016	11	39	10	58	118
V.I.					30 (34,09%)
%	9,32%	33,05%	8,48%	49,15%	100%
MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2008-2016	9,32	33,05	8,48	49,15	48

**DENUNCIAS E QUERELAS INTERPOSTAS POR FISCAL
EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2008 - 2016**




ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO E URBANISMO XUDICIALIZACIÓNS (DENUNCIAS E QUERELAS FISCAIS) POR SUBÁREAS			
	TOTAL	V.I.	%
SUBÁREA DE MEDIO AMBIENTE	3	-4 (-57,14%)	2,54%
SUBÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	108	28 (-35,00%)	91,53%
SUBÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO	3	3 (100%)	2,54%
SUBÁREA DE FLORA E FAUNA	0	0 (0%)	0%
SUBÁREA DE MALTRATO ANIMAL	1	0 (0%)	0,85%
SUBÁREA DE INCENDIOS FORESTAIS	3	3 (100%)	2,54%
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	118	30 (34,09%)	100%

5.3.1.3. Cualificacións fiscais

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO CUALIFICACIÓNS FISCAIS (DELITOS ASOCIADOS) DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO 2012-2015					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2012	21	5	32	22	80
2013	21	20	13	16	70
2014	13	14	21	17	65
2015	31	23	14	27	95
2016	40	23	22	46	131
V.I.					36 (37,89%)
%	30,54%	17,56%	16,79%	35,11%	100%
MEDIA ANUAL NO PERÍODO 2012-2016	25,2	17	20,04	25,60	82,20

CUALIFICACIÓNS FISCAIS EN MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2012 - 2016



ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO CUALIFICACIÓNS FISCAIS POR SUBÁREAS (DELITOS ASOCIADOS)

	TOTAL	V.I.	%
SUBÁREA DE MEDIO AMBIENTE	6	-2 (-25,00%)	4,58%
SUBÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	77	37 (92,50%)	58,78%
SUBÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO	1	0 (0%)	0,76%
SUBÁREA DE FLORA E FAUNA	8	5 (166,67%)	6,11%
SUBÁREA DE MALTRATO ANIMAL	11	-9 (-45,00%)	8,40%
SUBÁREA DE INCENDIOS FORESTAIS	28	5 (21,74%)	21,37%
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO	131	36 (37,89%)	100%


5.3.2. ESTATÍSTICA XUDICIAL EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO (PROCEDEMENTOS XUDICIAIS SENTENZAS E DELITOS ASOCIADOS)

5.3.2.1. Procedementos xudiciais incoados en MAU

ESTATÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2008-2016

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	134	54	48	312	548
2009	266	91	266	275	898
2010	106	102	310	210	728
2011	326	136	412	282	1.156
2012	220	34	317	192	763
2013	201	162	248	253	864
2014	115	100	262	154	631
2015	235	152	229	214	830
2016	148	80	115	207	550
	-87 (-37,02%)	-72 (-47,37%)	-114 (-49,78%)	-7 (-3,27%)	-280 (-33,73%)
%	26,91%	14,54%	20,91%	37,64%	100%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	194,56	101,22	245,22	233,22	774,22

PROCEDEMENTOS XUDICIAIS EN MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DATOS TOTAIS DE GALICIA - EVOLUCIÓN ANOS 2010-2016



ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS. DATOS PARTICULARES POR TIPO DE PROCEDEMENTO								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVE	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
DILIXENCIAS URXENTES (DU)	1	0	0	6	7	5	2 (40%)	1,27%
XUÍZOS RÁPIDOS (XR)	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
DILIXENCIAS PREVIAS EN XULGADO INSTRUCIÓN (DP)	115	70	92	156	433	744	-311 (-41,80%)	78,73%
DELITOS LEVES EN XULGADO INSTRUCIÓN (DL)	0	0	23	6	29	0	29 (100%)	5,27%
PROCEDEMENTO ABREVIADO EN XULGADO PENAL (PA)	30	10	0	39	79	51	28 (54,90%)	14,36%
SUMARIO (SU)	2	0	0	0	2	2	0 (0%)	0,36%
PROCEDEMENTO ORDINARIO (PO)	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
PROCEDEMENTO XURADO EN XULGADO INSTRUCIÓN (PXI)	0	0	0	0	0	4	-4 (-100%)	0%
PROCEDEMENTO XURADO EN AUDIENCIA PROVINCIAL (PXA)	0	0	0	0	0	24	-24 (-100%)	0%
TOTAL 2016	148	80	115	207	550	830	-280 (-33,73%)	100%
TOTAL 2015	235	152	229	214	830			
V.I.	-87 (-37,02%)	-72 (-47,37%)	-114 (-49,78%)	-7 (-3,27%)	-280 (-33,73%)			
% 2016	26,91%	14,54%	20,91%	37,64%	100%			

5.3.2.2. Sentenzas en materia de MAU

Datos xerais de sentenzas


ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO SENTENZAS DITADAS. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA. PERÍODO ANOS 2008-2016

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	13	5	8	41	67
2009	22	11	13	45	91
2010	25	6	7	34	72
2011	15	3	8	22	133
2012	16	3	38	28	85
2013	21	30	32	27	110
2014	26	39	21	24	110
2015	20	15	5	33	73
2016	21	15	12	34	82
V.I.	1 (0,05%)	0 (0%)	7 (140%)		9 (12,33%)
%	5,69%	18,29%	14,64%	41,46%	100%
MEDIAL ANUAL PERÍODO 2008-2016	19,89	14,11	16	32	91,44

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO SENTENZAS DITADAS. DISTRIBUCIÓN POR SENTIDO DA RESOLUCIÓN (CONDENATORIAS/ABSOLUTORIAS) DATOS TOTAIS DE GALICIA


	2016	2015	V.I.	% 2016
CONDENATORIAS	66	50	16 (32,00%)	80,49%
ABSOLUTORIAS	16	23	-7 (-30,43%)	19,51%
TOTAL	82	73	9 (12,33%)	100%

SENTENZAS DITADAS EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2008-2016



Datos particulares de sentenzas en materia de incendios forestais

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO SENTENZAS DITADAS EN MATERIA DE INCENDIOS FORESTAIS EVOLUCIÓN NO PERÍODO 2008-2016. DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
2008	11	3	8	21	43
2009	14	7	12	30	63
2010	14	3	3	19	39
2011	10	2	6	8	26
2012	9	1	21	14	45
2013	12	3	20	10	45
2014	15	6	15	9	45
2015	7	3	2	10	22
2016	14	2	2	16	34
V.I.	7 (50%)	-1 (-33,33%)	0 (0%)	6 /60%)	12 (54,54%)
%	41,18%	5,88%	5,88%	47,06%	100%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	11,78	3,33	9,89	15,22	40,22


SENTENZAS DITADAS EN INCENDIOS FORESTAIS
DATOS GLOBAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2008 - 2016

5.3.2.3. Delitos asociados aos procedementos xudiciais (incoados, cualificados e sentenciados)

Delitos incoados (asociados a procedementos incoados)


ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DELITOS INCOADOS (ASOCIADOS A INCOACIÓN DE PROCEDEMENTOS XUDICIAIS) DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
MEDIO AMBIENTE	15	7	4	5	31	58	-27 (-46,55%)	6,57%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	9	29	10	88	136	79	57 (72,15%)	28,81%
PATRIMONIO HISTÓRICO	13	2	0	2	17	32	-15 (-46,87%)	3,60%
FLORA E FAUNA	25	6	12	7	50	54	-4 (-7,41%)	10,60%
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	16	9	11	25	61	88	-27 (-44,26%)	12,92%
INCENDIOS FORESTAIS	38	13	52	74	177	451	-274 (-154,80%)	37,51%
TOTAL ANO 2016	116	66	89	201	472	762	-290 (-38,06%)	100%
TOTAL ANO 2015	220	117	211	214	762			
% 2016	15,63%	13,98%	18,85%	42,58%	100%			

DELITOS INCOADOS EN MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2012 - 2016



Delitos cualificados (asociados a cualificacións fiscais)


ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DELITOS CUALIFICADOS (ASOCIADOS A CUALIFICACIÓN FISCAL). DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
MEDIO AMBIENTE	1	2	2	1	6	8		4,58%
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	24	15	12	26	77	40		58,78%
PATRIMONIO HISTÓRICO	0	1	0	0	1	1		0,76%
FLORA E FAUNA	2	2	2	2	8	3		6,115
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	2	2	3	4	11	20		8,405
INCENDIOS FORESTAIS	11	1	3	13	28	23		21,37%
TOTAL ANO 2016	40	23	22	46	131	95	36 (37,89)	100%
TOTAL ANO 2015	31	23	14	27	95	36 (37,89%)		
% 2016	30,53%	17,56%	16,79%	35,11%				

DELITOS CUALIFICADOS EN MEDIO AMBIENTE E URBANISMO
DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2012 - 2016

Delitos sentenciados (asociados a sentenxa)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DELITOS SENTENCIADOS (ASOCIADOS A SENTENXA) DATOS TOTAIS E PROVINCIAIS DE GALICIA								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
MEDIO AMBIENTE	1	2	0	1	4	4	0 (0%)	
ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	5	3	2	14	24	20	4 (20%)	
PATRIMONIO HISTÓRICO	1	0	0	0	1	2	-1 (-100%)	
FLORA E FAUNA	0	1	2	1	4	5	-1 (-20%)	
MALTRATO A ANIMAIS DOMÉSTICOS	0	0	6	2	8	7	1 (20%)	
INCENDIOS FORESTAIS	14	2	2	16	34	22	12 (54,54%)	
TOTAL ANO 2016	21	8	12	34	75	60	15 (25,00%)	100%
TOTAL ANO 2015	14	9	4	33	60			
V.I.	7 (50%)	-1 (-11,11%)	8 (200%)	1 (3,03%)	15 (25%)			
% 2016	28,00%	10,67%	16,00%	45,33%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS EN MEDIO AMBIENTE E URBANISMO DATOS TOTAIS DE GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2012 - 2016



5.3.3. TEMAS OU CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE EN MAU

Instrución 2/2016 sobre incendios forestais

Dela xa se informou cumpridamente na sección 6 do capítulo I.

Reunións especializadas. Estudo sobre incendios forestais

Ao longo do pasado ano 2016, seguindo a liña do anterior, celebráronse dúas importantes reunións de coordinación en materia especializada de MAU, das que se deixou nota no capítulo I desta memoria.

- *Día 31.07.2016. Reunión de Fiscais Delegados provinciais de MAU.* Celebrada na sede da Fiscalía autonómica, baixo a presidencia do Fiscal Superior, coa asistencia do Fiscal Delegado autonómico de Medio Ambiente e Incendios de Galicia, das Fiscais Delegadas provinciais da materia nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Os temas tratados (orde do día) foron os seguintes:

1º) Campaña de incendios forestais 2016

Valoráronse as novidades da campaña á luz das reformas legislativas, especialmente a falta de remisión aos xulgados e ás fiscalías dos atestados en que non exista autor coñecido (reforma do art. 284 da LACrim, operada pola Lei 41/2015), o cal, en materia de incendios, supón unha gran perda de información sobre a totalidade dos incendios que se producen na nosa CA.

Para paliar esta situación e facer unha valoración global da campaña o Fiscal Delegado autonómico propuxo facer unha reunión ao remate da campaña (sobre finais de outubro ou principios de novembro) coas forzas policiais, para facilitar información sobre os datos totais resultantes das investigacións policiais da campaña 2016 e a valoración da situación tras a finalización do período de risco máximo, proposta que foi aceptada por unanimidade.

2º) Asistencia dos fiscais ás reunións dos Comités provinciais e rexionais de coordinación policial de incendios

Seguindo o criterio acordado na reunión de fiscais especialistas de medio co Fiscal Superior celebrada o día 30.06.2015, acordouse nesta xuntanza que se valorará a asistencia dos fiscais ás reunións dos referidos comités en función do contido xurídico da orde do día, da carga de traballo e da previa comunicación co Fiscal por parte da Administración para fixar de común acordo a data.

3º) Información da Administración. Acceso ao parametrizado de incendios.

Pola utilidade dos datos que se poden obter para as investigacións de incendios forestais, o Fiscal Superior acorda solicitarlle á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia acceso ao sistema de consulta do parametrizado de incendios REDIN para os Fiscais Delegados provinciais de Medio Ambiente e Incendios.

4º) Oficios do Fiscal de Sala coordinador da Unidade Especialidade de Medio Ambiente da FXE, resposta coordinada posta en común dos verdadeiros perigos detectados.

Ante os oficios remitidos polo referido Fiscal de Sala coordinador na materia, especialmente o remitido o 06.07.2016, acórdase dar unha resposta coordinada por parte dos fiscais da nosa CA, poñendo o acento no control dos vertedoiros de pneumáticos e puntos limpos municipais, oficiando para iso á Xunta de Galicia e aos concellos para solicitar a información existente e, se for o caso, adoptar as medidas preventivas axeitadas.

5º) Instrución sobre incendios forestais da Fiscalía Superior, información policial e xudicial.

Infórmase de que a Fiscalía Superior de Galicia ditou unha nova instrución en materia de incendios forestais (a Instrución 2/2016, do 21 de xullo), facéndose eco das novidades lexislativas na materia.

Así mesmo, reitérase o acordo de convocar unha reunión na sede da propia Fiscalía con todas as forzas policiais con competencias investigadoras en materia de incendios forestais.

6º) Outros temas

Acórdase por unanimidade a pertinencia de realizar unha reunión anual dos Fiscais desta especialidade co Fiscal Superior.

- 22.12.2016. Reunión especializada de MAU do Fiscal Superior de Galicia e o Fiscal Delegado autonómico na materia con responsables policiais (Policía Nacional, Policía Autonómica e Garda Civil) competentes en materia de incendios forestais, así como con representación da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. Como consecuencia desta reunión, incoáronse na mesma data as dilixencias preprocesuais 28/216 desta Fiscalía, que ten por obxecto a creación dunha comisión de estudo dos incendios forestais de Galicia.

Como se explica no propio decreto de incoación das referidas dilixencias preprocesuais (do 22.12.2016), o 27.09.2016 recibíuse na Fiscalía autonómica unha proposta-informe do Fiscal Delegado autonómico de Medio Ambiente sobre a necesidade de elaborar unha investigación sobre os incendios forestais en Galicia durante 2016.

Realizadas as xestións oportunas, convocouse unha reunión para o día 22.12.2016 na sede da referida Fiscalía coa asistencia do Fiscal Superior, do propio Fiscal Delegado autonómico e dos representantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (Corpo Nacional de Policía, Policía Autonómica e Garda Civil competente en materia de incendios), así como tamén da persoa responsable da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

A orde do día da reunión convocada foi a seguinte: proposta para a elaboración dunha investigación sobre os incendios forestais en Galicia durante 2016 e, especialmente, no seu mes de agosto (coa convocatoria achegouse un borrador detallado da proposta e o procedemento a seguir).

No curso da reunión celebrada, conforme á convocatoria exposta, debateuse sobre a necesidade de realizar o estudo proxectado sobre os incendios forestais de Galicia en 2016, especialmente durante o período de maior incidencia do mes de agosto. Analizáronse os pormenores do procedemento a seguir e os obxectivos perseguidos.

En razón do anterior, incoáronse, mediante decreto do mesmo día 22.12.2016, as *dilixencias preprocesuais* núm. 8/2016 desta Fiscalía da CA de Galicia (rexistradas en Fortuny como dilixencias informativas civís núm. 23/2016, NXF 442/2016) relativas ao *estudo sobre os incendios forestais en Galicia en 2016*, especialmente durante o período de maior incidencia do mes de agosto.

Posteriormente, mediante oficio do 11.01.2017 o Fiscal Superior solicitoulle ao Delegado do Goberno en Galicia, con sede na Coruña, en cumprimento do acordado na Xunta dos Fiscais Delegados de Medio Ambiente de Galicia celebrada o día 21.07.2016, e de cara á realización dun estudo proxectado sobre incendios forestais en Galicia, a remisión a esta Fiscalía autonómica e mais ás Fiscalías Provinciais e ao Fiscal Delegado autonómico de Medio Ambiente, dos datos estatísticos policiais e administrativos a día 31.12.2016 sobre os incendios forestais producidos na nosa CA durante o pasado ano 2016. Indicouse no oficio que os datos policiais solicitados se referirían aos atestados que deran lugar a actuacións xudiciais, pola posible comisión de infraccións penais, e os datos administrativos, a actuacións relativas a posibles infraccións administrativas. Por medio de comunicación do 02.02.2017 a Delegación do Goberno contestou o noso oficio enviando datos estatísticos remitidos a ela pola Policía Nacional e a Garda Civil.

5.4. ÁREA DE ESTRANXEIRÍA

5.4.1. INTRODUCCIÓN: POBOACIÓN ESTRANXEIRA EN GALICIA

5.4.2. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

5.4.3. OUTROS TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

Reunións especializadas

Protocolo de menores non acompañados (MENA) en Galicia

5.4.1. INTRODUCCIÓN: POBOACIÓN ESTRANXEIRA EN GALICIA

Como apunta a Circular 2/2006, do 27 de xullo, da FXE, constitúe a inmigración un fenómeno poliédrico, de importancia cualitativa e cuantitativa, que presenta múltiples cuestións. Por iso, orixina un cualificado deber de dilixencia para os poderes públicos no seu tratamento e ordenación, para que os potenciais perigos que se poden xerar (racismo, xenofobia, marxinalidade, delincuencia) sexan conxurados, e para que, no seu lugar, poida avanzarse cara á racionalización, integración, goce de dereitos en igualdade e beneficio recíproco.

Exposición de datos

Os datos que seguen son de elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e tomados, á súa vez, do Instituto Nacional de Estatística, INE (padrón de habitantes)


POBOACIÓN ESTRANXEIRA EN GALICIA - PERÍODO 2008-2016 (ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE DATOS DO INE e IGE)					
ANO	POBOACIÓN TOTAL	VARIACIÓN INTERANUAL	POBOACIÓN ESTRANXEIRA	VARIACIÓN INTERANUAL	% DA POBOACIÓN
2008	2.784.169		95.568		3,43%
2009	2.796.089	11.920 (-0,43%)	106.637	11.069 (11,58%)	3,81%
2010	2.797.653	1.564 (0,06%)	109.670	3.033 (2,84%)	3,92%
2011	2.795.422	-2.231 (-0,80%)	110.468	798 (0,73%)	3,95%
2012	2.781.498	-13.924 (-0,50%)	112.183	1.715 (1,55%)	4,03%
2013	2.765.940	-15.558 (0,56%)	109.978	-2.205 (-1,96%)	3,98%
2014	2.748.695	-17.245 (-0,62%)	98.245	-11.733(-10,67%)	3,57%
2015	2.732.347	-16.348 (-0,59%)	90.641	-7.604 (-7,74%)	3,32%
2016	2.718.525	-13.822 (-0,50%)	87.966	-2.675 (-2,95%)	3,23%
MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016	2.768.926		102.371		3,70%

Continúa na páxina seguinte

Vén da páxina anterior

HOMES ESTRANXEIROS	MULLERES ESTRANXEIRAS	ANO
47.849	47.719	2008
53.721	52.916	2009
55.223	54.447	2010
55.606	54.862	2011
56.865	55.318	2012
55.389	54.573	2013
49.241	49.004	2014
45.236	45.405	2015
43.453	44.513	2016
51.398	50.973	MEDIA ANUAL PERÍODO 2008-2016

POBOACIÓN EXTRANXEIRA EN GALICIA EVOLUCIÓN PERÍODO 2008 - 2016



Análise de datos

É Galicia unha comunidade autónoma azoutada por unha auténtica sangría demográfica, como o demostra o feito de que no ano 2016 experimentase (segundo o censo do padrón de habitantes) unha diminución da poboación de -13.822 habitantes, cun descenso interanual de -0,50%, cantidade que se eleva -65.644 (-2,36%) entre o inicio e o final do período 2008-2016.

Ao longo do mesmo período, a media anual de poboación estranxeira é de 102.371, cunha porcentaxe do 3,69% do total de poboación de Galicia (2.768.926).

Durante algún tempo da xa denominada «Gran Crise», iniciada en 2008, a perda de poboación foi compensada coa chegada de inmigrantes. E así veu acontecendo desde 2009 a 2012, inclusive (con aumentos interanuais de 11,58%, 2,84%, 0,73% e 1,55%). Non obstante, produciuse a partir de 2013 unha caída desta poboación foránea, cun lixeiro descenso de -1.715 (-1,96%) nese ano, continuado en 2014 e 2015 (-10,67% e -7,74%).

En 2016 a poboación estranxeira situouse en 90.641, cun leve descenso interanual de -2.675 (-2,95%) e un 3,23% da poboación de Galicia (2.718.525), distribuída entre 43.453 homes e 44.513 mulleres.

5.4.2. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

A continuación recóllese unha exposición dos datos estatísticos do ano 2016 en materia de estranxeiría, tanto totais de Galicia como particulares provinciais. Tales datos teñen a súa fonte nas estatísticas especializadas que, conforme ao modelo estatístico oficial da FXE, elaboraron as Fiscalías Provinciais de Galicia.

Expulsións substitutivas no proceso penal

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA EXPULSIÓN SUBSTITUTIVAS NO PROCESO PENAL. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)
INFORMES FAVORABLES Á APLICACIÓN DO ART. 57.7 da LOES	37	3	4	7	51	34	17 (50%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN CUALIFICACIÓN	20	9	4	17	50	17	33 (194,12%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN SENTENZA	6	0	3	0	9	3	6 (200%)
EXPULSIÓN SUBSTITUTIVA DE PENAS SOLICITADA EN EXECUTORIA	24	0	0	3	27	5	22 (440%)
APLICACIÓN DA D.A. 17ª da LO 19/2003	0	0	0	3	3	15	-12 (-80%)
INTERNAMENTOS EN CIE PARA EXPULSIÓN XUDICIAL CONFORME ART. 89.6 do CP	19	11	2	0	32	0	32 (100%)
TOTAL INTERVENCIÓNS DE FISCAL	106	23	13	30	172	74	98 (132,43%)

O Fiscal e a medida cautelar de internamento en centros de internamento de estranxeiros (CIE)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA O FISCAL E A MEDIDA CAUTELAR DE INTERNAMENTO. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
INFORMES FAVORABLES INTERNAMENTO CIE	21	11	12	3	47	38	9 (323,68%)
INFORMES DESFAVORABLES INTERNAMENTO CIE	0	0	0	2	2	6	-4 (-66,67%)
INSPECCIÓN DE CIE	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL INTERVENCIÓNS DE FISCAL	21	11	12	5	49	44	5 (11,36%)

Menores non acompañados (MENA). Determinación da idade

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA MENORES ESTRANXEIROS NON ACOMPAÑADOS (MENA). DETERMINACIÓN DA IDADE DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DECRETOS QUE DETERMINAN MAIORÍA DE IDADE	8	1	0	0	9	2	7 (350%)
DECRETOS QUE DETERMINAN MINORÍA DE IDADE	4	0	0	1	5	5	0
DECRETO DE ARQUIVAMENTO SEN DETERMINACIÓN	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL INTERVENCIÓNS DE FISCAL	12	1	0	1	14	7	7 (100%)

Menores non acompañados (MENA). Repatriacións

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA MENORES ESTRANXEIROS NON ACOMPAÑADOS (MENA). REPATRIACIÓNS. DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	VI
REPATRIACIÓNS INFORMADAS FAVORABLEMENTE	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)
REPATRIACIÓNS INFORMADAS DESFAVORABLEMENTE	0	0	0	0	0	0	0
RECURSOS INTERPOSTOS	0	0	0	0	0	0	0
REPATRIACIÓNS ACORDADAS	0	0	0	0	0	1	-1 (100%)
REPATRIACIÓNS EXECUTADAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)

Delitos de trata de seres humanos (art. 177 bis CP)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS DE TRATA DE SERES HUMANOS (ART. 177 BIS CP). DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	0	19	19	23	-4 (-17,39%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	0	0	0	7	-7 (-100%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	3	0	2	0	5	8	-3 (-37,50%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	2	0	1	0	3	3	0
SENTENZAS DITADAS	1	0	0	1	2	2	0
SUPOSTOS DE APLICACIÓN DO ART. 59 BIS DA LOES	0	0	1	1	2	4	-2 /-50%)

Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros (art. 318 bis CP)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS CIDADÁNS ESTRANXEIROS (ART. 318 BIS CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	0	0	0	0	0
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	3	0	2	2	7	7	0
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	0	0	2	0	2	1	1 (100%)
SENTENZAS DITADAS	0	0	1	0	1	4	-3 (-75%)

Delitos contra os dereitos dos traballadores estranxeiros (art. 312.2 CP)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS CONTRA OS DEREITOS DOS TRABALLADORES ESTRANXEIROS (ART. 312.2 CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	38	19	57	57	0
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	6	5	11	9	2 (22,22%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	2	1	6	0	9	8	1 (12,50%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	1	0	1	0	2	3	-1 (-33,33%)
SENTENZAS DITADAS	2	0	0	2	4	1	3 (300%)

Delitos de prostitución coactiva (art. 188 CP)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍAS PROVINCIAIS DE GALICIA. ESTRANXEIRÍA DELITOS DE PROSTITUCIÓN COACTIVA (ART. 188 CP) DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVED	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.
DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN DE FISCALÍA INCOADAS	0	0	0	1	1	2	-1 (-50%)
DENUNCIAS OU QUERELAS INTERPOSTAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)
PROCEDEMENTOS XUDICIAIS INCOADOS	2	0	1	0	3	4	-1 (-35%)
CUALIFICACIÓNS FORMULADAS	0	0	1	0	1	1	0
SENTENZAS DITADAS	0	0	1	0	1	4	-3 (-75%)

5.4.3. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA

Reunións especializadas

Como se apuntou no apartado 3.5.1.3 do capítulo I desta Memoria, o día 20.04.2016 na sede da Fiscalía autonómica houbo unha reunión entre os Fiscais delegados de estranxeiría e representantes da Inspección de Traballo en Galicia, presidida polo Fiscal Superior, coa finalidade de fomentar a coordinación entre os fiscais e os inspectores de traballo.

Os asuntos tratados na reunión foron os seguintes:

- 1) Fiscalía de Estranxeiría e Inspección de Traballo: funcións e coordinación entre organismos.
- 2) Concreción do que se entende por relación laboral en determinados supostos (alterne, prostitución).
- 3) Contidos dos informes da Inspección de Traballo.
- 4) Investigación e busca de indicios de delito do art. 311.2 e 311 bis CP.
- 5) Análise do novo delito de prostitución do art. 187 CP.
- 6) Consideracións sobre a intervención da Inspección de Traballo nos protocolos de protección de vítimas de explotación sexual e trata.
- 7) Rolda de intervencións.

Protocolo de Menores Non Acompañados (MENA) en Galicia

Segundo se deixou indicado no apartado 3.5.3.2.3 do capítulo I, o día 21.12.2016 foi subscrito este novo *Protocolo da CA de Galicia sobre actuacións con MENA*, entre a Delegación do Goberno en Galicia, a XG (Consellerías de Sanidade e de Política Social) e o MF (representado polo Fiscal Superior de Galicia).

A xeito de resumo, facemos mención a seguir ás disposicións xerais do protocolo, relativas ao seu obxecto e aos seus ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación.

- *Obxecto do Protocolo.* É aplicable en todo o territorio da CA de Galicia e supón un desenvolvemento e adaptación estatal do Protocolo Marco sobre determinadas actuacións en relación cos MENA, asinado en data 22.07.2014, entre o Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a FXE e o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación (publicado no BOE do 16.10.2014).

O citado Protocolo Marco daba cumprimento á previsión contida no art. 190.2 do Regulamento da Lei de Estranxeiría (LO 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social), aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril (RES), co fin de coordinar, con este instrumento, a intervención de todas as institucións e administracións afectadas, desde a localización do menor ou suposto menor ata a súa identificación, a determinación da súa idade, posta a disposición do Servizo Público de Protección de Menores e documentación.

O número 3 do apartado 1º das disposicións xerais do citado Protocolo Marco establece a necesidade de que este sexa completado coa redacción dos correspondentes protocolos territoriais, para obrigar as administracións e institucións autonómicas, ao cal se lle dá cumprimento co presente texto para o territorio da CA de Galicia.

Cómpre salientar tamén neste ámbito o *Protocolo de Actuación institucional de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual*, asinado o 28.03.2012 entre a Fiscalía Superior da CA de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o cal tamén contén aspectos relacionados cos menores de idade.

O Protocolo Marco Nacional será de aplicación supletoria no establecido neste protocolo autonómico, que, debido ao seu obxecto, resulta máis concreto e sistemático que aquel.

- Ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación do Protocolo

1. Este protocolo aplicarase aos MENA que se encontren na CA galega, quer porque sexa este o seu primeiro lugar coñecido de estancia en territorio español, quer

porque proveñan doutros lugares do territorio nacional.

Para os efectos deste protocolo, enténdese por Mena (menor estranxeiro non acompañado) o estranxeiro menor de dezoito anos que sexa nacional dun Estado ao que non lle sexa de aplicación o réxime da Unión Europea e que chegue a territorio español sen un adulto responsable del, xa sexa legalmente ou conforme ao costume, apreciándose risco de desprotección do menor, así como a calquera menor estranxeiro que unha vez en España se encontre na dita situación, de acordo co art. 189 do citado RES.

2. Este protocolo tamén se aplicará a:

A) Os menores estranxeiros que se encontraren en situación de risco por entraren de xeito clandestino ou subrepticio en territorio nacional, ou que pretendesen traspasar os postos fronteirizos españois cun adulto que, aparentando ser proxenitor, parente ou responsable do neno, non achegue documentación veraz ou fiable do vínculo alegado, e ademais se aprecie un perigo obxectivo para a protección integral do menor.

B) Menores estranxeiros que se acharen en situación de patente desamparo ou desprotección, nomeadamente por padecerem risco de sometemento a redes de trata de seres humanos.

C) Menores estranxeiros que se achen como polisóns a bordo dun buque, nave ou aeronave que se encontre nun porto ou aeroporto galego.

3. Aos MENA que fosen localizados polos Corpos e Forzas de Seguridade con ocasión da comisión dun feito delituoso dos que puidesen ser imputados conforme á Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, unicamente lles serán de aplicación as disposicións específicas deste Protocolo destinadas a lograr a plenitude informativa do rexistro de MENA (RMENA).

4. As disposicións en materia de prevención de trata de seres humanos deste protocolo serán de aplicación a todos os menores estranxeiros, calquera que sexa a súa condición.

5. Os MENA dun Estado membro da Unión Europea ou doutro ao que lle sexa de aplicación o seu réxime xurídico someteranse a este Protocolo só naquilo que lles sexa favorable.

6. Para este Protocolo rexen os mesmos principios reitores que os establecidos para o Protocolo nacional, do 22 de xuño de 2014.

5.5. ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA

INTRODUCCIÓN

5.5.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

5.5.1.1. RESUMO XERAL DOS DELITOS CONTRA SV

5.5.1.2. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS INCOADOS CONTRA SV

5.5.1.3. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS CUALIFICADOS CONTRA SV

5.5.1.4. EXAME ESPECIAL DOS DELITOS SENTENCIADOS CONTRA SV

5.5.2 TEMAS OU CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

Reunións especializadas

Protocolo relativo á práctica de alcoholemias

Referencia a datos da estatística administrativa sobre sinistralidade viaria

Referencia a accidentes laborais de tráfico (ALT)

INTRODUCCIÓN

Constitúe a xeneralización do transporte e do tráfico viario —como indicamos en memorias de anos anteriores— un dos signos propios da moderna sociedade tecnolóxica e globalizada e expresión do exercicio da liberdade de circulación.

Distintos estudos evidencian que o fenómeno da sinistralidade asociada ao tráfico viario, a sinistralidade viaria, traducida en mortes, lesións, discapacidades e danos materiais, representa *un problema socioeconómico e de saúde de primeira orde*, caracterizada por unha enorme complexidade, derivada da gran diversidade de factores que nel interveñen. Ao ter lugar de forma masiva e simultánea, o tráfico viario esixe a intervención dos poderes públicos co fin de que se garanta a seguridade viaria (SV), entendida como o conxunto de accións tendentes a garantir unha mobilidade sostible e segura, concepto clave no que veñen traballando a Unión Europea (UE) e distintos organismos internacionais e que se asenta en cinco eixes básicos: ecoloxía, seguridade, universalidade, competitividade e saúde.

A elevada sinistralidade viaria veu sendo obxecto de especial preocupación desde comezos do século XXI nos contextos internacional, europeo e estatal, así como a nivel autonómico de Galicia. Froito desta preocupación foi a elaboración de diversos plans estratéxicos en materia de seguridade viaria, tendentes a impulsar e coordinar as iniciativas de todos os axentes implicados (políticos, económicos e sociais). Os ditos plans adoitan xirar en torno a tres piares básicos, como son o comportamento humano, as infraestruturas viarias e os vehículos, xunto coa regulación normativa, e oriéntanse ao logro da mencionada mobilidade sostible e segura.

Á vista dos datos estatísticos, existe consenso en canto a que a diminución das cifras de sinistralidade viaria (mortes, lesións, danos) depende non só da aplicación de sancións (administrativas e penais), senón, sobre todo, de incidir nos ámbitos da prevención e a

educación. Outros factores clave na loita contra a sinistralidade viaria son, fundamentalmente, os relativos á mellora das infraestruturas viarias e da tecnoloxía dos vehículos, así como o incremento dos medios persoais e materiais dos axentes de tráfico.

5.5.1. ESTATÍSTICA FISCAL EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

Nesta estatística propia da Fiscalía recóllese unha exposición e análise de datos estatísticos en materia de SV durante o ano 2016 (datos globais e provinciais de Galicia). Tales datos proceden das estatísticas fiscais provinciais e céntranse nos asociados aos procedementos xudiciais penais relativos a seguridade viaria (delitos incoados, cualificados e sentenciados).

5.5.1.1. Resumo xeral dos delitos contra SV

- *Delitos incoados*: 7.154, cun lixeiro aumento interanual de 153 (2,18%) e unha porcentaxe do 6,73% dos delitos incoados en todas as provincias de Galicia (106.327).

- *Delitos cualificados*: 5.497, cun leve incremento de 118 (2,19%) e unha porcentaxe do 34,90% dos delitos cualificados (15.750), así como unha porcentaxe de máis de tres cuartos (76,84%) respecto da cifra equivalente de incoados.

- *Delitos sentenciados*: 5.660, cun lixeiro descenso de -152 (-2,61%) e unha porcentaxe do 41,19% do número de delitos sentenciados (13.475).

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA – DELITOS CONTRA LA SEGURIDAD VIARIA (SV) RESUMO XERAL PERÍODO 2008-2016 - DATOS TOTAIS DE GALICIA			
ANO	DELITOS INCOADOS SV	DELITOS CUALIFICADOS SV	DELITOS SENTENCIADOS SV
2008	8.930	6.064	5.415
2009	10.566	6.294	7.726
2010	8.357	6.700	5.822
2011	11.104	7.600	7.988
2012	9.840	10.049	7.739
2013	8.793	7.051	6.586
2014	8.658	7.466	6.188
2015	7.001	5.379	5.812
2016	7.154	5.497	5.660
VARIACIÓN INTERANUAL (V.I.)	153 (2,18%)	118 (2,19%)	-152 (-2,61%)
% EN GALICIA 2016 DE DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS OU SENTENCIADOS	6,73% de total de 106.327 delitos incoados	34,90% do total de 15.750 delitos cualificados	41,19% do total de 13.741 delitos sentenciados
MEDIA ANUAL EN PERÍODO 2008-2016	8.934	6.900	6.548

DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA RESUMO ANO 2016 (DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)


DELITOS INCOADOS	7.154
DELITOS CUALIFICADOS	5.497
DELITOS SENTENCIADOS	5.660

5.5.1.2. Exame especial dos delitos incoados contra SV

Datos xerais de delitos incoados no período 2008-2016

- No seguinte gráfico móstrase a evolución das cifras de delitos incoados contra a SV nas provincias de Galicia no mencionado período. A media anual foi de 8.934, o que supón unha porcentaxe media de 4,49% na media anual de delitos incoados en Galicia durante igual período (199.089). Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un apreciable descenso de -1.776 (-19,89%). O punto álxido estivo no ano 2011, con 11.104; a partir de aí houbo un forte descenso, gradual e acumulado, ata 2016 de -3.950 (35,57%).


DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008 - 2016




- Procedemento con maior porcentaxe na incoación de delitos contra a SV no período 2008-2016

É o procedemento de dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), cunha media anual de 6.269 delitos, equivalente a unha porcentaxe do 70,17% na media anual de delitos incoados na materia (8.934). Ademais, esta media anual de 6.269 delitos incoados en DU equivale ao 65,84% da media anual de delitos incoados no devandito procedemento (9.521), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuizamento dos delitos contra a seguridade viaria (art. 795.1.2ª LACrim).

DELITOS INCOADOS SV EN DU DE XUÍZO RÁPIDO GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008 - 2016



DELITOS INCOADOS EN DU DE XUÍZO RÁPIDO GALICIA - PERÍODO 2008 - 2016




Datos de delitos incoados en 2016

Exposición de datos


- Datos xerais e particulares por tipo de procedemento e delito

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS INCOADOS: DATOS DE GALICIA POR TIPO DE PROCEDEMENTO E DE DELITO									
	DP	DU	PA	SU	PX	2016	2015	V.I.	% 2016
DELITOS	1.469	4.789	896	0	0	7.154	7.001	153 (2,18%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	28	17	10	0	0	55	25	30 (120%)	0,77%
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	852	3.049	500	0	0	4.401	4.283	118 (2,75%)	61,52%
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	125	46	61	0	0	232	190	42 (22,10%)	3,24%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	1	0	0	0	0	1	9	-8 (-88,88%)	0,01%
NEGATIVA Á REALIZACIÓN DAS PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	47	89	31	0	0	167	160	7 (4,73%)	2,33%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO (ART. 384 CP)	383	1.581	286	0	0	2.250	2.300	-50 (-2,17%)	31,45%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	33	7	8	0	0	48	34	14 (41,18%)	0,67%
V.I.	323 (28,18%)	-135 (-2,74%)	-35 (-3,76%)	0	0				
%	20,53%	66,94%	12,53%	0%	0%	100%			

DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DTOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO - GALICIA 2016



DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DTOS POR TIPO DE DELITO - GALICIA 2016



- Datos xerais e particulares por provincia e delito

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DELITOS INCOADOS: DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	2016	2015	V.I.
DELITOS	2.929	692	846	2.687	7.154	7.001	153 (2,18%)
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	10	8	5	32	55	25	30 (120%)
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.887	396	505	1.613	4.401	4.283	118 (2,75%)
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	82	23	20	107	232	190	42 (22,10%)
CONDUCCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	0	0	0	1	1	9	-8 (-88,88%)
NEGATIVA Á REALIZACIÓN DE PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP)	41	23	36	67	167	160	7 (4,73%)
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO (ART. 384 CP)	881	234	278	857	2.250	2.300	-50 (-2,17%)
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	28	8	2	10	48	34	14 (41,18%)
VI	538 (22,50%)	14 (2,06%)	-92 (-9,81%)	-307 (-10,25%)			
%	40,94%	9,67%	11,83%	37,56%	100%		

Análise de datos

- Datos xerais do ano 2016

Segundo a estatística fiscal deste ano, constan 7.154 delitos incoados contra a SV en Galicia, cun lixeiro aumento interanual de 153 (2,18%) e unha porcentaxe do 6,73% da cifra global de delitos incoados nas provincias de Galicia (106.327). É o terceiro grupo de delitos incoados cuantitativamente máis representativos (despois dos grupos de lesións e patrimoniais). Pode dicirse que en 2016 case 0,7 de cada 10 delitos incoados o foron en materia de SV.

A seguir realízase unha distribución do referido total por procedementos, por tipo de procedemento, por tipo delituoso e por provincias.

- Datos particulares por tipo de procedemento

1º) Dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU): 4.789 delitos, cun descenso interanual de 135 (-2,74%) e unha porcentaxe de 2/3 (66,94%) no total dos delitos incoados na materia (7.154), así como de case 2/3 (60,38%) dos delitos incoados a través deste procedemento en Galicia (7.931). Confírmase así, unha vez máis, a preeminencia deste procedemento urxente para o axuizamento de delitos contra a SV (art. 795.1.2ª LACrim):

2º) Dilixencias previas (DP): 1.469 delitos, cun apreciable aumento de 323 (28,18%) e unha porcentaxe do 20,53% na suma total de delitos incoados por SV, así como de só 1,67% na dos delitos incoados na comunidade autónoma por esa canle procedemental (88.044).

3º) Procedemento abreviado no Xulgado de Instrución (PA): 896 delitos, cun descenso de -35 (-3,76%) e unha porcentaxe do 12,53% dos delitos incoados na materia, así como de 8,75% do número de delitos incoados en Galicia a través desta canle procedemental (10.242).

- Datos particulares *por tipos de delito concretos*

1º) Condución baixo a influencia de alcohol/drogas: 4.401 ilícitos, cun aumento interanual de 118 (2,75%) e unha porcentaxe do 61,52% na cantidade total de delitos incoados, así como de 31,45% dos delitos incoados por SV, así como de 2,12% do total de delitos incoados, polo que é tamén un dos tipos delituosos incoados máis representativo.

3º) Condución temeraria: 232, aumento de 42 (22,10%) e unha porcentaxe do 3,24% do número referido.

4º) Negativa a realización de probas alcohol/drogas: 167, cun aumento de 7 (4,73%) e unha porcentaxe de só 2,33%.

5º) Condución con velocidade con exceso regulamentario: 55, cun aumento de 7 (38,89%) e unha ínfima porcentaxe de só 0,63%.

6º) Creación doutros riscos para a circulación: 48, cun aumento de 14 (41,18%) e unha porcentaxe de só 0,67%.

7º) Condución con desprezo pola vida dos demais: 1, cun descenso de 8 (-88,88%) e unha porcentaxe de só 0,01%.

-Observacións finais. En calquera caso, hai que ter en conta que o número de delitos incoados contra a seguridade viaria ten de ser debidamente interpretada e ponderada. O número real de delitos incoados (asociados a incoación procedemental) é seguramente algo inferior ao que reflicten ano a ano as estatísticas, debido ás transformacións procedementais. Isto acontece sempre cando, tras a preceptiva incoación a través da canle procedemental das DU (art. 795.1.2ª LACrim), se produce a transformación en DP (art. 798.2.2º LACrim). En tales casos, un mesmo delito deu lugar a varios procedementos incoados: DU, DP e PA. Conforme á estatística fiscal, no ano 2016 constan 914 transformacións de DU en DP. Tendo en conta que, segundo o exposto, uns 2/3 (60,38%) das DU incoadas se refiren a delitos contra a seguridade viaria, unha lóxica extrapolación de datos permitiríanos dicir que outro tanto desas 914 transformacións serían en materia de SV, é dicir, uns 552 delitos, co cal o número real de delitos incoados quedaría arredor dos 6.602 (7.154-552).

- Datos particulares por provincias

1º) A Coruña: 2.929 delitos, cun apreciable aumento de 538 (22,50%) e unha porcentaxe do 40,94% do total de delitos incoados por SV en Galicia.

2º) Pontevedra: 2.687 delitos, cun descenso de -307 (-10,25%) e unha porcentaxe do 37,56%.

3º) Ourense: 846, cun descenso de -92 (-9,81%) e unha porcentaxe do 11,83%.


4º) Lugo: 692, cun aumento de 14 (2,06%) e unha porcentaxe do 9,67%.

5.5.1.3. Exame especial dos delitos cualificados contra SV

Datos xerais de delitos incoados no período 2008-2016

- No seguinte gráfico móstrase a evolución das cifras de delitos cualificados contra SV nas provincias de Galicia no mencionado período. A media anual foi de 6.900, o que supón unha alta porcentaxe de 41,99% na media anual de delitos cualificados en Galicia durante igual período (16.433). Entre o inicio e o final do ciclo rexistrouse un lixeiro descenso de -567 (-9,35%). O punto álxido estivo no ano 2012, con 10.049; a partir de aí houbo unha tendencia ao descenso, con algunhas oscilacións. Partindo de 2012 e ata 2016 produciuse un forte descenso acumulado de -4.552 (-45,30%).


DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
EN DILIXENCIAS URXENTES - GALICIA PERÍODO 2008 - 2016




- *Procedemento con maior porcentaxe na cualificación de delitos contra a SV no período 2008-2016*

É o procedemento de dilixencias urxentes de xuízo rápido (DU), cunha media anual de 6.019 delitos, equivalente a unha porcentaxe do 87,23% na media anual de delitos cualificados na materia (6.900). Ademais, esta media anual de 6.019 delitos cualificados en DU equivale ao 82,44% da media anual de delitos cualificados no devandito procedemento (7.301), o que confirma a preeminencia dos xuízos rápidos para o axuízamento dos delitos contra a SV (art. 795.1.2ª LACrim).

DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA EN DILIXENCIAS URXENTES - GALICIA PERÍODO 2008 - 2016



DELITOS CUALIFICADOS EN DILIXENCIAS URXENTES GALICIA PERÍODO 2008 - 2016




Datos de delitos cualificados en 2016

Exposición de datos


- Datos xerais e particulares por tipo de procedemento e delito

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - DELITOS CONTRA SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS DATOS TOTAIS DE GALICIA POR TIPO DE PROCEDEMENTO E DE DELITO								
	DU	PA	SU	PX	2016	2015	V.I.	% 2016
DELITOS	4.653	844	0	0	5.497	5.379	118 (2,19%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	16	11	0	0	27	12	15 (125%)	0,49%
CONDUCCIÓN BAIXO INFLUENCIA ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	3.007	416	0	0	3.423	3.345	78 (2,33%)	62,27%
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	44	73	0	0	117	89	28 (31,46%)	2,13%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DE MAIS (ART. 381 CP)	4	0	0	0	4	9	-5 (-55,55%)	0,07%
NEGATIVA A REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	111	52	0	0	163	142	21 (14,79%)	2,96%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO (ART. 384 CP)	1.469	290	0	0	1.759	1.780	-21 (-1,18%)	32,00%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	2	2	0	0	4	2	2 (100%)	0,07%
V.I.	61 (1,33%)	57 (7,24%)	0 (0%)	0 (0%)				
(%)	84,65%	15,35%	0%	0%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DATOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO - GALICIA 2016



DELITOS INCOADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DTOS POR TIPO DE DELITO - GALICIA 2016



- Datos xerais e particulares por provincias e delito

ESTADÍSTICA 2016 FISCALIA DE GALICIA - DELITOS CONTRA SEGURIDADE VIARIA DELITOS CUALIFICADOS: DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	2016	2015	V.I.
DELITOS	2.249	532	696	2.020	5.497	5.379	118 (2,19%)
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	6	2	8	11	27	12	15 (125%)
CONDUCCIÓN BAIXO INFLUENCIA ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.450	319	431	1.223	3.423	3.345	78 (2,33%)
CONDUCCIÓN TEMERARIA (ART. 380 CP)	50	16	5	46	117	89	28 (31,46%)
CONDUCCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DEMAIS (ART.º 381 CP)	1	0	0	3	4	9	-5 (-55,55%)
NEGATIVA Á REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	57	11	33	62	163	142	21 (14,79%)
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/ PERMISO (ART. 384 CP)	684	182	219	674	1.759	1.780	-21 (-1,18%)
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	1	2	0	1	4	2	2 (100%)
V.I.	348 (18,31%)	16 (3,10%)	-93 (-11,79%)	-153 (-7,04%)			
%	40,91%	9,68%	12,66%	36,75%	100%		

Análise de datos

- *Datos xerais do ano 2016*

Conforme a estatística fiscal, constan en toda Galicia 5.497 delitos cualificados durante 2016 en materia de SV, cun lixeiro incremento de 118 (2,19%) e unha elevada porcentaxe do 34,90% dos delitos cualificados en todas as provincias de Galicia (15.750), polo que, como en anos anteriores, ocupa o primeiro posto entre os grupos de delitos cualificados máis representativos cuantitativamente (seguido de grupo de delitos patrimoniais e do grupo de delitos de lesións). Xa que logo, pode dicirse que por volta de 4 de cada 10 delitos cualificados en 2016 polo fiscal o foron na área de SV.

Efectúase a continuación unha distribución da referida cifra total por procedementos, por provincias e por tipos de delito.

- *Datos particulares por tipo de procedemento*

1º DU: 4.653 delitos, cun aumento de 61 (1,33%) e unha elevada porcentaxe do 84,65% sobre o total, así como de 74,04% dos delitos cualificados a través deste procedemento urxente en Galicia (6.284). Estes datos confirman a preeminencia deste procedemento urxente para o axuízamento e cualificación fiscal de delitos contra a seguridade viaria (art. 795 LACrim): 8,5 de cada 10 delitos cualificados en 2016 por SV fórono a través de DU. Á súa vez, tamén pode afirmarse a preeminencia dos delitos contra a SV entre os delitos cualificados a través das DU: 7,4 de cada 10.

2º PA: 884 delitos, cun incremento de 57 (7,24%) e unha porcentaxe do 15,35% na mencionada cantidade total, así como de 9,49 dos delitos cualificados en Galicia a través desa vía procedemental (9.314).

- *Datos particulares por tipos delituosos concretos*

1º Condución baixo a influencia de alcohol/drogas: 3.423, cun lixeiro aumento de 78 (2,33%) e unha elevada porcentaxe do 62,27% no total de delitos cualificados por SV (5.497), así como de máis de 1/5 (21,73%) dos delitos cualificados en toda Galicia (15.750), polo que, como en anos anteriores, segue ocupando o primeiro posto entre todos os tipos delituosos concretos cualificados máis representativos cuantitativamente. Polo tanto, pode dicirse que sobre 2,55 de cada 10 delitos cualificados polo fiscal en 2015 foron conducións baixo influencia de alcohol/drogas.

2º Condución sen licenza/permiso: 1.759, cun descenso de -21 (-1,18%) e unha porcentaxe de máis de case 1/3 (32,00%) do número de delitos cualificados por SV, así como de 11,17% dos delitos cualificados na Comunidade Autónoma (15.750), polo que, como en anos anteriores, ocupa o segundo posto de todos os delitos concretos cualificados máis representativos.+14,79%) e unha porcentaxe do 2,96% no total referida.

4º) Condución temeraria: 117, cun apreciable aumento de 28 (31,46%) e unha porcentaxe do 2,13%.

5º) Condución con velocidade con exceso regulamentario: 27 delitos, cun incremento de 15 (125%) e unha porcentaxe do 0,49%.

6º) Condución con desprezo pola vida dos demais: 4, cun descenso de -5 (-55,55%) e unha porcentaxe de 0,07%.

7º) Creación doutros riscos para a circulación: 4, cun aumento de 2 (100%) e unha porcentaxe do 0,07%.

- *Datos particulares por provincias*

1º) A Coruña: 2.249, cun apreciable aumento de 348 (18,31%) e unha porcentaxe do 40,91% dos delitos cualificados por SV.

2º) Pontevedra: 2.020, cun lixeiro descenso de -153 (-7,04%) e unha porcentaxe do 36,75% na referida cifra total.

3º) Ourense: 696, cun lixeiro descenso de -93 (-11,79%) e unha porcentaxe do 12,66% dos delitos cualificados por SV en Galicia.


4º) Lugo: 532, cun leve incremento de 16 (3,10%) e unha porcentaxe do 9,68%.

5.5.1.4. Exame especial dos delitos sentenciados contra SV

Datos xerais de delitos sentenciados no período 2008-2016

- Móstrase no seguinte gráfico a evolución das cifras de delitos sentenciados contra a SV nas provincias de Galicia no mencionado período. A media anual foi de 6.548, que representa unha alta porcentaxe media de 44,66% na media anual de delitos cualificados en Galicia durante igual período (14.661). Por tal razón, estes delitos veñen ocupando o primeiro posto entre o grupo de delitos sentenciados máis representativos cuantitativamente en Galicia (por enriba dos de lesións e os patrimoniais). Entre o inicio e o final do ciclo —marcado por algunhas oscilacións, froito probable de sucesivas reformas legais— rexistrouse un lixeiro aumento de 250 (-4,52%). O punto álxido do período constitúe o ano 2011, con 7.988, cun grande aumento de 37,20%. A partir de aí iníciase un paulatino descenso que culmina en 2016 con 5.660, cunha diminución acumulada de -2.328 (-29,14%) respecto ao ano 2011.

DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA
GALICIA - RESUMO PERÍODO 2008 - 2016



-Procedemento con maior porcentaxe para a resolución por sentenza dos delitos contra SV


A través da estatística fiscal non se poden ofrecer datos concretos desta cuestión, tendo en conta que só informa dos delitos sentenciados por provincias no conxunto de todos os procedementos. Pero, dado que son similares ou moi próximas as cifras e porcentaxes dos datos dos delitos cualificados e sentenciados —segundo o xa exposto—, cabe pensar igualmente que é o procedemento de DU o que ten maior porcentaxe para a resolución por sentenza de asuntos por delitos contra a SV, cunha porcentaxe aproximada ao das cualificacións fiscais (moi probablemente, polo tanto, por enriba das $\frac{3}{4}$ partes).

Datos de delitos sentenciados en 2016


- Exposición de datos (datos xerais e particulares por tipo de delito e provincia)

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - DELITOS CONTRA SEGURIDADE VIARIA DELITOS SENTENCIADOS: DATOS PARTICULARES POR TIPO DE DELITO E POR PROVINCIAS (NON HAI DATOS ESTADÍSTICOS POR TIPO DE PROCEDEMENTO)								
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	2016	2015	VI	% 2016
DELITOS	2.309	525	708	2.118	5.660	5.812	-152 (-2,61%)	100%
CONDUCCIÓN CON VELOCIDADE CON EXCESO REGULAMENTARIO (ART. 379.1 CP)	2	2	2	9	15	13	2 (15,38%)	0,26%
CONDUCCIÓN BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOHOL/DROGAS (ART. 379.2 CP)	1.466	342	441	1.271	3.520	3.642	-122 (-3,35%)	62,19%
CONDUCCIÓN TEMERARIA(ART. 380 CP)	47	11	4	46	108	90	18 (20%)	1,91%
CONDUCCIÓN CON DESPREZO POLA VIDA DOS DEMAIS (ART. 381 CP)	1	0	1	0	2	4	-2 (-50%)	0,04%
NEGATIVA Á REALIZACIÓN PROBAS ALCOHOL/DROGAS (ART. 383 CP).	63	12	35	70	180	143	37 (25,87%)	3,18%
CONDUCCIÓN SEN LICENZA/PERMISO (ART. 384 CP)	730	157	225	721	1.833	1.914	-81 (-4,23%)	32,38%
CREACIÓN DOUTROS RISCOS PARA A CIRCULACIÓN (ART. 385 CP)	0	1	0	1	2	6	-4 (-66,67%)	0,04%
V.I.	163 (7,60%)	15 (2,94%)	-121 (-14,59%)	-209 (-8,98%)				
%	40,80%	9,27%	12,51%	37,42%	100%			

DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DATOS POR TIPO DE DELITO - GALICIA 2016



DELITOS SENTENCIADOS CONTRA A SEGURIDADE VIARIA DATOS POR PROVINCIAS - GALICIA 2016



- Análise de datos (datos xerais e particulares por tipo de delito e provincia)

- *Datos xerais de 2016*

De acordo coa estatística fiscal deste ano, constan en Galicia 5.660 delitos sentenciados contra a SV, cun lixeiro descenso interanual de -152 (-2,61%) e unha elevada porcentaxe do 41,19% dos delitos sentenciados na CA durante o ano (13.741). Por iso, estes delitos ocupan o primeiro posto entre os grupos delituosos máis representativos cuantitativamente (por enriba dos delitos patrimoniais e dos de lesións). Pode dicirse, polo tanto, que algo máis de 4 de cada 10 delitos sentenciados en 2016 o foron en materia de SV.

A seguir realízase unha distribución do referido total por tipo de delitos e por provincias (a estatística fiscal, a diferenza do que acontece cos delitos incoados e cualificados, non ofrece datos da distribución por procedementos).

- *Datos particulares por tipos delituosos concretos*

1º) Delito de condución baixo influencia de alcohol/drogas: 3.520, cun lixeiro descenso interanual de -122 (-3,35%) e unha porcentaxe de case 2/3 (62,19%) da mencionada cifra total de delitos sentenciados en Galicia en materia de SV (5.660), así como 1/4 parte (25,62%) dos delitos sentenciados na Comunidade Autónoma (13.741), polo que, igual que nos anos anteriores, ocupa o primeiro posto entre os delitos concretos sentenciados máis representativos en Galicia. Polo tanto, pode dicirse que sobre 2,2 de cada 10 delitos sentenciados en 2016 foron por condución baixo influencia de alcohol/drogas.

2º) Delito de condución sen licenza/permiso: 1.833, cun leve descenso de -81 (-4,23%) e unha porcentaxe de case 1/3 (32,38%) dos delitos sentenciados en materia de SV (5.660), así como 13,34% do número de delitos sentenciados en Galicia (13.741), o que fai que, como en anualidades anteriores, ocupe o segundo posto entre os delitos concretos sentenciados máis representativos cuantitativamente na nosa CA.

3º) Negativa á realización de probas de alcohol/drogas: 180, cun aumento de 37 (25,87%) e unha reducida porcentaxe do 3,18% do total.

4º) Condución temeraria: 108, cun incremento de 18 (20%) e unha porcentaxe de só 1,91%.

5º) Condución con velocidade con exceso regulamentario: 15, cun aumento de 2 (15,38%) e unha porcentaxe de só 0,26%.

6º) Condución con desprezo pola vida dos demais: 2, cun descenso de -2 (-50%) e unha mínima porcentaxe do 0,04%.

7º) Creación doutros riscos para a circulación: 2, cun descenso de -4 (-66,67%) e unha ínfima porcentaxe do 0,04%.

- *Datos particulares por provincias*

1º) A Coruña: 2.309, cun lixeiro aumento interanual de 163 (7,60%) e unha alta porcentaxe do 40,80% dos delitos sentenciados en SV na CA (5.660).

2º) Pontevedra: 2.118, cunha lixeira diminución de -209 (-8,98%) e unha apreciable porcentaxe do 27,42% na referida cantidade total de delitos sentenciados por SV.

3º) Ourense: 708, cunha lixeira diminución de -121 (-14,59%) e un 12,51% do referida ao número de delitos sentenciados.

4º) Lugo: 525, cun aumento de 15 (2,94%) e unha porcentaxe do 9,27% no total de delitos sentenciados en Galicia por SV (5.660).

5.5.2. TEMAS OU CUESTIÓNS VARIAS DE INTERESE EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA

Reunións especializadas

Tal e como se sinalou no apartado 3.5.1.3 do capítulo I desta Memoria, ao longo do ano 2016 consta a celebración de dúas importantes reunións especializadas en materia de SV, que tiveron lugar no mesmo día na sede da Fiscalía autonómica, coa asistencia do Fiscal de Sala Coordinador na materia.

1ª reunión: *celebrada o día 27.05.2016, entre as 10.30 e as 11.45 horas, na sede coruñesa da Fiscalía autonómica.* Asistiron o Fiscal de Sala Coordinador da Unidade Especializada de SV da FXE e o Fiscal Superior de Galicia, os cales presidiron a reunión, xunto co Fiscal Delegado de SV de Galicia, os Fiscais Xefes provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como do Fiscal Delegado provincial de SV de Lugo e as Fiscais Delegadas provinciais de SV da Coruña, Ourense e Lugo (actuando esta última en función de secretaria).

Asuntos tratados (orde do día), segundo resulta da propia acta da reunión:

1) Cuestións relacionadas cos delitos de perigo dos arts. 379 a 385 do CP. Os controis de drogas e alcohol, marxes de erro nos radares. Depuración dos criterios de remisión á vía xudicial das infraccións correlativas detectadas polas autoridades administrativas competentes, en particular do delito do art. 385.1 e 2 (especial problemática dos puntos negros, TCA [tramos de concentración de accidentes]).

2) Manipulación de tacógrafos e alteracións falsarias dos informes de aptitude psicofísica dos centros de recoñecemento de condutores. Os accidentes de condutores da terceira idade en Galicia e a súa relación cos informes de aptitude psicofísica: estratexias educativas, preventivas e sancionadoras.

3) Elaboración de atestados e remisión á vía xudicial nos delitos dos arts. 142 e 152 do CP. Conceptos de imprudencia grave e menos grave. Análise das praxes xudiciais desde a entrada en vigor da LO 1/2015 de reforma do CP. Especial problemática dos atropelos de peóns e ciclistas.

4) As vítimas de accidentes de tráfico e a información e protección dos dereitos recoñecidos polo Estatuto da Vítima do Delito (Lei 4/2015, do 27 de abril): posibles situacións de indefensión. A investigación policial e procesual sobre as circunstancias persoais, familiares e patrimoniais determinantes da indemnización na Lei 35/2015, do 22 de setembro, pola que se aproba o novo baremo de indemnizacións por accidentes de tráfico, e a instrución policial e procesual dos seus renovados dereitos. O novo art. 7.1, parágrafo 5º, da Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor. A aplicación dos novos conceptos e previsións da Lei 35/2015, de reforma do sistema de valoración dos danos e prexuízos causados en accidente de circulación. Os programas informáticos para o cálculo do lucro cesante e axuda de terceira persoa. Análise das praxes xudiciais desde a entrada en vigor da Lei (01.01.2016).

5) O acordo de mediación do art. 84.1.1ª do CP como regra de conduta e instrumentos de mediación desde a instrución do atestado policial.

6) Os ditames periciais criminolóxicos en casos de multirreincidencia de delitos viarios.

7) Educación viaria nos colexios. Estratexias e coordinación na CA de Galicia.

8) Rolda de intervencións.

2ª reunión: *celebrada o mesmo día 27.05.2016, entre as 12.40 e as 14.30 horas, na mesma sede coruñesa da Fiscalía autonómica.* Asistiron o Fiscal de Sala Coordinador da Unidade Especializada de Seguridade Viaria da FXE e o Fiscal Superior de Galicia, os que a presidiron, xunto co Fiscal Delegado de SV de Galicia, as Fiscais Delegadas de SV das fiscalías provinciais da Coruña, Lugo e Ourense (actuando esta última como secretaria), así como o Tenente Coronel da Garda Civil de Tráfico de Galicia, representacións de diferentes Direccións Provinciais de Tráfico das catro provincias de Galicia, así como do Subsector de Tráfico da Garda Civil da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, das Policía Locais da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo, representantes do IMELGA (Instituto de Medicina Legal de Galicia) e da asociación de vítimas de accidentes de tráfico "Stop Accidentes".

Cuestións tratadas (orde do día): segundo resulta da propia acta da reunión, foron as mesmas que na reunión anterior.

Protocolo relativo á práctica de alcoholemias

Segundo se deixou adiantado no apartado 3.5.3.2.3 do capítulo I desta Memoria, o día 22.01.2016 foi subscrito este novo *Protocolo para a toma de mostras de sangue para a detección de alcohol e/ou drogas nos centros do Servizo Galego de Saúde* (SERGAS), con intervención da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e a Fiscalía da CA de Galicia (representada polo Fiscal Superior). Faise a continuación un breve resumo do seu contido.

- *Obxecto do Protocolo* (cláusula 1ª. 1). Establecer un procedemento que garanta o correcto cumprimento dos requirimentos técnicos, organizativos e médico-legais establecidos no noso ordenamento xurídico, en relación coa obtención de mostras de sangue para a análise de alcoholemia e/ou presenza de drogas que se leven a cabo nos centros do SERGAS.
- *Suxeitos susceptibles de toma de mostras* (cláusula 2ª). Procederáse á extracción de sangue ás persoas conducidas por axentes da autoridade (Policía Nacional, Garda Civil de Tráfico, Policía Local etc.) e que, de forma voluntaria, solicitan determinacións de laboratorio para: a) análise de alcoholemia por causa xustificada que impida a determinación en aire expirado e/ou análise de drogas por causa xustificada que impida a determinación salival; e b) como análise de contraste por solicitude do interesado.
- *Procedemento de toma de mostras* (cláusula 3ª). A obtención de mostras levarase a cabo nos centros dependentes do SERGAS que determine cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) conforme ao procedemento detallado na cláusula 3ª do Protocolo.
- *Difusión interna do Protocolo* (cláusula 4ª). Cada unha das partes asinantes comprométese a elaborar as instrucións necesarias para a difusión interna do seu contido e para que os órganos e servizos delas dependentes axusten os seus procedementos de actuación ao estipulado.
- *Comisión Mixta de Seguimento* (cláusula 5ª). Para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas neste protocolo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, composta por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes.
- *Vixencia e extinción* (cláusula 6ª). Este protocolo entra en vigor a partir da data en que se asine (22.01.2016) e terá unha vixencia dun ano, finalizado o cal se entenderá prorrogado por períodos anuais, salvo denuncia expresa por calquera das partes

cunha antelación mínima dun mes á data do seu vencemento. Poderá ser causa da súa resolución a constatación da ineficiencia dos instrumentos de cooperación establecidos.

Referencia a datos da estatística administrativa sobre sinistralidade viaria

Á marxe dos delitos contra a seguridade viaria (delitos de risco abstracto), examinados anteriormente, relacionada con esta materia está a sinistralidade viaria, concretada nos accidentes de tráfico con resultado de morte, lesións e danos. Teoricamente esta sinistralidade viaria ten acceso ao rexistro informático da Fiscalía (Fortuny), pois os ilícitos correspondentes (homicidios e lesións) relacionados coa materia deberían vincularse á área especializada de seguridade viaria. De todos os xeitos, o certo é que desde hai anos o modelo estatístico da Fiscalía non recolle tipos diferenciados de «homicidio imprudente en accidente laboral» ou «lesións imprudentes» en igual tipo de accidente, polo que as cifras reais desta sinistralidade viaria podémolas coñecer mellor a través dos datos da estatística administrativa que ofrece a Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior (Xefatura de Tráfico de Galicia); datos que, moi probablemente, estean embebidos dentro dos rexistros dos xenéricos «homicidios ou lesións imprudentes» da estatística fiscal.

Polo que se refire á estatística administrativa referida, pode dicirse que, segundo o *Informe sobre a accidentabilidade en Galicia en 2016* constan no dito ano 102 accidentes mortais de tráfico viario, cun aumento interanual de 14 (15,91%), cun resultado de 106 persoas mortas, cun incremento de 15 (16,48%), das cales 17 (16,04%) son peóns atropelados. A nivel estatal, segundo o *Balance de Seguridade Viaria 2016* da DXT, a número de accidentes mortais en todo o Estado foi de 1.038, cun incremento de 15 (1,47%) e co resultado de 1.160 persoas mortas, cun aumento de 29 (2,56%), e ademais 5.067 persoas feridas hospitalizadas, cun incremento de 209 (4,30%). En relación con estas cifras estatais, a cantidade de vítimas mortais en Galicia (106) representa unha porcentaxe do 9,14%. De acordo co mencionado *Informe sobre accidentabilidade en Galicia en 2016*. As maiores cifras de accidentes mortais en Galicia producíronse na provincia da Coruña, con 40 accidentes (39,22%), seguida de Pontevedra, 26 (25,49%), Lugo, 25 (24,51%), e Ourense, 11 (1,78%). En canto a persoas falecidas, a provincia con maior cifra tamén é a da Coruña, con 40 (37,74%), seguida de Pontevedra e Lugo, ambas as dúas con 27 vítimas (25,47%), e de Ourense, con 12 (11,32%). Tamén a provincia da Coruña concentrou a maior cifra de peóns mortos, 10 (58,82%), seguida de Pontevedra, 4 (23,53%), Ourense, 2 (11,76%), e Lugo, 1 (5,88%).

Outros datos que resultan do mesmo *Informe de accidentabilidade* son os seguintes

- *Tipoloxía das vítimas mortais* (106): 1º condutores de vehículo, 41 (38,67%); 2º peóns adultos atropelados, 17 (16,04%); 3º usuarios de turismo e condutores de bicicleta, 14 cada un (13,21% cada un); 4º outros, 20 (18,87%).

- *Causas dos accidentes mortais* (102): 1º velocidade excesiva ou inadecuada, 35, cun incremento de 4 (12,90%) e porcentaxe do 34,32% dos accidentes; 2º distracción, derivada de sono ou fatiga, 34, cun descenso interanual de 5 (12,82%) e unha porcentaxe de 33,33%; 3º manobra antirregulamentaria ou infracción norma, 18, cun incremento de 4 (28,57%) e porcentaxe do 17,65%; e 4º outras causas, 15, cun aumento de 11 (275%) e porcentaxe do 14,70%.

- *Tipoloxía dos accidentes mortais* (102): 1º colisión de vehículos, 40 (39,21%); 2º saída da vía, 41 (40,20%); 3º atropelo, 17 (16,67%); e 4º outros tipos de accidentes, 4 (3,92%).

- *Tipo de vía onde se produciron os accidentes mortais* (102): 1º estradas autonómicas, 41 (40,20%); 2º estradas estatais, 33 (32,35%); e 3º estradas locais, 28 (27,45%).

Referencia a accidentes laborais de tráfico (ALT)

Xa tratamos deste tema dentro do apartado de sinistralidade laboral, no que se combinan esta área especializada e a de seguridade viaria.

Desde o ano 2007 o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) vén estudando de forma específica esta temática, que interrelaciona as áreas especializadas das sinistralidades viaria e laboral. Trátase dos accidentes laborais de tráfico (ALT), producidos ben na propia xornada de traballo ou ben *in itinere* (acaecido ao ir do domicilio ao centro de traballo ou viceversa).

O último informe sobre ALT coñecido, referido ao ano 2015, elaborado polo propio INSHT, permítenos achegar algúns datos concretos que evidencian a dimensión deste problema. Nese ano os accidentes de traballo alcanzaron unha cifra estatal de 529.248, dos cales 58.842 foron ALT, cunha porcentaxe, polo tanto, do 11,12% dese total. Esa cantidade de ALT distribuíuse entre 43.202 ALT *in itinere* (73,42% ALT e 60,65% de 71.225 AL *in itinere*); e 15.640 ALT en xornada de traballo (26,58% de ALT e 3,41% dos 458.023 AL en xornada de traballo). Polo tanto, os ALT *in itinere* representaron en 2015 unha elevada porcentaxe de cerca de 2/3 (60,65%) dos ALT *in itinere*, que, á súa vez, representaron un importante 13,46% dos AL.

5.6. ÁREA DE MENORES

INTRODUCCIÓN

5.6.1. REFORMA DE MENORES (RESPONSABILIDADE PENAL DE MENORES)

5.6.2. PROTECCIÓN DE MENORES

Dentro da área especializada de menores, hai que distinguir dous apartados:

- A) *Reforma de menores*** (responsabilidade penal de menores). Engloba todo o relativo ao proceso penal de menores conforme a Lei orgánica 5/2008, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM), desenvolvida polo seu Regulamento aprobado polo RD 1774/2004, do 30 de xullo.

- B) *Protección de menores***. Trátase da actuación da Administración en canto á protección dos dereitos dos menores. Na nosa Comunidade Autónoma corresponde esta competencia á XG, concretamente ao servizo de Protección de Menores da Consellería de Traballo e Benestar.

5.6.1. REFORMA DE MENORES (RESPONSABILIDADE PENAL DE MENORES)

5.6.1.1. Estatística fiscal de reforma de menores

Os datos e información que seguen proceden das estatísticas anuais das Fiscalías Provinciais de Galicia, salvo os dalgúns apartados específicos que se indican.

5.6.1.1.1. Procedementos

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES PROCEDEMENTOS TRAMITADOS (POR DELITO). TRAMITACIÓN DE DILIGENCIAS PRELIMINARES E EXPEDIENTES DE REFORMA DATOS PROVINCIAIS E TOTAIS DE GALICIA								
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	(V.I.)
DILIGENCIAS PRELIMINARES	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	18	10	1	132	161	460	-299 (-65%)
	INCOADAS NO ANO	888	383	298	839	2.408	2.616	-208 (-7,95%)
	ARQUIVADAS (POR DISTINTAS CAUSAS)	300	298	156	589	1.343	1.412	-69 (-4,89%)
	ARQUIVADAS POR IDADE MENOR 14 AÑOS	83	35	27	66	211	246	-35 (-14,23%)
	ARQUIVADAS POR DESISTENCIA DE INCOACIÓN (ART. 18)	57	19	31	82	189	176	13 (7,39%)
	ARQUIVADAS POR OUTRAS CAUSAS	160	244	98	441	943	990	-47 (-4,75%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBROE	28	233	2	95	358	161	-197 (-122,36%)
EXPEDIENTES DE REFORMA	PENDENTES A 1 DE XANEIRO	81	10	11	103	205	307	-102 (-33,22%)
	INCOADOS NO ANO	362	82	142	271	857	828	29 (3,50%)
	SOLUCIÓNS EXTRAJUDICIAIS	37	7	29	66	139	193	-54 (-7,98%)
	SOBRESEMENTO ART. 27.4	33	6	1	6	46	31	15 (48,39%)
	ESCRITO DE ALEGACIÓNS ART. 30	250	69	67	140	526	479	47 (9,81%)
	PENDENTES A 31 DE DECEMBRO	89	10	14	124	237	205	32 (15,61%)
TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS	1.250	465	440	1.110	3.265	3.444	-179 (-5,20%)	

REFORMA DE MENORES - ANO 2016
RESUMO MOVEMENTO PROCEDEMENTOS



ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES
PROCEDEMENTOS INCOADOS (POR DELITO). ANOS 2008-2016. DATOS DE GALICIA

ANO	DILIXENCIAS PRELIMINARES (DP)	EXPEDIENTES DE REFORMA (ER)	TOTAL PROCEDEMENTOS INCOADOS
2008	4.377	1.333	5.710
2009	3.805	1.431	5.236
2010	4.522	1.239	5.761
2011	4.310	1.120	5.430
2012	3.797	991	4.788
2013	3.253	1.039	4.292
2014	2.584	924	3.508
2015	2.616	828	3.444
2016	2.408	857	3.265
V.I.	-208 (-7,95%)	29 (3,50%)	-179 (-5,20%)
% 2016	73,75%	26,25%	100%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	3.519	1.085	4.604

**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. REFORMA DE MENORES
 PROCEDIMENTOS INCOADOS (POR DELITO). ANOS 2008-2016.
 DATOS PROVINCIAIS DE GALICIA**

ANO	A CORUÑA			LUGO		
	DP	ER	TOTAL	DP	ER	TOTAL
2008	1753	541	2.294	414	82	496
2009	1.901	663	2.564	417	71	488
2010	1.894	570	2.464	406	70	476
2011	1.689	444	2.133	441	66	507
2012	1.506	394	1.900	422	76	498
2013	1.153	454	1.607	410	74	484
2014	1.024	435	1.459	382	81	463
2015	979	375	1.354	414	65	479
2016	888	362	1.250	383	82	465
V.I.	-91 (-9,29%)	-13 (-3,47%)	-104 (-7,68%)	-31 (-7,49%)	17 (26,15%)	-14 (-2,92%)
% 2016	71,04%	28,96%	100%	82,36%	17,64%	100%
MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016	1.420,78	470,89	1.607	409,89	74,11	484

Continúa abaixo

OURENSE			PONTEVEDRA			ANO
DP	ER	TOTAL	DP	ER	TOTAL	
238	180	418	1.972	530	2.502	2008
433	149	582	1.864	548	2.412	2009
598	187	785	1.624	412	2.036	2010
519	171	690	1.661	439	2.100	2011
446	209	655	1.423	312	1.735	2012
343	178	521	1.347	333	1.680	2013
307	140	447	871	268	1.139	2014
269	110	379	954	278	1.232	2015
298	142	440	839	271	1.110	2016
29 (10,78%)	32 (29,09%)	61 (16,09%)	-115 (-12,05%)	-7 (-2,52%)	-122 (-9,90%)	V.I.
67,73%	32,27%	100%	75,58%	24,42%	100%	% 2016
383,44	162,89	546,33	1.395	376,78	1772	MEDIAS ANUAIS PERÍODO 2008-2016

Vén de arriba


Análise de datos

Datos totais do período 2008-2016

No gráfico seguinte, completado coas táboas anteriores, reflíctese con detalle a evolución neste período das cifras totais de procedementos incoados (analizados tamén entre DP e ER incoados). A cifra media anual no período foi de 4.694 procedementos incoados, analizada entre 3.519 DP (o 74,97%) e 1.085 ER (25,03%).

Entre o inicio e o final do ciclo (5.710 e 3.265) registrou un elevado descenso acumulado de -2.445, equivalente ao 42,82%. O punto álxido do ciclo foi o ano 2010 (5.761); a partir de aí, o descenso foi continuo.

PROCEDEMENTOS DE MENORES INCOADOS POR DELITO PERÍODO 2008 - 2016. DATOS TOTAIS DE GALICIA



Datos do ano 2016

- *Datos xerais.* Neste ano a estatística fiscal reflicte 3.265 procedementos de menores incoados por delito na nosa CA, cun lixeiro descenso interanual de -179 (-5,20%).

- *Datos particulares por tipo de procedementos*

- Dilixencias preliminares (DP): 2.408, cun lixeiro descenso interanual de -208 (-7,95%) e case $\frac{3}{4}$ (73,75%) dos procedementos incoados (3.265).

- Expedientes de reforma (ER): 857, cun lixeiro incremento de 29 (3,50%) e algo máis de $\frac{1}{4}$ (26,25%) na referida cantidade total de incoacións.

- *Datos particulares por provincias*

- A Coruña: 1.250, cun descenso interanual de -104 (-7,680%) e unha porcentaxe do 38,28% de Galicia (3.265). Esa cantidade total da provincia distribúese entre 888 DP e 362 ER.

- Pontevedra: un total de 1.110, cun lixeiro descenso de -122 (-9,90%) e unha porcentaxe do 34,00%. Esa cifra total provincial desdóbrase entre 839 DP e 271 ER.

- Lugo: 465, cun leve descenso de -14 (-2,92%) e unha porcentaxe do 14,25%. Esa cantidade total da provincia distribúese entre 383 DP e 82 ER.

- Ourense: 440, cun lixeiro aumento de 61 (16,09%) e unha porcentaxe do 13,47%. Esa cantidade provincial desdóbrase entre 298 DP e 142 EX.

- *Especial referencia aos procedementos tramitados* (suma de incoada e pendente do ano anterior).

- Dilixencias preliminares (DP) tramitadas. Constan 2.569 en Galicia, cun descenso interanual de -507 (-16,48%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 906; Lugo, 393; Ourense, 299; e Pontevedra, 971.

- Expedientes de reforma (ER) tramitados. Figuran 1.062 en Galicia, cun descenso interanual de -73 (-6,43%) e a seguinte distribución por provincias: A Coruña, 443; Lugo, 92; Ourense, 153; e Pontevedra, 374.

Xa que logo, os procedementos tramitados en 2016 foron 3.631, cun descenso interanual de -580 (-13,77%). Como consta unha pendencia a final de ano de só 595 (358 DP e 237 ER), os rematados deberían ser 3.036, aínda que os datos da estatística fiscal só chegan en conxunto a 2.054 (1.343 arquivamentos, por distintas causas, en DP, máis 711 en ER (139 solucións extraprocesuais, 46 sobreseimentos e 526 escritos de alegacións).

5.6.1.1.2. Menores intervidos (axuizados)

Exposición de datos

- Datos particulares por provincias

1º Pontevedra: 6.776, cun descenso interanual de -6.719 (-49,79%) e un 46,43% da cantidade total de Galicia (14.594).

2º Lugo: 4.150, cun descenso de -82 (-1,94%) e un 28,44%.

3º A Coruña: 3.544, cun aumento de 1.005 (39,58%) e un 24,28%.

4º Ourense: 124, cun aumento de 37 (42,53%) e un 0,85%.

Datos particulares por materias

1º Permisos de saída: 6.182, cun descenso de -1.098 (-15,08%) e un 42,36% do total (14.594).

2º TBC: 2.551, cun descenso de -2.459 (-49,08%) e un 17,48%.

3º Queixas/peticións: 1.676, cun descenso de -5.556 (-24,91%) e un 11,48%.

4º Clasificación de grao 1.315, cun descenso de -424 (-24,38%) e un 9,01%.


5º Sancións disciplinarias: 1.062, cun descenso de -482 (-31,22%) e unha porcentaxe do 7,28%.

6º Liberdade condicional: 743, cun descenso de -464 (-38,44%) e un 5,09%.

7º Refundicións: 544, cun descenso de -456 (-51,35%) e un 3,73%.

8º Resto de materias: 521 (3,57%).

VIXILANCIA PENITENCIARIA
DITAMES FISCAIS POR MATERIAS
GALICIA ANO 2016



5.9.4. TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE EN MATERIA DE VIXILANCIA PENITENCIARIA

Atención sanitaria a presos afectados por hepatite C. Novo Protocolo do SERGAS

Como se indicou na Memoria do pasado ano, o día 28.07.2015 o Fiscal Superior mantivo unha xuntanza na sede da Fiscalía autonómica coa denominada Plataforma Galega de Afectados pola Hepatite C, no curso da cal o informaron do problema que existía nos centros penitenciarios de Galicia en canto á prestación de medicamentos axeitados para os internos que padecían hepatite C. A entrevista fora solicitada polo referido colectivo, que achegou diversa documentación, e o mesmo día da xuntanza incorporouse copia da sentenza núm. 390/2015, do 20 de maio, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia. Ao día seguinte da reunión incoáronse nesta Fiscalía autonómica as dilixencias informativas núm. 2/2015, cuxa tramitación correu a cargo do propio Fiscal Superior.

Nunha reunión de Fiscais Coordinadores de VP de Galicia que tivo lugar na sede da Fiscalía Provincial de Lugo o día 28.09.2015, o Fiscal Superior informou os asistentes do dito problema e da incoación das correspondentes dilixencias informativas, así como da tramitación xudicial no Xulgado do Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Santiago, que ditara unha sentenza pola que se confirmaba a resolución do SERGAS do 24.02.2014, que, por silencio administrativo, denegaba a asistencia sanitaria a determinados enfermos de hepatite C nas prisións de Galicia. Institucións Penitenciarias viñera manifestando a súa postura favorable a someter a este tratamento aqueles internos que o precisasen, pero con traslado a centros de Madrid, o que non todos os internos afectados estaban dispostos a aceptar, por mor do posible desarraigamento derivado. A totalidade dos asistentes a aquela reunión especializada considerou que se trataba dunha cuestión que excedía das competencias do xuíz de vixilancia penitenciaria.

Posteriormente, mediante Decreto do 17.12.2015, tras a tramitación oportuna, o Fiscal Superior acordou o arquivamento das mencionadas dilixencias informativas 2/2015 con traslado do actuado á Administración Penitenciaria e á Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade), para os efectos da súa competencia, coa finalidade de “articular unha solución para a dispensa e tratamento dos internos” destinados nos centros penitenciarios de Galicia.

Despois de todo o exposto, e como froito das xestións e dilixencias anteriores, a XG comunicoulle a esta Fiscalía autonómica a existencia dun “borrador de protocolo”. Finalmente, mediante oficio do 21.04.2016, a propia Administración autonómica (Consellería de Sanidade e SERGAS) remitiulle a esta Fiscalía o definitivo *Protocolo para a atención sanitaria de pacientes afectados polo virus da hepatite C ingresados en centros penitenciarios situados na Comunidade Autónoma de Galicia*, polo que se establece o procedemento asistencial para a atención aos devanditos pacientes e do que se deu traslado á comisión técnico-asesora da CA galega, para a implantación do Plan Estratéxico da hepatite C do 12.04.2015, comprometéndose ambas as dúas partes á súa difusión entre as unidades correspondentes e á toma de medidas necesarias para a súa implantación.

SECCIÓN 6. OUTROS TEMAS OU CUESTIÓNS DE INTERESE

6.1. ÁREA DE CORRUPCIÓN

6.2. OCUPACIÓN NON VIOLENTA DE INMOBLES

6.1. ÁREA DE CORRUPCIÓN

6.1.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

6.1.2. ESTATÍSTICA FISCAL DE DELITOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN

6.1.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS. POSIBLE CREACIÓN DUNHA FISCALÍA ANTICORRUPCIÓN EN GALICIA

No actual contexto de crise institucional e social seguen merecendo especial atención os delitos relacionados coa corrupción, que supoñen un grave quebranto dos principios da esixible ética na xestión das organizacións tanto públicas coma privadas, temática que se relaciona coas cuestións relativas á transparencia, ética pública e bo goberno, como mecanismos preventivos da corrupción.

Segundo vén confirmando o barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS (barómetro de febreiro de 2017), despois do paro, a corrupción e a fraude son, segundo a percepción cidadá, os problemas máis importantes do país, seguida da “política” (os político en xeral, os partidos políticos e a política).

A partir do art. 41 da *Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea* (2000/C 364/01) consagrouse o denominado dereito a unha boa administración que ten a cidadanía e do que xorde o concepto correlativo da ética pública. Ambos os dous conceptos, boa administración e ética pública móstranse como os piares fundamentais en que se ten que asentar o novo modelo social e político superador da actual crise.

Imponse o que se deu en chamar *rexeneración ou renacemento moral* no ámbito das organizacións públicas (e privadas), arredor de principios éticos conformadores dunha auténtica ética pública que facilite o control racional e democrático do exercicio do poder. Transparencia, participación, acceso á información pública, bo goberno son principios desta nova ética, que se orienta cara a unha maior calidade, eficacia e eficiencia na organización e funcionamento das organismos públicos e das organizacións privadas e, en definitiva, cara ao melloramento do sistema político, social e económico.

Esta preocupación cidadá motivou a actuación do lexislador, tanto no ámbito estatal como no autonómico, e en relación non só con organizacións públicas, senón tamén privadas.

Polo que se refire ao ámbito estatal, cómpre ter en conta a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG). O preámbulo proclama que «ten un triplo alcance: incrementa e reforza a transparencia na actividade pública —que se articula a través de obrigas de publicidade activa para todas as Administracións e entidades públicas—, recoñece e garante o acceso á información —regulado como un dereito de amplo ámbito subxectivo e obxectivo— e establece as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento —o que se converte nunha esixencia de responsabilidade para todos os que desenvolven actividades de relevancia pública—». «Cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.» «Os países con maiores niveis en materia de transparencia e normas de bo goberno contan con institucións máis fortes, que favorecen o crecemento económico e o desenvolvemento social. Nestes países, os cidadáns poden xulgar mellor e con máis criterio a capacidade dos seus responsables públicos e decidir en consecuencia. Permitindo unha mellor fiscalización da actividade pública contribúese á necesaria rexeneración democrática, promóvese a eficiencia e eficacia do Estado e favorécese o crecemento económico».

Polo que se refire ao ámbito autonómico, a estatal LTBG conta con normativas que seguen unha liña similar. En canto a Galicia, a Administración autonómica presentase un «Programa de Impulso Democrático» en Galicia (2015-2016)» con 50 medidas aglutinadas en 12 eixes, para desenvolver 5 leis contra a corrupción e en favor da transparencia. Sobre a base deste programa, foron aprobadas dúas leis esenciais para favorecer a transparencia e previr a corrupción político-administrativa: a) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (derrogatoria da anterior Lei 4/2006); e b) 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, así como do texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto Lexislativo de 1/1999, do 7 de outubro), para prevención da corrupción.

Esta última Lei atribuíu especificamente competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financieira do Sector Público da CA galega, ao referido Consello de Contas, órgano de control e fiscalización externa das contas do referido sector público galego e que é unha institución de posición relevante na nosa CA que foi creada polo propio Estatuto de Autonomía (art. 53.2). Nese reformado marco normativo, o Consello de Contas asumiu competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financieira do Sector Público da CA (art. 5 bis e concordantes) e creouse, para o efecto, dentro da súa estrutura organizativo-funcional, unha específica «Sección de Prevención da Corrupción» (art. 6 e concordantes).

Por outra parte, en canto ás organizacións privadas, é destacable a introdución do novo art. 31 bis CP (LO 5/2010 e LO 1/2015) que estableceu a esixencia de sistemas de prevención

de delitos nas persoas xurídicas (*corporate compliance*) como medio de excluír ou atenuar a responsabilidade penal das persoas xurídicas; entre as que non se encontran as persoas xurídicas que exerzan potestades públicas de soberanía ou administrativas (art. 31 *quinquies*), aínda que si persoas xurídicas como partidos políticos ou sindicatos. Deste tema ocúpase a Circular FXE 1/2016, do 22 de xaneiro, sobre responsabilidade penal das persoas xurídicas conforme á reforma do CP efectuada polo 1/2015. A Sala Segunda, do Penal, do Tribunal Supremo, xa tivo ocasión de pronunciarse sobre a responsabilidade penal das persoas xurídicas ex art. 31 bis CP, e da obriga do «cumprimento normativo» (*compliance*) de establecer medidas preventivas de vixilancia e control para evitar a comisión de delitos. Así, SSTS números 514/2015, do 2 de setembro, 154/2016, do 29 de febreiro, e 221/2016, do 16 de marzo.

A Fiscalía da CA de Galicia vén incluíndo na súa memoria anual, desde a relativa ao ano 2012, un apartado específico dedicado aos delitos relacionados coa corrupción. Todo iso a partir de que, en relación co propio ano 2012, desde a FXE se desen instrucións para abordar a corrupción social, política e económica, tendo en conta que:

«A corrupción é un fenómeno criminal que se encontra entre as primeiras preocupacións da sociedade, xera desconfianza nas institucións, perturba o seu normal funcionamento e afecta á estrutura do sistema de convivencia democrática. Por iso debe ser combatida con rigor».

A maior parte dos delitos relacionados coa corrupción que se examinan nesta Memoria anual están tipificados dentro do grupo de delitos contra a Administración Pública, artigos 404 a 445, comprendidos dentro do título XIX do libro II, do CP, o cal foi obxecto de sucesivas reformas nos últimos anos debido, principalmente, á necesidade de adecuación da nosa lexislación penal ás Directivas da Unión Europea na materia, e á dificultade que presentan estes delitos respecto das sancións penais máis apropiadas para eles.

Non obstante, hai outros destes delitos relacionados coa corrupción que aparecen situados noutras partes do CP, como son os seguintes, comprendidos dentro do grupo delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica: alteración de prezos en concursos e poxas públicas (artigo 262), corrupción entre particulares (artigo 286 bis) e branqueo de capitais (artigo 301).

Por outra banda, o artigo 19.4 do EOMF, ao se referir á Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada, inclúe no seu ámbito de actuación unha serie ampla de delitos, máis alá dos do ámbito propiamente político ou administrativo (delitos contra a Administración Pública). Así acontece, por exemplo, cos delitos contra a Facenda Pública, contra a Seguridade Social e de contrabando; defraudacións e insolvencias punibles; alteración de prezos en concursos e poxas públicos; delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, ao mercado e aos consumidores; delitos societarios; branqueo de capitais; e corrupción no sector privado.

Polo tanto, debe terse moi presente que os datos e información que se achegan na Memoria Anual da Fiscalía autonómica de Galicia non se centran, de forma exclusiva, nos delitos de

corrupción relacionados co ámbito político ou administrativo, senón que, de forma máis ampla, abrangue tamén os ámbitos social e económico, xa que este complexo fenómeno criminal ten presenza non só no ámbito público, nas institucións xurídico-políticas, senón tamén no ámbito da mesma sociedade civil.

Por último, debe dicirse que actualmente a FXE esta a avaliar a conveniencia e a posibilidade de crear na nosa CA unha Fiscalía Anticorrupción, que, previsiblemente, funcionaría como Delegación da Fiscalía Especial Anticorrupción e contra a Criminalidade Organizada. O Fiscal Superior de Galicia avogou por que se cree esa unidade especializada da Fiscalía Anticorrupción en Galicia, integrada por un ou varios fiscais e dotada cos axeitados medios persoais e materiais.

6.1.2. ESTATÍSTICA FISCAL DE DELITOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN (INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS)

Seguindo a liña de anos anteriores, neste apartado recóllense os datos sobre delitos relacionados coa corrupción, extraídos das estatísticas das catro fiscalías provinciais. Son datos referidos a delitos asociados á incoación de procedementos (delitos incoados), á cualificación do Fiscal (delitos cualificados) e a sentenzas (delitos sentenciados).

6.1.2.1. Resumo dos delitos relacionados coa corrupción

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN RESUMO XERAL (DELITOS INCOADOS, CUALIFICADOS E SENTENCIADOS). PERÍODO 2011-2016			
ANO	DELITOS INCOADOS	DELITOS CUALIFICADOS	DELITOS SENTENCIADOS
2011	124	28	6
2012	152	18	8
2013	184	26	10
2014	288	24	7
2015	195	19	22
2016	191	38	19
V.I. (VARIACIÓN INTERANUAL)	-4 (-2,05%)	19 (100%)	-3 (-13,64%)
% DE DELITOS EN 2016	0,18% (de 106.327 delitos incoados)	0,24% (de 15.750 delitos cualificados)	0,14% (de 13.741 delitos sentenciados)
TOTAL PERÍODO 2011-2016	1.134	153	72
MEDIA ANUAL PERÍODO 2011-2016	189	25,50	12
% DELITOS CORRUPCIÓN PERÍODO 2011-2016	0,104% (respecto da media anual dos 180.757 delitos incoados)	13,49% CUALIFICADOS RESPECTO INCOADOS	47,06% SENTENCIADOS RESPECTO CUALIFICADOS

DELITOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN GALICIA 2016 - RESUMO XERAL

DELITOS INCOADOS
DELITOS CUALIFICADOS
DELITOS SENTENCIADOS



6.1.2.2. Delitos incoados

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS INCOADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMENTOS E DE GALICIA									
DELITOS INCOADOS	DP	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	VI	% 2016
ALTERACIÓN PREZOS EN CONCURSOS E POXAS PÚBLICAS	0	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
CORRUPCIÓN NO SECTOR PRIVADO	2	0	0	0	0	2	1	1 (100%)	1,05%
PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA	89	0	10	0	0	99	112	-13 (-11,61%)	51,83%
SUBORNO	9	0	2	0	0	11	11	0 (0%)	5,76%
TRÁFICO DE INFLUENCIAS	25	0	2	0	0	27	23	4 (17,39%)	14,14%
MALVERSACIÓN	17	0	8	0	1	26	28	-2 (-7,14%)	13,61%
FRAUDE POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	1	0	2	0	0	3	3	0 (0%)	1,57%
EXACCIÓNS ILEGAIS	0	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	0%
NEGOCIACIÓNS PROHIBIDAS AOS FUNCIONARIOS	0	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
CORRUPCIÓN NAS TRANSACCIÓNS COMERCIAIS INTERNACIONAIS	0	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
BRANQUEO DE CAPITAIS	11	0	11	1	0	23	13	10 (76,92%)	12,04%
TOTAL DELITOS INCOADOS	154	0	35	1	1	191	195	-4 (-2,05%)	100%
% DE DELITOS INCOADOS (106.327)						0,18%			
% TIPO PROCEDIMENTO	80,63%	0%	18,33%	0,52%	0,52%	100%			

**ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA.
DELITOS INCOADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN
DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS E TOTAIS DE GALICIA**


DELITOS INCOADOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
ALTERACIÓN PREZOS EN CONCURSOS E POXAS PÚBLICAS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
CORRUPCIÓN NO SECTOR PRIVADO	1	0	0	1	2	1	1 (100%)	1,05%
PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA	37	21	18	23	99	112	-13 (-11,61%)	51,83%
SUBORNO	2	4	2	3	11	11	0 (0%)	5,76%
TRÁFICO DE INFLUENCIAS	5	17	1	4	27	23	4 (17,39%)	14,14%
MALVERSACIÓN	12	4	3	7	26	28	-2 (-7,14%)	13,61%
FRAUDE POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	2	0	0	1	3	3	0 (0%)	1,57%
EXACCIÓN ILEGAIS	0	0	0	0	0	2	-2 (-100%)	0%
NEGOCIACIÓN PROHIBIDAS AOS FUNCIONARIOS	0	0	0	0	0	1	-1 (-100%)	0%
CORRUPCIÓN NAS TRANSACCIÓN COMERCIAIS INTERNACIONAIS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
BRANQUEO DE CAPITAIS	4	4	1	14	23	13	10 (76,92%)	12,04%
TOTAL DELITOS INCOADOS	63	50	25	53	191	195	-4 (-2,05%)	100%
% PROVINCIAL	32,98%	26,18%	13,09%	27,75%	100%			
% DELITOS INCOADOS (106.327)					0,18%			

Análise de datos

- *Datos globais de delitos incoados no período 2011-2016*

No seguinte gráfico móstrase a evolución dos delitos incoados relativos á corrupción nas provincias de Galicia. A suma total do período é de 1.134 ilícitos, cunha media anual de 189, só 0,104% da media xeral de delitos incoados en igual período (180.757). Entre o inicio e o final de ciclo apréciase un destacable aumento de 67 delitos, equivalente a máis da metade (54,03%). O punto álxido do período foi o ano 2014, con 288 ilícitos. A partir de aí, apréciase un descenso que é de máis de 1/3 (33,68%) se tomamos como referencia ese punto álxido.

DELITOS CORRUPCIÓN INCOADOS EVOLUCIÓN ANOS 2011 - 2016



- Datos de delitos incoados en 2016

- Datos xerais

Conforme á estatística fiscal dese ano, constan de 191 delitos incoados relacionados coa corrupción nas provincias de Galicia, cun leve descenso e -4 (-2,05%) e unha pequena porcentaxe do 0,18% dos delitos incoados no mesmo ano (106.327).

- *Datos particulares por procedementos:* DP: 154 delitos, un 80,63% do total; DU, 0; PA, 35 (18,33%); e SU e PX, 1 cada un (0,52% cada un)

- *Datos particulares por provincias:* A Coruña, 63 delitos (32,98% do total); Pontevedra, 53 (27,75%); Lugo, 50 (26,18%); Ourense, 25 (13,09%).

- Datos de tipos de delitos concretos incoados máis representativos cuantitativamente


	Tipo delituoso	Cifra	V.I.	% da cifra total (191)
1º	Prevaricación administrativa	99	-13 (-11,61%)	51,83%
2º	Tráfico de influencias	27	4 (17,39%)	14,14%
3º	Malversación	26	-2 (-7,14%)	13,61%
4º	Branqueo de capitais	23	10 (76,92%)	12,04%
	Resto de delitos	16	-3 (-15,79%)	8,38%

6.1.2.3. Delitos cualificados

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA DELITOS CUALIFICADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN DATOS PARTICULARES POR PROCEDIMIENTOS E TOTAIS DE GALICIA								
DELITOS CUALIFICADOS	DU	PA	SU	PX	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
ALTERACIÓN PREZOS EN CONCURSOS E POXAS PÚBLICAS	0	1	0	0	1	1	0 (0%)	2,63%
CORRUPCIÓN NO SECTOR PRIVADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA	0	14	0	0	14	3	11 (366,67%)	36,84%
SUBORNO	0	1	0	2	3	1	2 (200%)	7,89%
TRÁFICO DE INFLUENCIAS	0	1	0	0	1	0	1 (100%)	2,63%
MALVERSACIÓN	0	5	0	5	10	7	3 (42,86%)	26,32%
FRAUDE POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	0	1	0	1	2	0	2 (100%)	5,26%
EXACCIÓNS ILEGAIS	0	1	0	0	1	0	2 (100%)	2,63%
NEGOCIACIÓNS PROHIBIDAS AOS FUNCIONARIOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
CORRUPCIÓN NAS TRANSACCIÓNS COMERCIAIS INTERNACIONAIS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
BRANQUEO DE CAPITAIS	0	6	0	0	6	7	-1 (-14,28%)	15,79%
TOTAL DELITOS CUALIFICADOS	0	30	0	8	38	19	19 (100%)	100%
% DE DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,24%			
% TIPO PROCEDIMENTO	0%	78,95%	0%	21,05%	100%			

DELITOS CUALIFICADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN GALICIA 2016 - RESUMO



ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA - DELITOS CUALIFICADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN								
DATOS PARTICULARES POR PROVINCIAS E GLOBAIS DE GALICIA								
DELITOS CUALIFICADOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	V.I.	% 2016
ALTERACIÓN PREZOS EN CONCURSOS E POXAS PÚBLICAS	1	0	0	0	1	1	0 (0%)	2,63%
CORRUPCIÓN NO SECTOR PRIVADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA	7	1	2	4	14	3	11 (366,67%)	36,84%
SUBORNO	2	0	0	1	3	1	2 (200%)	7,89%
TRÁFICO DE INFLUENCIAS	1	0	0	0	1	0	1 (100%)	2,63%
MALVERSACIÓN	7	1	0	2	10	7	3 (42,86%)	26,32%
FRAUDE POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	1	1	0	0	2	0	2 (100%)	5,26%
EXACCIÓN ILEGAIS	1	0	0	0	1	0	1 (100%)	2,63%
NEGOCIACIÓN PROHIBIDAS AOS FUNCIONARIOS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
CORRUPCIÓN NAS TRANSACCIÓN COMERCIAIS INTERNACIONAIS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
BRANQUEO DE CAPITAIS	2	0	2	2	6	7	-1 (-14,28%)	15,79%
TOTAL DELITOS CUALIFICADOS	22	3	4	9	38	19	19 (100%)	100%
PORCENTAXE (%) PROVINCIAL	57,90%	7,89%	10,53%	23,68%	100%			
PORCENTAXE DE DELITOS CUALIFICADOS (15.750)					0,24%			

Análise de datos

- Datos globais de delitos cualificados no período 2011-2016

Móstrase no seguinte gráfico a evolución dos delitos cualificados relativos á corrupción nas provincias de Galicia. A suma total do período é de 153 delitos cualificados, cunha media anual de 25,50, un 13,49% respecto da cifra similar de incoados (189), aínda que non hai que esquecer que as cualificacións fiscais poden referirse a delitos incoados no mesmo ano ou a outro anterior. Entre o inicio e o final de ciclo apréciase un aumento de 10, equivalente a máis de 1/3 (35,71%), que mostra unha intensificación do labor fiscal.

Cabe resaltar esa “intensidade cualificadora” de 13,49% nos delitos relacionados coa corrupción; dado que resulta claramente superior á media xeral equivalente de 9,41% en igual período (media de 180.757 delitos incoados/media de 17.013 delitos cualificados). Isto supón que a intensidade cualificadora en delitos de corrupción foi un 43,36% superior á media xeral durante o período 2011-2016.

- Datos de delitos cualificados en 2016

- Datos xerais

Neste ano figuran 38 delitos cualificados relacionados coa corrupción nas provincias de Galicia, cun destacado aumento interanual de 19, equivalente exactamente ao 100%, e unha pequena porcentaxe do 0,24% dos delitos cualificados no mesmo ano (15.750). É de salientar que os 38 delitos cualificados equivalen a case 1/5 (19,89%) respecto da cifra equivalente de delitos incoados (191), o que supón algo máis do dobre que a porcentaxe do ano pasado (9,74%). Xa que logo, pode dicirse que en 2016 de cada 10 delitos incoados por corrupción foron cualificados case 2 (o dobre que o ano anterior); o que evidencia unha maior actividade nesta materia por parte do Ministerio Fiscal.

- Datos particulares por procedementos: PA, 30 (78,95%); e PX, 8 (21,05%).

- Datos particulares por provincias: A Coruña, 22 (57,90%); Pontevedra, 9 (23,68%); Ourense, 4 (10,53%); e Lugo, 3 (7,89%).

- Datos de tipos de delitos concretos cualificados máis representativos cuantitativamente


	Tipo delituoso	Cifra	VI	% do total (38)
1º	Prevaricación administrativa	14	11 (366,67%)	36,84%
2º	Malversación	10	3 (42,86%)	26,32%
3º	Branqueo de capitais	6	-1 (-14,28%)	15,79%
	Resto de delitos	8	-8 (-50%)	21,05%

6.1.2.4. Delitos sentenciados

Exposición de datos

ESTADÍSTICA 2016 FISCALÍA DE GALICIA. DELITOS SENTENCIADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN DATOS PROVINCIAIS E DE GALICIA								
DELITOS SENTENCIADOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONT	GALICIA 2016	GALICIA 2015	VI	% 2016
ALTERACIÓN PREZOS EN CONCURSOS E POXAS PÚBLICAS	1	0	0	0	1	1	0 (0%)	5,26%
CORRUPCIÓN NO SECTOR PRIVADO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
PREVARICACIÓN ADMINISTRATIVA	3	0	0	2	5	3	2 (66,67%)	26,32%
SUBORNO	0	0	0	1	1	0	1 (100%)	5,26%
TRÁFICO DE INFLUENCIAS	0	1	0	0	1	3	-2 (-66,67%)	5,26%
MALVERSACIÓN	0	1	1	0	2	0	2 (100%)	10,53%
FRAUDE POR AUTORIDADE OU FUNCIONARIO	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
EXACCIÓN ILEGAIS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
NEGOCIACIÓN PROHIBIDAS AOS FUNCIONARIOS	0	0	0	1	1	2	-1 (-50%)	5,26%
CORRUPCIÓN NAS TRANSACCIÓN COMERCIAIS INTERNACIONAIS	0	0	0	0	0	0	0 (0%)	0%
BRANQUEO DE CAPITAIS	3	1	0	4	8	13	-5 (-38,46%)	42,11%
TOTAL DELITOS SENTENCIADOS	7	3	1	8	19	22	-3 (-13,64%)	100%
% PROVINCIAL	36,84%	15,79%	5,26%	42,11%	100%			
% DE DELITOS SENTENCIADOS (13.741)					0,14%			

DELITOS SENTENCIADOS RELACIONADOS COA CORRUPCIÓN GALICIA 2016 - RESUMO




Análise de datos

- Datos dos delitos sentenciados no período 2011-2016

No seguinte gráfico reflíctese a evolución dos delitos sentenciados relativos á corrupción nas provincias de Galicia. A suma total do período é de 72 ilícitos sentenciados, cunha media anual de 12 e unha porcentaxe de preto da metade (47,06%) respecto da cifra similar de cualificados (153), aínda que non hai que esquecer que as sentenzas poden referirse a delitos incoados e cualificados no mesmo ano ou a outro anterior. Entre o inicio e o final de ciclo apréciase un aumento de 13 delitos, equivalente a un elevado 216,67%, que mostra unha intensificación da actividade sentenciadora. O punto álxido é o ano 2015, cun incremento de 15 sentenzas (214,28%).

DELITOS CORRUPCIÓN SENTENCIADOS EVOLUCIÓN ANOS 2011 - 2016



- *Datos de delitos sentenciados en 2016*

- *Datos xerais*

Constan 19 delitos sentenciados relacionados coa corrupción nas provincias de Galicia, cun lixeiro descenso interanual de -3 (-13,64%) e unha pequena porcentaxe do 0,14% dos delitos sentenciados no mesmo ano (13.741). Esa cantidade de 19 delitos sentenciados equivale exactamente á metade (50%) dos delitos cualificados

- *Datos particulares por provincias (non hai datos por procedementos):* A Coruña, 7 (36,84%); Pontevedra, 8 (42,11%); Lugo, 3 (15,79%); Ourense, 1 (5,26%).

- *Datos de tipos de delitos concretos sentenciados máis representativos cuantitativamente*

	Tipo delituoso	Cifra	VI	% en cifra total (38)
1º	Branqueo de capitais	8	-5 (-38,46%)	42,11%
1º	Prevaricación administrativa	5	2 (66,67%)	26,32%
2º	Malversación	2	2 (100%)	10,53%
	Resto de delitos	4	1 (33,33%)	21,04%

6.2. OCUPACIÓNS ILEGAIS DE INMOBLES

Dentro do grupo dos delitos patrimoniais, no marco actual de crise estase a avivar a polémica social e xurídica sobre a ocupación ilegal de inmobles —da que se fan eco os medios de comunicación— e que ten encaixe no delito de usurpación, regulado no artigo 245 do CP. Basicamente, este precepto tipifica e sanciona dúas modalidades, unha de delito menos grave e outra de delito leve (arts. 13 e 33 CP, en relación coa Circular FXE 1/2015): a) delito menos grave: ocupación con violencia ou intimidación (sancionada con pena de prisión dun a dous anos); e b) delito leve: ocupación non violenta, “sen a autorización debida” dun “inmoble, vivenda ou edificio alleos que non constitúan morada doutra persoa, ou manterse neles contra a vontade do seu titular” (sancionada con pena de multa de tres a seis meses).

A polémica xurdiu, sobre todo, en relación coa denominada ocupación non violenta de inmobles e a súa vinculación co movemento *okupa* ou de persoas con supostas dificultades para accederen legalmente a unha vivenda (en réxime de propiedade ou alugueiro). A situación complicouse en certos casos debido, entre outros factores, a denuncias de propietarios que, tras recuperar a posesión das súas propiedades, constatan graves danos, así como problemas de convivencia e salubridade nas zonas afectadas.

Sen dúbida é un tema difícil, con casuística diversa, no que se interrelacionan cuestións xurídicas de tipo penal, civil e administrativa con outras de tipo social e económico. De momento, foi obxecto de diferentes interpretacións doutrinais e xurisprudenciais, así como dunha emerxente normativa municipal que trata de abordar o problema.

Desde a óptica da estatística fiscal de 2016 só é posible ofrecer cifras que engloban ambos os dous supostos de usurpación do art. 245 do CP, sen que se poidan ofrecer datos específicos do suposto “non violento”. Así, como delitos incoados de usurpación temos este ano un total de 310 ilícitos, cun descenso interanual de -73, equivalente a -19,06% (43,43% en 2015), coa seguinte distribución por procedementos: 279 en DP, 5 en DU e 26 en PA.





CAPÍTULO 3

TEMAS ESPECÍFICOS DE OBRIGADO TRATAMIENTO

SECCIÓN 1 (ÚNICA). O FISCAL INVESTIGADOR E AS DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN

Comecemos polo principio. Desde hai anos, faise necesario un pacto de Estado en materia de Xustiza. Este é o punto de partida. Nalgún momento o goberno que corresponda, os partidos, institucións e operadores xurídicos varios teñen de poñerse de acordo e chegar a un consenso para dotarnos dun marco xurídico estable, moderno, axustado ás esixencias e necesidades da actual sociedade, que xere unha mellor xustiza para todos os cidadáns e proxecte un marco fiable e suxestivo no exterior sobre o sistema de xustiza nacional. A globalización económica e social require tamén unha globalización xurídica o que implica que cada xurisdición nacional, no noso caso a española, teña seguridade xurídica, certeza, previsibilidade, rapidez e eficacia. O sistema xudicial español necesita xa, sen máis demora, unha reforma global, só posible dentro dun Pacto de Estado pola Xustiza.

O Pacto de Estado debe ser, na nosa opinión, ambicioso e con vocación de universalidade. A dotación orzamentaria, a transformación tecnolóxica, a demarcación de planta xudicial, a revisión e adopción do modelo penal, as oficinas xudicial e fiscal son entre outras algunhas das áreas sensibles que deben ser resoltas máis cedo que tarde.

A primeira medida dun pacto de Estado eficiente é consensuar un sobresaliente aumento orzamentario para Xustiza e durante un tempo sostido e razoable. Malia os incrementos orzamentarios destes últimos anos na dotación do Estado para Xustiza (estimados nun 7,6% no borrador dos Orzamentos para 2017) e o meritorio esforzo da Comunidade Autónoma de Galicia nos medios transferidos tamén con crecementos similares, o certo é que a partida orzamentaria nos orzamentos anuais do Estado para Xustiza non chega ao 1% do PIB, cando nos países europeos está ao redor do 2%, e coa peculiaridade ademais de que do orzamento español se dedica ao pagamento de persoal algo máis do 70%, fronte ao 50% europeo.

A partir de aí, e dentro das variadas tarefas que cómpre desenvolver, a configuración do modelo penal encontra un mellor viso evolutivo: un novo Código procesual penal ou Lei de axuízamento criminal e a asunción da investigación por parte do Ministerio Fiscal; un principio de oportunidade xeneroso; os mecanismos de resolución de conflitos como a xustiza restaurativa, quizais o exercicio máis restrinxido da acción penal, xunto coa reforma estatutaria do Ministerio Fiscal que blinde a autonomía dos fiscais ante outros poderes do Estado, entre outras moitas cuestións relevantes. Todo iso sen esquecer o necesario apoio loxístico, tendo en conta que os fiscais europeos teñen 14 persoas de apoio mentres que os españois non chegan a unha, e que o número de fiscais por cada 100.000 habitantes é de 11,8 en Europa fronte aos 4,8 de España. Nese novo contexto a investigación do Ministerio Fiscal no proceso penal encontra todo o seu significado.

No relativo á futura investigación do Ministerio Fiscal no ámbito penal, o primeiro que cómpre considerar é a necesidade de identificar con claridade e precisión o modelo concreto a seguir. A elección é absolutamente esencial para articular o seu posterior desenvolvemento, por canto non é por exemplo, equiparable o sistema portugués ao norteamericano. Neste último o mono-

polio da acción penal polo fiscal, suxeito aos avatares políticos e a un esixente procedemento de responsabilidade cuantificable en acertos/fracasos e fondos utilizados do contribuínte respecto da oficina instrutora non é un tema menor, o que unido a un principio de oportunidade extremo proxecta un modo de facer xustiza de connotacións moi peculiares. No noso país chama tamén a atención que a experiencia nas Seccións de Menores das fiscalías non fose tida en conta nos coñecidos anteproxectos de Código procesual penal, o que na nosa opinión debería ser emendado nos futuros. Investigación do fiscal, principio de oportunidade, as novas técnicas de resolución de conflitos, responsabilidade, autonomía e independencia do investigador son parámetros dunha mesma ecuación cuxo resultado final varía segundo os regulemos.

A partir do modelo desexado a súa plasmación normativa e loxística matizarase entón coa actuación idónea do Ministerio Fiscal e particularidades varias, como os prazos de investigación, os sistemas de *compliance* ou técnicas similares que levaron nalgúns países a utilizar métodos de investigación máis propios das empresas privadas norteamericanas (así aconteceu na persecución penal en Alemaña pola fraude dos motores diésel de Volkswagen, coa introdución de métodos e maneiras impostos por Norteamérica, propios do seu sistema), a dotación dunha policía xudicial dependente do Ministerio Fiscal, unidades territoriais similares ás de apoio da Fiscalía Anticorrupción, unha regulación do xuíz de garantías axustada e proporcional, e sobre todo coa organización da Oficina Fiscal, o uso da tecnoloxía, e o modo de comunicación interno e externo das fiscalías coa prensa e demais medios de comunicación. Así pois, este proceso descrito forma un todo harmónico, de tal forma que regular algunha das variables apuntadas illadamente conducirá inexorablemente a un case seguro fracaso do sistema, e un máis que probable acerto se se plasma dentro dun Pacto de Estado con plans de actuación para varios anos e un incremento orzamentario *ad hoc*.

Actualmente, non obstante, a realidade é outra. Polo momento e *de lege data* o artigo 773 da LACrim foi considerado na STS de 11.01.2017 como unha extravagancia lexislativa, ante a posibilidade de que o cidadán ao que se lle impute un delito sexa sometido a unha investigación inicial de natureza preparatoria (artigos 5 do EOMF e 773.2 LACrim) anterior a unha segunda etapa, tamén de natureza preparatoria (artigos 299 e 771.1 LACrim). Por outro lado, o número de cuestións difusas, malia a interpretación que dimana da excelente Circular 4/2013 da FXE e normativa concordante, non é precisamente pequena. Os fiscais provinciais de Galicia destacan nesta alínea das súas memorias unha variada mostra: as denuncias anónimas; a motivación das resolucións adoptadas; as particularidades das declaracións dos investigados, vítimas e prexudicados; as peticións de información por interesados; a resposta ante os inacabables, en certos casos, escritos e recursos contra os decretos do fiscal; a reiteración de denuncias polos mesmos particulares queixosos; a instrumentalización por determinados denunciante da vía ante o fiscal con fins espurios; as frecuentes denuncias das Administracións Públicas que superan o 30% das dilixencias totais de investigación, os prazos de tramitación ou o diferente *nomen iuris* das dilixencias, entre outras.

Desde a perspectiva da Fiscalía Superior cabe engadir algunhas consideracións de interese, tratadas *in extenso* no capítulo II desta Memoria. Primeiro, o descenso global en Galicia das

Dilixencias de Investigación tramitadas chega ao 41% respecto do ano anterior, e na propia Fiscalía da Comunidade Autónoma ao 31%. Segundo, unha boa parte das dilixencias incoadas nesta fiscalía son en realidade materia competencial das territoriais, nunha porcentaxe algo superior ao 50%, ao ser formuladas por distintos operadores e denunciante descoñecedores das particularidades propias da organización do Ministerio Fiscal. Terceiro, as referidas a persoas aforadas foron 17 respecto dunha do total de 44, isto é, o 38,6%. Cuarto, a orixe é similar ao da estatística global en toda Galicia; as máis frecuentes son as denuncias procedentes da Administración e particulares, que oscilan por arriba e abaixo respectivamente ao 30%, seguidas xa nunha orde máis reducida das procedentes de atestados e outras, destacando as incoadas de oficio, ao redor dun 10%.

Neste punto, e enlazando coa matización antes apuntada do TS sobre a extravagancia do sistema xudicial/fiscalía, sen esquecer o marco normativo escaso (artigo 773.2 da LACrim e 5 do EOMF), cabe afirmar que as dilixencias de Investigación tal como están actualmente deseñadas conducen nun gran número de casos a unha tramitación simple, breve, co obxectivo (como moi ben apunta o Fiscal Provincial da Coruña) de obter uns mínimos elementos suficientes para xudicializar ou arquivar o asunto. Estando así as cousas, a operatividade e eficiencia das dilixencias de investigación actuais é limitada, presenta boa parte dos inconvenientes do modelo investigador do fiscal e case ningunha das súas vantaxes, moi afastada conceptualmente e no seu desenvolvemento da investigación fiscal do futuro modelo a introducir na lexislación española.





CAPÍTULO 4

PROPOSTAS DE REFORMAS LEXISLATIVAS

As Fiscalías Provinciais de Galicia propoñen a reforma do artigo 41.1 da LORPM para suprimir a vista ante a Audiencia Provincial nos recursos de apelación (Ourense), e determinadas reformas legislativas en relación cos montes veciñais en man común, encamiñadas á súa mellor protección (Lugo).

Polo que á Fiscalía Superior se refire, propónse a reforma do suborno pasivo impropio que regula o artigo 422 do Código Penal, o denominado suborno de facilitación.

A redacción actualmente vixente é como segue:

A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, admitise, por si ou por persoa interposta, dádiva ou regalo que lle fosen ofrecidos en consideración ao seu cargo ou función incurrirá na pena de prisión de seis meses a un ano e suspensión de emprego e cargo público dun a tres anos.

A redacción que se propón sería esta outra:

A autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou dun terceiro, admitise, por si ou por persoa interposta, dádiva ou regalo que lle fosen ofrecidos para o exercicio do seu cargo ou función, incurrirá na pena de prisión de seis meses a un ano e suspensión de emprego e cargo público dun a tres anos.

En efecto, como explica Fernando Vázquez Portomeñe-Seijas no seu artigo “Admisión de regalos y corrupción pública. Consideraciones político-criminales sobre el llamado cohecho de facilitación” (Revista de Derecho Penal y Criminología, 3ª Época núm. 6, 2011, páx. 151 a 180), a redacción que se propón máis acorde coa maioría dos sistemas penais continentais europeos (Alemaña, Francia, Italia, Suecia, Holanda, Bélxica) descansa sobre a consideración da existencia dun acordo entre o funcionario e o particular, vinculado a un acto ou actuación do cargo suficientemente determinado ou determinable. Nesta concepción máis afastada da tradición romanista (que apunta ao abuso de poder formal do cargo polo uso de bens destinados a lograr a simpatía ou proximidade do funcionario, neste sentido o Código penal portugués), proxéctase a necesidade de identificar a esencia do delito coa compravenda dun acto específico do cargo e achégase á tradición xermanista, máis respectuosa, na nosa opinión, co carácter fragmentario e subsidiario do dereito penal. Un cadro de sancións administrativas disciplinarias máis severas para tipificar as entregas de obsequios, convites ou agasallos, acompañada da creación dun rexistro público de tales entregas xunto con códigos de conduta abundaría para combater estas accións con éxito sen acudir á vía penal cando a dádiva non está vinculada a un acto do cargo concreto e determinable.





ANEXO

AP: Administración Pública

AX: Administración de Xustiza

BOE: *Boletín Oficial del Estado*

CA: Comunidade Autónoma

CE: Constitución Española

CXPA: Corpo de xestión procesual e administrativa da Administración de Xustiza

CPAPX: Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

CTPA: Corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de Xustiza

DIP: Dilixencias de investigación penal

DU: Dilixencias urxentes de xuízo rápido

DOG: *Diario Oficial de Galicia*

DP: Dilixencias previas de procedemento abreviado (PA)

DU: Dilixencias urxentes de xuízo rápido

DXX: Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia (integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

ES: Área de Estranxeiría

EOMF: Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal

ERC: funcionario responsable: posto singularizado da NOF correspondente ao funcionario responsable de estatística, rexistro e calidade

FA: Fiscalía de Área

FCA: Fiscalía de Comunidade Autónoma

FXE: Fiscalía Xeral do Estado

LACrim: Lei de axuízamento criminal

LAC: Lei de axuízamento civil

LPACAP: Lei 39/2016, da 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.


LUTICAX: Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza

MAU: Medio Ambiente e Urbanismo

- MENA:** Menores non acompañados
- MX:** Ministerio de Xustiza
- NXF:** Número xeral de Fiscalía
- OAVD:** Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito
- PA:** Procedemento abreviado
- PX:** Procedemento do Tribunal do Xurado
- PNX:** Punto Neutro Xudicial
- PO:** Procedemento ordinario
- PR:** Poboación reclusa
- RD:** Real decreto
- RDSIMF:** Real Decreto 93/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula o Sistema de Información do Ministerio Fiscal
- RES:** Regulamento de estranxeiría
- RMENA:** Rexistro de menores non acompañados
- RPT:** Relación de postos de traballo
- SP:** Sobresemento provisional
- SIMF:** Sistema de Información do Ministerio Fiscal
- SV:** Seguridade viaria
- TIC:** Tecnoloxías da información e da comunicación
- VCPAPX:** Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
- VP:** Vixilancia penitenciaria
- VX:** Violencia de xénero
- XF:** Xuízo de faltas
- XDL:** Xuízo por delito leve
- XG:** Xunta de Galicia (Administración autonómica da CA de Galicia)
- XR:** Xuízo rápido



**Fiscalía Superior
da Comunidade Autónoma de Galicia**



Asunto: Propuesta de DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO que modifica la Directiva 92/66/CEE del Consejo, por la que se establecen medidas comunitarias para la lucha contra la enfermedad de Newcastle (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2017) 742 final] [2017/0329 (COD)]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



COMISIÓN
EUROPEA

Bruselas, 6.12.2017
COM(2017) 742 final

2017/0329 (COD)

Propuesta de

DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

**que modifica la Directiva 92/66/CEE del Consejo, por la que se establecen medidas
comunitarias para la lucha contra la enfermedad de Newcastle**

(Texto pertinente a efectos del EEE)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. MARCO JURÍDICO DE LA PRESENTE DIRECTIVA

La Directiva 92/66/CEE del Consejo establece las medidas que deben aplicarse en caso de aparición de la enfermedad de Newcastle en aves de corral y otras. La Directiva faculta al Consejo para modificar, por mayoría cualificada y a propuesta de la Comisión, los anexos de la Directiva. El Consejo tiene, pues, la facultad de modificar entre otros los anexos V (designación de un laboratorio de referencia de la UE para la enfermedad de Newcastle), VI (modelo que deben utilizar los Estados miembros para comunicar a la Comisión la situación de la enfermedad y las medidas de control aplicadas), y VII (criterios mínimos aplicables a los planes de intervención elaborados por los Estados miembros para su aplicación ante la aparición de la enfermedad).

Estas facultades atribuidas al Consejo entran en contradicción con el nuevo sistema legislativo y normativo que introdujo el Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (TFUE), concretamente su artículo 291. Además, las disposiciones actuales para la modificación del anexo V de la Directiva no están en consonancia con el nuevo régimen de designación de los laboratorios de referencia introducido por el Reglamento (UE) 2017/625 relativo a los controles oficiales, que obliga a la Comisión a designar los laboratorios de referencia mediante actos de ejecución.

El objetivo de la presente propuesta es modificar la Directiva 92/66/CEE adaptándola al TFUE y a las nuevas disposiciones relativas a los controles oficiales, a fin de garantizar la coherencia y la seguridad jurídicas que hagan posible la necesaria simplificación de los procedimientos.

El actual laboratorio de referencia de la UE para la enfermedad de Newcastle está ubicado en el Reino Unido y debe designarse un laboratorio de referencia situado en uno de los otros veintisiete Estados miembros, ya que el Reino Unido va a salir de la UE. El actual procedimiento de designación consiste en una Directiva del Consejo. Por ello se necesita urgentemente un procedimiento de decisión adaptado y simplificado para que el nuevo laboratorio de referencia esté funcionando correctamente en la fecha en que el Reino Unido salga de la Unión. Esta revisión técnica de la Directiva permitirá recurrir al procedimiento de ejecución necesario para designar un nuevo laboratorio de referencia de la UE para la enfermedad de Newcastle en los ajustados plazos impuestos por el Brexit.

Si bien el principal objetivo es adaptar la Directiva en cuestión al TFUE y a las disposiciones de la UE sobre la designación de los laboratorios de referencia, con las medidas propuestas también se alcanzarán una mayor coherencia jurídica y unos procedimientos de aplicación más ágiles.

2. CONSULTAS PREVIAS A LA ADOPCIÓN DEL ACTO

La revisión de la Directiva 92/66/CEE se refiere a cambios puramente técnicos, necesarios para asegurar la coherencia con el TFUE y con el Reglamento (UE) 2017/625 relativo a los controles oficiales. Se consultó ampliamente a las partes interesadas acerca del Tratado y el Reglamento.

Además, dado el carácter puramente técnico o de procedimiento de los cambios contemplados, en el caso presente no se considera necesaria una consulta pública exhaustiva. Se aplicará el mecanismo de retroinformación de cuatro semanas sobre la hoja de ruta.

3. BASE JURÍDICA DE LA PRESENTE DIRECTIVA

La base jurídica es el artículo 43, apartado 2, del TFUE.

4. REPERCUSIONES PRESUPUESTARIAS

La presente propuesta no conlleva ningún gasto que no esté ya incluido en el estado financiero del marco financiero común. Tampoco se prevén recursos humanos adicionales.

Propuesta de

DIRECTIVA DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

que modifica la Directiva 92/66/CEE del Consejo, por la que se establecen medidas comunitarias para la lucha contra la enfermedad de Newcastle

(Texto pertinente a efectos del EEE)

EL PARLAMENTO EUROPEO Y EL CONSEJO DE LA UNIÓN EUROPEA,

Visto el Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea, y en particular su artículo 43, apartado 2,

Vista la propuesta de la Comisión Europea,

Previa transmisión del proyecto de acto legislativo a los parlamentos nacionales,

Visto el dictamen del Comité Económico y Social Europeo¹,

De conformidad con el procedimiento legislativo ordinario,

Considerando lo siguiente:

- (1) La Directiva 92/66/CEE del Consejo² establece las medidas de control de la Unión que deben tomarse en caso de aparición de la enfermedad de Newcastle en aves de corral, palomas mensajeras y demás aves que están en cautividad.
- (2) El artículo 15 de la Directiva 92/66/CEE dispone que el laboratorio de referencia de la Unión Europea para la enfermedad de Newcastle se indica en el anexo V de la misma. El anexo V de la Directiva designa el laboratorio y enumera sus competencias y funciones.
- (3) El artículo 19 de la Directiva 92/66/CEE establece las medidas de control que deben adoptar los Estados miembros cuando se sospeche que hay palomas mensajeras o aves que están en cautividad infectadas por la enfermedad de Newcastle. En él se dispone que, siempre que lo requiera la correcta aplicación de las medidas de control, los Estados miembros deben facilitar a la Comisión la información sobre la situación de la enfermedad y las medidas de control aplicadas de acuerdo con el modelo que figura en el anexo VI.
- (4) El artículo 21 de la Directiva dispone que cada Estado miembro debe preparar un plan de urgencia en el que se especifiquen las medidas nacionales que han de aplicarse en caso de que se registren brotes de la enfermedad de Newcastle, e indica que los criterios que deben aplicarse para la elaboración de los planes figuran en el anexo VII.
- (5) El artículo 24 de la Directiva 92/66/CEE establece que los anexos han de ser modificados, en caso necesario, por el Consejo, por mayoría cualificada y a propuesta

¹ DO C [...] de [...], p. [...].

